



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 51

Sesión Plenaria
4 de decembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1. Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376 PL-000005)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 217, do 27.11.2017

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 217, do 27.11.2017

1.2. Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 218, do 28.11.2017

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 218, do 28.11.2017

Punto 2. Comparecencias

2. 118707 (10/PPP-000037)

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar do inicio do curso 2017-2018 no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

Punto 3. Mocións

3. 120687 (10/MOC-000058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19022, publicada no BOPG nº 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

3. 220701 (10/MOC-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario de Servizo Galego de Saúde. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 18979, publicada no BOPG nº 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

3. 320722 (10/MOC-000060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19254, publicada no BOPG nº 204, do 02.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4. 113974 (10/PNP-001162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4. 217009 (10/PNP-001285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

4. 317116 (10/PNP-001292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

4. 419337 (10/PNP-001427)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

4. 519688 (10/PNP-001460)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca da pataca, das medidas adoptadas e previstas para erradicala, así como das axudas concedidas para paliar os danos ocasionados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

4. 620138 (10/PNP-001501)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o establecemento polo Goberno galego do día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia, así como a regulación da organización de actividades conmemorativas con carácter anual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

4. 720317 (10/PNP-001509)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de re-apertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

4. 820338 (10/PNP-001511)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

Punto 5. Interpelacións**5. 115066 (10/INT-000544)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en relación co dereito a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5. 220052 (10/INT-000661)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o funcionamento da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

5. 320233 (10/INT-000669)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6. 120739 (10/POPX-000061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a estratexia que vai impulsar o Goberno galego para enfrontar a incidencia das decisións do Goberno central para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

6. 220763 (10/POPX-000062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do esforzo do Goberno central en relación co impulso das infraestruturas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

6. 320831 (10/POPX-000063)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do resultado da política de infraestruturas de transporte da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7. 118638 (10/POP-002246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

7. 220175 (10/POP-002399)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas declaracións do fiscal delegado de Medio Ambiente respecto dos lumes declarados en Galicia a mediados de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

7. 320750 (10/PUP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a proposta do Goberno galego para que Galicia non saia perdendo na negociación do novo modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

7. 419895 (10/POP-002375)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

7. 520781 (10/PUP-000123)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante da situación da falla de auga que está a vivir a área metropolitana de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

7. 620808 (10/PUP-000124)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación de seca na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, indicando as medidas adoptadas ao respecto en coordinación cos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

7. 718713 (10/POP-002254)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co barrio da Tinería, de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

7. 819836 (10/POP-002364)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal do Salnés desde a entrada en funcionamento do sistema de Estrutura Organizativa de Xestión Integrada, EOXI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

7. 920829 (10/PUP-000125)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e 2 deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito á saúde dos veciños afectados pola contaminación por lindano existente no concello do Porriño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

7. 1019088 (10/POP-002281)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha do programa Re-conduce como instrumento de prevención e abordaxe das situacións das persoas e familias en risco grave de desafiuzamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do Proxecto de lei de portos de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 14.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo (Rodríguez Arias). (Páx. 14.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 16.), Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 19.), Sr. Merlo Lorenzo (EM) (Páx. 23.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posición sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 30.), Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 32.), Sr. Merlo Lorenzo (EM) (Páx. 33.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 35.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 37.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Romero Fernández). (Páx. 377.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 39.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 43.), Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 47.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 51.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 56.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 59.), Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 60.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 62.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de portos de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: rexeitadas por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 64.)

Votación das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de portos de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das emendas mantidas polo G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de portos de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, sobre o Proxecto de lei de portos de Galicia: *aprobado por 36 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da emenda número 1 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporada ao ditame da comisión: *rexeitada por 20 votos a favor, 36 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación da emenda número 2 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporada ao ditame da comisión: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética: *aprobado por 36 votos a favor, 20 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 67.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 67.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 70.) e *Sr. López Crespo (P).* (Páx. 72.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 75.)

O señor Lago Peñas (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 76.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 78.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 83.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 85.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 89.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 94.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 95.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 98.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro: *rexeitado por 19 votos a favor, 36 en contra e 13 abstencións* (Páx. 99.)

Votación do punto 1 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación do punto 2 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación

coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde: *rexeitado por 28 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación dos puntos 3, 4 e 5 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde: *rexeitado por 26 votos a favor, 36 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 101.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e dezanove minutos.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar do inicio do curso 2017-2018 no ensino non universitario de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 102.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 110.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 114.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 118.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 122.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 126.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 130.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 130.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 132.), *a señora Chao Pérez (EM)* (Páx. 134.), *o señor Fernández Gil (P)* (Páx. 136.) e *o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.* (Páx. 138.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia, así como a regulación da organización de actividades conmemorativas con carácter anual. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 143.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 145.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 147.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 149.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 150.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 150.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 153.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 155.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 157.)

A señora Antón Vilasánchez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 158.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 159.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 160.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 162.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 164.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 165.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 169.)

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 169.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 170.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 171.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 172.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal do Salnés desde a entrada en funcionamento do sistema de Estrutura Organizativa de Xestión Integrada, EOXI. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 173.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 174.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 176.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito á saúde dos veciños afectados pola contaminación por lindano existente no concello do Porriño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 178.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 179.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 180.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 181.)

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e oito minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia a este pleno o presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo, por mor da reunión que se celebra en Asturias e á que asisten os presidentes de Castela-León, do Principado de Asturias e de Galicia, que se celebra hoxe ás doce da mañá.

Comezamos coa orde do día, textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do Proxecto de lei de portos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o debate as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, dona Marta Rodríguez Arias.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO (Rodríguez Arias): Grazas, presidente.

Señorías, o Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 28 de agosto de 2017. A Mesa do Parlamento, na reunión do 29 de agosto de 2017, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 8ª, Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentaron cadansúa emenda á totalidade. Foron cualificadas o 20 de setembro de 2017 e rexeitadas na sesión plenaria do 17 de outubro de 2017.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular presentou 2; o Grupo de En Marea, 53; o Grupo Socialista, 177; e o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, 106, que foron cualificadas o 17 de outubro de 2017.

A Comisión 8ª, na sesión do día 24 de outubro, designou a seguinte ponencia:

Grupo Popular: dona Teresa Egerique Mosquera, titular; don Carlos Enrique López Crespo, suplente.

Grupo de En Marea: don Juan José Merlo Lorenzo, titular; dona Carme Santos Queiruga, suplente.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: María Dolores Toja Suárez, titular; don Julio Torrado Quintela, suplente.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona María Monserrat Prado Cores, titular; don Xosé Luis Rivas Cruz, suplente.

As sesións da Ponencia tiveron lugar os días 10 e 14 de novembro de 2017. Nelas estudáronse as emendas ao texto articulado do proxecto de lei, e rematouse o informe que contén as recomendacións que a Ponencia lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aceptación da emenda número 39, do Grupo Parlamentario de En Marea; das emendas 7, 35, 40, 49, 53, 54, 55, 57, 64, 106, 114, 130, 135, 141, 142, 151, 161 e 166 do Grupo Parlamentario dos Socialistas; da emenda número 82, do Grupo Parlamentario do BNG, e dunha emenda transaccional coa número 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Quedaron pendentes de posibles transaccións a emenda número 70, do Grupo Parlamentario do BNG, e a número 167, do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Finalmente, a Ponencia, por maioría, recomendou o rexeitamento das restantes.

A Comisión 8ª, reunida o 23 de novembro de 2017, aprobou por maioría o ditame que se somete a debate plenario. O ditame consta dunha exposición de motivos, seguida de 147 artigos, 7 disposicións adicionais, 8 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 2 disposicións derradeiras. O articulado agrúpase nun título preliminar, seguido de 6 títulos máis. O título preliminar é o referido ás disposicións xerais; o título I regula a organización portuaria de Galicia; o título II aborda a planificación, ordenación, obras, ambiente e seguridade; o título III é o relativo ao dominio público portuario; o título IV está dedicado aos portos deportivos e ás zonas portuarias de uso náutico-deportivo; o título V regula o réxime xeral de prestación de servizos portuarios e do desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza; e o título VI refírese ao regulamento de explotación e policía, ás potestades, inspección e seguridade e réxime das sancións.

Finalmente, está previsto que a lei entre en vigor aos seis meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Comezamos, polo tanto, a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Galiza conta cunha inxente cantidade de portos e instalacións portuarias —a densidade portuaria máis alta da península Ibérica, seguramente a máis alta de Europa—, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico de gran potencial e que ata o de agora, desde o ano 1981, onde no Estatuto de autonomía en vigor se contemplaba a competencia exclusiva no sector para Galiza, deixando fóra os chamados portos de interese xeral, non foi regulado cunha lei específica. E nunha nación como a galega as infraestruturas portuarias son, polo tanto, de vital importancia.

Esta lei pretende regular a actividade nas 122 infraestruturas portuarias de competencia exclusiva de Galiza. E sería normal, nun país normal, onde a democracia fora algo máis que unha palabra, que, coa transcendencia do que se está a regular nesta primeira Lei de portos de Galiza, o Partido Popular tivera vontade de achegamento, de diálogo, de escoitar as aportacións, as visións que temos as organizacións políticas con representación neste Parlamento a respecto das infraestruturas portuarias, que as temos. Mais, lonxe desa realidade, o Partido Popular, despois de votar en contra das emendas á totalidade e no trámite de debate das emendas parciais, xa non é que pasara o rodillo, senón que fixo de auténtica apisoadora. O Bloque Nacionalista Galego presentou 106 emendas parciais e o Partido Popular aceptou unha palabra; aceptou unha emenda dunha palabra: onde puña «proxecto construtivo» que pase a chamarse «proxecto de execución», porque era, evidentemente, un mal enfoque que tiña orixinariamente a lei. É dicir, 106 emendas, e a apisoadora do Partido Popular acepta —desas 106 emendas do Bloque Nacionalista Galego— unha palabra. Diálogo, consenso, acordo, escoitar... ¿Ulo? ¿Onde están esas palabras, señoras e señores deputados do Partido Popular? É evidente que non existen no seu dicionario.

Presentamos 106 emendas para tentar modificar, mellorar moitos aspectos que, tal e como están recollidos na lei, son tremendamente prexudiciais e lesivos. Pretendían as nosas emendas corrixir algúns aspectos fundamentais como a transferencia a Galiza dos portos chamados de interese xeral, o control desde Galiza da actividade portuaria, a coparticipación dos concellos na planificación e toma de decisións, a vinculación da actividade económico-portuaria ás relacionadas co mar e coa actividade portuaria estritamente dita, a prevalencia da actividade pesqueira sobre a náutico-deportiva, as garantías medioambientais, a prevalencia do interese público sobre o privado, os mecanismos de coordinación, os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras, a regulación das embarcacións tradicionais, os espazos para as embarcacións tradicionais nos peiraos, a limitación dos recheos e a igualdade de xénero nos órganos de dirección. E, fronte a estas cuestións que parece evidente que non son menores —parece evidente que estamos falando de cuestións de vital importancia—, a resposta foi a apisoadora do Partido Popular.

Porque esta lei responde ao proxecto ideolóxico do Partido Popular de liberalización, de beneficio e de lucro empresarial na vez de interese público e interese xeral. Queda patente na lei —e tamén o explicitou a deputada do Partido Popular, ponente nesta ponencia, a señora Egerique— que non se podían aceptar as emendas do BNG porque responden a un modelo diferente. ¡Por suposto! ¡Por suposto! Porque, fronte á submisión a Madrid da lei do Partido Popular, a decisión en Galiza que propón o Bloque Nacionalista Galego; porque, fronte ao

interese privado desta lei do Partido Popular, o interese público que defende o Bloque Nacionalista Galego; porque, fronte ao ordeno e mando da lei do Partido Popular, coordinación e diálogo que defende o Bloque Nacionalista Galego. E por suposto que son modelos diferentes; (*Aplausos.*) modelos diferentes o do Partido Popular, importado do que decide a lei do Estado, a lei de Madrid e ao servizo do negocio, e as emendas do BNG para un proxecto desde Galiza e ao servizo do interese xeral e dos galegos e das galegas.

Este Proxecto de lei de Portos de Galiza, despois de terse feito agardar tantos anos, dende logo resulta decepcionante. Non responde nin ás expectativas nin ás necesidades deste sector estratéxico, e ademais é prexudicial para o futuro do sector portuario galego. É unha norma que o que pretende é impoñer aínda máis, se cabe, a filosofía do mercado, do libre mercado, na súa xestión; e impón, ademais, un modelo urbanístico aos concellos do litoral. É unha lei claramente privatizadora, liberalizadora e dunha actividade económica estratéxica en Galiza. Chégase a afirmar literalmente que a actividade pública se porá en marcha sempre que sexa preciso para atender as posíbeis deficiencias da actividade privada. Coido que nisto xa se resume practicamente o enfoque da lei. Non corrixe e mesmo acentúa as tensións privatizadoras ás que está sometido o sector.

As palabras privatización e beneficio empresarial son as que rexen esta Lei de portos. E dous exemplos: o primeiro, escoller entre as figuras legais existentes a de entidade pública empresarial para chamarlle ao organismo de Portos de Galiza. Escolle esta figura para, evidentemente, escapar o máximo posible ao control público, para maximizar o obxectivo de obter resultados empresariais e beneficio, para ter máis liberdade para aplicar políticas comerciais e empresariais autónomas para a conta de resultados de cada porto, mais nada que ver con que haxa un control público do mesmo. Por iso o BNG presentou unha emenda que, na vez de que esteamos diante dunha entidade pública empresarial, esteamos diante dun organismo autónomo, no obxectivo de que haxa o máximo control público, dende a Administración pública, deste ente empresarial.

Outro elemento que simplifica claramente ese obxectivo da privatización e beneficio empresarial é a ampliación das concesións a cincuenta anos. O normal, dende logo, dende o punto de vista do BNG, sería aplicar o principio de cautela, e unha concesión de trinta anos parécenos un tempo máis que razoable para unha concesión, e para que, ao termo da cal, se poida facer a avaliación de como resultou esa concesión. Por iso tamén presentamos emenda para que se manteña o prazo de trinta anos para as concesións portuarias.

Unha cuestión fundamental nesta —insisto— primeira Lei de portos de Galiza —nunha nación, a galega, que ten a maior densidade de infraestruturas portuarias de todo o Estado español— é que este proxecto de lei non cuestiona a distribución competencial; ten cero ambición para Galiza, para os galegos e galegas, e o Goberno, o Partido Popular, dende logo, non ten absolutamente ningún interese en ter as rendas dunha actividade económica tan importante como a que se xera nos portos de Galiza nin ningunha ambición, ningunha intención de decidir sobre o conxunto das infraestruturas portuarias do noso país. Dende logo, resulta paradoxal que no texto, na exposición de motivos, se recoñeza o peso económico e demográfico do ámbito costeiro, das infraestruturas portuarias, mais logo non teñen ningún interese en que a actividade económica, os recursos económicos que xeran estas infraestruc-

turas, revertan en Galiza. Os portos galegos de interese xeral, o de Vigo, o de Marín, o de Vilagarcía, o da Coruña, o de Ferrol ou o de San Cibrao son un negocio tremendamente rendíbel para o Estado, e esta lei, dende logo, non contempla que este recurso reverta en Galiza.

Podemos dar algúns datos. O movemento do tránsito local de mercadorías xerado nos portos galegos de dependencia estatal sitúa a Galiza no segundo posto do Estado. Podemos falar de peixe fresco, Galiza ocupa claramente o primeiro lugar, tamén no peixe conxelado; podemos sumar a isto o avituallamento de mercadorías en xeral; podemos falar da importancia da actividade do transporte de automóviles de embarque nos portos de interese xeral de Galiza; podemos dicir que as lonxas pertencentes a estes portos que non están transferidos a Galiza dependentes destas autoridades portuarias xeran millóns de euros, e entón, desde logo, desde o BNG temos moi claro que xa que en todo este tipo de operacións se obteñen beneficios económicos por aplicación de taxas de atraque, de fondeo, de axuda á navegación, de pasaxes, de mercadoría, de recepción de refugallos, de carga e descarga, de venda de concesión por instalación de naves e actividades industriais... —é dicir, por unha cantidade económica moi importante—, o normal é que un goberno queira ter o control sobre estes recursos. O Partido Popular, non; o Partido Popular non quere nin oír falar de que nós controlemos os nosos cartos, non. O Partido Popular está comodamente instalado en que vaian a Madrid submisamente a pedirilles permiso e a pedirilles que, se o teñen a ben, nos manden algúns recursos. (*Aplausos.*) É evidente que os cartos destas cuestións Galiza nin os cheira, ¡nin os cheira!, co cal, marabilloso negocio; marabilloso negocio a actividade económica en Galiza que recada Madrid, que queda cos cartos, e Madrid decide canto nos manda, cando, onde e para que.

Dende logo, no BNG cremos que non é posíbel desenvolver unha política portuaria merecente de tal nome mentres sigan a manter a competencia estatal sobre esta infraestrutura. Por iso, presentamos unha emenda que é normal, que é a transferencia a Galiza dos portos chamados de interese xeral, que son portos galegos e que teñen que ser competencia dos galegos e das galegas, así de sinxelo. Ao Partido Popular, non, non lle pareceu que esta cuestión houbera que abordala.

Esta lei consolida a zona portuaria como espazo para a explotación de actividades non ligadas ao mar. Calquera tipo de actividade vai ser posible nos portos de Galiza, non teñen por que ser actividades derivadas da actividade portuaria nin vinculadas coa actividade no mar. O Partido Popular non quixo nin oír falar de que se lle puxera, ao final de «actividades comerciais e actividades empresariais», «vinculadas á actividade portuaria e ao mar». Non quixo nin oír falar diso. Quere converter os portos en auténticos negocios para calquera tipo de actividade; actividades que poden estar situadas en calquera outro espazo, que non teñen por que estar situadas na fachada marítima, nin teñen por que constituír unha barreira, nin teñen por que ocupar un espazo tan prezado como son os portos de Galiza. Pois o Partido Popular négase en redondo a que aí só se instalen as cuestións imprescindibles e fundamentais vinculadas ao mar. Non, barra libre, centros comerciais, centros empresariais e facer caixa a custa das infraestruturas do noso país; unha finalidade claramente liberalizadora. O BNG presentou emendas para cambiar este despropósito, emendas para vincular a actividade portuaria e a do mar, e encontrámonos co muro do Partido Popular.

Os concellos con esta lei van encontrarse simplemente na posición de aplaudidores do que decida a autoridade portuaria, non van ter ningunha capacidade para condicionar as actuacións que se fagan na zona portuaria nin van poder emitir ningún informe que sexa vinculante, máis alá de poder queixarse. Esta lei é unha blindaxe ante a revisión e a modificación dos instrumentos de ordenación municipal. As ordenacións municipais teñen que adaptarse ao que decida a autoridade portuaria, quedan como auténticos paganinis.

O BNG presentou emendas para a creación dun órgano de coordinación portuaria entre os concellos que teñen portos e a autoridade portuaria; emendas para que os concellos teñan algo que dicir na ordenación desas zonas portuarias; emendas para que non teñan que pagar taxas a Portos polas actividades que fan en zonas portuarias, as actividades que están perfectamente na trama urbanística, pero o Partido Popular non quixo saber absolutamente nada diso, igual que non quixo saber nada de cambiar unha aberración como que unha actividade como bañarse na zona portuaria ou pescar poida ser sancionada con 60.000 euros. Pois o Partido Popular non quixo modificar semellante barbaridade. Igual que non quixo aceptar ningunha emenda relacionada coas condicións laborais dos homes e mulleres que traballan nas instalacións portuarias, nin quixo saber nada das embarcacións tradicionais, a pesar de que por parte da Asociación Culturmar, a Federación Galega pola Cultura Marítima, nos fixeron chegar ás organizacións políticas con representación neste Parlamento un correo pedíndonos que se tomaran en consideración as súas achegas e que as cuestións relacionadas coas embarcacións tradicionais, cos amarres, quedaran reflectidas nesta lei, onde nin unha soa palabra, nin un só momento se destina a facer referencia a que existen no noso país embarcacións tradicionais, e, polo menos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...parece unha evidencia que teñen que estar amarradas nalgún porto, non van estar amarradas alí, nunha praia. Pois nin unha vez aparecen citadas, e o Partido Popular tampouco quixo modificar esta cuestión.

En resumo, a apisoadora do Partido Popular segue no seu obxectivo de que esta lei siga na senda das que está aprobando ultimamente, que é legislar en beneficio...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...dos lobbys empresariais. Co cal, o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Efectivamente, hoxe vén a pleno o Ditame emitido pola Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, sobre o Proxecto de lei de portos de Galicia, pero aínda que aos que están aquí presentes lles sobra coñecer cal foi o proceso, os trámites que se seguiron, eu quixera explicar, antes de explicar os motivos do noso posicionamento, un pouco o que supuxo para o Grupo Parlamentario Socialista este proceso, o que transcorreu dende a última vez que estivemos aquí, neste pleno, comentando este Anteprojecto de lei de portos ata hoxe, que foi o que pasou no medio. Pois o que pasou foi que o Grupo Parlamentario Socialista presentamos 177 emendas, das cales temos que dicir que foron aprobadas 18. Houbo unha transacción a maiores, co cal, 19. De 177, 19 emendas aceptadas. Sei que despois de escoitar a compañeira do BNG pode parecer un bo resultado, pero non o é. Realmente non é un bo resultado, polo menos non é suficiente para que dende o noso grupo poidamos mudar o noso voto en relación con este proxecto.

Por outro lado, ademais, pensabamos que na ponencia se levaría a cabo un traballo de diálogo, un traballo que falaría sobre as emendas presentadas, coa intención de poder chegar a un acordo e de mudar o noso voto no día de hoxe; é dicir, que teríamos longas reunións, con bos resultados e con, digamos, dalgunha maneira, finais felices. Non foi así. Chegamos á ponencia e díxosenos que tiñamos 18 emendas aprobadas, e das outras non coñecemos o motivo polo cal non foron aprobadas, simplemente entraron a formar parte das arredor de 150 que quedaron fóra. Iso foi o que aconteceu. Un monólogo por parte do Grupo Parlamentario do Partido Popular; iso foi o que foi a ponencia, un monólogo. *(Aplausos.)*

Non se trata unicamente de que acepten poucas emendas, é tamén como o fan; é como o fan. Co cal, espero que entendan que, despois disto que aconteceu, a nosa opinión, con base nas emendas que foron aceptadas —como dicía, de 177, 19—, pois entenderán a día de hoxe que siga sendo a mesma. Non se dan as condicións para que poidamos mudar o noso voto e, polo tanto, como é lóxico, votaremos en contra. E non se dan as condicións porque, como se dixó, o PP non fixo o traballo para que así fora; non traballou na procura dunha lei consensuada, nunha materia como é portos, e que vai ter unha repercusión tan grande nas vilas costeiras galegas.

Así pois, este proxecto de lei estaba desfasado, e, tras pasar os distintos trámites, segue estando desfasado. Se era decepcionante, pois continúa sendo decepcionante, repito, porque non se fixo o traballo por parte do Partido Popular para que iso non fora así. Se non conlevaba actuacións nin unha planificación sobre o sistema portuario galego, a día de hoxe segue sen facelo. Se tiña demasiadas incertezas ou sospeitas que non se clarificaban, a día de hoxe segue tendo as mesmas incertezas, nada mudou. Respecto do tratamento que fai en relación coas competencias municipais, non o compartiamos ao comezo da tramitación e, dado que presentamos emendas en relación con este tema e que tampouco foron aceptadas, seguimos sen compartilo.

É un proxecto desfasado, xa o explicamos, e segue sendo, porque comezou a formularse hai máis de tres anos. A memoria xustificativa é de xullo de 2014 —xullo de 2014!—. Está tan desfasada que as consideracións da Fegamp son do 15 de novembro de 2014, son anteriores

ás últimas eleccións municipais de maio de 2015, e nin sequera as incorpora, ten as consideracións da Fegamp anterior. Por iso dicimos, entre outras cousas, que está desfasada. É decepcionante, xa que perderon unha grande oportunidade con este Proxecto de lei de portos. A pesar de ser unha lei de 147 artigos, non ten en conta as taxas portuarias. Xa nos explicaron moitas veces que non é cuestión diso, pero é que non só di isto o Grupo Parlamentario Socialista, tamén o di o Consello Económico e Social, que recomendaba un título nesta lei dedicado a taxas, e non o contén.

Non supón impacto orzamentario, non contempla ningún tipo de investimento a realizar. Por un lado, dinnos que se trata dun proxecto de lei que será unha ferramenta de calado para o desenvolvemento galego e que Portos ten grande importancia nos investimentos a longo prazo, pero, por outro lado, resulta que non establecen ningún tipo de planificación xeral nin establecen previsión ningunha para a realización dos investimentos.

Non definen un plan global, do que, en todo caso, derivarían os plans específicos para cada porto galego. E nesa dirección, dado que ao Grupo Parlamentario Socialista nos parecía un inconveniente importante, presentamos emendas para marcar criterios, establecer prioridades, unha análise de portos en relación coa oferta das instalacións portuarias, co sistema portuario, co modelo territorial e coas variables socioeconómicas. Pois, como lles digo, presentamos emendas, é dicir, intentamos establecer criterios obxectivos para establecer previsións obxectivas, prioridades e, posteriormente, establecer as condicións para que os plans obedezan a un deseño harmonizado e similar; en definitiva, para facer unha lei que evitara o sectarismo ao que nos ten acostumados Portos de Galicia, porque, se ata agora había sectarismo, agora vaino haber coa lei na man.

Unha vez máis, isto non o di unicamente o noso grupo parlamentario, senón que o dixo o Consello Económico e Social, que botaba en falta un plan estratéxico integral para todo o sistema portuario de Galicia, de competencia autonómica, con directrices xerais, con obxectivos a alcanzar. Recomendaba coherencia e non lle fixeron caso.

E son importantes estes plans de investimento para evitar o que ocorre actualmente: situacións como a de 2016, na que as posibilidades de investimento eran 9,7 millóns, dos cales só executaron 4,2. É dicir, deixaron fóra 5,5 millóns de euros sen executar. E a realidade en 2017 vai máis ou menos polo mesmo camiño, porque cando levamos tres cuartas partes do ano a 30 de 9, co 75 % do ano fóra, resulta que o programa construción, conservación e explotación portuaria está unicamente nun 48 %. Por iso eran importantes estas emendas que presentamos e que non foron para nada escoitadas.

O proxecto de lei continúa a basear o modelo nunha entidade pública empresarial. Xa criticamos no seu momento a falla de transparencia de Portos; en concreto, no ano 2016 o volume de contratación de obras era de 8,8 millóns, pero destas unicamente 2,1 foron a través de concurso público, co cal, pois, con contratos menores, 4,7 millóns de euros. Existe unha predilección por esta modalidade de contratación, de contratos menores, que dificilmente debe ser xustificada en tan elevada utilización, o que vén incidir na necesidade de dotar estas cuestións dunha transparencia de xestión da que hoxe carece.

A todo isto, cando esta cuestión foi tratada na Comisión de Pesca, explicóusenos por parte de Portos de Galicia que isto era debido á dispersión galega. Nós este aspecto non o compartimos. Entendemos que esta dispersión existe tamén cando se fan os orzamentos, e entón aí xa vai unha cantidade para contratos menores, aínda que logo, na realidade, para contratos menores vai unha cantidade moito máis importante, e a dispersión digo eu que existirá no momento de orzar e non despois, pero, bueno...

Nese sentido, temos que dicir que a nosa emenda número 35 foi aprobada, e pide precisamente que Portos realice cada ano un informe, que se someta ao consello reitor e que se faga público, e que nese informe se indiquen cales foron os contratos realizados, así como as súas características. É unha emenda que o que buscaba era, precisamente, dotar de transparencia a xestión de Portos. Esperamos que, agora que a aceptaron, a cumbran. De todas formas, entendemos que non podía ser doutro xeito, que a tiñan que aceptar.

Esta lei supón un importante problema para os concellos, xa que está de costas aos concellos —xa estaba antes—. Nese sentido, todos os grupos parlamentarios da oposición presentamos emendas en relación con iso, pero non aceptaron ningunha.

Establecemos prazos —dende as nosas emendas— de dous meses para que, no caso de que existira un conflito de competencias entre portos e os concellos, puideran ser resoltos e non quedaran aí no limbo, pero non aceptaron, non quixeron oír falar de prazos.

Presentamos unha emenda para que houbera un programa anual de actuacións, coordinadas cos concellos, con obras pendentes, e tampouco a aceptaron. Outras varias de supresión, especialmente naqueles puntos nos que entraban en conflito coas competencias municipais, como os plans especiais de ordenación de portos, que supoñen que se van ter que revisar os plans urbanísticos municipais para integrar, dentro destes plans, o planeamento portuario, e ademais obrigaba os portos —obriga, porque, de feito, non aceptaron a emenda— a facelo no prazo dun ano, e, no caso de que non se faga, pois tamén é un problema.

Falabamos de suprimir a obriga dos concellos, que xorde como consecuencia da aplicación da lei de adaptar aos plans municipais no prazo do ano. Non a aceptaron. Tamén de suprimir o punto no que se establece que as obras portuarias que realice Portos nin sequera estarán sometidas a actos de control preventivo e municipal, porque se entende que son de interese xeral portuario. Tampouco a aceptaron.

En definitiva, coas nosas emendas o que intentabamos facer era poñer un pouco de sentido común nunha lei que suporá un problema importante para os concellos, porque crea un espazo dentro das vilas, un microespazo, alí onde, en definitiva, mandarán vostedes, mandará Portos, e establecerá as súas normas. O que vai ocorrer é que a vila enteira se vai ter que adaptar —a vila e mais as persoas que viven na vila— ao que Portos estableza, obviando unha realidade, que é que en moitas vilas galegas, na maior parte, ocorre que a súa superficie é superficie de Portos. Unha vez máis, o que ocorre é que van saltar sobre as competencias municipais e sobre a realidade social. Iso é o que esta lei supón. E así poderíamos continuar.

Pero unha vez máis non llo dicimos unicamente dende o Grupo Socialista, senón que llo di a Fegamp, o Consello Económico e Social e os propios concellos. Todos os grupos da oposición intentamos presentar emendas e que aceptaran algunha, pero, cero. De 177 emendas, como dicíamos, foron atendidas 19; as emendas fundamentais non foron atendidas, co cal, pois encontrámonos con que non podemos mudar o noso voto.

Respecto da cuestión concesional, os cincuenta anos, presentouse unha emenda para que quedasen en trinta, e tampouco a aceptaron, e esta foi presentada, ademais, por todos os grupos da oposición. Nada, non a aceptaron, obviando, como lle dicimos, esta proposta de todos os grupos e tamén a normativa europea, que di que no caso de que a duración sexa superior a cinco anos deberá terse en consideración o período de recuperación do investimento, fronte aos cincuenta anos. Para ter unha idea, Portos de Galicia —por ter algunha referencia—, para os peiraos de formigón, ten un período de amortización de trinta anos; para os peiraos de madeira, ten dez anos; para maquinaria, inferior a vinte e cinco anos. E resulta que con esta lei estamos a falar de que o período de duración das concesións será de cincuenta anos. A nós parécenos que non se xustifica polos intereses públicos, senón que atende, precisamente, os intereses privados.

Como lle dicíamos ao principio, é un proxecto desfasado, un proxecto decepcionante, que non contempla unha planificación sobre o sistema portuario, que suporá un problema, como supón para os concellos, porque os deixa totalmente en segundo o plano, obviando a realidade social de Galicia, e que dá barra libre ás concesións administrativas, afastándose incluso da Unión Europea.

Ante que as emendas que presentamos non foron atendidas — as de rigor, as importantes, as que podían realmente supoñer un cambio importante nesta lei—, pois a nós non nos queda outra que non poder apoiar este proxecto.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Merlo Lorenzo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, hoxe imos debater aquí o Proxecto de lei de Portos de Galicia. Nós consideramos sempre que a necesidade de darlle a este proxecto adiante, a necesidade dunha Lei de Portos de Galicia para eses máis de 120 portos de competencia autonómica, era algo moi necesario, dada a dispersión da normativa existente nestas materias e doutros moitos factores.

Lamentablemente —e nesa liña ían moitas das nosas emendas—, esta lei non vai dirixida, precisamente, a solucionar ese tipo de cuestións nin a tratar de solucionar outros moitos problemas, que son moi necesarios, precisamente, para a ordenación portuaria destes máis de 120 portos.

Precisamente a necesidade de establecer esa explotación integral do conxunto de portos de titularidade autonómica, de harmonizar e de distribuír os usos e actividades e de coordinar incluso a actividade económica destes portos e dos de interese xeral, que están compartindo moitas veces incluso as propias rías, é unha cuestión que este proxecto de lei esquece totalmente.

É un proxecto de lei, polo tanto, incapaz de iniciar unha planificación conxunta e coordinada, de evitar competencias desleais e de permitir establecer unha estratexia de país no ámbito portuario. Esta é unha cuestión que estamos a sufrir e que imos seguir sufrindo, porque esta lei non o acata nin o resolve.

A norma tamén deixa moito de lado, segundo o punto de vista do noso grupo parlamentario, a solución dos conflitos que se están dando continuamente entre as autoridades portuarias e os concellos, independentemente da cor política que estea en cada momento. Era unha boa cuestión que se debería tratar de solucionar con este proxecto de lei, pero que tampouco toca nin por activa nin por pasiva.

Este proxecto invade claramente competencias municipais e non facilita esa cooperación da que eu falaba entre Portos e concellos, sobre todo en cuestións como o tratamento e uso das fachadas marítimas. Temos que ter en conta, precisamente, que este tipo de portos teñen unha integración moito máis importante coas vilas que os acollen que os portos de interese xeral, e, polo tanto, esta era unha cuestión moitísimo máis importante que se tratara nesta lei, e non se toca.

Despois, tamén temos a cuestión de que a determinación dos órganos executivos, tal e como se contempla, encargados da toma de decisións, da execución dos acordos, e a determinación dos membros dese consello reitor, non parece moi equilibrada. Esquece a presenza de organizacións relevantes, como para nós poden ser as organizacións de produtores ou os sindicatos, e non determina tampouco moi claramente os mecanismos para a súa presenza ou non, ademais de obviar unha parte da sociedade civil organizada ou a necesaria representación municipal, e de incrementar e dirixir gran número de competencias en órganos de carácter unipersoal, que van en contra da necesidade de socializar as iniciativas en materia de política portuaria. É dicir, volve ser un feudo pechado no que posiblemente se xeren moitas controversias e moita confrontación respecto dos intereses e do uso deste tipo de portos, nos que debe primar sempre o carácter de servizos e non o carácter empresarial, que é o que enfoca este proxecto de lei.

Abúsase tamén excesivamente —e parécenos moi grave, xa que imos sacar unha lei que se leva demandando dende hai moitísimo tempo por parte do sector e da sociedade galega; é unha lei que é necesaria para o desenvolvemento portuario do país— do recurso a posteriori de desenvolvemento de decretos e regulamentos para determinar elementos fundamentais, dende as prioridades de usos portuarios, as taxas, prezos públicos, etc., e, polo tanto, impide claramente unha mínima planificación ou dirección previa que comprometa unha liña de acción e que poida ser compartida, por exemplo, polos órganos lexislativos.

Nós non podemos desenvolver e trasladar iniciativas respecto deste proxecto de lei porque realmente todo depende dos regulamentos que se desenvolvan a posteriori nas materias

fundamentais e importantes. Entón, fáltalle todo iso, iso que moitas emendas trataban de trasladar, e que se abran ese tipo de cuestións.

Por último, e sen afondar moito, a exposición de motivos deste proxecto de lei establece unha subordinación da función pública dos portos á iniciativa privada. Este feito concrétase en numerosos preceptos que contén este proxecto, onde se antepón a iniciativa privada á ordenación pública da actividade, dende os usos, concesións, autorizacións administrativas... Supedita, polo tanto, o interese público ao interese económico particular, e ademais establécense mecanismos de autorización e de concesión da lámina de auga para a iniciativa privada que poden chegar a colisionar cos usos lindeiros de explotación marisqueira e pesqueira.

Entendemos que varios artigos do proxecto aos que nós presentamos emendas abusaban do tempo das concesións. Os mesmos cincuenta anos parecíannos moitísimos, dado os tempos de amortización dos investimentos que se podían facer en materia de infraestruturas portuarias ou de investimentos privados que foran amortizados en cincuenta anos; é excesivo. Ningunha desas emendas relativas ao tempo, nas que rebaixamos a algo que considerabamos razoable, na maioría dos casos a trinta anos, en lugar de cincuenta, foron aceptadas.

Non se aceptou tampouco unha cuestión que para nós era fundamental, que era tratar de impedir a utilización das estruturas e dos portos en materias tan sensibles para moitas poboacións como as incineradoras de residuos; é dicir, esta lei deixa totalmente aberto —e a nosa emenda, sen ser restritiva, ía un pouco nesa liña— que as incineracións de produtos de refugallo procedentes da actividade marítima puidesen ser unicamente así tratadas. Esta lei deixa aberta a posibilidade de que calquera refugallo, calquera residuo, poida ser incinerado, e ademais co gallo das plantas de coxeración enerxética, que tirarán de Gas Natural, evidentemente. Pero esas emendas non son aceptadas. Polo tanto, estamos ante unha lei que permite a priori, aínda que a vontade non sexa esa, que calquera poida montar unha central de incineración de residuos urbanos marítimos nunha liña portuaria. Non se quixo aceptar ese tipo de emendas, e nós pensabamos que non eran restritivas.

Polo tanto, e tendo en conta que só se aceptou unha emenda das que presentamos, e por unha cuestión de forma principalmente, non podemos apoiar este tipo de lei, porque si que consideramos que este tipo de lei non é a lei que vai permitir o desenvolvemento racional e que vai permitir, precisamente, as sinerxías e a cooperación entre os portos galegos.

É unha cuestión moi necesaria, dada a crise que se está atravesando polo sector, e temos que tratar de avanzar en ser máis competitivos, tendo aí un dos piares fundamentais da nosa economía galega, sobre todo na liña de costa. Estamos perdendo unha oportunidade moi grande, e estamos dependendo —xa digo— da vontade posterior daqueles que establezan regulamentos e decretos que lles dean forma realmente aos usos e ás cuestións que atinxan a todo o que esta lei deixa fóra. Polo tanto, non a podemos apoiar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Merlo.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Hoxe, por fin, despois dunha longa travesía —que se falou aquí de que se leva moito tempo traballando nesta lei—, insisto —facendo unha metáfora—, chega a bo porto, chega a Galicia, e chega ben, a primeira lei portuaria de carácter autonómico, unha lei que regulará a xestión dos 122 portos dependentes da Administración galega; 122 portos con realidades moi diferentes —de aí a dificultade tamén de encaixar este texto lexislativo—. Realidades diferentes polas actividades que neles se desenvolven e polas vilas nas que se ubica cada un destes portos. Malia que hoxe a voceira do Bloque Nacionalista Galego aquí falou, na maioría da súa intervención, dos portos de titularidade estatal, hoxe falamos da primeira lei autonómica que regulará os 122 portos autonómicos.

Esta lei que hoxe imos aprobar no Parlamento de Galicia vai permitir adaptar a normativa portuaria ás diversas particularidades dos peiraos galegos; particularidades ás que a normativa estatal non é quen de atender. Por iso nós estamos convencidos, malia o seu discurso, de que isto é unha proba evidente de que hoxe reforzamos o noso autogoberno. Coa aprobación desta lei autonómica portuaria refórzase o autogoberno de Galicia.

Esta lei ten en conta —como dixen— a convivencia das diferentes actividades en gran parte dos portos, que son a actividade pesqueira, a actividade comercial, a actividade náutica, a actividade de pasaxe e tamén a actividade cultural-marítima. Porque non é certo que nós rexeitásemos de pleno a inclusión —por certo, no artigo 54— dos usos culturais e marítimos.

Para a elaboración desta lei Portos de Galicia e a Consellería do Mar buscaron o consenso en todo momento, e por iso nela atopamos achegas de diferentes ámbitos vencellados ao mar, vencellados aos portos, que definiron os piares sobre os que se tiña que asentar este texto lexislativo, cun obxectivo principal, que é reforzar as potencialidades dos portos galegos ante os retos do futuro. Porque non é verdade que sexa unha lei anquilosada, que sexa unha lei baseada no pasado, porque é unha lei que afronta retos de futuro. En Galicia temos que aspirar dende os nosos portos a abrir novos mercados, temos que aspirar dende os nosos portos a atopar novos investidores e temos que aspirar dende os nosos portos a sacarlle todo o rendemento posible ao sector portuario galego; un rendemento que repercuta no beneficio das persoas que traballan no sector do mar, non como se dixo aquí, e un beneficio que repercuta nas vilas mariñeiras, que, por extensión, é o beneficio de toda Galicia.

Falamos dunha maior competitividade con esta lei. Falamos de maior competitividade coa garantía absoluta de cumprir co seu papel de servizo público; garantía absoluta de cumprir co seu papel de servizo público. Non se privatizan os portos, por moito que o queiran dicir e que o repitan, non se privatizan os portos. Os portos autonómicos poderán contar co pulo de novos investidores, por suposto, que, coa prestación de servizos de actividades como

amarre, remolque, transporte de viaxeiros ou manipulación de carga, contribuirán a xerar emprego e contribuirán a reactivar a economía e a actividade portuaria nas zonas e nas vilas nas que se ubican. Polo tanto, tampouco vai nunha parte completamente diferenciada do concello senón que esta lei o que pretende é reforzar a actividade económica e reforzar o nivel de emprego tamén das vilas mariñeiras.

Falamos con esta lei de maior transparencia. A lei profunda na transparencia de procedementos nas concesións de servizos públicos portuarios, xa que se recupera o trámite de competencia de proxectos, de solicitudes de concesións, coa achega de información pública de organismos e de organismos oficiais, o que permitirá tomar a mellor das decisións a prol do interese xeral.

Con respecto aos tráfico portuarios, prevese unha mellora substancial. ¿Por que se prevé unha mellora substancial con esta lei? Pois porque a nova lei prevé a figura dos plans directores de infraestruturas dos portos, e iso non ten por que ser algo negativo, todo o contrario. Eses plans planificarán a dotación de proxectos de obras e instalacións durante un horizonte temporal dun mínimo de cinco anos, outra garantía máis para os portos galegos.

Estes plans tamén poderán, ademais, formularse para un porto ou para un conxunto deles para optimizar os recursos. ¿E que permitirán? Permitirán axilizar as situacións actuais dos portos, a estrutura do tráfico das actividades portuarias, as súas necesidades de desenvolvemento e outras cuestións técnicas que redundarán nunha mellora das condicións das dársenas e das instalacións. Falamos de portos e falamos de competitividade, non falamos de política nin de intencións nin de intereses políticos concretos.

Por outra banda, os plans especiais. Os plans especiais tamén os recolle esta lei, e recolle o sistema de cada porto e as actividades que se poden desenvolver nel, incluíndo as medidas de previsión necesarias para garantir unha eficiente explotación do espazo portuario e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre. Falamos tamén de futuro porque falamos de maior sustentabilidade, falamos en materia de sustentabilidade ambiental canto á prevención e loita contra a contaminación e falamos de que se prevé, en calquera dominio público portuario, en caso de vertido contaminante sólido, líquido ou gasoso, a obriga de que os responsables deses vertidos procedan á plena rexeneración das augas.

Ademais, por fin, axilizarase a retirada de buques abandonados, así como de vehículos e doutros obxectos en terreo portuario. Un pequeno inciso para ampliar a información: a lei considera buque abandonado aquel que leve xa máis de seis meses nun mesmo lugar sen actividade apreciable e sen ter ao día o pagamento das taxas. No caso de vehículos, de maquinaria e de obxectos en xeral, Portos de Galicia poderá decláralos en situación de abandono sempre que permanezan no porto máis dun mes no mesmo lugar e sen actividade.

Polo tanto, estamos aquí ante unha lei que garante a axilidade no devir diario e no traballo e no quefacer diario dos portos de Galicia; axilidade nos prazos e tamén nas autorizacións de atraques en función das prazas de amarre vacantes. Estes trámites non superarán os quince días hábiles, e, no caso de gran demanda, crearanse unhas listas de agarda cuns criterios máis definidos para acceder ao atraque. Axilidade tamén nas concesións. O trámite

para outorgar concesións será máis rápido e contempla maiores garantías para os investidores, cun papel decisivo —como dixen anteriormente— das empresas interesadas en xerar emprego e riqueza e en levar adiante e facer competitivos os nosos portos en Galicia.

Polo tanto, o que é o proceso de contratación de catro meses podería quedar reducido a un mes, facilitando a actividade e simplificando a burocracia, algo que solicitan a gran maioría dos galegos e galegas. Vimos nalgunhas emendas dalgúns grupos en concreto que se ampliaban ou reducían os prazos, que se complicaba a creación de axencias doutros consellos, co que isto dificultaba moito e aínda retrasaba máis toda a burocracia. E realmente o que está solicitando o sector, o que están solicitando os galegos e as galegas, é a simplificación da burocracia e a axilidade nos trámites administrativos.

Outra demanda do sector, e en consonancia co Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, era o da ampliación no tempo das concesións portuarias, que con esta lei pasan dun mínimo de trinta anos a un máximo de cincuenta. Todos negaron esta ampliación, non ven que esta ampliación sexa favorable, pero isto facilita a amortización dos investimentos e fainos máis atractivos. Insisto, non sempre dende o punto de vista negativo, senón co fin de amortizar, de facer, de asentar actividades nos portos e de asentar actividades nas vilas e de facer dos portos uns motores económicos nas vilas nas que se atopan.

Querería destacar tamén que a nova Lei de portos lle atribúe ao persoal que vixía e vela pola seguridade nos portos o carácter de axente de autoridade. É dicir, eles, os gardapeiraos, xa agora se ven reforzados para garantir a seguridade nos portos nos que exercen a súa actividade, e poderán exercer expedientes no caso de malas prácticas e detectar con maior seguridade e garantía a quen incumpre as normas. A verdade é que falamos dunha realidade de 122 portos moi diferentes, e como exemplo eu xa puxen na comisión, por exemplo, o de Cambados ou o de Celeiro. Pero é que podemos ver en cada porto dos 122 que grandes diferenzas se establecen entre eles. Polo tanto, o importante desta lei é que vai mellorar o día a día e a rutina diaria do traballo neses portos.

En conclusión, e polo que teño exposto, este texto lexislativo está chamado a cumprir tres obxectivos: o primeiro, sería establecer o marco regulador, organizativo e de colaboración dentro do conxunto da infraestrutura portuaria en rede de Galicia —ese é un dos obxectivos principais—; o segundo sería incrementar as sinerxías dos portos galegos no transporte de mercadorías, porque aínda podemos mellorar moito máis do que xa está feito; e, o terceiro, coordinar competencias en materia de investimentos portuarios, transportes e ordenación do territorio. Malia que se vexan —como digo— aquí outras intencións e sempre estean coa negativa por diante, isto vai permitir, ademais de estar consensuado, que os portos se poidan adaptar mellor ao devir e á rutina diaria das vilas e melloren e sexan un revulsivo para a economía desas vilas.

Estamos a falar da norma que regulará o réxime de xestión, explotación e administración do sistema portuario galego de maneira adaptada ás necesidades reais das confrarías, ás necesidades reais dos clubs náuticos, dos operadores, dos investidores, dos empresarios provedores da actividade portuaria; en definitiva, de todo o sector, porque todos temos cabida

e non podemos esquecer a ninguén por prexuízos, que ás veces non teñen ningún fundamento para rexeitalos.

É unha lei que se puxo en coñecemento de Costas do Estado, de Portos do Estado, do Instituto de Estudos do Territorio e da propia Fegamp, entre outros organismos, e que conta cun amplo consenso. O que vostedes ven decepcionante, dende o Grupo Parlamentario do Partido Popular, dende a Consellería do Mar, dende Portos de Galicia, dende a maioría do sector — dende a ampla maioría do sector —, vena ilusionante. E por fin hoxe vai saír de aquí a primeira lei autonómica que regule o sistema portuario galego. (*Aplausos.*)

Vou falar de cifras, porque tamén temos que saber o que estamos lexislando hoxe e en cifras tamén que é o que se acada nos portos galegos. A Galicia portuaria son 1.700 quilómetros de costa, como sabemos, con 122 portos de titularidade autonómica. A Galicia portuaria é movementos, son máis de —as últimas cifras— 108.653 toneladas descargadas de pesca fresca, cun valor en primeira venda de preto de 295 millóns de euros e máis de 2 millóns de toneladas de mercadorías. A Galicia portuaria é economía, son máis de 15,7 millóns de euros de ingresos polas actividades portuarias; é un efecto multiplicador polo valor engadido xerado nos portos. A Galicia portuaria é emprego e, polo tanto, a Galicia portuaria ten que estar sempre cunha perspectiva de futuro que vai garantir a aprobación desta lei. A Galicia portuaria é unha oportunidade para toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Máis do 60 % da poboación total das provincias marítimas galegas reside en concellos que contan con instalacións portuarias. Son oportunidades para os galegos e para as galegas.

En definitiva, e como xa dixera a conselleira no anterior debate da totalidade da lei, a creación deste necesario marco lexislativo permitíranos aproveitar ao máximo a potencialidade dos nosos portos a través das súas características, singularidades e especificidades; é dicir, a través da identidade propia dos portos de Galicia. É interesante o da integridade propia porque ollamos tamén en moitas emendas do Partido Socialista que estaban practicamente copiadas da Lei de portos de Andalucía ou de Canarias, e vemos que non se axustan á realidade dos portos galegos.

Permitíranos tamén esta lei desfrutar dunha vantaxe cualitativa para o noso sistema portuario respecto doutros marcos normativos, algo que sen dúbida repercutirá no beneficio do conxunto dos galegos, e permitíranos ter unha Galicia portuaria máis atractiva, un todo que só indica unha cousa: que Galicia e os seus portos estarán preparados para afrontar o día de hoxe pero para afrontar tamén o futuro.

Polo tanto, un matiz en canto ás emendas. Falan de que aceptando as súas emendas —sobre todo dende o Grupo do Bloque Nacionalista Galego— melloraría a lei. E nós non cremos que isto fose así. Non teñen por que ter vostedes o criterio da verdade absoluta. Insisto, esta é unha lei do sector, non é unha lei política; polo tanto, todos os sectores e organismos que estiveran afectados en Portos de Galicia participaron e fixeron as súas achegas a esta lei porque, como dixen, xa hai moitos anos que se está traballando nela.

Polo tanto, nós defendemos sempre os intereses de Galicia. E temos que insistir en retirar esa mentira permanente que o Bloque Nacionalista Galego di de que se van privatizar os

portos, porque non se van privatizar os portos. Non queremos que cale esa idea na sociedade porque non é certo.

E con respecto a En Marea, xa dixen na comisión que vimos ambigüidade e pouca concreción nas súas emendas para establecer decididamente ou claramente o modelo que vostedes defenden ou un proxecto que vostedes queiran levar a cabo cun texto legislativo. Polo tanto, tampouco queremos que insistan vostedes na falta de vontade de diálogo, porque o Bloque Nacionalista Galego xa estaba presentando mocións nos plenos municipais antes incluso de que se presentara ou de que esta lei viñera ao Parlamento, pedindo a retirada desa lei. Polo tanto, ante a vontade de diálogo, primeiro temos que intentar chegar a un acordo antes de xa pedir a retirada total dende algúns concellos, que iso si que o temos con datas e o temos clarísimo porque é un feito.

Polo tanto, por parte do Partido Socialista, nós aceptamos todas as consideracións e todas as emendas que cremos que poderían enriquecer esta lei. A vostede pareceranlle poucas, pero insisto en que había moitas que o que facían era complicar burocracia, aumentar prazos e medidas e que quizais poidan ser adaptadas para Canarias ou para Andalucía, pero non para a realidade de Galicia e para o texto legislativo de Galicia.

Polo tanto, é unha pena que vostedes non queiran sumarse e non queiran participar hoxe na aprobación desta lei, desta primeira lei de portos autonómica, que, insisto, é unha garantía de cara ao futuro para o desenvolvemento das vilas mariñeiras e para o desenvolvemento da actividade portuaria e do sector do mar na súa total extensión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Ten a palabra, por parte do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: A deputada do Partido Popular empezou a súa intervención dicindo unha cuestión moi evidente. Dixo que esta lei só regula os 122 portos de interese galego; que non se trata de regular os portos de interese xeral. Claro, aí está. É que vostedes van aprobar unha lei para unha rexión, e o BNG defende unha lei de portos para unha nación como é a nación galega. Aí é onde está a diferenza. (*Aplausos.*) Nós non queremos regular o que nos deixan desde Madrid, os portos que consideran que non son de interese xeral, nós queremos regular a totalidade das competencias, a totalidade das cuestións que nos afectan en Galiza. Aí está a diferenza: unha lei para unha rexión ou unha lei para unha nación. E vostedes van aprobar unha lei para unha rexión; esa é a auténtica diferenza.

Dicía a deputada do Partido Popular que esta non é unha lei política. Claro, como todos e todas sabemos, o capital non fai política, o capital, as transnacionais, o IBEX 35, os *lobbys* non fan política, non; simplemente defenden os seus intereses. Defenden os seus intereses

a custa de espremer o resto; pero non, non fan política, xa fan vostedes aquí por eles. Pero, claro, esta lei non é política, porque primar o privado fronte ao público iso non é política. Que sexa unha lei para facer caixa fronte aos intereses xerais, iso non é política, iso é defender os intereses duns poucos fronte aos intereses da maioría.

Dicía tamén a deputada do Partido Popular que era normal ampliar as concesións a cincuenta anos, porque hai que mirar pola rendibilidade económica das empresas. ¿E a rendibilidade social, señoras e señores deputados do Partido Popular, e a rendibilidade ao servizo da maioría? ¿Quen mira por esa rendibilidade? Parece que vostedes, dende logo, non.

E miren, vostedes fixeron de auténtica apisoadora. Non aceptaron —insisto— emendas transcendentais, nin sequera emendas para preservar os dereitos laborais do persoal nunha parte moi importante, recollidas no informe do CES, que considera que, tal como queda a lei, se deixa os traballadores e traballadoras das entidades portuarias nunha situación, dende logo, cando menos, ambigua; non quixeron oír falar nada diso.

E igualdade de xénero; igualdade de xénero, señora Egerique. A igualdade entre homes e mulleres non pode ser só para os discursos, ten que significar actuacións; actuacións onde se visibilicen as mulleres nos postos de decisión, onde se visibilicen as mulleres onde se toman as decisións importantes, onde se visibilicen as mulleres onde se fala de economía con maiúsculas. E resulta que hai unha emenda do BNG que pide paridade de xénero. Vostedes din no conxunto dos órganos de goberno «procurarase acadar compromisos de equilibrio»... Non hai que procurar, hai que facelo, e vostedes votan en contra de que haxa paridade de xénero nos órganos de dirección nunha entidade pública como é Portos de Galiza. Porque esa cousa das mulleres queda ben para os discursitos, pero logo, para a vida real, para a vida con maiúsculas, para as decisións económicas, aí «procurarase», e procurarase significa que non estean.

E, dende logo, vostede di que esta é unha lei de oportunidades e que todo o mundo está encantado. Eu, dende logo, non sei o encantados que van estar os concellos —incluídos os concellos do Partido Popular— cando realmente tomen conciencia do que significa esta lei. Resulta que cuestións fundamentais que se desenvolven en zona da Autoridade Portuaria, onde se desenvolven festas, onde se desenvolven actividades deportivas, onde están centros de saúde, onde se desenvolven actividades lúdicas de todo tipo, vostedes se negan a que nesta lei queden excluídas de pagar taxas. E resulta que hai terreos que están perfectamente integrados na trama urbana dos concellos, que non están nos peiraos, alonxados, senón nos centros das vilas, e vostedes néganse a que os concellos e as asociacións sen ánimo de lucro queden excluídos de pagar taxas. Vanse seguir dándose situacións como que o concello de Cambados, ao que vostede fixo referencia, por facer a Festa do Albariño nun espazo pegado ao Concello, teña que pagar 100.000 euros a Portos de Galicia cada ano, por exemplo. E podemos falar de Ribeira, podemos falar da Pobra, podemos falar de Moaña, podemos falar de Cangas. Actividades de todos os días onde o Partido Popular resulta que ten que rendibilizar e sacar o máximo lucro das actividades portuarias. Non din a custa de quen, evidentemente, nin a favor de quen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Nin a custa de quen nin a favor de quen.

Co cal, esta é a lei do ordeno e mando. Non hai coordinación, senón subordinación, e negáronse a crear un organismo que coordine os concellos e onde os concellos teñan algo que dicir. Dende logo, no BNG cremos que o noso mar é un ben tan prezado que esta lei...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, señor presidente— do Partido Popular é para facer caixa e enriquecer uns poucos a custa dun ben tan prezado come é o mar de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

É que non é unicamente o número de emendas que non se teñen en consideración, é como o fan. É ese monólogo que establecen no que chegamos ás ponencias e unicamente se nos di que son aceptadas 19, e que o resto —150 aproximadamente— quedan fóra, sen coñecer o motivo; polo cal, quedan fóra. Son as dúas cousas, é o número insuficiente para que se poida mudar o voto e para que a lei non supoña os inconvenientes que vai supoñer, e mais a forma de como o fan. Iso é así, porque non poden estar de espaldas ao Consello Económico e Social, á Fegamp, aos concellos e a todos os grupos parlamentarios da oposición. Son as dúas cousas.

E respecto de temas municipais, é que é un tema no que hai que insistir porque realmente hai preocupación nos concellos, e quixera insistir, como lle digo, porque, miren, coas nosas emendas precisamente o que intentabamos era evitar os posibles problemas que poderían xurdir, e estas cuestións, como establecer un prazo de dous meses para resolver os conflitos que poidan xurdir entre Portos e os concellos, non o aceptaron. Está claro que esta lei vai supoñer conflitos entre Portos e os concellos. E, se non hai un prazo, van quedar aí sen solución, e isto, loxicamente, para a xente que vive nas vilas e para a actividade que se desenvolve, vai supoñer un problema.

Intentamos tamén coas nosas emendas suprimir a obriga de integrar no plan urbanístico municipal o planeamento portuario nun ano. Dan un prazo dun ano para que os concellos poidan integrar o plan ao planeamento portuario. E, unha vez máis, é continuo, porque poñen obrigas aos concellos pero non os axudan nin colaboran para que, con financiamento, poidan levar a cabo esa adaptación. Porque, pregúntolle: ¿realmente que axudas ou que recursos van poñer á disposición dos concellos para que poidan facer esa integración que din que se ten que facer nun ano? Na realidade dos concellos é que hai actividade e que moitas veces esas xestións non se poden facer nun ano, por iso lle pregunto: ¿que medidas van levar a cabo ou que recursos van poñer á disposición dos concellos para que realmente poidan facer esa adaptación?

A Xunta o que está facendo é recentralizar as competencias municipais na Administración autonómica, no ámbito de Portos e en moitos outros ámbitos, e iso é algo que estamos vendo a diario no Parlamento de Galicia. Esa é a realidade, e este exemplo de Portos de hoxe é outro máis.

Respecto dos investimentos, a ausencia dese plan global que pediamos e que pedía o Consello Económico e Social tamén supón un problema, porque nos atopamos despois con que deixa concellos fóra e impide que sexan competitivos. Exclúen concellos coma se non existiran, e sábeno, saben que isto é así. Esta é unha lei política, claro que é unha lei política. Xa estamos vendo ultimamente que cando a Consellería do Mar desoe as recomendacións do Consello Económico e Social acaban equivocándose, e iso é unha realidade que estamos vendo neste e noutros casos.

Gustaríame destacar unha vez máis a nosa emenda 35 aprobada, que é unha emenda importante porque obriga a Portos de Galicia a facer un informe de contratación coas características e coas xustificacións dos contratos que se levan a cabo. É importante para dotar de maior transparencia a Portos, porque, recordando os datos do ano anterior, de 8,8 millóns, 4,7 —máis da metade— foron contratos menores.

Respecto das concesións administrativas, din que isto non é unha lei política. Claro que é unha lei política. Aquí están primando os intereses privados fronte aos intereses públicos. Dixo que era unha lei sectorial. Esta é unha lei sectoria, non unha lei sectorial.

Entón, ¿onde está a defensa dos intereses públicos nunha duración das concesións de cincuenta anos, fronte á normativa europea, que fala de cinco anos, ou do período de recuperación do investimento? No hospital de Vigo ese investimento, que é o máis importante que fixeron no Goberno Feijóo, de trescentos e pico millóns, resulta que son vinte anos. Vostedes hoxe están falando aquí de cincuenta anos. Esa claro que é unha lei política. Vostedes véñennos falar aquí de algo que non é o que está escrito. Esta é unha lei política.

E tamén quixera falar do impacto de xénero porque o outro día todos puidemos ver na prensa unha fotografía que se titulaba: «*La Galicia que marca el rumbo*». E aí podíanse contar cos dedos das mans as mulleres que había. Con estas leis o que fan é dificultar aínda máis que haxa máis mulleres galegas que poidan marcar o rumbo. Teñen que favorecer que existan máis mulleres que o fagan. Procurar a igualdade non é suficiente, e así atopámonos con imaxes como a que vimos o outro día, que había todo homes e na que se podían contar cos dedos das mans as mulleres que había. Eu creo que temos galegas, moitas galegas, que poden marcar o rumbo de Galicia. Déanlles a oportunidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo Lorenzo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas.

Non é unha cuestión de falta de concreción ou de ambigüidade ao momento de plantexar as emendas. O propio texto deste proxecto de lei está plagado de zonas vacuas, de zonas que

deixan ao desenvolvemento dun regulamento, dun decreto posterior, as cuestións troncais do mesmo. E, polo tanto, contaxiados dese espírito, as nosas emendas eran moi abertas.

Somos conscientes de que esta non é a lei, como xa dicimos, que necesitaban estes 122 portos, é unha lei das que só se poden sacar cunha maioría absoluta. É unha lei que non atende o que demanda un sector, é un lei que atende unha iniciativa empresarial. A propia definición da mesma díxoa así.

Hai que ter en conta que estes máis de 120 portos xurdiron, precisamente, como unha parte necesaria e lóxica do desenvolvemento do sector marítimo-pesqueiro. Historicamente foi así. A día de hoxe seguen vinculados de xeito ineludible á mesma. Sería necesario e fundamental que esta lei atallara eses problemas para facilitar, precisamente, a cooperación e a sinerxía entre estes portos, que son irrenunciabes para acadar esa excelencia necesaria e para seguir sendo non soamente punteiros no referido a materias como a pesca e o marisqueo, senón tamén para poder seguir sendo sostibles nese aspecto. Non se recolle nesa lei este tipo de conceptos, non é o enfoque que leva e, polo tanto, nós consideramos que con emendas ou sen elas esta lei non vai dirixida cara a iso.

Polo tanto, coas nosas emendas, tendo en conta ese bloque contra o cal nós nos enfrontamos —porque non é casual que unha lei que se leva pedindo moitísimos anos se saque deste xeito, con ese anteproxecto xa previo que xa estaba practicamente blindado e que pouco difire, tras aceptar certas emendas, do proxecto que temos hoxe aquí en debate—, era unha cuestión coa que nós simplemente podíamos tratar de atallar e minimizar o impacto negativo que o desenvolvemento deses regulamentos posteriores poida ter para o sector e para as vilas que o acollen.

Evidentemente, pese ao laso e ao aberto desas iniciativas, tan laso e aberto como a propia redacción do texto, pois non son aceptadas. Nós lamentamos que esta lei non permita, precisamente, cuestións como que se favoreza o emprendemento e a iniciativa do propio sector. Favorécese máis ben o investimento do capital privado, non necesariamente vinculado ao sector do mar e non necesariamente vinculado ao país.

Parécenos un risco. Non somos negativos e non estamos nunca en contra do emprendemento e do capital privado e da industria, pero si estamos en contra radicalmente de que aquelas cuestións... E estes portos son —igual que o é a sanidade e a educación; son parte dese mesmo paquete— estruturas que están para brindar un servizo; se poden dar un beneficio, perfecto, pero o servizo sempre é o carácter que debe primar nisto, e esta lei xa non vai por ese camiño, esta lei xa pon o tema dos servizos que debe prestar o sector e as vilas que os acollen nun segundo termo.

Polo tanto, non é unha lei válida para o sector, non é unha lei que permita un desenvolvemento sostible, racional e lóxico do sector produtivo primario, vinculado á pesca e ao marisqueo, do transporte marítimo e incluso doutras cuestións que dependen moitísimo... Dada a carencia desas infraestruturas necesarias no noso país para conectarnos co resto de Europa e que unicamente nos quedan cuestións como as chamadas autopistas marítimas, é moi necesario que este tipo de cuestións se solucionen e se atallen nunha lei —esta non o toca—,

e que permita, precisamente, esa sinerxía entre estes portos de titularidade autonómica e os portos de interese xeral do Estado, que serían os que terían que acoller, precisamente, esa carga no transporte desas mercadorías e demais, tan necesarias para o desenvolvemento industrial do noso país.

Polo tanto, non imos afondar moito máis niso, en todo o que xa dixemos. Non é unha lei para nós, é unha oportunidade perdida. O debate como tal entendemos que non se deu, estamos simplemente atascados agora mesmo no trámite parlamentario de ter que pasar as cuestións polos filtros que hai que pasalas; o debate non foi tal. Lamentablemente, todos somos conscientes disto, porque o que prevalece neste anteproxecto de lei xa viña marcado dende hai moito tempo, e o espírito do mesmo é moi claro e queda manifesto.

Polo tanto, lamentamos que non se aproveite dende esta Cámara a oportunidade para facilitar estas cuestións que xa reflectimos, e non digo nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Para matizar algúns puntos nos que se insistiu aquí, despois da primeira intervención, si que se favorece a presenza das mulleres, e claro que somos quen, señora Toja, de dirixir o futuro desta comunidade; todas, empezando polas ponentes —pola señora Prado e por min mesma, co respecto do señor Merlo— da defensa desta Lei de portos para o futuro.

Señora Prado, vostede fala aquí de que quere impoñer xa o seu modelo nacionalista, co modelo de nación galega; non sabemos moi ben cal, pero para iso tamén, primeiro, terían que gañar as eleccións e explicar exactamente que é o que queren, porque, claro, fala vostede dunha lei de titularidade autonómica. Por suposto que falamos dunha lei de titularidade autonómica, e hai portos de titularidade estatal, e por suposto que aquí estamos, ademais, aprobando a primeira lei autonómica de Portos, que vai reforzar o autogoberno de Galicia, que é o que, ademais, representamos o Grupo Parlamentario Popular na maioría desta Cámara. (*Aplausos.*)

A rendibilidade social da que fala vostede é a do desenvolvemento dos portos integrados nas vilas mariñeiras nas que están. E respecto da rendibilidade social, eu tamén teño que poñer aquí o exemplo de Cataluña. ¿Quere esa rendibilidade, que un día din unha cousa e ao día seguinte din a outra e a contraria? ¿Cal é o seu modelo nesta lei agora que quere impoñer vostede aquí? Sexa tamén clara co que quere dicir. A rendibilidade social con esta lei está garantida cando os portos —cada vez máis adaptados a isto— poidan integrarse nas vilas, poidan desenvolver proxectos económicos, por suposto, que poidan xerar emprego e cando se poida ampliar o traballo deses portos, porque todos os portos teñen, ademais, a pesca como principal actividade nas vilas mariñeiras; polo tanto, tamén no tema da coordinación coas administracións locais e da autonomía que teñen que ter os concellos e os portos.

Neste caso, falamos de plans especiais, pero en ningún caso este plan vai supeditar o que poida o Plan de ordenación municipal; polo tanto, terán que convivir. E cando hai dúas administracións que comparten territorio e comparten unha vila, pois terán que convivir. Se estamos a poñer prazos e impondo sempre os criterios dun por encima do outro, nunca imos chegar a unha convivencia clara, que ata o momento tampouco tivo grandes problemas nestas vilas mariñeiras.

Isto vai solucionar moitos problemas: os plans de desenvolvemento urbanístico, os plans especiais, os aumentos das concesións, o tema de que esas concesións poidan ser aínda máis atractivas para que isto atraia investimento nas diferentes vilas... E dentro duns anos, cando esta lei estea en marcha e se estea a desenvolver, falaremos, ademais, de resultados.

Polo tanto, nós insistimos en que aquí si que estamos falando de futuro, aquí si que estamos falando de proxectos que van desenvolver as vilas galegas e que van ser, ademais, moi positivos para Galicia. Nós falamos dun proxecto ilusionante, insisto, e vostedes falaban dun proxecto decepcionante. Nós, e a maioría dos galegos, a maioría das persoas vencelladas ao sector do mar, falamos de satisfacción co proxecto, con esta lei, falamos de satisfacción no camiño percorrido, porque o proceso de elaboración foi longo, pero chegouse, como dixen no primeiro momento, a bo porto; un proceso de elaboración que foi realizado da man do sector, dos axentes, de Portos de Galicia, da Consellería do Mar e deste Grupo Parlamentario Popular, implicados e interesados na consecución exitosa deste novo marco normativo para os portos de Galicia.

Vostedes teñen un discurso similar para rexeitar esta lei, para rexeitar a Lei de protección animal, para rexeitar a Lei de implantación de medidas empresariais e para rexeitar outras leis nas que eu estiven presente no debate. Polo tanto, o discurso sempre ten a mesma liña e non ollamos ningunha opción construtiva para saír adiante nestes temas.

Estamos satisfeitos tamén, porque isto demostra que, apostando por un traballo en común, se pode lograr un proxecto normativo, técnico e participativo de alta calidade, que veña a ser o máis representativo posible, conxugando todas as necesidades e demandas —que, insisto, non son sempre as mesmas— coa convivencia que isto implica e cos interlocutores involucrados.

E, por último, satisfacción, porque hoxe imos aprobar un marco normativo, unha lei moi importante, que ten vontade de coordinación e que ten vontade de colaboración —non queremos imponer nada—; vontade de coordinación, vontade de colaboración e que se viu materializada co consenso social e institucional logrado por esta lei.

Polo tanto, aínda están a tempo de votar a favor, se eu coa miña intervención puiden convencelos en algo, porque estou segura de que dentro duns anos falaremos aquí —e espero que máis mulleres, señora Toja— do éxito desta lei e da aplicación e do favorecemento que tivo esta lei para as vilas mariñeiras e costeiras de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, dona Cristina Romero Fernández.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO (Romero Fernández): Grazas, presidente.

Bo día.

A proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, tivo entrada na pasada lexislatura no Rexistro do Parlamento o día 19 de maio de 2015, co número de rexistro 37326. Contén o texto articulado e unha exposición de motivos desta iniciativa, así como as razóns que aconsellan a súa tramitación.

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 22 de xuño do 2015, admitiu a trámite esta iniciativa, declarou constituída a súa comisión promotora e acordou notificar este acordo á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reguladora das iniciativas lexislativas populares ante o Parlamento de Galicia.

O Pleno do Parlamento tomouna en consideración na sesión do día 26 de xaneiro do 2016, logo da presentación e defensa por don Carlos Fernando Branco Parga, designado pola comisión promotora para estes efectos.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 15 de novembro do 2016, acordou encomendarlle á Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, a ordenación da tramitación desta proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e deixar pendente a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado.

Logo de terse tramitado a obtención de diversa documentación e unha vez finalizadas as comparecencias de varias persoas expertas na Comisión 6ª, a Mesa, na súa sesión do día 19 de setembro do 2017, acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que, logo das súas prórrogas, cualificadas pola Mesa da Comisión o día 30 de outubro de 2017, foron publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 203, do 31 de outubro de 2017, co seguinte detalle: emendas ao articulado: un total de 54. No documento 19482 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 2 emendas; no documento 19484 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 17 emendas; no documento 19485 do Grupo Parlamentario de En Marea, 23 emendas; e no documento 19488 do Grupo Popular de Galicia, 12 emendas.

Pola súa parte, a Ponencia designada na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do 3 de novembro de 2017, é composta polos seguintes ponentes:

Polo Grupo Parlamentario Popular, dona Marta Nóvoa Iglesias como titular e don Moisés Blanco Paradelo como suplente; polo Grupo Parlamentario de En Marea, don Francisco Casal Vidal como titular e don Juan José Merlo Lorenzo como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Abel Fermín Losada Álvarez como titular e dona Noela Blanco Rodríguez como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños como titular e dona María Monserrat Prado Cores como suplente.

Celebrou a súa sesión constitutiva o día 3 de novembro do 2017, coa asistencia dos ponentes titulares: a señora Presas Bergantiños, o señor Losada Álvarez, o señor Casal Vidal e a señora Nóvoa Iglesias.

A Ponencia, nas seguintes reunións, estudou a totalidade desta proposición de lei, así como as emendas ao articulado presentadas, na procura do achegamento das distintas posicións.

Por último, na derradeira reunión, que tivo lugar o 15 de novembro, a Ponencia elaborou o seu informe. Posteriormente, a Comisión 6ª, na sesión do día 23 de novembro do 2017, aprobou o seu ditame, con 7 votos a favor, 3 en contra e 2 abstencións, incorporando á proposición de lei, ademais dunha emenda técnica, un total de tres emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas, dúas delas transaccionadas.

Logo da retirada na fase de ponencia de dúas emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, mantéñense para o seu debate neste pleno as restantes emendas rexeitadas: do Grupo Parlamentario de En Marea, 21; do Grupo Parlamentario dos Socialistas, 13; e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 2.

Saliéntase, por último, que a proposición de lei consta, ademais da súa exposición de motivos, dun título preliminar e de dous títulos, desenvolvidos en 16 artigos: o título preliminar establece o obxecto da lei, o ámbito de aplicación e os principios xerais; o título I está dedicado ao aforro e eficiencia enerxética; e o título II versa sobre a garantía da accesibilidade á enerxía enerxética. A parte final intégrase por unha disposición adicional, unha derogatoria e dúas derradeiras; unha das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, o 1 de xaneiro de 2018.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señorías, hoxe concluímos unha andaina lexislativa que comezou no seu día grazas á proposta, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética. Un longo apelido para unha necesidade social e política urxente; urxente onte e hoxe, diante da que só caben dúas opcións: resignarse co *status quo* ou ser ambiciosos e sobre todo ter responsabilidade política.

En nome do Bloque Nacionalista Galego permítanme, en primeiro lugar, saudar os nosos convidados e convidadas, e darlle o máis sincero agradecemento á Confederación Intersindical Galega e á súa comisión promotora por ter sacado adiante a proposta que hoxe o Partido Popular vai cercenar. (*Aplausos.*) Grazas pola proposta e tamén polo incansable traballo na súa socialización e por traer a esta Cámara o debate dunha alternativa que suporía unha mellora para a nosa economía e para os galegos e galegas.

Convidados, señorías, hoxe é necesario facer un exercicio de memoria sobre a traxectoria do que foi esta ILP. Cómpre recordar que chegou pisando forte, cun apoio e unha lexitimidade social e política irrefutable. Foi avalada por máis de 17.000 sinaturas contrastadas, por máis de 50 concellos —entre eles, seis das sete cidades galegas— e tamén por tres das catro deputacións. É unha iniciativa que non quedou nos despachos, que abriu un fondo debate social, un debate que chegou a esta Cámara para ser lexislado hai case dous anos. En xaneiro de 2016 —recordemos— foi tomada en consideración por unanimidade, co voto favorable de todos os grupos para máis dunha ducia de propostas concretas; entre elas, a defensa dunha tarifa eléctrica galega, pero non só. Dous anos despois, o Partido Popular non vai manter nin unha, ¡nin unha!, baleiran o seu contido totalmente. E o resultado será que nin tarifa eléctrica galega, nin medidas para que a enerxía sexa concibida como un ben público, nin tampouco medidas ambiciosas contra a pobreza enerxética. Converten a lei, xa que logo, nunha mera declaración de intencións sobre eficiencia enerxética que non ten ningunha credibilidade. Non ten ningunha credibilidade porque coincide no tempo co debate de orzamentos nesta Cámara e vostedes mesmos, que converten isto nun plan de eficiencia enerxética, recortan un 38 % esas partidas. Polo tanto, interésalles tan pouco a eficiencia enerxética como ao Goberno galego esta proposición de lei, xa que non veu nin un só membro ver como era o seu debate.

E nós preguntámonos, señores do Partido Popular, se non tiñan pensado aprobar nin unha soa das moitas propostas que recollía o texto inicial, ¿para que a tomaron en consideración? Pois xa llelo digo eu: por mera conveniencia. Este debate estaba aí fóra, estaba na rúa e era incómodo votar en contra dunha cuestión así. Entón, o Partido Popular decidiu facer a súa táctica de arrefriamento —como con tantas outras cousas—, votar favorablemente e logo dilatala no tempo o máximo posible. E insisto no de dilatala o máximo posible, porque, se non, ¿por que tardamos dous anos en chegar ata este punto final?

Para a «lei de depredación», por exemplo —por comparar—, para unha lei tan complexa que modifica máis de dez leis anteriores, en menos de dous meses estaba listo todo. E, sen embargo, esta lei que debatemos hoxe —pois saiban vostedes que tivemos a molestia de comprobalo— é a iniciativa lexislativa popular da historia do Parlamento galego que máis tardou en tramitarse, ¡en toda a historia! En lugar de avanzar na rapidez, pois imos cada vez máis lentos. E isto foi porque isto era a crónica dunha morte anunciada e planificada por vostedes.

E o grave, o verdadeiramente grave, xa non é que tomen a pitorreo este Parlamento, senón que perde Galiza hoxe moitas oportunidades con esta transformación. Perden moitas oportunidades os galegos e galegas pola súa irresponsabilidade. Porque vostedes renuncian unha vez máis a exercer de goberno galego, a exercer a parte de competencias que lle corresponde e a actuar para que a enerxía sexa efectivamente un servizo público e non un elemento de especulación ao servizo de tres grandes xigantes do sector enerxético, que ademais teñen a súa sede fiscal fóra do noso país. Renuncian unha vez máis a poñer os beneficios ao servizo da sociedade, tanto da dinamización económica como do rescate social, simplemente por non molestar en Madrid.

E nestes dous anos aumentaron as razóns para aprobarmos esta proposta no seu sentido orixinal. Vimos, por exemplo, como o seu fracaso eólico fixo perder ás arcas públicas máis de 3 millóns de euros, que pagaremos todos os galegos e galegas. Vimos tamén como empresas que cotizan fóra do noso país intentaron especular directamente cos nosos recursos públicos, como Ferroatlántica. E aínda así vostedes seguen rexeitando unha das propostas que vén aquí reflectida, que é a participación mediante empresa pública ou mixta no sector enerxético, para poder definir o modelo e tamén para que os beneficios poidan repercutir na nosa sociedade.

Tampouco lles importa nada o medio ambiente. Teñen uns obxectivos europeos en materia de redución de emisións para o 2020 e a vostedes dálles igual, non fixeron o máis mínimo por recoller as propostas que apostan por diversificar as fontes de enerxía. Por esquecer, ata esquecen que Galiza non ten minas pero ten comarcas mineiras, ten comarcas mineiras en proceso de reconversión. E con vostedes, unha vez máis, Galiza quedou fóra do Plan carbón, e renuncian tamén, mediante a votación que se acometerá hoxe, a que se reivindicase a inclusión de Galiza neste plan. Unha vez máis, non vaian molestar en Madrid.

E tamén outra cuestión fundamental, alén da tarifa eléctrica galega, que recolle esta proposición e que está de plena actualidade é a necesidade —que reivindicamos e apoiamos— dunha tarifa industrial estable. A grande industria deste país, señorías, leva os últimos meses en vilo, outra vez coa espada de Damocles da Unión Europea sobre as súas espaldas. Esta Unión Europea, tarde ou cedo, forzarán cambios, son perfectamente conscientes. E eu non sei se saben vostedes o que pasou en Venecia cando no 2013 tiveron que devolver unhas axudas semellantes. A vostedes imaxino que lles soará o nome de Alcoa, ¿non? Pois Alcoa en Venecia tivo que pechar. E desde o BNG non queremos que Alcoa, nin ningunha grande empresa do noso país, teña que pechar por decisións alleas á nosa terra. E, polo tanto, apostamos por que se aprobe esta proposta co seu texto orixinal e apostamos por unha tarifa industrial estable.

E tamén outra cuestión que é fundamental, e que é un dos piares polos que máis coñecida foi esta proposta, é a nosa aposta, que mantemos sen fisuras nin equilibrismos políticos, por unha tarifa eléctrica galega. (*Aplausos.*) Porque non nos preocupa só a industria, non nos preocupa só a grande industria, tamén as persoas e as pequenas e medianas empresas. Por iso defendemos esta proposta.

Miren, foi unha ditadura, sen pasar por ningún tipo de goberno democrático, quen decidiu o deseño do noso país como produtor enerxético. Tamén na democracia houbo feitos graví-

simos polos cales se botou xente da súa casa, mal pagada e enganada, para construír grandes encoros nos nosos vales; aínda hai apenas vinte e cinco anos. Nós temos o impacto ambiental, temos o impacto social indubidable. ¿E que temos a cambio? Absolutamente nada, non temos nin un só beneficio pola nosa condición. E iso, señorías, ás nacionalistas non nos parece, en absoluto, xusto; máis aínda se temos en conta que somos produtores excedentarios. E nós somos solidarios, por suposto que somos solidarios e solidarias. Pagamos, por exemplo, vía factura, a nosa solidariedade cos custos extrapeninsulares, efectivamente. Pero, citando alguén que vostedes coñecerán, creo, no Partido Popular —aínda que ultimamente tampouco está moi claro, non sei se lles soa un tal M. Rajoy—, ben, pois o señor M. Rajoy tivo un momento de lucidez hai uns anos nunha entrevista e pronunciou a frase de que unha cousa é ser solidarios e outra cousa é selo a cambio de nada. Entón, fáganlle un pouco de caso ao seu mentor, M. Rajoy, e aproben esta proposta. Porque este país merece, sen ningún tipo de dúbida, neste contexto de emerxencia social, que eses beneficios revertan no noso país. ¿E como? Pois moi sinxelo: partindo dunha negociación política que nos leve a unha redución, coa proposta dun 30 %, nas peaxes.

Saben vostedes perfectamente que as peaxes do sistema eléctrico son esa parte fixa que pagamos todos e todas na nosa factura. Hai unhas semanas, o Estado vén de conxelalas. ¿E por que fixo iso?, ¿por cuestións técnicas? Non, por criterios políticos e recadatorios. Puido escoller rebaixalas para paliar a suba do prezo da luz pola seca e non o fixo por criterios políticos. Entón, por unha vez na historia deste Goberno, pedímoslles desde o BNG que poñan enriba da mesa criterios políticos que, en lugar de prexudicar a este país, nos beneficien e que axuden a todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

A proposta é ben sinxela e, lonxe do debate técnico ao que intentaron levarnos, é exclusivamente política, de negociación e non de submisión co Estado español. E cada día temos máis razóns para apoiala, razóns de tipo económico. Porque nos preocupa, por exemplo, a deslocalización, e que na última década máis de 300 empresas galegas marcharan para o norte de Portugal. Preocúpanos tamén a perda de galeguidade do noso tecido empresarial. Galiza é pioneira, é capital produtora do leite no Estado español. Pero, do total que se produce neste país, o 80 % é comercializado e transformado por empresas que teñen a súa sede capital fóra do país. Unha tarifa eléctrica galega permitiríanos non só ser competitivos senón fidelizar e atraer empresas para o noso tecido económico e evitar que aconteza —como pasa agora— que emigran os beneficios para enriquecer outras zonas. Neste contexto de mundialización, de capitalismo salvaxe, é unha absoluta irresponsabilidade non querer usar os nosos recursos e as nosas potencialidades ao noso favor e resignarse a ser unha mera colonia para que outros veñan explotar os nosos recursos. Iso, señorías do Partido Popular, é convertérense en parte do problema e non en parte da solución.

E, non nos enganemos, hai dous debates que ás veces intentan separar e que son as dúas caras da mesma moeda: o modelo enerxético, esa tarifa eléctrica galega e as outras cuestións que comentamos, e o modelo social e como rescatar as persoas deste país que peor o están pasando. O punto de partida básico sería aprobar esa tarifa eléctrica galega, porque iso permitiría axudar a moitísimas persoas e pequenas e medianas empresas, non só aqueles casos máis extremos e severos. Pero tamén dilapidan outras propostas de pobreza enerxética que se presentan. E fan iso nun país no que unha cuarta parte da poboación, máis de 700.000

persoas, están en risco de exclusión social. Se esas persoas non son un argumento para sentarse, petar enriba da mesa e negociar co Estado, xa me dirán vostedes qué o é.

Eu imaxino que vostedes onte porían a calefacción na súa casa —onxe a metade do país estivo baixo cero—. Pero, mentres, hai máis de 400.000 persoas no noso país que non son quen de poder ter a súa temperatura na súa casa a un nivel adecuado. Por iso o que nós propoñemos son alternativas, ir a un modelo alternativo tamén no combate da pobreza enerxética e non poñer máis parches, como un tócket eléctrico que non chega nin ao 10 % da poboación, ou un bono social do Estado —do que falaremos máis na réplica— que é absolutamente insuficiente e que, ademais, xa está recorrido de novo nos tribunais.

Este é un camiño posible. Depende só da vontade política poñer a nosa riqueza ao noso servizo. E hai exemplos, o BNG xa o demostrou. Quero saudar tamén os nosos compañeiros, Manolo Requeixo e Belén Chao, alcalde e tenente de alcalde do Concello de Muras. (*Aplausos.*) Vós sodes o exemplo de que querer é poder, de que, con vontade política, poden facerse grandes cousas.

Señorías, cónstame que os meus compañeiros escoitaron moitas veces que non se podía, que non era posible. Pero, con tesón, eles e elas conseguírono, aprobaron unha ordenanza, absolutamente pioneira no Estado español e tamén fóra das nosas fronteiras, para poñer a riqueza xerada pola produción de recursos naturais explotados no concello de Muras ao servizo dos veciños e veciñas. Un concello inzado de muíños de vento fixo unha normativa absolutamente transformadora con tres obxectivos: compensar o impacto ambiental, fomentar o asentamento da veciñanza e erradicar a pobreza enerxética, e salvagardar a saúde da súa poboación. O que era un soño pasou a ser hoxe unha realidade.

E nós o que pedimos ás forzas políticas é que hoxe rectifiquen e apoiem o texto inicial da iniciativa lexislativa popular, porque sería o punto de partida para que realidades de avance transformador no económico e tamén no social —como o que fixo o Concello de Muras— se estenda a todo o país. Fronte á vontade política en positivo lamentablemente temos a resposta do Partido Popular, que durante dous anos non só atrasou esta tramitación senón que a transformou completamente, e baixo desculpas —nas que afondaremos na réplica— que son absolutamente incoherentes.

En conclusión, temos que recordar que xa partimos dunha iniciativa que tiña dous obxectivos fundamentais que agora se abandonan: concibir a enerxía como un servizo público e loitar contra a pobreza enerxética, entendendo que o acceso á enerxía é un dereito, non é un privilexio nin simplemente unha cuestión económica. Dous anos despois, o Partido Popular quita a máscara, e a casualidade quere que hoxe sexa 4 de decembro. Por iso tamén queremos mandar desde o BNG unha mensaxe de alento tanto á comisión promotora como a todos os concellos, deputacións, asociacións e demais colectivos que afondaron nesta iniciativa e a promoveron. Este é un paso decepcionante, pero non é, desde logo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—vou rematando xa—, o punto final desta cuestión.

Hai moitos anos, un 4 de decembro, o noso país saíu ás rúas para protestar contra unha negociación estatutaria de aldraxe que abandonaba Galiza. Hoxe temos ás portas deste Parlamento traballadores e traballadoras que están a defender esta proposta. Este non é o punto e final. Onte, coma hoxe, temos un pobo vivo, inconformista e que non permitirá que as complicidades do Partido Popular cos sectores económicos impidan que desenvolvamos nalgún momento unha alternativa política para o deseño alternativo destas políticas enerxéticas e sociais e escribamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha folla diferente no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que a actualidade...

Quero empezar por saudar os promotores desta iniciativa lexislativa popular. Con algún deles debatín xa algunha vez neste Parlamento e, polo tanto, benvido de novo, aínda que nunha escala superior xeograficamente, espacialmente.

A vantaxe é que a actualidade sempre permite, nestes debates relacionados coas políticas do Partido Popular, empezar con certa perplexidade algunha cuestión.

No último consello de ministros do Goberno de España aprobouse a estratexia de seguridade nacional. É un tema moi interesante, sen ningunha dúbida, nestes tempos de incerteza, e nesta estratexia aparecen algunhas cuestións relevantes, dúas; unha delas moi directamente relacionada co tema que nos ocupa —poño a venda antes da ferida por cuestións tácticas—, que é o tema do cambio climático. Eu creo que, indubidablemente, a eficiencia enerxética ten que xogar un papel relevante aí no control do consumo de enerxía e, polo tanto, da produción; segue sorprendéndome o xiro do Partido Popular. Eu vou volver recordar —sei que aos deputados e deputadas do Partido Popular non lles gusta moito— ese primo de Rajoy que hai non moito tempo cuestionaba o mesmo. É verdade que... ¡Home!, o señor Rajoy sorpréndenos non só coas relacións familiares, senón tamén co nome das rúas nas que habitou en Pontevedra, porque tampouco sabía quen era Salvador Moreno, un almirante franquista que bombardeou Xixón e bombardeou a poboación civil que saía de Málaga cara ao leste para acadar a fronteira francesa.

Estas ignorancias conxunturais que adornan a traxectoria política dalgúns dirixentes do Partido Popular sitúannos no centro do que é o debate político deste país, porque, sorprendámonos, na estratexia de seguridade nacional, un dos puntos fundamentais é tamén a loita

contra a ciberseguridade e as *fake news*. Tamén nos sorprendemos: é a ministra de Defensa, a señora Cospedal, a do «despido diferido de Bárcenas», a que vai loitar contra as falsas noticias que aparecen no ciberespacio en relación coa seguridade nacional. (*Aplausos.*)

Polo tanto, desta política de sainete esperpéntico, que é ao que estamos asistindo no ámbito, desde logo, estatal e en moitos casos tamén no ámbito autonómico, temos aquí un exemplo. Temos un exemplo dunha iniciativa lexislativa popular que cronoloxicamente presenta algunhas peculiaridades. Como ben dicía a señora presidenta da Comisión 6ª, trinta meses de tramitación, dous anos e medio de tramitación. Eu sei que iso nos deu tempo para reflexionar fondamente, para establecer unha tanda de comparecencias. Cunha boa parte delas eu coincidía —é dicir, que non o digo, neste caso, nun sentido pexorativo ou negativo—, pero, desde logo, si que me permite tamén comparar a dinámica cronolóxica deste Parlamento cos escasos 70 días que se tardou en tramitar a proposición de lei do Partido Popular en relación coa implantación industrial. Eu creo que son dous temas, desde logo, moi relevantes para esta comunidade autónoma, calquera dos dous; trinta meses e setenta e dous días, pareceume contar no calendario.

Polo tanto, eu creo que isto, máis as *fake news*, máis Salvador Moreno —sei que soa un pouco impresionista, probablemente; eu creo que hai que ser un pouco impresionista— marcan exactamente a dinámica política, lamentablemente, deste país.

Hai unha falla de ambición en relación coa iniciativa lexislativa popular, co cal, con algunha das cuestións que se plantexaban, desde logo o Grupo Socialista non concordaba, e así o dixemos e, polo tanto, así o mantivemos tamén nas nosas emendas. A falla de ambición era tal que mesmo se rexeitaron emendas á exposición de motivos, emendas absolutamente, por suposto —entre comiñas—, «inocuas» en termos xurídicos, pero mesmo emendas de pura racionalidade económica desde a perspectiva da enerxía. A min nalgún caso, desde logo, gustárame —e aproveito para darlle a benvida ao señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria— saber cal foi a razón desta non aceptación das emendas.

E logo, sen ningunha dúbida, hai unha absoluta indefensión dos grupos parlamentarios da oposición, porque o Grupo Socialista e o resto dos grupos non tivemos posibilidades de emendar en ningún caso, ou de transaccionar, sobre as emendas presentadas polo Partido Popular, que é verdade que, recoñecendo a importancia da eficiencia enerxética —insisto en que non estou cuestionando en absoluto esta cuestión—, se introducía nunha iniciativa lexislativa popular que non tocaba este tema; polo tanto, nós non tivemos posibilidade de emendar, de matizar ou de concretar algunhas das..., algunha non, ningunha das propostas. Polo tanto, eu creo que non só é o canto, non só é o tempo, non só é a dinámica, senón tamén é o como; é o como nesta preservación de dereitos políticos que caracteriza o Parlamento.

¿De que estamos falando en realidade, máis alá da dimensión lexitimamente nacionalista, dun sindicato de clase nacionalista nesta proposta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. Non, non, saben perfectamente de que estamos falando; sábeno. Si, si, pero vou llo explicar ou intentar explicar un pouco. Mire, estamos falando dun concepto que se chama beneficio neto excesivo, publicado nun artigo académico que para o período 2008-2015 considera canto de «máis» —entre aspas— ganaron as grandes empresas eléctricas españolas

en relación coas chamadas *big six*, as seis máis grandes eléctricas británicas, que teñen un mix enerxético moi parecido ao español; iso si, teñen un mercado de 64 millóns de consumidores cunha renda máis alta. Bueno, pois o beneficio neto excesivo das tres grandes eléctricas españolas foi nestes sete anos de 11.000 millóns de euros en relación coas taxas de beneficio das británicas.

Neste mesmo período as axudas sociais á subministración eléctrica en España foron de 1.300 millóns de euros; é dicir, escasamente o 12 %. Disto é do que estamos falando, ou disto é do que dende o Grupo Socialista cremos que é imprescindible falar, porque no resto a Xunta de Galicia leva o atraso habitual. Son as directivas 72/2009 e 73/2009 da Unión Europea as que falan de eficiencia enerxética. Polo tanto, exactamente igual que no tema da pobreza enerxética, cinco anos despois; é dicir, o atraso habitual nas decisións políticas da Xunta de Galicia en relación con estas cuestións.

Falarei logo un momento da eficiencia enerxética tamén, pero quero centrarme no que estaba na ILP inicialmente, que era o bono social ou a pobreza enerxética.

Os propios informes, o informe da Xunta de Galicia presentado a petición da Comisión e o informe dos letrados do Parlamento, falan da perspectiva de benestar social e de entroncar coas competencias autonómicas de asistencia social —no caso do informe da Xunta nas páxinas 7 e 14; dígoos por se hai algún interese bibliográfico— este tipo de políticas. E, lamentablemente, o Goberno galego, dunha maneira sorprendente —insisto—, continúa mantendo na Consellería de Economía, Emprego e Industria estas prestacións. Eu comprendo que son un exercicio de márketing interesante, señor conselleiro, na política esta do *power point*, que a vostede lle vén moi ben, pero, desde logo, non optimizan o que son recursos escasos para as políticas sociais desta comunidade autónoma, que xa non son especialmente deslumbrantes, digamos.

A pobreza enerxética está directamente relacionada coas tarifas da enerxía eléctrica. E quero recordar unha secuencia do discurso político- técnico do Partido Popular dende que chegou ao Goberno no ano 2009 en Galicia e no ano 2011 en España. As tarifas son, en termos xerais, máis altas en España que no conxunto de Europa, que na maior parte dos países de Europa, desde logo que en todos os países continentais, e deixamos á parte as illas. Recordan cando eran as renovables as culpables dese prezo tan elevado da enerxía eléctrica. Recordan despois como foi o parón ás renovables o culpable dos altos prezos da enerxía. Recordan como agora era o peche das centrais de carbón o culpable dos altos prezos da enerxía. E recordan tamén como a sequía, que afecta fundamentalmente unha enerxía renovable, que é a hidroeléctrica, segue sendo culpable tamén destes altos prezos. E mesmo a interconexión con Francia, que en teoría se facía para obter economías de escala, nun determinado momento tamén supuxo, por un parón técnico das nucleares francesas, un incremento no prezo da enerxía en España.

Oia, non falaron nin unha soa vez, nestas dúcias de discursos políticos, sobre onde estaba a responsabilidade do prezo da enerxía en España, dese beneficio neto excesivo das empresas, do que eu antes lles dicía que quería falar e que parece que a vostedes lles sorprendeu un pouco.

O mercado enerxético, a definición da tarifa eléctrica —e quen estivo na comisión e asistiu ás comparecencias o viu con claridade—, é unha especie de xeroglífico absolutamente inextricable que, sen ningunha dúbida, case ninguén entende. Eu creo que o entende fundamentalmente Unesa. E despois destes discursos políticos absolutamente contraditorios é evidente que o Goberno ou non o entende ou quere enganar os cidadáns, porque certamente non é posible que o responsable sexa toda a batería de mix enerxético posible á alza ou á baixa; é dicir, todas as combinacións estatísticas posibles, excepto as contas de resultados das empresas eléctricas, que, volvo repetir, son as máis altas de Europa.

O venres mesmo Bruxelas bloquea a proposta do Goberno de España para evitar que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia fixe o prezo da luz. Bueno, pois veremos exactamente en que acaba esta cuestión, pero todo parece indicar unha vez máis que se trata de inxerencias de carácter político no que debería ser un criterio absolutamente técnico.

E o resultado sabémolo: o prezo da electricidade non só é máis alto en España, senón que sobe máis en España que na Unión Europea. Neste caso agora é pola sequía, pero, insisto, antes foi polo carbón, polo peche de Garoña, polas renovables e polo parón das renovables; e dicir, todas as combinacións posibles. Polo tanto, neste contexto de absoluto trampantojo, de absoluta ficción política, por dicilo dalgunha maneira, atopámonos exactamente cunha iniciativa lexislativa popular desvirtuada claramente.

Nós coincidimos na necesidade de legislar sobre eficiencia enerxética. Cremos que as emendas presentadas polo Partido Popular son febles en canto a compromisos orzamentarios e en canto a mecanismos de compensación importantes, especialmente para aquelas rendas máis baixas, que son as que teñen máis dificultades para mellorar a eficiencia enerxética dos seus fogares, e que, ademais, normalmente se atopan en fogares enerxeticamente máis ineficientes. Pero non se di nesta parte nada da dimensión de política social, tamén sorprendentemente. E como non tivemos a posibilidade de emendar esta parte, porque foi presentada como emendas polo propio Partido Popular, pois, efectivamente, queda fóra.

No caso da tarifa eléctrica galega, nós, evidentemente, non puidemos presentar emendas sobre eficiencia enerxética na ILP presentada polos promotores, porque non había unha epígrafe sobre a eficiencia enerxética. Non é difícil de entender, creo. Ao mellor, é difícil de entender, pero a min resúltame —e ao mellor é unha cuestión de sobrecualificación— bastante fácil. Emendamos un texto no que non aparecía a eficiencia enerxética; polo tanto, non puidemos emendar a eficiencia enerxética.

No caso da tarifa eléctrica galega, nós non concordamos, efectivamente; nós somos máis partidarios de que sexa vía fiscal ou vía fiscalidade de carácter ecolóxico fundamental a que corrixira eses custos engadidos para Galicia na produción enerxética, e somos tamén partidarios de que a política actúe e de que evite de forma concreta, de forma eficaz, que eses impostos se poidan trasladar ás tarifas dos consumidores. Estamos vendo agora como hai diferentes interpretacións xurídicas, e estamos vendo como a oposición política do Goberno galego, aínda que manifestou a súa oposición a este traslado, pois non acaba de actuar de maneira máis contundente...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—vou rematando—; na nosa opinión debería facelo.

Polo tanto, no tema da tarifa eléctrica, nós cremos —e eu sei que sempre soa a un proceso dilatorio— que sería necesario ver como se podería ir... Desde logo, a maior parte dos com-
parecentes dixeron que non era, neste momento e con esta lei, posible facelo. Pero tamén digo, e non son nacionalista, que as leis se cambian nos parlamentos; iso si, nos parlamentos e con maiorías, pero as leis pódense cambiar —iso é do tema 1 de dereito político de calquera manual básico—. Polo tanto, non hai un imperativo categórico kantiano nin *as tablas de la ley de Moisés*. Poden cambiar esas e outras moitas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mesmo a Constitución, señor Bará, mesmo a Constitución. Insisto en que eu creo que non hai textos sagrados, ningún, nin sequera algunhas pezas literarias.

En canto á renda básica universal, que creo que ten que ser o elemento central da política social, é exactamente onde se deberían situar os temas de pobreza enerxética. E, lamentablemente, non se sitúan aí, insisto, sitúanse nunha consellería que ten nos seus orzamentos un obxectivo absolutamente ambicioso de cubrir o 10 % dos fogares que non teñen ningún ingreso, xa non digo fogares en dificultades económicas, etc., senón fogares que non teñen ningún ingreso, e, lamentablemente, ademais, as... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada, rematou o seu tempo.

Moitas grazas, rematou o seu tempo. Xa está. Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todas.

Imos falar hoxe dunha das maiores inxustizas e dunha vulneración de dereitos que se está a producir no noso país: a pobreza enerxética, consecuencia da crecente desigualdade e da inadmisíbel conivencia dos poderes públicos en España co oligopolio eléctrico.

A pobreza enerxética está asociada, indubidablemente, á pobreza en xeral, pero, con todo, hai motivos para poñer acento especial neste concepto de pobreza, e o principal é que en Galicia a pobreza enerxética creceu nos últimos anos moito máis que a pobreza en xeral. Os datos que temos son que entre o 2007 e o 2013 os fogares en situación de pobreza xeral multiplicáronse por dous en Galicia, mentres que os fogares en situación de pobreza enerxética multiplicáronse por tres, chegando ao 10 % no ano 2014. En todo caso, estas últimas porcentaxes establécense para os fogares que teñan unha renda dispoñible non superior á renda de inserción, como sabemos, 531 euros —creo que son—, despois de pagar o custo da vivenda. Pero a normativa internacional máis estendida é que se considera que un fogar está en pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10 % dos seus ingresos netos a pagar a enerxía necesaria nos fogares, despois do custo da vivenda, despois de sacar o alugueiro ou a hipoteca. Se aplicamos este criterio internacional recoñecido por todas as ins-

titucións internacionais que afectan este tipo de situacións, chegaríamos a que o 20 % dos fogares galegos, máis de 600.000 persoas, estarían neste momento en Galicia en pobreza enerxética.

Outro dos motivos principais da pobreza enerxética é o aumento da factura da electricidade, nun 76 % no período da crise, cando en moitos outros países europeos o incremento non pasou do 5 %, como é razoable. O consumo baixou. Cando o consumo baixa, en case todos os mercados os prezos baixan. Bueno, pois non, en España incrementouse o 76 %, mentres os ingresos das familias seguiron diminuindo.

Toda a lexislación eléctrica dos últimos vinte anos foi na liña de protexer esta verdadeira estafa, que é o prezo da electricidade en España, a máis cara de Europa antes de impostos. Despois de impostos, somos a cuarta, pero é que os impostos á electricidade, aínda que a xente non o sabe, en países como Dinamarca e outros, son moitísimo máis altos. En España a parte de impostos no recibo da luz é de arredor do 20 %, e, por exemplo, en Dinamarca, chega ao 60 % do prezo total. ¿Pero que pasa? Que o custo de produción e o custo de acceso é moitísimo máis baixo que en España.

A configuración do prezo de produción en España é escura e intolerable; só sacando a parte de produción nuclear e hidráulica do *pool* que determina de maneira diaria o custo do quilovatio/hora, como se fai en practicamente toda Europa, podería supor unha baixada destes custos de aproximadamente o 20 %. Son o que todo o mundo coñece —e ás veces non sabe por que— como os chamados beneficios caídos do ceo para as eléctricas; é dicir, poder cobrar os quilovatios que algunha vez non custan nada ou custan sobre 10 ou 12 euros megavatio/hora, como pasa nas nucleares, a 60 ou 70 euros, como está a pasar estes días, por mor deste invento do *pool* diario que se fai en España, cando isto non se está a facer practicamente en ningún lado.

Por outra parte, no resto de Europa hai moita máis competencia real de comercializadoras que presionan as produtoras para baixar os prezos a niveis de beneficios razoables, como xa comentou o portavoz socialista. Pero aquí permitiuse a integración vertical da produción, distribución e comercialización. Dinnos que son empresas diferentes: Gas Natural Fenosa produción, Gas Natural Fenosa Distribución, Gas Natural Fenosa Comercializadora. Evidentemente, son empresas diferentes.

Isto, evidentemente, impide unha verdadeira competencia, cousa que non está a pasar, por exemplo, en Alemaña. A presión das comercializadoras, incluso municipais e rexionais, é moi forte para que as produtoras teñan que realmente reflectir no prezo o custo real de produción.

Tamén neste país e no resto de España atácase o autoconsumo, que restaría moitísima enerxía ao mercado diario e tiraría para abaixo dos prezos. Se no mercado diario non entrara tanta enerxía —nestes momentos arredor do 80 % da enerxía que consumimos todos os días—, os prezos, desde logo —porque a potencia ofertada seguiría sendo a mesma e o consumo sería menor—, irían cara abaixo.

Pero isto non se permite. O Goberno do Partido Popular, como todos sabemos, combate de maneira decidida o autoconsumo, para non poñer en risco o poder das grandes compañías para fixar prezos totalmente desmesurados que engordan as súas contas de resultados, espolian as familias e fan menos competitiva a nosa industria.

E xa non falemos da parte regulada. Eu prefiro chamarlle parte regulada porque moita xente lle chama peaxes, pero a maior parte dos custos reflectidos na parte regulada non teñen nada que ver coas peaxes de acceso, non teñen andá que ver co transporte, que é un custo moi pequeno, non teñen nada que ver coa distribución nin con outros custos realmente aplicables ao acceso á enerxía. A maioría son realmente outro tipo de impostos, como, por exemplo, o invento da transición á competencia; un invento para regalar miles de millóns de euros ás eléctricas co concepto de que a competencia —esa competencia da que antes estaba a falar— ía baixar os prezos que se pagaban pola produción. A realidade foi todo o contrario. Os prezos da produción seguiron subindo de maneira desmesurada e, aínda así, pagáronse-lles miles de millóns ás eléctricas polos custos de translación á competencia.

Despois está a valoración dos custos da distribución. Se de verdade foran auditados de maneira independente, suporían aforros importantísimos. Nós, nas nosas estimacións, nos cálculos que estamos a facer, calculamos que se poderían baixar sobre o 40 %, máis de 3.000 millóns de euros ao ano, sobre todo en países como Galicia, onde unha parte moi importante da rede de distribución a media tensión foi pagada xa por todos os galegos no Plan mega que se desenvolveu nos anos noventa e dous mil.

Isto suporía uns aforros verdadeiramente moi importantes, por iso En Marea defende o control público da distribución, do mesmo xeito que o transporte. Isto abriría a posibilidade, por exemplo, como se fai en Alemaña, de que as distribuidoras foran de niveis rexionais, ou incluso comarcais ou locais; iso si que abriría a posibilidade de tarifas diferenciadas. A situación actual no Estado español non daría apertura á posibilidade de tarifas diferenciadas, segundo marca unha normativa moi taxativa da Unión Europea. Previamente a iso habería que tomar o control, como se fai co transporte, que non quere dicir expropiación; é control público da xestión das distribuidoras.

Despois, seguimos con regalos, que todos, ao final, pagamos no noso recibo. Contra estes miles e miles de millóns, que se sumamos poden ser da orde de 15.000 millóns de euros ao ano que se regalan ás eléctricas, está a cicatería para combater a pobreza enerxética, cunha estimación que no decreto do bono social é duns 300 millóns de euros ao ano e que en Galicia poderían sumar, co que nos están presentando os señores do Partido Popular, pouco máis dun millóns de euros.

A pobreza enerxética, ademais, ten unhas consecuencias enormes na saúde: 7.000 mortes prematuras se estiman en Galicia por problemas de pobreza enerxética, e teñen un impacto gravísimo a nivel social e nos temas educativos. Os mozos e adolescentes que viven en fogares con pobreza enerxética teñen barreiras moito máis fortes para poder desenvolverse no ámbito educativo, e está demostrado —e moitos docentes o din— que teñen un impacto sobre o rendemento destes estudantes que habitan neste tipo de fogares.

A pobreza enerxética, en tanto que pobreza, non é só unha disfunción social ou económica, trátase principalmente dun problema ético que atenta contra a dignidade de todo ser humano.

Todo isto tamén nos fai reflexionar sobre a contraposición da realidade co que está escrito na Constitución española. Por exemplo, o artigo 45 afirma que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente. Tamén di, no artigo 51, que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

Por iso, todas as reformas liberalizadoras das sucesivas leis do sector eléctrico eliminaron explicitamente o concepto da subministración eléctrica como servizo público. Todo isto, segundo o noso criterio, vai contra estes dous preceptos da Constitución, e ninguén di nada. E xa non digamos a multitude de directivas europeas que establecen a necesidade de protexer os clientes vulnerables e como as compañías eléctricas teñen que ter fondos dispoñibles para combater a pobreza enerxética. Hai catro ou cinco directivas que o marcan expresamente; co cal, o Estado ten dereito a marcar todos estes procesos.

O Grupo Popular deixa fóra da lei todas as intervencións sobre pobreza enerxética, realmente desfai toda a lei. Esta xa non é unha lei de pobreza enerxética, é unha lei de enunciados teóricos sobre eficiencia enerxética, sen concretar nada, sen concretar para quen, con canto diñeiro ou de canto serían as axudas. Realmente, é un desleixo de boas intencións, sen concretar en absoluto; ou sexa, non vai ter concreción orzamentaria, nin se vai saber que fogares van ter de verdade dereito a todo o que serían as medidas que se enuncian, xa digo, como un brinde ao sol, dentro das emendas coas que o Partido Popular desfai toda a ILP.

Por iso, dende de En Marea, mantemos 21 emendas que fundamentalmente tenden a concretar tanto nas persoas e nos fogares que terían dereito ao bono social —que sería complementado en Galicia— como nos importes. E así plantexamos que habería que ampliar os fogares que teñen dereito a ese bono, porque, segundo a proposta actual, que é o único punto que o Partido Popular mantén no que quedaría desta lei, só chegaría ao 5 % dos fogares dos que falamos antes; ou sexa, os que están en extrema situación de vulnerabilidade e de exclusión social, deixando fóra o 95 % restante.

Despois, queremos concretar que na rendas dispoñibles os ingresos sexan despois dos pagos dos custos do alugamento da vivenda. E concretar tamén de maneira precisa os trámites para acceder ás axudas, porque a realidade é que foi bochornoso escoitar o ministro de Industria dicir que unha parte maioritaria da xente que ten dereito ao bono social nin sequera ía enterarse de que existía ou nin sequera ía conseguir desenvolver os trámites para poder conseguilo. Isto é intolerable, que se aproben decretos, que se aproben leis, dando por feito que a maioría da cidadanía implicada non vai acceder a eles.

Tamén outro dos temas que nos levou a votar en contra do bono social é o ridículo límite de consumo admisible. Como vostedes saben, o límite que se establece, por exemplo, para unha persoa que vive soa nun fogar —como a maior parte da xente que pode acceder a estas axu-

das, que serían as persoas pensionistas, as mulleres pensionistas que viven soas nun fogar galego—, é de 1.200 quilovatios/hora. Para que se fagan unha idea —e, se non, cando cheguen á casa, miren os seus recibos de electricidade e de gas e miren canto consomen vostedes ao mes, tanto en enerxía eléctrica como en gas en quilovatios/hora—, estes 1.200 quilovatios/hora equivalerían ao seguinte: esta señora podería enchufar unha estufa a media potencia —a 1.000 vatios, a 1 quilovatio— durante entre 6 e 8 horas ao día os cinco meses do inverno, de novembro a marzo. Con esa estufa a media potencia durante oito horas nunha soa estancia do seu fogar esgotaría xa os 1.200 quilovatios/hora. ¿Que implica? Que a señora vai ter que ducharse en auga fría, vai ter que iluminarse con velas, non vai ter enerxía para poder quentar a comida, etc.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Por iso rexeitamos esta proposta do decreto e por iso pensamos que o Goberno galego, en exercicio das competencias que lle dá o Estatuto de autonomía, de intervención no sector enerxético, debería complementar todo este decreto, que realmente non cobre —xa digo— o 95 % da poboación, que de verdade ten pobreza enerxética, e teríamos a posibilidade real e orzamentaria para poder completalo e para que de verdade se puidera falar en Galicia de que o Goberno galego e todo o Parlamento verdadeiramente loitan contra a pobreza enerxética, e non como vai quedar esta ILP, que xa non se pode chamar ILP, de pobreza enerxética, porque deixa de selo; é unha mera declaración de intencións para falar de que a eficiencia enerxética é unha cousa moi interesante sen orzamento, sen definir as persoas que poden...

Por iso lles plantexo que reconsideren o tema e que, tendo en conta que esta ILP xa non vai ter posibilidades de desenvolverse, En Marea presentará de maneira inmediata unha verdadeira lei de pobreza enerxética na que vostedes e todos os grupos terán a posibilidade de aprobar para Galicia unha lei de pobreza enerxética que de verdade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...atenda as necesidades da xente máis vulnerable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Moi bos días a todos, señorías.

En primeiro lugar, quero agradecer aos representantes da CIG traer este debate á Cámara galega e, por suposto, destacar que fose a través dunha iniciativa legislativa popular, avalada por case 18.000 firmas.

Para o Grupo Popular é vital cumprir coa cidadanía galega, por iso propoñemos unha lei que responda ao principal reto que se fixou ao inicio da súa tramitación: dar un paso adiante e responder ás necesidades enerxéticas dos consumidores máis necesitados.

Vou comezar a miña intervención recordando por riba como foi o trámite desta lei. Levamos practicamente todo este ano coas comisións de industria dedicadas de cheo a esta iniciativa, polo teño que dicir que non estivo agochada nun caixón, como manifestan tanto os promotores da lei como os deputados da oposición.

Pero, señorías, cabe recordar que a iniciativa lexislativa entrou no Parlamento, e o que votaron todos os grupos por unanimidade foi admitila a trámite. Dende ese momento converteuse nunha lei do Parlamento e, polo tanto, todos os grupos temos o mesmo dereito a plantexar modificacións, principalmente na busca de constituír un texto garantista e que —concordarán comigo— beneficie a maior parte dos consumidores galegos. (*Aplausos.*) E por iso as emendas do Grupo Popular á iniciativa orixinal gardan tres principios fundamentais: a legalidade, a defensa dos intereses dos galegos e o realismo.

Por poñelos en antecedentes, a iniciativa orixinal estaba composta de dous capítulos: o primeiro, centrado en accións de política enerxética; e o segundo, sobre medidas para a erradicación da pobreza enerxética. O trámite desta lei ata o de agora contou coa comparecencia de nove expertos en materia enerxética, e mais o seu promotor, o señor Branco Parga, representante da CIG e ex deputado do Bloque Nacionalista Galego. A finalidade destas intervencións era aclarar aspectos técnicos e fundamentais que puideran servir para constituír un texto lexislativo eficaz, e, por suposto, tiñan a intención de que se puidese poñer en práctica con garantías legais.

Señorías, o Grupo Popular atendeu e tomou en consideración o que dixeron a maior parte dos expertos. Todos coincidiron en que boa parte do primeiro capítulo, referente á tarifa galega, non estaba enmarcado nas competencias da nosa comunidade. Por iso, señorías, nós non des prezamos a opinión dos expertos, que todos os grupos achegamos, e, cando o 90 % deles coinciden, será porque probablemente teñan razón.

Tampouco é unha teoría acertada dicir, señores do BNG e da CIG, que como os Servizos Xurídicos da Cámara admitiron a ILP a trámite, pois todo o seu contido é constitucional. Non, señorías, non é certo. Os letrados do Parlamento explican claramente, no informe emitido en febreiro de 2017, que a regulación eléctrica é competencia do Estado e establecen entre as súas conclusións que á Comunidade Autónoma lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da normativa estatal en materia enerxética. Señorías, aquí teñen a conclusión —pódena ver—. (*A señora Nóvoa Iglesias amosa un documento.*) Como dixen antes, esta lei consta dunha segunda parte adicada á pobreza enerxética, da que si que ten competencias a Comunidade Autónoma, polo que é lóxico que fose admitida a trámite. Polo tanto, señorías, o argumento de que si que podemos legislar dende o Parlamento galego con garantías de aplicación unha lei sobre tarifa galega non é certo.

Pero deixando á marxe o tema da legalidade, a suposta tarifa galega, señores do BNG, non defende os intereses galegos. Miren, vou resumir moi brevemente o balance de achegas da

nosa comunidade ao sistema eléctrico. Saberán que as actividades principais destinadas á subministración de enerxía eléctrica son a xeración, que consiste na produción de enerxía; o transporte, cuxa finalidade é transmitir a enerxía eléctrica pola rede de transporte; a distribución, que canaliza a enerxía eléctrica dende as redes de transporte ata os puntos de consumo; e a comercialización, desenvolta polas distintas compañías comercializadoras de enerxía que acceden ás distintas redes de transporte ou distribución, e que son as responsables de vender a enerxía eléctrica aos consumidores.

A xeración e a comercialización son actividades liberalizadas, e a distribución e o transporte son reguladas. Como saberán, Galicia é unha potencia en enerxía renovable, en concreto, a segunda en aportar maior cantidade de enerxía renovable ao mix enerxético de toda España, só por detrás de Castela-León. E a xeración de enerxías renovables en Galicia ten un custo aproximadamente, para o sector eléctrico, de 373 millóns de euros. A rede de transporte na nosa comunidade ofrece unha boa calidade de servizo, con escasas interrupcións de subministración só en caso de condicións climatolóxicas extremas. Ben, pois esta rede ten unha retribución de aproximadamente 94,6 millóns de euros.

A rede de distribución en Galicia si que é moi complexa. Galicia posúe un territorio de case 30.000 quilómetros cadrados, con 314 municipios e con máis de 30.000 entidades singulares de poboación, que son case o 49 % de toda España. A isto únese unha orografía complexa que provoca que as infraestruturas de distribución sexan aproximadamente un 22 % máis caras que noutros lugares de España.

Outro dato económico máis, señorías: toda a retribución ás empresas de distribución en Galicia é de aproximadamente 436 millóns de euros. Se sumamos as tres cantidades citadas, que son os custos do sector eléctrico en Galicia, saen 904 millóns de euros. ¿E canto pagamos os galegos en concepto de peaxes pola electricidade? Pois 740 millóns de euros. Se os custos son 904 millóns; 904 menos 740, señorías, sae un balance positivo de 164 millóns de euros.

Señorías, isto que acabo de resumir explicouse nas comisións de expertos; achegáronselles informes da Xunta de Galicia con números avalados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pero vostedes non lles fixeron caso. Na miña humilde opinión, señores do BNG, creo que deberían deixar xa dunha vez a un lado a proposta da tarifa separatista eléctrica galega. (*Aplausos.*) Aos galegos, señorías, non lles sae a conta; suporía subirlles a súa factura, e vostedes sábeno. Deixen de xogar coa sensibilidade da xente e de vender promesas imposibles.

Dende que comecei esta intervención detallei dous dos tres principios de forza para non comprarlles a bondade da súa tarifa galega. O primeiro, a falta de legalidade. Galicia non ten competencia para encadrar a súa tarifa na lei estatal, xa que claramente invade competencias exclusivas do Estado. O segundo, señorías, é que é un mal negocio para Galicia. Economicamente non sae a conta, xa que habería que pagar un 40 % máis de media por ter unha tarifa separada do resto do Estado. E a terceira, señorías, é que teñen que voltar á realidade. Polo tanto, o meu grupo centrou as súas emendas, a parte enerxética da ILP orixinal, en medidas de eficiencia enerxética, que si que están dentro das competencias do Goberno autonómico.

Señorías, a definición máis común de eficiencia enerxética é que se trata dun uso eficiente da enerxía e que busca protexer o medio ambiente mediante a redución da intensidade enerxética e habituando o usuario a consumir soamente o necesario. As emisións de CO₂ que enviamos á atmosfera son cada vez maiores. Por este motivo, a eficiencia enerxética convértese nunha maneira de coidar o ecosistema e de fomentar o aforro. A razón para apostar pola eficiencia enerxética é que xerar e distribuír enerxía resulta caro e ten un forte impacto sobre o medio ambiente. Polo tanto, señorías, a eficiencia enerxética facilitará que toda a humanidade desfrute dunhas condicións de vida dignas e saudables, sacando o maior partido posible da enerxía. En Galicia, ao igual que no resto de España, hai que limitar ao máximo a dependencia exterior da enerxía primaria.

Polo tanto, coas emendas a esta lei o Grupo Popular pretende impulsar a eficiencia enerxética en todos os sectores e actividades, dándolle un papel fundamental ás novas tecnoloxías e á innovación; establecer mecanismos de cooperación e coordinación no fomento do aforro e da eficiencia enerxética entre as administracións. Para conseguir este obxectivo, señorías, o Grupo Popular propón que o Goberno galego promova plans de aforro e eficiencia enerxética destinados á mellora da competitividade do tecido produtivo galego e ao incremento do confort e da calidade de vida do noso pobo.

O obxectivo dos plans de aforro será establecer programas de renovación de equipos por outros de maior rendemento enerxético e que se levarán a cabo en todos os sectores de consumidores finais. No compromiso coa innovación, señorías, potenciarase tamén o estudo de tecnoloxías sostibles e máis eficientes, facilitando a implantación comercial de tecnoloxías que se atopen en fase de demostración.

E como a cultura da eficiencia enerxética é global, non é só responsabilidade das administracións, e sen a axuda de todos non será posible, propónse tamén que o Goberno promova campañas de sensibilización á cidadanía sobre o consumo da enerxía dun xeito intelixente. Saben que o impulso á eficiencia enerxética era un punto da súa lei orixinal; polo tanto, señorías, non vexo razóns lóxicas para non apoiar o noso texto.

Señor Losada, si que era un punto da ILP orixinal a eficiencia enerxética. E vostede si que puido facer propostas sobre eficiencia enerxética.

Pero ben, para o Grupo Popular a parte realmente importante e esencial desta lei é a referente ao título II, sobre a garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica. Non podemos obviar que dende que se aprobou no Congreso a Lei sobre a reformulación do financiamento do bono social cambiou o escenario para preto de 250.000 consumidores galegos que estaban acollidos ao bono social. Cabe recordar que este bono se aprobou en Madrid cun amplo consenso, apoiado polo Grupo Socialista, Ciudadanos e polo Grupo Popular. Os seus compañeiros de Podemos, señores da Marea, votaron en contra, si, señorías, e aquí era de supoñer que farían o mesmo, deixando a un lado a miles de galegos que saírían beneficiados. Non cabía esperar máis de vostedes, ¡vaia exemplo para os que se definen como a xente do común!

Señora Presas, vostedes, sen representación en Madrid, non puideron posicionarse sobre o bono social. E aquí, como xa demostraron na comisión, votarán en contra...

Señoría, diga a verdade, vostedes non tiñan proposta de lei. A súa proposta é a dun sindicato —como ben dixo vostede tamén na súa intervención— nacionalista. A vostedes, señores do BNG e das Mareas, non lles vale unha lei estatal que teña un amplo consenso parlamentario nacional e que teña unha ampla cobertura social. Era de esperar no caso dun grupo nacionalista, pero nun que di que non, que quere a unidade de España, que se deixe levar por un sindicato nacionalista... A verdade, señor Casal, é que ninguén sabe xa cal é o seu ideario. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señor Losada, en Madrid apoiárono. Eu voulle pedir que reconsidere a súa posición e vote a favor. Se non, ao final, será poñerse de perfil e non mollarse polas persoas que máis o necesitan. Incluso saberá que o presidente da Federación Española de Municipios do seu partido, o señor Caballero, saíu pedindo que as comunidades autónomas puxesen de inmediato esta medida. E non me diga vostede que o vai contradicir. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Mire, vou continuar —que me queda pouco tempo— facendo un resumo para que todos coñezan en que consiste o novo bono social. Define o consumidor vulnerable, así como os requisitos que debe cumprir de acordo coas súas características sociais e o nivel de renda. Establece as condicións e o procedemento para solicitalo. Concreta o mecanismo de cálculo do bono e o custo da electricidade ao consumidor. E, por último, regula as condicións en que pode ser suspendida a subministración eléctrica e os supostos polos cales non se lle pode suspender ao consumidor. Polo tanto, sendo esta a nova realidade normativa do Estado, Galicia —Galicia, perdón— tiña que redefinir as súas axudas existentes, tales como o ticket eléctrico ou as que evitan o corte da subministración, que atenderon dende 2009 a máis de 27.000 familias outorgando axudas por un importe próximo aos 34 millóns de euros. E, polo tanto, había que poñer en marcha a medida de aboar o 50 % da factura eléctrica aos consumidores vulnerables —valorados polos servizos sociais da Xunta como consumidores en risco de exclusión social—, sendo as súas subministracións esenciais e que, polo tanto, non poderán ser interrompidas polas compañías eléctricas.

Si, señorías, a nosa comunidade blindará por lei o pago do 50 % do recibo da luz aos fogares galegos con menos recursos. As comercializadoras de electricidade estarán obrigadas por lei a contar con plataformas telemáticas de comunicación cos servizos sociais da Xunta para, cunha periodicidade mensual, informar a consellería da existencia dos consumidores vulnerables severos. Unha vez recoñecidos polos servizos sociais, a eses consumidores aboaráselles o 50 % da factura e nunca se lles poderá interromper a subministración eléctrica. Coa reformulación do bono, as comunidades autónomas tiñan obriga de actuar. E aquí en Galicia somos pioneiros. Aos consumidores máis vulnerables non se lles poderá interromper a subministración e ademais a Comunidade Autónoma pagaralles o 50 % da factura.

Señores de En Marea e do PSOE, non podemos tomar referencias doutras leis, como fixeron vostedes nas súas emendas a esta ILP; leis que xa quedaron desactualizadas coa reformulación do bono social. Refírome, señorías, á Lei da Comunidade Valenciana. Saberán que esta lei quedou en papel mollado, esta si que quedou nun caixón. O goberno, dos seus grupos, non a puxo en marcha. Incluso hai uns días propuxeron modificala case na súa totalidade.

Tampouco podemos tomar referencias de leis fracasadas e impugnadas polo Tribunal Constitucional, señora Presas. Esta vez refírome á lei catalá contra a pobreza enerxética, anulada polo Tribunal Constitucional por invadir competencias estatais.

E remato xa.

Señorías, os galegos confiaron en nós cunha ampla maioría, e este grupo responde facendo políticas responsables, eficaces economicamente, sensibles para os que máis o necesitan e, por riba de todo, políticas que cumpran a legalidade.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Como cuestión previa, xa que sacou o tema o señor Losada, e xa que levamos varios días escoitando bastantes disparates por aí, vou insistir en que, efectivamente, se esa rúa de Pontevedra foi mudada non foi por unha lei de memoria histórica, absolutamente insuficiente, senón por un goberno valente e por un concelleiro como Luis Bará. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ben sei que lles molestou daquela e segue molestándolles, pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, vaian superándoo, que pouquiño a pouco imos enterrando o franquismo. Estanos custando un pouco, pero pouquiño a pouco imos.

Ben, sobre a cuestión da eficiencia enerxética xa dixo agora a señora Nóvoa, señor Losada, que, efectivamente, hai un punto na lei orixinal. Agora ben, nós renunciámos tamén a emendalo precisamente porque o fundamento para atallar a eficiencia enerxética son os recursos económicos e mellorar, por exemplo, o parque de vivendas. E ¿que fai o Partido Popular? Insisto, recortar un 38 % os orzamentos. Polo tanto, sen contido económico é papel mollado, por non falar de que o proceso debería ter unha diagnose previa e demais. Non hai nin unha soa cuestión que introduzan sobre eficiencia enerxética que non puideran ter feita xa a través do Inega ou mediante un decreto lei, señora Nóvoa.

Sorpréndeme tamén que un deputado de En Marea e de Podemos diga que o actual marco non permitiría tarifas diferentes. Primeiro, é falso. Xa hai tarifas diferentes. De feito, foi un comparecente —o único galego que achegou o Partido Popular— o que dixo que xa había no Estado español tarifas diferentes, porque, efectivamente, hai señores e señoras do Estado español que xa están pagando unha tarifa diferente por causa dos suplementos territoriais. *(Aplausos.)* En todo caso, digo eu que, se a lei do 2013 non o permitira, e se o señor Mariano Rajoy non ten maioría en Madrid, pois cambien a lei.

En terceiro lugar, tamén respondendo á señora Nóvoa, o que se propón nesta iniciativa non é nada novo, non é coller unha serra e pechar o tendido eléctrico galego e facer algo sepa-

ratista, como dicía a señora Nóvoa. É rebaixar as peaxes que xa existen, rebaixar as peaxes que xa existen, como xa se fixo co Goberno vasco creando unha nova peaxe. *(Aplausos.)* Sería moito máis sinxelo que crear unha nova peaxe. E, ademais, de paso, a cuestión vasca beneficiou a máis industrias.

En todo caso, tamén indo a avanzar máis cuestións, efectivamente, señora Nóvoa, pasaron máis de cen días da lexislatura ata que se reiniciou o trámite desta ILP, polo tanto, si, filibusteirismo parlamentario e intención de afogar o debate.

Por afondar tamén noutras cuestións, un dos meus argumentos favoritos teño que confesar que é o de que esta lei é inconstitucional. Tamén lle digo que a nós non nos importaría contradicir a Constitución se por iso salvagardamos a vida dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Porque as leis están para mudalas e as prioridades teñen que ser as persoas deste país. En todo caso, prégolle que teña un pouco de rigor. Primeiro, se é inconstitucional ¿por que a votaron? Segundo, saben de sobra que non tería chegado a este debate. Non son nin un, nin dous, senón tres informes favorables dos servizos xurídicos. Pero, en todo caso, repase vostede, como deputada, as competencias da Comunidade Autónoma. Galiza ten literalmente competencias compartidas co Estado en materia de réxime mineiro e enerxético e de fomento e planificación da actividade económica. Polo tanto, o que ten que facer é coller o teléfono e negociar con Madrid. ¡Competencias compartidas! *(Aplausos.)* ¡Home, por favor, señora Nóvoa!, se non, ¿por que fomos a primeira comunidade autónoma en aprobar unha lei de minas? E tamén lle recordo que en benestar social son competencias exclusivas de Galiza, outra cousa é que vostedes non as exerzan. Pero sobre o papel son, a cuestión é ter vontade política. *(Aplausos.)*

Tamén me sorprende que a mesma señora que só fala do bono social, coma se este fora o Parlamento español e non o Parlamento galego, diga que o BNG non ten propostas en materia de pobreza enerxética e que por iso votou favorablemente esta lei.

Mire, señora Nóvoa, vostede igual non era deputada, pero ¿cantas veces esta bancada votou en contra de propostas do BNG para prohibir por lei os cortes de electricidade?! ¡Por favor! *(Aplausos.)* ¡Chegan séculos tarde a este debate!

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Chegan a este debate despois de que morrera xente noutras partes do Estado.

Por ir avanzando, outra cuestión. Xa que falamos do bono social, é absolutamente insuficiente. Por poñer só un exemplo —porque non me dá máis tempo—, nesta Cámara calquera deputado ou deputada, independentemente do que cobra a final de mes, se ten familia numerosa podería ter bono social. ¿A vostedes parécelles que ese é o modelo de redistribución que deberíamos ter? Pois desde logo que non. Polo tanto, temos que exercer as nosas competencias exclusivas e buscar un marco máis ambicioso.

Outra cuestión —e remato xa, señor presidente— é que ninguén defende a tarifa eléctrica galega. Hoxe non o dixó, pero chegou a dicir que só un comparecente defendeu a tarifa eléc-

trica galega. Coma se non viñera o señor da comisión promotora e un técnico proposto polo BNG. O señor que veu polo BNG defendeu a tarifa eléctrica galega, jeh! (*Murmurios.*) Si, si.

En todo caso, o que demostraron esas comparecencias, nas que vostedes se aproveitaron da boa vontade dos grupos políticos para intentar levarnos a un debate técnico, é que este é un debate político. Absolutamente todos os comparecentes recoñeceron que a maior parte da tarifa eléctrica responde a decisións políticas. O señor Dolader dixo que dous terzos. E foi unha proposta de vostedes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ou, por exemplo, por poñer algún exemplo máis antes de que o señor Santalices me reprima...

O señor PRESIDENTE: ¡Non, reprimir non! ¡Por favor! (*Murmurios.*)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Desculpe, foi unha expresión...

O señor PRESIDENTE: Mire o tempo. Remate xa.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: O señor Fernando Blanco, do Partido Socialista, dixo literalmente que non encaixa nesta lexislación, pero que Madrid debería pagar máis cara a luz que Galiza.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Outros comparecentes dixeron cuestións similares.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Recoñeceuse que había máis dunha tarifa no Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E novamente quedou evidente que, efectivamente, como na cuestión catalá, se demostra que o nacionalismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...está ao servizo das maiorías sociais e que o Estado español e o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...son quen impiden medidas transformadoras. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Nóvoa, non se preocupe pola miña carreira política nin polas miñas relacións políticas coa Alcaldía de Vigo. Son absolutamente satisfactorias, independentemente do sentido do voto do Grupo Parlamentario Socialista neste Parlamento. (*Murmurios.*) Si, si, preocúpense das súas, preocúpense das súas, non se preocupen das miñas. Eu agradézolle a boa vontade, de verdade, pero non fai falta.

En relación coas emendas dos outros grupos, imos votar favorablemente o conxunto das emendas de En Marea, aínda que é verdade que hai cuestións puntuais en que poderíamos discrepar, pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, supoño que podemos votar a favor das emendas de En Marea, non hai ningún imperativo teolóxico nin filosófico, ¿verdade, señor conselleiro? Grazas.

No caso do Bloque Nacionalista Galego imos votar a favor da segunda, porque entendemos, efectivamente, que a fiscalidade ten que ser a ferramenta fundamental de reasignación de custos e de beneficios en termos sociais. A socialdemocracia europea entendeuno así dende principios do século XX, e, polo tanto, benvidos a este espazo de consenso.

Na número 1 imos absternos, porque entendemos que a explotación pública dos saltos hidroeléctricos neste momento probablemente non sexa o máis acaído. É verdade que a voceira do BNG no debate falou dunha explotación mixta, pero é verdade que no texto, que é o que se vota —agradezo a vontade de autoemenda—, pon «explotación pública directa». Entendo, polo tanto, que exclusiva. Non o entendemos así.

Xa lle pasei, en todo caso, estas votacións ao señor presidente.

Hai un artigo moi interesante de Antón Costas, catedrático de Política Económica en Barcelona, aínda que el é da parroquia de Comesaña, en Vigo, que se titula *Competencia como política social*, da competencia no sentido dun marco regulatorio eficiente que permita, efectivamente —e diso é do que temos que falar cando falamos de enerxía—, que os beneficios das empresas sexan razoables e que iso sexa compatible cun prezo da enerxía que permita que as familias poidan asumilo sen un custo social elevado —máis nun contexto de crise como o actual— e que sexa un factor de competitividade para o tecido produtivo dun país. E, por suposto, alí onde a situación social das familias, efectivamente, non permita acadar eses niveis de subministración enerxética ten que ser a política social no seu conxunto a que desenvolva este labor.

Eu quero facer unha pequena aproximación cuantitativa aos dous elementos fundamentais desta proposición de lei, tal e como quedou no informe de ponencia despois das emendas do Partido Popular.

Primeiro, sobre a eficiencia enerxética. Xa o dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego: curiosa forma de reforzar esta loita contra o cambio climático, diminuindo os orzamentos —non sei se estes son plurianuais ou non— nun 38 % no ano 2018 en relación co ano 2017. Insisto en que, como apoio político á eficiencia enerxética... Señor conselleiro, se quere doulle os datos. No 2017, máis lei de xullo, 733A: 32.966.242; proxecto do 2018: 20.353.872. Regra de tres simple: 38 % de descenso.

Logo tamén —aquí si que xa sei que hai cuestións plurianuais—, no tema da execución orzamentaria, entre o ano 2010 e o ano 2016, en sete anos, deixáronse sen executar —estou seguro de que se van executar plurianualmente no futuro por riba do 100 %— 54 millóns de euros. Insisto en que son datos oficiais, todos eles da Xunta de Galicia. A miña capacidade de fabulación non dá para tanto.

En relación coa pobreza enerxética, a contía do fondo son 1.193.115; axudas concedidas previsibles: 3.233. Volvo repetilo: o número de fogares con todos os seus membros en paro son 33.000, exactamente o 10 %.

E seguimos cos orzamentos, porque imos debatelos neste Pleno do Parlamento nun futuro próximo. Nos obxectivos do programa non aparece nin unha soa referencia á pobreza enerxética. Eu creo que está moi ben que non apareza, eu creo que a referencia á pobreza enerxética non ten que aparecer nun programa da súa consellería.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Efectivamente, ten que aparecer como unha política social.

E voulle ler —e con isto remato, e vou seguir insistindo na cuestión da renda mínima e da necesidade de harmonizar e organizar as políticas sociais— a última intervención no Congreso dos Deputados do secretario de Estado de Orzamentos, o señor Alberto Nadal —irmán do ministro de enerxía—: «*Ahora mismo el Estado destina unos 20.000 millones a partidas sociales. Pero, como consecuencia de la crisis, se fueron cubriendo necesidades puntuales hasta crear un sistema de ayudas que no tiene coherencia interna*».

Benvidos a perseverar no erro. Insisto, benvidos a perseverar no erro, nun erro no que as solicitudes de axudas de política social se fan exclusivamente a través de sistemas informáticos. Eu creo que é a mellor metáfora da desconexión da política coa realidade socioeconómica do país que gobernan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Decía a señora Nóvoa que non sabemos a quen defendemos. O que si sabemos é a quen defenden vostedes, iso está clarísimo. E toda a lexislación que levan desenvolvido a nivel do Estado español, e tamén neste Parlamento, deixa claro a quen defenden

vostedes, a onde van os fluxos de miles de millóns de euros e a onde van as pingas orzamentarias para de verdade combater a pobreza enerxética.

Xa non podemos falar de pobreza enerxética. Penso que vostede xa o recoñeceu, esta lei xa non é unha lei de pobreza enerxética. Esta lei simplemente é un enunciado de posibles actuacións dentro da eficiencia enerxética. Efectivamente, a eficiencia enerxética é moi importante, é moito máis importante aforrar que axudar no gasto, niso estamos de acordo. Pero aforrar enerxía mediante accións tendentes á eficiencia enerxética nos fogares implica concretar, concretar a quen, con canto, para que... Todo iso non está en ningunha das súas emendas. Son meras disertacións literarias que non van afectar de maneira concreta a ningún neste país. E iso é o que non pode ser.

Por suposto, rexeitan totalmente todas as emendas que presentou En Marea que van na liña precisamente de concretar un verdadeiro bono social. Por iso o noso grupo votou en contra. Votou en contra, claro, votou en contra porque deixan fóra o 95 % das persoas que de verdade están en pobreza enerxética. Parece que para vostedes só está en pobreza enerxética a xente en exclusión social, a xente que non ten nin os máis mínimos medios económicos para manter as súas familias. E iso non é a pobreza enerxética, iso é outra cousa. Ese é un tema de exclusión social, que é un tema moito máis concreto e que —xa digo— dentro das nosas estimacións afecta só ao 5 % das persoas que deberían ter dereito en Galiza ao bono social. E o 95 % restante —que moitos deles tampouco van entrar, como xa comentei, polos límites de potencia, que diso non fala nunca o Partido Popular, que si dá un bono social, pero ¿para que?, para a cuarta ou a quinta parte da enerxía verdadeiramente necesaria nun fogar—, o resto, a pagar con prezo do mercado. Iso non é un bono social.

Despois está o tema do acceso. A xente que pode, por exemplo, chegar ao 40 % ten que ter ingresos por debaixo do 50 % dos límites marcados, sobre os 400 euros de ingresos nunha familia. ¿De verdade alguén pode pensar que, se supera os 400 euros de ingresos, unha familia xa non está en risco de pobreza enerxética? ¡Por favor!

Por iso todas as nosas emendas van nesa liña. E, evidentemente, temos competencias e hai que desenvolverlas para que, de verdade, ese bono social, no que tivemos que votar en contra... As nosas propostas ningunha está referenciada a leis anticuadas nin a leis desfasadas, todas están complementando o bono social. E ademais tivemos moita conta de facelo así para que puidera ser de aplicación inmediata. Porque no sistema de avaliación e de concreción das axudas, que é outro dos problemas, xa sabemos o que vai pasar: que ao final —como está a suceder neste momento e como xa pasou nas axudas para o ticket eléctrico en Galicia— unha inmensa minoría da xente poida acceder a elas, polos trámites, polas trabas, etc.

Despois, sobre o comentario da señora Presas, nós non dicimos que non poida haber tarifas diferenciadas. Non dixen iso. Dixen que non pode haber tarifas diferenciadas por motivos xeográficos ou de proximidade á produción. Señora Presas, lea a Directiva 2009/714 da Unión Europea. Non hai en ningún lado diferenzas de tarifas por motivos xeográficos. Outra cousa é, como xa dixen —e parece que non escoitou a miña intervención—, que, se de verdade se tomara o control da distribución en España e se fixeran distribuidoras con criterios diferen-

tes aos rexionais, entón si que podería haber tarifas diferenciadas. O tema é: vaíamos ás cousas polos camiños correctos.

Ademais, os nosos plantexamentos son que, en realidade, as deducións e as reducións tarifarias non deberían ser indiferenciadas para toda a sociedade.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Non, deberían concretarse e deberían destinarse de verdade a paliar tanto motivos e problemas sociais como motivos e problemas medioambientais.

Iso é totalmente correcto. Pódese facer, pódense gravar impositivamente os danos ambientais, pódense dar beneficios vía prezos, vía bono social ou outros que se determinaran, pódese dar participación na propiedade das empresas responsables dos impactos e externalidades negativas, pódese destinar parte das ganancias a compensar os afectados polas externalidades negativas... Moitísimas cousas poden facerse e en todas elas poderíamos chegar a acordos, porque, de verdade, poderían ter unha aplicación inmediata.

Resumindo, señores do Partido Popular, retiren esta proposta, retiren as emendas que deixan totalmente a ILP. Trallemos xuntos de verdade cun problema enorme que ten a sociedade galega, igual que toda a sociedade española, como é o da pobreza enerxética. De verdade, con esta lei que vai saír despois das emendas non se soluciona en absoluto esta lacra social tan vergoñenta para o noso país.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas de novo, presidente.

Miren, señorías, que vostedes digan que este grupo transformou a iniciativa orixinal é un verdadeiro atrevemento. Señor Losada, 17 emendas do Grupo Socialista; señor Casal, 23 emendas das Mareas de Podemos. O Grupo Popular, 12 emendas. ¡Oian!, vostedes presentaron nas súas emendas unha lei totalmente distinta, e, na maior parte dos casos, desactualizada tras a nova normativa estatal. (*Aplausos.*)

Señora Presas, vostedes presentaron só dúas emendas, das cales unha era tamén outra competencia estatal. Era de supoñer que coincidirían co texto da ILP, xa que foi presentada por un ex-deputado do seu grupo.

Miren, señorías, pensen noutras propostas enerxéticas que sexan legais, sen intentar separarse do resto de España. Vostedes saben que é imposible encadrar unha tarifa eléctrica galega na lei estatal do sector eléctrico. O Grupo Popular defende o cumprimento da lei, e, a diferenza de vostedes, non queremos independizarnos de España, nós preferimos traballar

unidos para ser máis fortes. Polo tanto, primeira razón explicada, señoría, de que non é legal unha tarifa galega.

Segunda razón: non poden dicir que Galicia tería que ter unha tarifa galega porque somos unha comunidade moi excedentaria. Miren, en 2016 fomos a cuarta comunidade que máis enerxía aportou ao resto do Estado, en enerxías renovables estamos no segundo posto. Para que isto ocorrese, todos os españois colaboraron pagando nas súas facturas as retribucións a este tipo de novas enerxías, que teñen un custo, señoría —supoño que o saben e que llelo dixeron os expertos, pero non os escoitaron—. Pero isto non ocorre todos os días do ano. Fundamentalmente exportamos enerxía renovable —hidráulica e eólica—. Pero neste mes, por exemplo, caeu profundamente a produción de enerxía renovable, e pódese dicir tamén que en case todo o ano. En 2016, a media de contribución da enerxía renovable ao *mix* enerxético estivo nun 41 %. E estas semanas, señorías, non chegamos ao 20 %. O acumulado no que vai de ano anda no 30 %, de momento bastante lonxe en relación co ano pasado. Teño aquí as gráficas de Red Eléctrica; se quere, despois pásollas e pode comprobalo vostede mesma.

Polo tanto, a Galicia non lle sobra tanta enerxía como é habitual; é máis, ten que importar enerxía primaria para poder poñer a funcionar as súas centrais. Nestes días necesitamos desa rede de transporte, que non serve só para exportar senón tamén para importar. Esa rede hai que mantela, e todos eses custos son superiores aos que pagamos os consumidores eléctricos galegos.

Polo tanto, señores das Mareas e do BNG, terceira razón para descartar a tarifa separatista. Non nos pidan que fagamos un mal negocio para os galegos. O que vostedes propoñen suporía que pagásemos un 40 % máis na nosa factura.

Xa é hora de que muden o seu discurso. En España non hai tarifas diferenciadas, e dixéronllelo 9 dos 10 expertos. Incluso lles nomearon distintas comunidades que non son a vasca e que se benefician, como Asturias, Cantabria, Navarra ou mesmo Andalucía. Digan a verdade, señores do BNG. A vostedes, desta lei, só lles interesaba a demagogia da tarifa galega. Aos 9 expertos non lles preguntaron nada sobre pobreza enerxética; é máis, repetíronlles a mesma pregunta aos 9, e precisamente non era relacionada coa pobreza enerxética. Non teñen nin unha proposta seria, só lles interesa defender as súas teorías fracasadas. (*Aplausos.*)

Mire, señor Casal, eu sentiríame un pouco avergoñada se, unha vez presentadas as emendas a unha lei, tivese que dar marcha atrás da maneira en que o fixo vostede. ¡Oia!, presentaron 23 emendas, das cales a 1 e a 2 trataban sobre suprimir o texto orixinal da ILP —é dicir, eliminar a tarifa galega e eliminar as propostas de pobreza enerxética do texto presentado pola CIG—. E, tras unha reunión con este sindicato, chega á última reunión da ponencia e di que as vai retirar e que tamén trata de manter todas as demais. As demais mantenas, que definían un nova lei totalmente distinta á orixinal. Entón, señor Casal, debería explicarnos a que propostas lles facemos caso. ¡É imposible que os tomemos en serio!, pero nin nós nin todos os galegos. Resultaría un texto totalmente incoherente. E vostede di que teñen unha política enerxética. Pero ¿cal é?, ¿é a súa ou a que lles marca a CIG? ¡Oia!, resulta que, se é a mesma que a dos seus ex-compañeiros do Bloque, en defensa dunha tarifa separatista, pois dígano claramente, pero non intenten meter unha mestura de propostas incoherentes nunha lei.

Mire, non se trata de facer o mesmo que no seu grupo. Xa sabemos que uns son das Mareas de Podemos, outros de Podemos só, outros de Esquerda Unida, outros de Anova, e non sei se me queda algún. Aquí non, señoría; unha lei é unha cousa seria. O que si teño claro é que a CIG conseguiu marcar o que non consegue o señor Villares no seu grupo, que é marcar o sentido do voto. *(Aplausos.)* Isto mostra, señoría, unha vez máis, o que poderíamos chamar «covardía política».

Mire, señor Losada, para rematar eu non vou negar que tiña a esperanza de que votasen finalmente a favor desta lei. Díxenllo antes, creo que só mellora condicións actuais. Podo explicalo, porque ás veces en política a coherencia coa xente a quen se lle debe a confianza non ten lugar, e pesan moito máis os intereses partidistas ou tamén manter a cordialidade con posibles socios de goberno que aceptar propostas doutros grupos que sexan beneficiosas para os cidadáns.

Mire, nós tiñamos a vontade de cambiar cousas non noso texto. Aceptámoslle emendas e transaccionamos outras, que creo que conseguiron mellorar a lei. Señoría, unha abstención é poñerse de perfil cara aos galegos máis necesitados. Desculpe, pero unha abstención non é actuar nin intervir na solución do problema.

E remato xa, señorías. Os galegos e as galegas, grazas a ter un grupo parlamentario maioritario e un goberno estable, a partir do 1 de xaneiro de 2018 terán garantido por lei que os máis necesitados non sufran cortes na súa subministración eléctrica e que, ademais, se lles aboe o 50 % do custo da súa factura. É unha pena que saia adiante só cos nosos votos, e os galegos sábeno. ¡Alá vostedes e a súa conciencia!

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado xa este debate, procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando, en primeiro lugar, o Ditame emitido pola Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, sobre o Proxecto de lei de Portos de Galicia.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de portos de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.*

Votación das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de portos de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea. Votamos.*

Votación das emendas mantidas polo G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de portos de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *E votamos agora do ditame da Comisión. Votamos.*

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, sobre o Proxecto de lei de portos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame e, consecuentemente, queda aprobada a Lei de portos de Galicia.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.*

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Hai unha petición de votar por separado as dúas emendas.

Votamos, polo tanto, en primeiro lugar a emenda número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da emenda número 1 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporada ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 36; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda número 2 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da emenda número 2 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporada ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea. Votamos.

Votación das emendas do G. P. de En Marea á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos o ditame da Comisión. Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 20; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame e, consecuentemente, queda aprobada a Lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Trinta e seis? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Aprobouse por 36 votos a favor.

Abran as portas, por favor.

E continuamos coa orde do día, logo destas pequenas alteracións que tivemos na orde do día deste pleno. Imos continuar agora coas mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. *Aprobar e presentar no transcurso dos próximos tres meses ante a Cámara galega, o Plan Estratégico da Conserva 2017-2022, especialmente dirixido a aquelas comarcas economicamente dependentes dese sector, onde entre outras cuestións, se incorporen:*

a) *Os mecanismos e medidas axeitadas que permitan a mellora na capacidade produtiva das instalacións.*

b) *O aumento dos postos de traballo.*

c) *A consecución dun Certificado de Profesionalidade específico para este sector.*

d) *As actuacións e axudas públicas.*

2. *En relación á factoría conserveira de Esteiro, presentar un paquete de medidas, dende os ámbitos da formación e do financiamento, que permita paliar o impacto económico e social negativo do seu peche, incluíndo a posibilidade da posta en funcionamento das instalacións abandonadas.*

3. *Revisar as condicións para as concesións de axudas públicas autonómicas, condicionando as mesmas ao mantemento dos centros de produción e dos postos de traballo existentes, promovendo unha máis intensa labor de seguimento e control sobre as axudas concedidas.»)*

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Carlos López Crespo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a respectar a decisión maioritaria dos traballadores e das súas negociacións coa empresa e a realizar as accións oportunas para evitar o peche de Conservas Esteiro polos efectos que o peche tería sobre o emprego, a economía da comarca e o conxunto do sector conserveiro galego, mediante o apoio a calquera iniciativa viable que implique unha saída empresarial para a planta, veña da man dunha nova empresa ou da propia acción dos traballadores.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Aínda que non é habitual, vou empezar a miña intervención recoñecendo dous erros cando presentei a interpelación: o primeiro erro foi dicir que non existía unha causa real para o peche de Conservas Esteiro e o segundo foi considerar que o Partido Popular tiña sensibilidade social. Estaba confundido en ambos os dous casos. Existe unha razón para pechar Calvo Esteiro, e é que o Grupo Calvo quere gañar máis. Ao Grupo Calvo, que gaña 50 millóns de euros cada ano, non lle chega, quere máis. E, polo tanto, vai pechar unha compañía, vai pe-

char unha empresa, vai despedir trescentos traballadores para en vez de 50 millóns gañar 54 millóns de euros. Existe unha razón para pechar Calvo Esteiro, chámase «rapiña empresarial».

Beneficios privados, custos públicos. Para que Calvo gañe 3 millóns de euros máis vaise pechar a principal empresa industrial dun territorio ben amplo do noso país, con pouco emprego, con pouco desenvolvemento industrial; vaise botar á rúa trescentas persoas, a maioría delas mulleres; hai un enorme custo social. Todo isto para pagar os dividendos do Grupo Bolton. Iso é inaceptable para unha empresa que fale de responsabilidade social corporativa, ese discurso do compromiso das empresas co seu territorio ou co seu país. En Marea defendemos ese tipo de empresas vinculadas ao territorio, vinculadas ao país, vinculadas á xeración de riqueza, que teñen responsabilidade social corporativa non escrita nun papel senón que a exercitan.

¿O Grupo Calvo poderá presumir algunha vez de que ten sensibilidade social?, ¿de que ten responsabilidade social corporativa logo de botar á rúa trescentas persoas para ganar 3 millóns de euros máis? En Marea di que non. E En Marea di que non a este modelo de capitalismo espoliador.

¿É aceptable que esta sexa a lóxica do sistema?, ¿é aceptable que as empresas utilicen exclusivamente a súa conta de resultados e os dividendos e non inclúan outros elementos? Por iso nós dicimos que o crecemento económico non se está trasladando ao benestar social, que o crecemento económico non se está trasladando a salarios, que o crecemento económico non se traslada a emprego. Porque existe un modelo neoliberal de crecemento económico no que ganan máis as empresas e os grandes grupos empresariais e paga a clase traballadora.

Sinto ás veces un pouco de tenrura cando escoito a conselleira de Pesca dicir que a Xunta de Galicia non pode facer nada no caso de Conservas Esteiro. E voulle recordar: ata o ano 2012 existía neste país unha regulación laboral xa bastante dura, porque pasara pola reforma laboral do 2011. Pero ata o 2012, cando unha empresa como Calvo quería facer iso, tiña que solicitar autorización administrativa previa. Era a Xunta de Galicia a que decidía se iso se podía facer ou non atendendo ás razóns. A Xunta de Galicia dinos hoxe: eu non podo facer nada. ¡Claro que o podes facer! Pero se non o podes facer legalmente é porque fixeches unha reforma laboral en favor das empresas e contra os traballadores. É cómplice de que esta situación poida existir.

O segundo erro que cometín o outro día é pensar que o Partido Popular ten sensibilidade social, que algunha vez, se ten que elixir entre as empresas e os traballadores, ou —mellor dito— entre os accionistas das empresas e os traballadores, podía confundirse e elixir os traballadores e as traballadoras. Ese foi o meu erro. E non sei se recordan, pero na miña interpelación non busquei ningún tipo de confrontación co Partido Popular. ¿Saben por que? Vouno dicir outra vez de forma dramática: os traballadores e as traballadoras de Calvo só teñen o Goberno galego para defenderse. Por iso eu non os ataco, porque os traballadores e as traballadoras de Conservas Esteiro están hoxe na fábrica mirando para aquí para ver se o Partido Popular apoia ou non esta moción, para ver se a Xunta de Galicia actúa. Porque a

empresa, grazas á reforma do Partido Popular do ano 2012, ten a posibilidade dunha decisión unilateral que logo pode ser obxecto de recurso nos xulgados do Social. Pero quen decide é a empresa grazas a esa reforma. E confundínme pensando que o Partido Popular tiña sensibilidade social.

E hoxe, aínda que a moción utiliza o ton da interpelación, porque estou enfadado, porque os traballadores e as traballadoras de Calvo dixéronme que estiveramos enfadados nesta reunión, porque necesitan que a Xunta de Galicia actúe. E é inaceptable a pasividade —vou dicilo, que á conselleira non lle gustou a primeira vez— e a complicidade da Xunta de Galicia no peche da principal empresa industrial dese territorio.

Como non apoiem esta moción, como Calvo Esteiro peche, como se perdan trescentos empregos, como toda esta comarca quede sen a súa principal empresa industrial, ese fantasma de Calvo perseguirá o Partido Popular durante toda a lexislatura. Non toleraremos que o conselleiro de Industria veña aquí falarnos das empresas que quere pechar En Marea, porque cada vez que el diga iso, eu dende o meu escano berrarei: Conservas Calvo en Esteiro. Non toleraremos que volvan poñer en cuestión o apoio de En Marea ás empresas industriais deste país e aos traballadores e traballadoras deste país. *(Aplausos.)* Porque nós estamos con eles. E os que van pechar a empresa é a Xunta de Galicia en complicidade co grupo empresarial.

E remato a miña intervención. Hoxe imos retratarnos todos nesta Cámara, pois hai trescentas persoas mirando para aquí, e esas persoas —volvo dicilo outra vez—, debido a esa reforma laboral do PP que lles dá o poder omnímodo ás empresas, só teñen como defensa diante da decisión unilateral o Goberno galego. O Goberno galego non pode saír diante da sociedade dicindo que non ten capacidade para actuar sobre o tecido empresarial do noso país, non pode facer iso. Vale que un sexa neoliberal, pero escoitar aquí que no caso de que algunha empresa decida coller a nave que pecha Calvo e montar unha empresa nova haberá todas as axudas que sexan necesarias para facer esa implantación. Dígoo incluso ao revés: se o Grupo Calvo cambiara de idea e de repente se presentara na Xunta de Galicia dicindo que se lle dan unha subvención mantería o emprego e a actividade, o Grupo do Partido Popular, a Xunta de Galicia, iría correndo detrás desa idea. Pero diante dunha decisión empresarial a Xunta acovárdase e é incapaz de defender os dereitos do noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Bueno, a verdade é que na interpelación que deu lugar a esta moción eu botei de menos o enfoque sectorial de que fora a conselleira de Pesca quen respondera e non fora o conselleiro de Industria, porque unha boa parte dos fondos públicos que chegan ao Grupo Calvo —non os únicos, é verdade— proceden tanto do Igape como da Axencia Galega de Innovación. Polo tanto, competencia do conselleiro Conde.

Ao Grupo Calvo, en termos económicos, vaille ben. O crecemento da facturación no ano 2016 en relación co 2015 foi dun 8,4 % —eu creo que é un bo resultado—. Acaba de anunciar tamén, acompañando mediaticamente —o cal é lexítimo— as roldas de prensa e os *power points* do Goberno, que dedicará 25 millóns de euros ao Plan estratéxico da conserva 2017-2022; máis ou menos a Xunta aportará 100 millóns de euros e outras empresas os 75 restantes. Dígoo porque durante varios meses levan saíndo fotografías con distintas composicións étnicas de conselleiros diferentes: conselleira de Pesca, conselleiro de Industria, presidente da Xunta, Anfaco, presidenta do Congreso dos Deputados; en fin, todo tipo de cargos institucionais do Partido Popular anunciando este Plan estratéxico da conserva 2017-2025. Tendo en conta ademais que o sector —eu creo que é evidente, non fai falta ser catedrático de Historia Económica en Galicia— é un sector estratéxico para esta comunidade autónoma, e levan gobernando desde o ano 2009, estiveron oito anos reflexionando sobre a necesidade deste plan.

Pero o certo é que as noticias do sector como tal son boas —noticias dos últimos dous meses practicamente—: a industria da conserva pecha o mellor semestre, o primeiro semestre deste ano 2017, en termos de exportación nos últimos dez anos; as exportacións de produtos pesqueiros medran sete veces máis que o PIB nese semestre, un incremento do 16 % en relación co ano 2016; e un 5 % de incremento nos niveis de emprego.

Polo tanto, insisto en que estamos ante un sector que, afortunadamente —e quero resaltalo para que ninguén diga que estamos en contra da industrialización, etc., etc.—, vai ben, cun proceso de internacionalización que como todos os procesos de internacionalización teñen algunhas vantaxes e algúns inconvenientes, porque é verdade que non hai suma cero.

Indubidablemente a apertura internacional na produción conserveira do Grupo Calvo leva a que haxa instalacións que non se están utilizando ao cen por cento da súa capacidade. Concretamente, no concello de Carballo as máis modernas, por dicilo dalgunha maneira, e, probablemente, aí está a orixe deste grave problema.

Entendemos desde o Grupo Socialista que ante esta situación a Xunta, evidentemente, non pode facer —entendo— nada desde a perspectiva do ordeno e mando, pero si pode facer desde a política. Porque a política é precisamente actuar sobre aqueles mecanismos que o DOG e a lei en vigor permiten, que sempre existen.

O Grupo Calvo ten unhas subvencións, axudas públicas importantes. Nos últimos anos, 23 millóns de euros. Claro, hai un tema importante, que é que, normalmente, as axudas se dan a un grupo empresarial e non vinculadas a centros concretos de produción, o cal é un hándicap que ao mellor hai que modificar ou que se pode modificar nalgún momento.

Hai outro elemento importante tamén: a Xunta de Galicia leva falando do reequilibrio territorial; a verdade é que os gobernos Fraga, o Goberno Touriño e o Goberno Feijóo, todos. Pero é verdade que cando acontecen feitos destas características que atentan directamente contra ese reequilibrio territorial, porque é certo que na comarca de Muros, Carnota, Outes, nesa zona probablemente non sabería dicir se é a única instalación industrial pero, desde logo, a que ten un maior número de traballadores, é necesario actuar de maneira proactiva.

E, por último, desde a perspectiva non tanto económica como social, a man de obra afectada é man de obra feminina, xa dunha certa idade, cun nivel de cualificación profesional ou cunha dificultade para readaptarse profesionalmente elevado. Polo tanto, tamén aí desde a consellería do señor Conde probablemente sería importante, sería relevante actuar.

Nós presentamos unha emenda na que falamos de tres cuestións:

A primeira é que este Plan estratéxico da conserva, tan anunciado, tan publicitado, se materialice dunha vez e, desde logo, que defina basicamente catro variables: a primeira, a mellora da capacidade produtiva, polo tanto, incremento do valor engadido ao da produtividade; o aumento dos postos de traballo; a consecución dun certificado de profesionalidade que permitiría, desde logo, unha maior flexibilidade en canto á ubicación destes traballadores en diferentes empresas; e que se vixie as actuacións e as axudas públicas.

E, desde logo, o segundo punto en relación coa factoría conserveira de Esteiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— indubidablemente para nós é un elemento central este segundo punto porque é moi importante manter a posibilidade de que esta instalación industrial se manteña en produción, sexa o Grupo Calvo ou calquera outro grupo.

E, por último, terceiro punto en relación coa concesión das axudas públicas, iso que falaba da vinculación a centros de produción concretos máis que a razóns sociais e empresariais. Porque, evidentemente, as razóns sociais e empresariais non están vinculadas a un territorio, pero as persoas si que están vinculadas ao territorio no que viven e traballan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra por parte do Grupo Popular de Galicia o señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Presidente, señorías.

Señor Lago, chafoume a miña intervención. Vostede vén sen papeis, eu traíaos pero case non os vou usar.

Se é certo que nos están vendo na fábrica de Esteiro, espero que nos estean vendo todas as persoas, as 48 que votaron a favor de seguir negociando coa empresa e as 40 votaron a favor de loitar por que non peche a empresa.

O paradoxo da historia escríbese ás veces puntualmente. Onte *El Correo Gallego* traíanos unha evocación do recordo. Hai vinte e cinco anos o patrón maior da Confraría de Noia pedía publicamente que non se permitira a apertura de Calvo Esteiro, porque ía contaminar a ría.

Non o sei, desconfío que vostede estaba dese lado. Hoxe, vinte e cinco anos despois, vostede vén aquí dicir que non se peche. Nos dous casos sen razóns suficientes para poderse manifestar.

Encheuse a boca coas traballadoras de Esteiro, encheuse a boca o outro día na interpelación dicindo que tiñan votado coa man escondida, así que lle obrigaran a votar en público. As mulleres de Muros, de Outes, de Noia e de Esteiro non se agachan para nada, porque están orgullosas do seu traballo. (*Aplausos.*) E están seguras que co seu compromiso laboral e social fixeron de Calvo unha empresa punteira. E agora razoaron e falaron e viron.

E aquí hai un problema desde que se di que Calvo pecha Esteiro. E entón, ¿que se produce aí? Prodúcese unha votación entre os traballadores, e hai dúas vías:

Unha, seguida por Comisións Obreiras e CIG. Non sei se lle son próximas algunha delas, se lle son próximas. (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu seino. Non, non mo diga, para a súa conciencia, da que falou aquí.

E, doutro lado, está o comité de empresa, formado por traballadoras humanas e pola central... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é que hai traballadoras autómatas, que funcionan ás veces en sindicatos. Traballadoras humanas e a central UXT. Fan a votación á man alzada e ganan unhas. E din: isto non vale, é que hai presións... Pois fagámola secreta, e ganan as mesmas (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) e seguen as mesmas. Diga vostede aquí que non, diga que non é certo que as traballadoras votaron por segunda vez en urna e saíron co mesmo resultado. Dígallelo vostede aquí.

¿E que acontece? Que Comisións Obreiras continúa coa mesma metodoloxía que todos coñecemos ao longo da historia social: mentiras, mentiras e mentiras. E aquí pasamos... Vostede ri, pero esta estratexia utilizouna un tal Goebbels. ¿Sóalle? Goebbels utilizou esa táctica: mintan cen veces que será verdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostedes din 25 millóns de subvención para Calvo. Vostedes din que o que lles dean de horas de traballo de desprazamento llelo van quitar de indemnizacións. Vostedes din que se van ao portal, van conseguir melloras no tratamento e que non peche. Ao portal foron hai dez anos invitadas por Comisións e aquelas descontinuas que foron ao portal protestar hoxe están indo traballar a 50 quilómetros de distancia, de Calvo non traballaron.

Pois mire, desas orientacións saíron aí dúas vías. Pasouse dun problema laboral a un conflito social, un conflito social moi serio. ¿E sabe por que? Porque esas mulleres van ao mesmo supermercado, esas mulleres van á mesma igrexa á misa ou aos enterros, van ao mesmo centro de saúde e, o que é peor... —non se enfade vostede pola igrexa, non agarre a cabeza, non—, e, o que é peor, van ir ao mesmo posto de traballo. E aí vostede e nós, señor Lago, teñen que poñer sentido e teñen que poñer remedio. Vostede sabe que non ten remedio neste momento o peche de Calvo, por máis que faga a Xunta.

¿Imaxínase vostede que veña aquí e que se entere de que a Xunta lle dá diñeiro a Calvo para que non peche?, ¿imaxínase que a Xunta ameaza a Calvo que como peche lle vai quitar? Vos-

tede viría aquí e diría: ¿pero isto que é? Isto é un suborno terrible que se lle está facendo. Pois iso non o queremos nós tampouco.

A verdade é que estou un pouco nervioso porque tocoume vostede na vea, e eu pensei que viñamos aquí resolver o problema. Ese problema social é o único que hai agora mesmo, e esas mulleres, Manola, Mary Carmen, Josefa, Antonia..., o presidente do comité, esa xente quere durmir de noite e quere pensar que o mellor neste momento é amarrar unhas boas condicións para que o traslado de Calvo a Carballo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...non sexa prexudicial.

—Xa remato—. E por iso o Partido Popular presenta aquí unha emenda que, respectando totalmente o que vostedes fan na súa iniciativa, aumenta unha circunstancia, unha petición, que é que se respecte a vontade manifestada libremente polas traballadoras de Calvo Esteiro. E outra, que este parlamento, a Xunta e os sindicatos se comprometan a que o acordo a que cheguen as traballadoras con Calvo se vai cumprir.

Señor Lago...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...dedicouse toda a vida a traballar e a funcionar polos traballadores para que chegaran á súas expectativas, aquí ten ocasión de dicilo. Pero dígalles a esas traballadoras de Esteiro se é certo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...que non teñen elas a petición feita para seguir traballando en Calvo de Carballo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: Non falo da emenda do PSOE...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Crespo...

O señor LÓPEZ CRESPO: ...—desculpe, presidente— porque está tremendamente claro na intervención da conselleira aquí o outro día...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...o Plan da conserva invitámoslos a vostedes a asistir no mes de xullo, e non sei se foron ou non.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Nada máis.

Señor Lago, reflexione. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Bloque Nacionalista Galego a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Con acordo ou sen el, con votación ou sen ela, señor deputado do Partido Popular, a realidade é que esta decisión do Grupo Calvo significa perda de postos de traballo, fundamentalmente perda de postos de traballo de mulleres. Significa empeoramento das condicións de traballo, porque levantarse ás cinco da mañá para ir ata Carballo, andar no autobús... ¡Ah!, poden marchar todas e ir a Carballo con eses 300 euros que asinaron, quen o asinou, e, se queren, durante os primeiros dous anos, ir vivir a Carballo. Deterioración, perda. Significa escoller entre o malo e o peor. A todo ese chamamento que acaba vostede de facer aquí, señor López Crespo, escoller entre o malo e o peor. E significa beneficio para a empresa, significa fundamentalmente máis beneficio para a empresa.

E vostede acaba de dicir aquí que, por máis que faga a Xunta, non pode facer máis. Non, porque a Xunta xa fixo o papel que quería facer, a Xunta xa fixo o papel que quería facer. E o que fixo a Xunta e o Partido Popular é o que saben facer mellor: escapismo —diante dun problema facer como que acaba de enterarse— e cinismo. Escapismo e cinismo, iso foi o que fixeron a Xunta e o Partido Popular.

O Partido Popular, con Núñez Feijóo, á cabeza, que foi visitar a fábrica de Carballo, a conselleira que foi visitar a fábrica de Carballo, que sabía perfectamente os plans da empresa, que foi alí darlle o *nihil obstat* e que foi darlle subvencións millonarias dos recursos dos galegos e das galegas ao grupo... Claro, vostedes non xogan a dicir medias verdades: ¡ao grupo! Efectivamente, ao grupo, ao grupo, ao grupo, onde van todas as contas. E ao igual que noutros procesos deste tipo, vai todo á caixa común e logo imputan perdas onde lles interese para xustificar a súa decisión.

Esa é a realidade: concentración de negocio e aumento do beneficio, aínda que polo camiño queden traballadores e traballadoras. Aínda que polo camiño se perdan postos de traballo, porque aínda que unha parte vaia de momento para Carballo, pérdense postos de traballo, e pérdense postos de traballo —insisto— femininos.

E un goberno ten instrumentos legais, tenos, ten que querer usalos. E é evidente que o Partido Popular só quere usalos, esa lexislación, cando é contra os traballadores, contra as traballadoras; cando é para lerlle un pouco a cartilla a unha empresa, aí si que non quere usalos. E, sobre todo, un goberno o que ten é instrumentos políticos, instrumentos políticos, e aí é onde o Partido Popular tampouco quere usar ningún instrumento, nin os legais nin os po-

líticos, porque vostedes están no goberno para gloria, beneficio e lucro dos empresarios, aínda que polo camiño vaia quedando a clase traballadora.

Hoxe volviamos coñecer os datos da situación do emprego no noso país: terceiro mes consecutivo onde seguen aumentando as persoas de desemprego en Galiza, precarización, salarios de miseria, rotación e todo iso. Pero para o Partido Popular esas cuestións son danos colaterais. O obxectivo fundamental é que o capital teña cada vez maiores lucros, o obxectivo fundamental é de gobernar ao servizo duns poucos. Vostedes esa folla de ruta mantéñena inamovible, desgraciadamente para o pobo galego e desgraciadamente para a clase traballadora galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da moción, o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Señor Crespo, se ademais de recibir o argumentario da empresa, a Xunta de Galicia tivera a decencia de recibir os sindicatos, ao mellor coñecía toda a versión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero logo da súa intervención, xa non é que o Partido Popular non teña alma social, é que o Partido Popular é reaccionario, e ten situado en fronte del os sindicatos. escoitar un representante da soberanía popular deste país agredir os sindicatos dos traballadores e traballadoras galegas provoca vergonza, *(Aplausos.)* señor deputado, ¡vergonza!

Déixeme que lle explique. Como vostede non sabe nada de traballadores e de sindicatos, ¿non? *(O señor López Crespo pronuncia palabras que non se perciben desde o seu escano.)* Eu si, eu levo trinta e cinco anos afiliado a un sindicato, trinta e cinco anos, e estou moi orgulloso. Gustaríame saber cantos desa bancada teñen afiliación que non sexa ao CSIF, por poñer un exemplo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Deixe que lle diga: como vostede non sabe nada *(Balbordo.)*...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! escoiten a quen está no uso da palabra.

O señor LAGO PEÑAS: ...como vostede non sabe nada de sindicatos, de traballadores, de votacións e de asembleas, voullo explicar eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai unha votación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!, silencio.

O señor LAGO PEÑAS: ...hai unha votación que se demanda que sexa en urna, e a empresa impide e provoca que sexa á man alzada, cos encargados vixiando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Podía dicirlle a ese deputado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Prégolles aos deputados que manteñan silencio, igual que cando falaban outros lles pediamos que mantiveran silencio o resto. Así que, por favor, escoiten a quen está no uso da palabra.

Continúe, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor Crespo, se vostede é quen de subir á tribuna e dicir que unha soa das persoas que traballan en Calvo Esteiro está encantada de ir traballar con hora e media de viaxe a Carballo e hora e media de volta... ¡É que os traballadores están encantados con esa decisión!

Voulle explicar eu como é unha negociación sindical coa reforma do Partido Popular. Iso é así: vén a dirección da empresa, o avogado, e di: «Imos pechar Calvo Esteiro —entre parénteses: temos o acordo da Xunta de Galicia—, e a partir de aquí imos negociar cales son as vosas condicións de traslado. Se non queredes negociar as condicións de traslado, ¡estupendo!, non negociamos nada, ídesvos para Carballo sen negociar nada. Como teño a posibilidade de decisión unilateral para impoñer as condicións, pois se non queredes negociar non negocio nada».

Señor Crespo, vai haber unha votación sobre ese suposto acordo que vai haber aí. Por certo, dígolle que no suposto acordo que se está negociando aí, o que máis se detalla, ¿sabe o que é? As indemnizacións por despedido que van recibir os traballadores por non ir a Carballo. É a compoñente fundamental do acordo: cantos días van cobrar por non ir traballar a Carballo.

Polo tanto, claro que perderon a ocasión de buscar unha solución. E vou dicilo outra vez: o Partido Popular é cómplice dunha decisión gravísima contra o emprego, a economía, os dereitos das persoas nese territorio. E eu no que queda de lexislatura voulo recordar cada vez que se fale de política industrial.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Posiciónese sobre as emendas, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: As emendas: aceptamos o punto 1 da emenda do Partido Socialista; non aceptamos, obviamente, a emenda do Partido Popular, porque o que di a emenda do Partido Popular é que unha vez aceptado o peche de Calvo Esteiro, fagamos medidas para que a medida sexa o máis suave posible. Nós non imos aceptar o peche de Calvo Esteiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentouse unha emenda a esta moción por parte do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Monserrat Prado Cores.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto dos puntos 2, 3 e 4 da parte resolutiva da moción polo seguinte, que pasaría a ser o punto 2:

<<2. O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

— Que asuma as súas competencias e deixe de practicar unha política de submisión ao Goberno español. Exerza as súas competencias en materia de emprego no ámbito sanitario, e esixa que a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do estado para o ano 2017 e sucesivos, non teña carácter de normativa básica respecto ás prazas de persoal estatutario do Sergas, xa que esta lei segue a manter a taxa de reposición.

— Presentar un plano de estabilidade de emprego que permita recuperar o cadro de persoal do Sergas do ano 2009, e a convocar as prazas vacantes producidas nestes anos que se recollen nos Planos de Ordenación de Recursos Humanos do Sergas.>>

Débase substituír o texto do punto 5 da parte resolutiva da moción polo seguinte, que pasaría a ser o punto 3:

<<3. Que de inmediato, inicie na Mesa Sectorial do Sergas a negociación da recuperación, con prazos, dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.>>

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bos días.

A ver se incluso podemos enlazar unhas mocións con outras, e neste caso tamén o PP propón facerlles caso aos traballadores, a ver se vai ser que nesta tamén encontramos algún acordo nese sentido; traballadores do sistema sanitario.

Tivemos unha interpelación o outro día, produtiva en certa maneira, na que chegamos a algún entendemento sobre aquelas cousas nas que discrepabamos; ás veces é un avance polo menos entender as cousas nas que se discrepa.

Por facer un resumo moi breve da nosa posición, e na que vemos que se amosa e que se reflicte a posición dos traballadores, que habitualmente nola trasladan —a ver se neste caso, ademais, é posible, polo tanto, que adoptemos todos a posición dos traballadores—, a situación do emprego público do Sergas ten dous graves problemas, é probablemente o pro-

blema esencial do sistema, pero ten dous graves problemas dentro de si: un é de calidade e o outro de cantidade.

Temos un problema de calidade no traballo do sistema sanitario, pois estamos sometendo o noso persoal a unhas deficitarias condicións laborais, e existen uns acordos que foron paralizados. E o Goberno da Xunta de Galicia celebra apenas recuperar dereitos que nunca terían que ser paralizados como foron en 2010. Curiosamente, unha das primeiras medidas que se tomou en sanidade por parte do Goberno de Núñez Feijóo cando chegou á Xunta foi paralizar os dereitos dos traballadores. Dígoo por se os ímpetus sobre a defensa dos traballadores se poden estender a esta moción.

Temos un problema de precariedade baseado fundamentalmente en que un de cada cinco empregos sanitarios que estaban en 2009 de maneira estable agora non o están. Hai aproximadamente sete mil postos que estaban estables en 2009 e que agora se cobren de maneira eventual. Eventuais son eses traballadores que asinan durante anos contratos de luns a venres no mesmo posto de traballo, para que a Xunta non lles pague o sábado e o domingo, que é unha maneira bastante miserable de tratar os traballadores. ¡Sete mil persoas!

Xa sei, e aquí encontramos algunha discrepancia o outro día: o conselleiro dixo que se ían crear aproximadamente trescentos cincuenta postos de traballo. Discrepancia primeira: a nós non é que non nos guste que se creen postos de traballo, pero é moito mellor que eses postos os ocupen persoas, porque postos de traballo séguense mantendo segundo os cadros de persoal, pero as persoas non os ocupan. ¿Que valor ten orzar postos de traballo se logo non poñemos a ninguén a traballar neses postos de traballo? Ten un valor, que é ocultar que eses cartos que se orzan para iso se utilizan para pagar eventualidades. Catrocentos millóns de euros cada ano que a Xunta dedica a patrocinar a precariedade laboral no sistema sanitario.

Nós defendemos que existen sete mil postos que non están ocupados, e a Xunta nin sequera di que non, porque é certo, nin sequera di que non. Pero nós facemos unha proposta tan ambiciosa nesta moción, tan revolucionaria —non sei se ten unha cualificación como a que tiveron os sindicatos agora—, pero tan revolucionaria, tan ultraradical como pedir un informe, que a Xunta informe de verdade de cantos postos están cubertos de maneira estable daqueles que están orzados e cantos non. Imos ser capaces de crernos entre todos que a Xunta vai ser capaz de dar a información.

Facemos unha segunda proposta en termos de calidade do emprego: que se recuperen os acordos cos traballadores. Eu vou intentar de verdade coller esa emenda que se propuxo á moción anterior, sobre respectar os acordos dos traballadores, e vou intentar trasladala a esta iniciativa, para ver se estamos todos de acordo en aprobar e incluír como proposta que se faga caso dos acordos dos traballadores. A ver se é que o anterior era un brinde ao sol ou é que é unha vontade do Partido Popular de facerse caso dos traballadores do sistema. Supoño que se o piden para os traballadores dunha empresa privada tamén o defenderán especialmente para os traballadores do sistema público.

Polo tanto, temos dúas propostas: un, un informe e, segundo, que se recuperen os dereitos laborais que os traballadores veñen demandando, e que os paralizaron no 2010. E, por certo,

pedían unicamente equipararse á media española en 2010; unicamente equipararse á media, nada especialmente máis revolucionario.

E temos un problema de cantidade, unha cantidade que leva, entre outras cousas, a unhas listas de espera inasumibles, que foron tildadas aquí o outro día de «anécdotas». Anécdotas: esperas dun ano e medio, esperas de cinco meses para un problema de psicoloxía grave, esperas de máis dun ano para rehabilitación. Anécdotas, casos illados. Esas persoas que teñen que esperar deben ser eses señores dos que vostede me fala, ¿non? Os casos illados son persoas. E persoas que se existen casos que se poidan poñer aquí, nós podemos poñer, e sería posible traer unha proposición non de lei e dedicar todo o tempo a sacar citas, os dez minutos e despois os cinco da réplica, todo o tempo. Poderíamos, e sobran; o que pasa é que non é produtivo, salvo que alguén queira negar que existen problemas graves de listas de espera no sistema sanitario.

Por certo, listas de espera que si que se blinda a súa cobertura a través dos convenios, mentres se teñen pechadas plantas enteiras do hospital. Por exemplo, a terceira planta do Hospital do Salnés. Onte había miles de persoas manifestándose a pesar de que non levamos bocadillos, como se nos dixo que pagamos nas manifestacións.

Vostedes abriron, iso si, para rodar unha serie de televisión. E non o olviden: abriron unha planta do hospital para rodar unha serie de televisión, pero non para ingresar persoas, non para poñer a traballar, porque non poñen persoas e non poñen persoal para iso.

Convocouse unha OPE, é certo. O Partido Popular negábase, a consellería non quería. A OPE que o PP non quería foi forzada por unha iniciativa de marzo do Partido Socialista, que foi provocada pola presión socialista neste parlamento, e que o PP non quería convocar, é certo. Dixo que si, logo que non, logo que dependía dos orzamentos, que é mentira; logo que non, logo que volvía, logo que era dobre, logo que era simple. Parecía que estaban convocando un concurso para unha hamburguesería. En realidade, vostedes non queren convocar a OPE porque non defenden este sistema. É tan así que está esperando o Ministerio de Hacienda a que vostedes lles manden as vacantes, e está a OPE paralizada porque vostedes non lle mandan as vacantes de canto persoal necesitan. Que xa non nolos dean nos informes a nós, que o pedimos na moción, pero, polo menos, déanllo a Montoro, para que lles convoque a OPE. ¡Polo menos, déanllo a Montoro! Que non lles están contando as vacantes, que lles están chamando a atención. Temos unha OPE paralizada por culpa dunha ineficiencia brutal nese sentido.

Pero a OPE, ademais, é absolutamente insuficiente e é absolutamente ineficiente. ¿Por que é insuficiente? Pois, mire, naquela resolución de marzo, na que vostedes votaron en contra, plantexabamos a OPE deste ano, que era esa que votaron a favor, aínda que non querían, pero plantexabamos unha proposta para contratar aproximadamente entre seis mil e seis mil cincocentos traballadores públicos durante a lexislatura. Dician que iso era insoportable, inaguantable, que era unha loucura. O conselleiro subiu aquí hai quince días, na interpelación que lle fixemos, xa ven que ten que ir un pouco a rebufo do que nós lle plantexamos, e xa falou de cinco mil. O que daquela era insoportable, inaguantable e que non tiña ningún

sentido, agora xa son cinco mil nesta lexislatura. Se apuran un chisquiño máis xa chegan ao que nós lle plantexamos, e entón ata poderíamos aceptarlles ese acordo.

Seis mil, seis mil cincocentas persoas, como mínimo, fan falta no sistema sanitario para que ao acabar esta lexislatura teñamos unha sanidade con maior calidade laboral e, polo tanto, con maior calidade para os usuarios. Seis mil ou seis mil cincocentas. Vostedes antes dicían que cero, agora xa falan de cinco mil; xa lles queda pouco, non se preocupen. A ver se cunha interpelación máis se xa os movemos un pouquiño máis para adiante e chegan a seis mil, e entón xa os podemos atender. Teñan en conta que lle estamos sacando case con sacacorchos as cousas, pero imos seguir insistindo.

E ademais é absolutamente ineficiente, ¿por que? ¿Vai resolver esta OPE o problema dos contratos basura que vostedes alimentan e vostedes explotan na sanidade pública? Non, imos seguir tendo persoas que as chaman ás oito da mañá para entrar ás oito e cinco; imos seguir tendo persoas que non saben se teñen que traballar ao día seguinte e teñen que estar pendentes; persoas que non poden facer a súa vida; persoas que as contratan hoxe para un servizo e mañá para outro, que as cambian de lugar e que, polo tanto, teñen unha dificultade de aprendizaxe e corren riscos laborais, elas e as persoas ás que tratan; e médicos que non saben a que aterse.

¿Imos resolver ese problema con esta OPE? Non, é absolutamente insuficiente. Unicamente a OPE resolve como cunha convocatoria suplir as baixas de persoas xubiladas este ano. ¿E que pasa con todas as que se xubilaron anteriormente e que non se repuxeron? Estamos asumindo que non estamos repoñendo persoal; estamos asumindo, por tanto, que temos menos persoal do que necesitamos. Demandamos claramente a necesidade de incluír convocatorias públicas ao longo desta lexislatura para suplir esa necesidade que temos de persoal. É necesario máis persoal e é necesario tratar mellor o persoal que temos.

Lémbrolles —algún dos presentes estaba alí e gústame esta reflexión que fixo un médico da atención primaria—, o outro día participamos os voceiros de Sanidade xunto co xerente do Sergas nun debate interesante. E un dos médicos presentes fixo unha reflexión que lle quero trasladar a toda a Cámara. Decía que sobre o persoal sanitario se fala moi ben, se din cousas moi bonitas, que a Xunta di fantásticas cousas. Pero el decía algo así como: non me fale tanto e poña máis capítulo I. Eu tradúzollo para que sexa máis claro: menos flores e máis orzamento. Porque falar por falar é gratis, pero a sanidade non é gratis, hai que pagala, pero para pagala necesitamos contratar máis persoal, para que a nosa cidadanía teña un mellor servizo. E vostedes teñen que decidir se queren ese mellor servizo ou non. Menos flores e máis orzamento de Sanidade, por favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Resulta evidente que para ter uns servizos públicos de calidade, para ter unha sanidade pública galega de calidade, é preciso ter persoal cualificado, persoal suficiente. E o Goberno da Xunta, do Partido Popular, pola contra, o que está a facer é todo

o posible para reducir ese capital humano á mínima expresión en cantidade, e reducir as condicións laborais tamén dos profesionais que desenvolven a súa actividade na sanidade pública de Galiza, eliminando ano tras ano postos de traballo, cunha política de contratación realmente penosa, onde xa non é que o Partido Popular aprobe reformas laborais para restarlle dereitos á clase traballadora senón que despois nos gobernos se comporta como o peor dos patróns. Unha política laboral que afecta o persoal fixo e que tamén afecta o persoal contratado. Primeiro, foi a escusa da crise, mais se teoricamente a crise xa é historia no discurso do Partido Popular, o normal sería, cando menos, sentarse para ir cambiando a situación. Mais esa non é a intención do Partido Popular.

E concordamos na necesidade de abordar as cuestións de persoal mais, dende logo, no BNG temos un enfoque diferente en determinados aspectos á iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista, e por iso presentamos unha emenda. O primeiro punto desa emenda é substituír a parte resolutiva dos apartados 2, 3 e 4 polo seguinte texto, e é que «o Goberno galego asuma as súas competencias e deixe de practicar unha política de submisión ao Goberno español». E demandamos nesta emenda que «exerza as súas competencias en materia de emprego no ámbito sanitario e que exixa que a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e sucesivos, non teña carácter normativo básico respecto ás prazas de persoal sanitario do Sergas, xa que esta lei segue a manter a taxa de reposición».

E o que demandamos neste punto é que o Goberno galego exerza de Goberno galego, que o Goberno galego non vaia pola senda marcada polo Partido Popular de recentralización permanente e de deixar de exercer competencias que incluso a lei vixente, que é deficitaria, nos confire a Galiza e ao Goberno galego. Dende logo, no BNG non aceptamos que cuestións onde hai marco competencial pois que sexa o Goberno de Madrid o que decida como e cando se convocan eleccións e de que xeito. E tamén demandamos que se manteña unha taxa de reposición, onde simplemente se contempla o cen por cento das prazas pero a partir do ano 2015, co cal as que se perderon entre o ano 2010 e o 2015 —bastante máis de dous mil postos de traballo— non se contemplan nestas OPE que se están a convocar. Polo tanto, é evidente que non se está a ganar absolutamente ningún posto de traballo máis. Por iso presentamos esa emenda.

Tamén o segundo punto é: «Presentar un plan de estabilidade de emprego que permita recuperar o cadro de persoal do Sergas desde o ano 2009», na dirección do que estou a dicir. Dende logo, dicíao antes o deputado do Partido Popular, que Goebbels inventou aquilo dunha mentira repetida mil veces acaba converténdose en verdade. Entón, o Partido Popular pretende instalar o relato de que se están a recuperar postos de traballo, cando, primeiro, estas ofertas de emprego público non convocan a totalidade das prazas. Pero ¡prazas cubertas!, non son novas prazas. Dígoo porque calquera que non lea un pouquiño a letra pequena pode pensar que se está a crear emprego na sanidade pública de Galiza; non é que non se crea nin unha soa praza, senón que nin sequera se recupera o emprego perdido desde o ano 2010.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, emenda nesa dirección.

E logo tamén a nosa emenda é substituír o apartado 5, onde a iniciativa do Partido Socialista di: «Continuar o diálogo coas organizacións sindicais no eido sanitario para a progresiva recuperación», no BNG o que dicimos é que de inmediato se inicie na Mesa Sectorial do Ser-gas a negociación para a recuperación dos acordos asinados, que son lei, e que o Partido Po-pular deixou en suspenso no ano 2010 dicindo que era por culpa da crise, e que agora non quere nin oír falar de recuperar todos eses dereitos do persoal sanitario de Galiza. E, dende logo, son os que menos cobran do Estado español e os que teñen unhas condicións laborais peores con respecto ao Estado español, pero tamén con respecto a outros traballadores e traballadoras da Xunta de Galiza.

Co cal nos parece que son emendas que melloran...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...a iniciativa presentada polo Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois falamos outra vez de persoal sanitario público, desta vez cunha moción do PSdeG que inclúe diversas medidas. Nós a verdade é que estamos de acordo co global da mesma e non a emendamos. Efectivamente, poderíanse incluír moitas cousas máis. E iso é motivo de que o abandono, en xeral, das políticas dedicadas ao persoal público na sanidade é —vamos— a constante da Consellería de Sanidade dende hai moitos anos. Poderíamos mesmo falar da recuperación dos acordos retributivos; acábo de trasladar tamén aquí a voceira do BNG, e nós xa presentamos iniciativas neste senso. Poderíamos mesmo falar da situación das es-pécialidades de Enfermería, da necesidade de que se xeren prazas de especialista, que tam-pouco se están levando a cabo, nin tampouco se están reconvertendo as prazas necesarias naqueles sitios para que se poidan empezar a substituír. Ou mesmo da situación das espe-cialidades de medicina e a incapacidade —xa o temos discutido en múltiples ocasións, a úl-tima efectivamente nese debate público— do Goberno de planificar a necesidade de profesionais para substituír as xubilacións e as baixas.

Temos un problema moi grave, ao noso entender, un problema que hai bastantes anos em-ppezou con dificultades para substituír en Anestesia, que continuou con Pediatría, que no día de hoxe está significando que na maior parte dos centros de saúde do noso país hai denun-cias continuas da ausencia de pediatras, e non hai un plan. Nós propuxémolo no seu mo-mento tamén na Comisión de Sanidade, non foi aceptado; evidentemente, o Goberno pode ter outra proposta. Pero é que tampouco hai outra proposta sobre a mesa de que facer con este problema, nin se leva tampouco á Comisión Interterritorial de Sanidade para ver que se fai, porque é certo que outras comunidades autónomas teñen tamén deficiencias.

Agora, o problema esténdese tamén aos matróns e ás matronas, e agora témolo tamén cos médicos e as médicas de atención primaria. E é un problema moi grave porque ultimamente na Comisión de Sanidade a maior parte das iniciativas que estamos debatendo é pola ausencia de substitucións dos profesionais. E iso débese a que non se planifican as necesidades de profesionais —e isto non sucede un ano ou dous anos, acontece cando non hai unha planificación dos especialistas que son necesarios—, que se fan contratos en precario e os profesionais non aceptan eses contratos, como é lóxico, e se teñen oportunidade doutra contratación non aceptan esta. E é unha situación que cada vez vai a peor porque, evidentemente, os anos pasan e os profesionais vanse xubilando. E para nós iso é unha incapacidade de xestión e a inoperancia da Consellería de Sanidade. E é unha realidade que se evidencia cada ano nos orzamentos.

Temos falado das preto de mil oitocentas prazas que se foron amortizando —e fíxose aquí referencia— nos últimos anos dende que se aplicou a taxa de reposición. E este ano anuncian agora esa oferta pública de emprego, que, evidentemente, segue sen concretarse; falaban de mil seiscentas prazas. E acontece que se restamos todos os profesionais que se xubilan este ano quédanos en menos da metade. E o resto van para intentar estabilizar aquilo que non estabilizaron antes, que seguen cubrindo con vacantes e con contratos temporais. E, evidentemente, a concatenación de contratos, esa que denunciou o Tribunal Europeo de Xustiza que era ilegal, é un problema actual para a Xunta de Galicia, pero non hai recuperación das prazas amortizadas nos últimos anos.

Esa temporalidade —que eu non me vou cansar de repetilo unha vez máis— denunciouna o Consello de Contas, que di literalmente que se observa «unha diminución interanual de 638 efectivos medios de persoal propietario e un incremento de 458 interinos». É o *modus operandi* habitual nos últimos anos, onde substituímos contratos, prazas que son de emprego fixo, de emprego estable, por contratos con menos garantías, por interinidades e, se me apuran, por contratos temporais. Fixa o Consello de Contas unha temporalidade no último informe que vai do 23,8 % na atención primaria ao 34,5 % en especializada. A situación de precariedade é elevadísima.

E temos denunciado esas contratacións —e xa se fixo aquí referencia, evidentemente—, que deron precisamente que no mes de outubro a Inspección de Traballo, movida por unha denuncia formulada polo Sindicato de Enfermería, declarase a situación na que se están facendo as contratacións —que xa foi denunciada moitas veces neste pleno e na propia Comisión de Sanidade—, nas que a usura da Consellería de Sanidade non cobre os días libres como días nos que se contrata. Non só se contrata de luns a venres, evidentemente, e non se contrata a fin de semana, senón que iso acontece tamén na especializada por días: pódente contratar un luns e o martes, o mércores vas para a casa, volves o xoves. Así durante anos; esta situación non é nova. E acaba a Consellería de Sanidade de perder outra sentenza por mor desta situación.

Evidentemente, fai falla máis persoal público e que se establece o persoal. Pero, desgraciadamente, despois do debate orzamentario acabamos de ver as partidas que hai, a Xunta de Galicia ten claro que non vai incrementar os profesionais públicos.

Espero que o PSdeG teña máis sorte hoxe pedindo tamén a información porque, desgraciadamente, seguimos pedindo información relativa ás contratacións nesta cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, eu pensei que nesta intervención —enganoume ao principio— non ía falar do seu libro como dixera o famoso Paco Umbral, pero, ao final, acabou falando do seu libro, que neste caso é da súa OPE. Eu teño que agradecerlle en nome do noso grupo que permitira que o Goberno galego convocara dezaseis das 1.616 prazas que se aprobaron no Consello da Xunta da semana pasada. O resto xa sabemos todos os deputados e deputadas que as convocou vostede. *(Aplausos.)* Vostede interpelou o conselleiro hai dúas semanas en relación coa situación laboral do persoal do Sergas e pasou a metade da intervención aproximadamente colgándose medallas en relación con esta convocatoria desta OPE, esquecendo que antes o presidente estivera neste mesmo hemiciclo falando desa OPE e falando do total de cifras que se ían convocar. Pero iso non tiña importancia, estragáballe a película e non había que falar, iso non había que citalo, ¿non?

Mire, señor Torrado, está claro que hai traballadores e traballadoras da sanidade aos que se chama ás oito da mañá para ir ao traballo, aos que se chama á media mañá e aos que se chama á media tarde. Vostede sabe que hai cantidade de situacións imprevisibles todos os días por motivos de enfermidade ou causa sobrevida que obrigan a cubrir de urxencia postos sanitarios estratéxicos. Actividades e servizos que non poden quedar ao descuberto, e iso obriga a substituír persoal en situacións inesperadas a toda présa posible.

O pasado venres unha nova da prensa dicía: «*Las necesidades del Sergas hacen muy complicado bajar del 7 % de temporalidad. Xunta y sindicatos han convenido en que, una vez se culmine el calendario de convocatorias hasta el año 2020, que incluirán algo menos de 15.000 plazas, se podrá hablar de “práctica estabilidad” en el empleo público autonómico*». Continúa e remata dicindo: «*El nivel dentro de cuatro años podría quedar sobre el 7 % (5 % en el Sergas), pero será muy complicado bajar de ahí por el peso del empleo sanitario en la Xunta. (...) En algunos puestos sanitarios trabajan por turnos y su carácter estratégico obliga a acelerar las sustituciones para cubrir bajas, para las que se recurre a las llamadas listas pool, en las que cientos de profesionales esperan a ser reclamados para labores sanitarias incluso por horas*». Xa ve vostede que incluso os propios sindicatos admiten que é imposible atender a sanidade sen un certo grao de eventualidade.

O noso grupo, desde logo, ten solicitado en varias ocasións na sede parlamentaria que se actúe sobre a calidade do emprego. No grupo maioritario sabemos que hai aspectos mello-

rables no eido laboral do Sergas, pero que se están a corrixir desde a consellería con acordos coas centrais sindicais que queren negociar, que non son todas.

Reiteradamente castíganos vostede co ítem famoso do barómetro sanitario, ese que fala da nota media de valoración. Está claro que os galegos somos moi exixentes, pero, claro, sempre se olvida do resto do barómetro, e eu hoxe quero recordarllo:

Preferencia da asistencia pública sobre a privada, por suposto. Estamos en Galicia por riba da media en valoración da atención primaria de urxencias e de hospitalización. Estamos por debaixo da media en consideración de empeoramento da atención hospitalaria dos últimos anos. En Galicia suspenden a sanidade pública un 12,4 % dos cidadáns, e a metade deles cun 4. Soamente un 2,6 % dos galegos e galegas expresan que a atención sanitaria foi peor que a esperada.

En valoración de listas de espera, moito mellor que a media. Por certo, falou vostede dos problemas laborais e as listas de espera: Galicia, cirurxía, 62 días, e media de España, 104; Cataluña, 149; Andalucía, 66; Castela-A Mancha, 177; Extremadura, 125; Comunidade Valenciana, 89, etc.

A atención hospitalaria é boa ou moi boa para os galegos, 94,7 %; a media española rolda o 85 %. E as taxas de valoración da mellora da atención hospitalaria moito mellor que a media.

Utilice vostede todo o barómetro, señor Torrado, e non quede nunha cifra única.

E a resposta á súa moción está reflectida nos feitos. Sinatura en abril deste ano do Plan de estabilidade no emprego do persoal estatutario do Sergas, co obxectivo de reducir a eventualidade do emprego ata un 5 %. Creación no 2018 de 365 prazas, máis de cen prazas de médicos, prazas novas. OPE 2017 —esa que convocou vostede— con 1.616 prazas. No horizonte 2017-2020, a través das OPE, arredor de cinco mil persoas poderán acceder a unha praza estable. Este acordo foi asinado pola maioría dos sindicatos galegos. Recuperación de distintos dereitos, devolución de pagas, subas retributivas, recuperación do complemento... Si hai un que non se recupera, que é a navallada do 2010, que vostede sempre esquece e que nos custou entre o 5 % e o 7 % do salario a todos os funcionarios e persoal da administración pública de todo o país.

Sinatura do novo pacto de contratación, convocatoria dun concurso de traslados aberto permanente, previsión de suba do 2 % para o ano 2018, que está reservada nos orzamentos, ampliación de permisos de paternidade e maternidade, e aboamento da media de retribucións por gardas, nocturnidades, festividade e outros complementos.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: —Remato, presidente—.

Inicio da negociación o pasado día 1 do sistema de carreira profesional ordinaria dos profesionais do Sergas, coa constitución da Comisión Técnica Delegada da Mesa Sectorial de Sanidade.

Mire, señor Torrado, iso son realidades; as organizacións sindicais teñen información sobre as OPE e estabilidade e o Sergas ten posto á disposición do Ministerio de Sanidade toda a información necesaria que vostede reclama.

Non dubidamos de que a vostede lle gustaría dirixir a contratación laboral do Sergas e planificar a convocatoria das próximas OPE anunciadas polo conselleiro de Facenda no debate de orzamentos, pero pensamos que polo de agora iso non vai ser posible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Agradecer o apoio amosado por En Marea a esta iniciativa. Evidentemente, si había moitas outras cuestións que se poderían incluír. Os acordos retributivos están, pero as especialidades tamén, a formación... Había para facer plenos monográficos, como a voceira de En Marea sabe.

A coincidencia en xeral da idea que transmite o BNG existe, e sabe a voceira do BNG que existe. Non imos aceptar a emenda. Parécenos que para dicir case as mesmas cousas, pero cambiando os puntos de vista, nós defendemos basicamente o noso, que cremos esencialmente que defende o mesmo, pero unha moción que substitúa o 90 % da nosa pois tamén nos parece que non é axeitada, pero estamos seguros que o entende.

Sobre o meu libro. Señor Núñez Centeno, vostede falou aquí dous minutos sobre a miña valoración do barómetro sanitario, que eu non mencionei. (*Aplausos.*) Tamén lle digo unha cousa: eu non presumo de moitas cousas —xa sei que vostedes aplauden interesadamente—, pero vostedes se teñen que saír aquí discutir algo que eu lles menciono habitualmente, cando nin sequera o dixen agora, algo lles está pasando co discurso que temos nós, e debe ser que é certo. Pero xa que vostede mo contestou durante dous minutos, voullo repetir —a min non me agrada, pero é certo—: a nosa sanidade valorada polos usuarios, polos cidadáns, é a terceira peor das comunidades autónomas de España. E iso é unha realidade.

E vostede pode discutir aquí os datos que queira, incluso cando eu non os digo, incluso cando falo doutras cousas, pero éo. E éo que a OPE de Sanidade se aprobou neste parlamento por iniciativa do Partido Socialista, e éo que a Xunta de Galicia non está mandando as vacantes a Madrid, e éo que están bloqueando a convocatoria desa OPE, e éo que o presidente a anunciou unha vez, ao mes seguinte deixou de anunciála, ao mes seguinte pediu apoio ao Partido Socialista, ao mes seguinte dixo que non e ao mes seguinte xa non sabía o que tiña que dicir. E iso é unha realidade.

E nós o que defendemos é que esa OPE hai que convocala, hai que convocala xa —xa chega tarde—, pero hai que convocar moita máis. E que nesta lexislatura lles ofrecemos acordos

sobre o número de persoas que teñen que estar contratadas, porque claro que é necesario contratar para dotar de estabilidade o sistema.

Si que algunha cousa tamén avanzamos. Recoñézolle e agradézolle ese avance. Vostede recoñéceo. É a primeira vez que lle escoito recoñecer a alguén do Partido Popular que hai un problema á hora de contratar precariamente o persoal. E nós o que lle plantexamos é que é resoluble. Claro que é necesario un grao de eventualidade, por suposto, como en todos os espazos laborais. Pero é necesario que non sexa nunha precariedade inaceptable, senón que sexa para mellorar o sistema. E o que non podemos é ter unha de cada cinco persoas perdidas en estabilidade con respecto ao 2009, nin que teñamos sentenzas en contra porque estamos contratando durante anos persoas en calidade de eventuais para ocupar postos estruturais. Iso é indecente e é un sistema de explotación. E non podemos aceptalo en ningún eido, e especialmente no sanitario.

Polo tanto, eu agardo, xa que está de acordo con estas cousas, que as poidan aprobar, porque eu entendo que se están de acordo deberán de poder aprobarse aínda que sexan doutro grupo.

E pídolles ademais que teñan un pouco en conta que esa eventualidade da que vostedes falan como se fora unha praga bíblica que intenten resolvela. Nós estamos niso. E como ve as medidas que propoñemos ao final non son tan malas, que se van achegando vostedes a elas. Así que igual é posible que cheguemos a un acordo entre todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias

O señor PRESIDENTE: Formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, dous novos puntos:

«— Analizar a necesidade de integración tecnolóxica das plataformas de comunicación de emerxencias para conquistar un funcionamento integral do 112 como número único europeo de emerxencias en Galicia.

— Proceder á constitución dos grupos técnicos de traballo que estuden e programen a configuración dun modelo público único de extinción de incendios e salvamento na comunidade autónoma de Galicia.»)

O señor PRESIDENTE: Para defender a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Estamos hoxe substanciando esta moción, por proposta de En Marea, a colación da Interpelación, que xa realizamos no pasado pleno ao señor vicepresidente da Xunta, sobre a mala xestión das emerxencias no noso país.

No pasado pleno asistimos con preocupación a unha comparecencia do vicepresidente botando balóns fóra durante toda a comparecencia, trasladando aos concellos a responsabilidade en materia de emerxencias e de extinción de incendios, obviando as responsabilidades que el mesmo ten, que a Xunta de Galicia ten, ao abeiro dos artigos 11, 12 e, sobre todo, 13 da Lei de emerxencias de Galicia, que trasladan a responsabilidade, sobre todo no artigo 13, do Plan territorial de protección civil, do mapa, dos plans especiais, do catálogo de riscos, do Plan de emerxencias, da coordinación das administracións e a responsabilidade da formación en materia de protección civil, que recae precisamente sobre o vicepresidente da Xunta de Galicia. Un vicepresidente que anunciou medidas que nin son unha novidade nin contan con orzamento ningún para levarse a cabo. Un vicepresidente incapaz de asumir os erros cometidos en materia de xestión das emerxencias por parte da Xunta de Galicia.

Levamos anos nesta cámara os diferentes grupos da oposición denunciando a descoordinación dos servizos, a extrema precariedade derivada da privatización dos servizos de emerxencias. Sufrímolos desgraciadamente durante o accidente de Angrois; denunciámos e negaron que existise ningún problema derivado da súa xestión. Repetiuse co incendio de Fandicosta, e negaron unha vez máis, todo estaba ben para a Xunta de Galicia. Denunciouse outra vez co afundimento do pesqueiro *Nuevo Marcos*, cunha atención que sufriu atrasos desgraciadamente pola coordinación e polos atrasos da plataforma de emerxencias, pero volveron unha vez máis negar. Denunciouse co despedimento dos brigadistas, coa súa precariedade. Denunciouse coa privatización dos helicópteros de emerxencias; denunciouse o espurio negocio feito en relación con esa privatización. Denunciouse o recorte de horas de voo dos helicópteros do 061. Denunciáronse as deficiencias da plataforma do 112. Pero nunca escoitan absolutamente nada, nin a estes grupos parlamentarios nin tampouco aos representantes sindicais, que obviamente vimos dunha sesión hoxe na que se ningunea o seu traballo nesta cámara.

E tivo que chegar outra desgraza, a vaga de lumes deste outono, para pór en evidencia que a Xunta de Galicia seguía sen facer absolutamente nada. A Lei de emerxencias sen desenvolver, a pesar de que vai case unha década da súa aprobación.

En febreiro de 2015, a Mesa Intersindical de Bombeiros de Galicia pediulle á Xunta de Galicia a apertura da negociación do regulamento dos servizos de extinción de incendios e salvamento de Galicia, que é o que marca a lei, pero non fixeron absoluto caso.

Ante os oídos xordos, en maio dese mesmo ano viviamos en Santiago de Compostela unha multitudinaria manifestación de bombeiros. Pero o señor Menor, o responsable das Emer-

xencias en Galicia, fixo caso omiso. Os grupos trouxemos durante todo este tempo en múltiples ocasións iniciativas que propuñan resolver esta situación.

En setembro de 2015 conseguíuse aprobar de xeito unánime unha iniciativa a instancia do BNG que foi emendada polo Partido Popular, que segundo o *Diario de Sesións* di así: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, en virtude da súa participación na xestión e financiamento dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, a coordinar a través da consellería competente a elaboración conxunta dunha proposta de regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado, recollendo a disposición adicional terceira, punto 3 da Lei 5/2007 que deberá consensuarse previamente a través dunha mesa de negociación na que estea xunto cos representantes dos concellos con parques de bombeiros propios tamén a representación sindical dos bombeiros. Esta mesa constituirase antes da finalización deste período de sesións».

Rematou 2015, rematou 2016, vai rematar 2017, e a Xunta segue sen facer absolutamente nada; a lei segue sen cumprirse e os acordos desta cámara seguen sen cumprirse. A estas alturas ten que suceder a terrible vaga de incendios para que desgraciadamente se sente o vicepresidente a pensar que vai tomar algún tipo de medida de mellora dos servizos. Por desgraza, sempre ten que acontecer algo para que alguén se digne en pensar en tomar algunha decisión.

E hoxe volvemos pedir, polo tanto, novamente que se impulsen as accións necesarias para homoxeneizar as prestacións e as condicións de traballo en todo o territorio galego dos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento, así como levar a cabo a elaboración do regulamento do bombeiro, que tamén contribúa a homoxeneizar a súa formación. Pedímoslle dunha vez por todas que deixen de desprezar os profesionais, que deixen de incumplir a lei. É unha vergoña que dende o 2007 teñamos que seguir traendo esta circunstancia a esta cámara.

Pedimos tamén na iniciativa que se inicien os trámites necesarios para a xestión pública e directa dos parques de bombeiros. Esta descoordinación, esta xestión que estamos a vivir aínda cos escasos medios dos que contan os parques de bombeiros no noso país, ten que rematar, e iso pasa pola xestión pública. Necesitamos ter un corpo público con iguais condicións de traballo, pero mentres non se leve a cabo ese servizo público, pedimos nesta iniciativa que se promova, en tanto non se complete esa xestión directa, a garantía de que todos os parques de bombeiros manteñan as mesmas condicións laborais, semellantes ás dos compañeiros dos parques públicos. E foron múltiples as últimas situacións en todos estes anos nas que temos denunciando nesta cámara a precariedade laboral dos bombeiros privatizados.

Queremos tamén que se inicien os trámites para a recuperación do 112 como servizo público. Non podemos seguir con traballadores e traballadoras con convenios de *call center* no 112. Non podemos seguir cun servizo de emerxencias totalmente precarizado, con persoal insuficiente.

E pedimos tamén que se xestionen e se solventen de xeito urxente os problemas coa plataforma do 112. Xa o dixen o outro día: a plataforma contratada ao señor Martín de Pozuelo

Romay segue sen funcionar ao cen por cento. Xa dixemos que previamente á vaga de incendios do mes de outubro, os traballadores e as traballadoras seguían denunciando os mesmos asuntos que denunciaron, durante a folga e previo á folga, de mal funcionamento da plataforma. É certo que se fixeron algunhas pequenas melloras, pero séguense denunciando colapsos da central, con colas das chamadas que desbordaban durante os meses do verán, a pesar de que os propios traballadores recoñecen que este ano houbo menos emerxencias nos meses de verán das que hai de media o resto de ano.

E queremos que se dote de persoal suficiente a central de chamadas, tanto do 112 como a central de chamadas do 061. Falando do 061, volvía o señor Rueda outra vez co asunto do traslado para o ano que vén. E debe ser o único que sabe algo, porque os traballadores e as traballadoras non saben absolutamente nada. E isto é unha irresponsabilidade enorme. Porque despois de vivir o que vivimos co traslado da central do 112, que os traballadores e as traballadoras tiveron que ir á folga, aínda que non quixeran desgraciadamente unha folga indefinida, para que foran escoitados, e ao final tiveron que asumir os seus reclamos laborais na súa totalidade, a Xunta de Galicia volve repetir o mesmo esquema no caso do 061, pois non existe mesa de negociación a estas alturas. Pedimos que se constituía xa unha mesa de diálogo cos representantes dos e das traballadoras para negociar as condicións de traslado do 061. E que se incrementen os recursos dedicados ao 061. Non hai incremento orzamentario no ano 2018 para solventar os problemas de persoal nin o traslado da central. Pedimos que se dote de orzamentos suficiente para levar a cabo estes aspectos.

Temos un problema moi grave: a privatización está destruindo o sistema, e están concursando as empresas á baixa. Hai tres meses que Ambuibérica asumiu a xestión, e xa están presentando propostas de descolgue de convenio, que van do 4 % ao 25 % de recorte dos salarios dos traballadores. ¿Non sei que lles parece aos deputados e deputadas desta cámara?, ¿se lles parecería ben que fixeran o mesmo co resto de traballadores?, ¿se lles parecería ben que fixeran o mesmo cos salarios dos deputados e deputadas desta cámara?

Isto non é novo, é unha chantaxe continua de empresas que concursan á baixa. Isto é froito da privatización dos servizos. E sempre remata igual: con recortes para o persoal —porque non só se ataca o salario, é que agora van tamén cuestionar os días de libre disposición ou incluso as baixas por paternidade—, ou con incremento de ganancias para a empresa. É moi doado: concúrsase á baixa, trasládase aos traballadores unha situación extrema na que teñen que ir a unha protesta, na que teñen que ir a unha folga, e increméntaselles un beneficio que pagamos todos e todas, porque a Xunta de Galicia desexa ter tamén privatizados os servizos do 061.

E, polo tanto, pedimos tamén que se potencien os recursos necesarios para diminuír os servizos de resposta na asistencia, polo menos de corenta minutos a trinta minutos, porque desgraciadamente a consecuencia da privatización non é só os recortes para os profesionais, é unha mala xestión que fai que nos concellos do rural tarden corenta e ás veces ata cincuenta minutos en responder a unha urxencia sanitaria.

En resumidas contas, temos un problema moi grave coa xestión das emerxencias e das urxencias sanitarias no noso país, que só pasa por devolver os servizos públicos e, dende logo, incrementar os orzamentos.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Xa o outro día na comparecencia do vicepresidente da Xunta neste pleno do 21 de novembro, e con motivo precisamente da comparecencia pedida por el mesmo, pois puxemos eu creo que todos os grupos, polo menos os grupos da oposición nesta cámara e neste pleno, o foco precisamente na grave deterioración ou nos fallos evidentes nos sistemas de emerxencias e de protección civil de Galicia. Porque aínda que, efectivamente, foi unha comparecencia — como dixemos — en varias ocasións escapista, na medida en que non se fixo ningunha alusión nin ningunha autocrítica, si algo, porque non lle quedaba máis remedio na fase de réplica, ás problemáticas de funcionamento do servizo de emerxencias durante a vaga de lumes dos días 14 e 15 de outubro, si que, evidentemente, se puxeron de manifesto grandes problemas que nos levan a seguir analizando con motivo desta moción a situación de cara ao futuro.

Nós, naquela intervención do vicepresidente — como sabemos e consta —, fixemos unha serie de preguntas que precisamente trataban de poñer o foco en todos estes problemas. E basicamente nun problema que é o resumo de toda a cuestión que nos debe preocupar no funcionamento eficiente dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia de cara a adiante, que é se é capaz de dar unha resposta integral ás situacións de emerxencia ante determinados tipos de catástrofes.

Preguntabamos sobre se realmente a fragmentación do funcionamento de distintos servizos estaba garantindo esta resposta eficaz e esta resposta sobre todo integral.

Tamén preguntabamos se realmente — como dixemos tantas veces — funcionou o mando único. Mando único que é un concepto que parece etéreo, pero que é un concepto de absoluta garantía do funcionamento dun servizo de emerxencias. Mando único que se puxo en discusión precisamente o outro día na xornada na que analizamos os quince anos do desastre do *Prestige*, e que aínda o modelo de mando único incluso nese ámbito non está totalmente garantido. Problemas de mando único que tamén vivimos desgraciadamente no accidente de Angrois. Quero dicir que non podemos deixar pasar as catástrofes, pois nos momentos posteriores é onde hai que tomar as decisións en frío, pero as decisións contundentes para que cando outra catástrofe volva o Sistema de emerxencias e protección civil en Galicia sexa capaz de dar esas respostas.

Fixemos preguntas — como sabemos — sobre o nivel de activación das emerxencias, precisamente a interrelación tamén entre incendios forestais e urbanos, a asignación de opera-

dores o domingo 15 na sala do 112 ou realmente o funcionamento integrado das plataformas tecnolóxicas 112, 085 ou mesmo en diferentes aspectos do 061.

Recordabamos tamén como as diferentes normas europeas insisten dunha forma categórica no enfoque integrado e no enfoque integral do número único de emerxencias, e como demandabamos precisamente o cumprimento da propia Lei de emerxencias de Galicia de 2007, que insiste neste principio básico.

Sinalabamos tamén —como dicía antes— a fragmentación da intervención, tanto da Xunta como de Seaga, de Trapsa, das entidades locais ou dos servizos privatizados, que non garanten suficientemente unha resposta integral con mando único no modelo de emerxencias de Galicia. E que incluso podemos mirar nos modelos que están a incorporar outras comunidades autónomas —citabamos os casos de Valencia, do País Vasco, de Cataluña ou de Madrid—, como están levando a cabo procesos de asignación orgánica e funcional única de todos os operativos de emerxencia. E por iso insistía e insisto novamente en que debemos recibir nesta cámara un informe da Comisión Galega de Protección Civil, onde se faga precisamente a avaliación de todas estas circunstancias.

Necesitamos —como dicía— precisamente non tanto, que tamén, unha análise e unha revisión do Mapa de emerxencias, senón sobre todo traballar de cara a un modelo único e público dos servizos de emerxencias.

Nós, en relación con todas estas cuestións, imos apoiar a moción que presenta hoxe En Marea. Esta presenta unha serie de iniciativas de carácter operativo que consideramos absolutamente tamén imprescindibles, tanto en materia de homoxeneización das condicións laborais como de condicións operativas dos servizos contra incendios. E aí nós precisamente temos presentadas iniciativas nas emendas orzamentarias nas escalas de traballadores forestais, temos presentadas unha serie de emendas aos orzamentos, tamén para a mellora precisamente dos parques contra incendios, e tamén apoiamos, evidentemente, todas as medidas operativas que garantan unha mellor asignación de recursos dende o punto de vista, sobre todo, da xestión pública, tanto nos operativos do 112 como dos operativos do 061. Porque espero que desta vez a Consellería de Presidencia planifique o traslado do 061 á Estrada doutra forma distinta ao que ocorreu co 112.

Nós, para finalizar, aportamos dúas emenda de adición, que tratan de complementar esta iniciativa e esta moción de En Marea con posicións máis de carácter estratéxico, como é, en primeiro lugar, a necesidade de estudar dunha forma seria a correcta integración tecnolóxica de diferentes plataformas de emerxencias e, en segundo lugar, de constituír os necesarios grupos de traballo, non sei se con motivo da Comisión dos lumes, pero hai que traballar neste sentido para levar adiante unha análise de como poder ter un modelo público único de emerxencias en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Para o BNG é fundamental abordar o tema das emerxencias cun enfoque integral, que contemple todas as emerxencias e diferenciando claramente dúas cuestións:

Por un lado, a resposta cotiá, diaria, ante situacións de emerxencia, corrixindo toda a precariedade e a carencia de medios que se veñen demostrando sucesivamente ante respostas a situacións que se veñen dando de maneira habitual, comezando polo punto crítico que é o funcionamento do 112, onde xa temos dito moitas veces que hai fallos continuados, tanto na plataforma informática como no sistema de comunicacións, por non falar, por exemplo, da situación do salvamento marítimo despois de todos os accidentes e as catástrofes que se veñen producindo.

E despois está outra cuestión, que nos parece, desde logo, máis fundamental e importante, que é a resposta ante situacións excepcionais de emerxencias, que é unha resposta lenta, descoordinada e ineficaz, e a historia está aí para demostralo. Fandicosta, Angrois, a crise dos lumes do 2006, o *Prestige* ou a recente crise dos lumes do pasado 15 de outubro puxeron en evidencia todos os fallos, a descoordinación e o caos que se producen habitualmente cando hai unha situación excepcional.

E iso o que pon en evidencia é o fallo estrutural dun sistema galego de emerxencias, que se caracteriza, en primeiro lugar, pola descoordinación, porque falta ese mando único operativo, pola fragmentación e multiplicidade, tanto de competencias como de servizos —só na extinción de lumes forestais hai ata sete servizos diferentes actuando—, pola precariedade laboral e de medios, e tamén pola privatización, que está convertendo nun negocio privado o que é un servizo público fundamental, tanto no ámbito das ambulancias como do 112, dos bombeiros, dos lumes forestais ou do salvamento marítimo.

E despois tamén é evidente algo que xa dixemos no debate da comparecencia do señor Rueda, que é o incumprimento flagrante da lei —como xa se dixo tamén aquí nesta tribuna hoxe—, da Lei de 2007 de emerxencias e de protección civil, cando a propia Xunta de Galiza incumpre necesidades e mandatos desa lei que debían estar xa en vigor no ano 2010. Por exemplo, o regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado, que tiña que estar aprobado no 2009, ou a homoxeneización das prestacións e as condicións de traballo en todo o territorio dos servizos de protección e extinción de incendios e de salvamento, que debía estar aprobada no 2011.

E ademais tamén fixemos fincapé na necesidade de revisar e actualizar todos os plans e protocolos de actuación, no que ten que ver sobre todo coa formación, a información, a protección e a autoprotección da poboación. Algo que, ademais de poñerse en evidencia no pasado, se puxo moi en evidencia na pasada crise dos lumes do 15 de outubro, cando fallou estrepitosamente todo o sistema de comunicacións e de resposta operativa sobre o terreo. E ade-

mais tamén chamamos a atención sobre o feito de que co cambio climático, coa situación do monte, coa situación dos contornos urbanos, este tipo de crise, este tipo de catástrofes vanse seguir producindo e con máis gravidade, e hai que tomar nota, hai que tomar medidas.

Tamén da necesidade da integración funcional e operativa no novo edificio da Estrada, que custou 8 millóns de euros e que está semibaleiro, o cal é un auténtico dispendio e dilapidación de medios e de recursos. E, polo tanto, é necesario integrar e xuntar aí todos os servizos e coordinalos eficazmente e acabar con ese reino de taifas que hai neste ámbito.

En conclusión, o que propoñemos nós no BNG é un cambio profundo e estrutural do Sistema galego de emerxencias, indo cara a un sistema galego con plenas competencias do noso país en todos os ámbitos relacionados coas emerxencias e co salvamento, incluíndo o salvamento marítimo. En segundo lugar, un sistema público, coa homologación profesional e salarial. En terceiro lugar, un sistema universal que permita a cobertura eficaz de toda a poboación e de todo o territorio. En cuarto lugar, un sistema integral que atenda eficazmente todas as emerxencias. E, por último, un sistema coordinado cun mando único operativo, cousa que ata o de agora non tivemos.

Trátase, por tanto, dun tema moi serio. Estamos a falar dun servizo central e vital para un país como é o salvamento de bens e, sobre todo, de vidas humanas. E, en consecuencia, pedimos que se supere este sistema obsoleto, este sistema precario, este sistema ineficaz, para converter as emerxencias nun negocio privado —todo isto está ao servizo da privatización e do negocio privado—, por un sistema público que garanta unha resposta máis rápida, máis eficaz e máis segura ante as emerxencias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Ben, no pasado pleno o vicepresidente da Xunta e responsable da área de emerxencias comparecía para informar das novas propostas de coordinación en materia de emerxencias. Fixo tres propostas moi serias, moi concretas, e, polo que vexo, aquí esa parte da bancada non as escoitou, non sei se estaban estropeados os altavoces. Eu vounas repetir:

Primeiro, eliminación das zonas escuras do Mapa de emerxencias en dous ámbitos: un, na comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades e, dous, a creación dos novos servizos para a atención ás emerxencias nas zonas deficitarias dos mesmos.

En segundo lugar, actuacións sobre os grupos de atención ás emerxencias, por unha banda, determinando o modelo de xestión dos bombeiros e, por outra banda, revisando o financia-

mento, competencias e homologacións dos GES, e, terceiro, dotar de medios as agrupacións de voluntarios de Protección Civil.

Por último, potenciación do novo centro coordinador da Estrada, ese que vostedes queren dismantelar. Porque non sei moi ben, ás veces crítico: que non funciona, que non vale para nada; outras veces din que ten que ser un servizo público, que xa o é; digan de xestión directa, que é o que vostedes propoñen. Que vostedes aprobaron a Lei de emerxencias do 2007 no que aparecen dúas formas de xestión das emerxencias: de xeito directo e indirecto.

E alí onde gobernan, porque, claro, vostedes veñen aquí cun discurso dicíndolle á Xunta que faga un servizo público, que xa o é, de xestión directa. ¡Home!, pero é que vostedes gobernan ou cogobernan en tres das catro deputacións de Galicia. ¿Que están facendo onde gobernan?, ¿por que non poñen alí ese sistema tan innovador, tan moderno, que non sexa obsoleto, que non sexa un negocio para as empresas, señor Bará?, ¿por que non o fan na Deputación de Pontevedra?, ¿por que non o fan na Deputación da Coruña onde vicepresiden?

Porque todo se lles vai en falar, en poñer titulares nos medios de comunicación, en mentir-lles aos bombeiros dicíndolles que é un sistema moito máis efectivo, eficiente e eficaz. Pero ¿por que non o fan de xeito directo? A Xunta xa o manifestou, o vicepresidente veu en varias ocasións a esta cámara dicir que a Xunta se comprometía a manter o mesmo financiamento que está mantendo agora. Vostedes dixeron que ían pedir informes económicos, tu-tu-tu-tú. Eses informes económicos só os debe coñecer En Marea, porque foi a única que presentou unha emenda nos orzamentos que subía 130.000 euros para os consorcios de bombeiros. ¿Que pasa, señora Solla?, ¿é o que custa a maiores facer directa a xestión? E eu preguntolle: ¿e facer a xestión directa do 061 non custa máis do que está custando agora mesmo? Porque para o 112 e para o 061 vostedes nas emendas non incrementan nin un só euro; parécelles ben o que a Xunta pon para o 112 e o 061. Por tanto, díganos que lles parece ben porque nas emendas vostedes así o reflicten.

Di a señora Solla non sei que das empresas. Señora Solla, a adxudicación da nova plataforma informática fíxose nun concurso público e coa máxima transparencia. O Goberno do Partido Popular non funciona como os gobernos municipais das mareas de Podemos, que fraccionan os contratos e logo dánlleslos ás empresas amigas ou a aqueles asinantes de En Marea que vostedes coñecen ben. Se quere dígolle nomes, señor Sánchez, que vostede os coñece moi ben e as relacións familiares de parentesco e demais. Non se preocupe que todo se andará, aínda quedan dous anos para as eleccións municipais e todo se andará, señor Sánchez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pero, miren, está claro que ao concurso se pode presentar quen así o considere. Un concurso que se resolve nunha mesa de contratación formada por funcionarios. ¿Dubidan vostedes da imparcialidade dos técnicos?, ¿dubidan vostedes da imparcialidade dos funcionarios? Nós non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois na mesa de contratación non hai políticos, señora Solla. Así que deixe xa de dicir que se lles dá a empresas amigas. ¿Amigas de quen?, ¿dos funcionarios que forman parte das mesas de contratación?

Ben, nós dicimos, señoría, que o servizo de emerxencias continúa sendo pioneiro en Galicia. E, de feito, hai comunidades autónomas que nos están copiando, e vostede sábeo. Porque, por exemplo, en Baleares, o programa Alerta Escolar foi copiado do da Comunidade Autónoma galega, que ten un selo de excelencia europeo.

Todo o servizo de emerxencias para vostedes funciona fatal, pero, por exemplo, en Asturias a mesma fin de semana colapsouse o centro de atención das chamadas. Pero ¿como non se vai colapsar o 112 nunha fin de semana cando a fin de semana normal e habitual recibe cinco mil chamadas — dúas mil cincocentas o sábado e dúas mil cincocentas o domingo—. E resulta que esa fin de semana recibiu doce mil chamadas, fundamentalmente na noite do domingo, e houbo minutos que entraron máis de cen chamadas? Mire, nin aínda que estiveran os cincuenta traballadores que están no 112, nin aínda que se duplicase esa plantilla, seríamos capaces de non ter colapsado o 112, como se colapsou —insisto— o de Asturias.

Pero, claro, como está gobernada polo Partido Socialista, a Asturias non lle criticamos absolutamente nada, pero si criticamos o do Partido Popular, porque os do Partido Popular... Nós xa sabemos que vostedes teñen que buscar un inimigo común para manterse unidos. Eu entendo as súas dificultades para poder falar entre vostedes e chegar a un acordo. Agora, iso si, como temos un inimigo común, que é o PP, niso estamos todos de acordo. Ben, pois, oia, se necesitan o Partido Popular para manterse unidos, ¡benvido sexa o Partido Popular! (Aplausos.)

Miren, polo que se refire a constituír unha mesa de diálogo no traslado do 061, vostedes son os que non escoitan, señora Solla. Vostede vén dicir que non se escoita a xente; vostedes non escoitan o Goberno. O Goberno xa ten dito varias veces nesta cámara que esa mesa de diálogo se vai constituír previo ao traslado do 061. Pero, mire, eu atrévome a dicir que faga o que faga o Goberno do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...no traslado do 061 vostedes vano criticar. Vostedes van facer un *casus belli* dese asunto, e se non, ao tempo. Porque vostedes son os que fan política de pancarta e de titular. E iso para nós non é serio.

Insisto: hai unhas propostas claras, serias e concretas que fixo aquí o vicepresidente da Xunta no pleno pasado. A vostedes dálles igual. ¿Que pasa, señora Solla, non está de acordo con ningunha das propostas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que fixo aquí o señor vicepresidente? ¡Pois dígao!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Nós, dende logo que si. E se non están de acordo con elas, dende logo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...mentres vostedes onde gobernan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...non fagan o que piden aquí que faga a Xunta non será crible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Quero agradecer o apoio do BNG e do PSdG. En canto á emenda imos aceptar o segundo punto relativo ao primeiro. Xa falamos previamente que nós non estamos de acordo en que este sexa o momento axeitado para abordar un tema que é moi sensible, como é a unificación dos números, que neste caso sería o 112 e entendemos que o 061; non sei, seguramente tamén o 085. Porque, como xa teño trasladado no anterior pleno, no que, efectivamente, fixemos a interpelación ao señor Rueda, os dous números por escaseza de persoal están habitualmente colapsados. O caso do 061 está asumindo consultas de sanidade ordinarias, e no caso do 112 xa vemos os problemas que hai. Evidentemente, nese aspecto hai un tema laboral porque entendemos que a Xunta de Galicia quereda prescindir de traballadoras e traballadores. Pero hai un tema da inoperatividade, porque xa vexo que temos hoxe aquí, que non se vai apoiar esta iniciativa e todas as outras que temos traído os grupos da oposición. E sen máis persoal e sen coordinación, evidentemente, asumir esa fusión significaría probablemente un colapso maior do que xa estamos a vivir.

¿Que tería sucedido —eu interpelaba o señor Rueda o outro día— se durante a vaga de lumes tamén o 061 estivese absolutamente saturado? Como, por certo, o estivo, porque irresponsablemente o señor presidente da Xunta de Galicia chamaba a xente a chamar ao 061 ante o colapso do 112, desgraciadamente. (*Murmurios.*)

E, en fin, parece ser que a voceira do Partido Popular —xa escoitamos a súa intervención— ten que embarrar o debate e falar doutras cousas, doutras administracións, intentar meter nos nun debate absurdo, ou que non ten nin idea do tema do que estamos a falar, que é bastante probable, ou, en segundo lugar, que non teña nada que dicir porque, desgraciadamente, non se pronunciou sobre os puntos da proposta que trasladabamos dende de En Marea. Entendemos que para o Partido Popular, unha vez máis, está todo correcto, todo é perfecto, e a señora Prado parece ser —non sei se aquí hai altofalantes ou non— que talvez non leu a iniciativa e non ten capacidade de opinar sobre a mesma.

Pero, desgraciadamente, o que vemos na iniciativa —e trasladamos todas as veces que trouxemos aquí este asunto— é que a Xunta de Galicia segue incumprindo unha lei que leva dez

anos aprobada, que os bombeiros deste país seguen sen ter homoxeneizadas as condicións de traballo, que o servizo é precario e que o servizo non é público. E se vostedes queren que as outras administracións que non son a Xunta de Galicia asuman responsabilidades pola súa incapacidade, señora Prado, derroque a Lei Montoro, permitan aos concellos e ás deputacións dotarse de servizos públicos e deixen de vir aquí trasladar que non van asumir as súas responsabilidades. Os artigos 11, 12 e 13 da Lei de emerxencias de Galicia non se cumpren, e vostedes non teñen nin a capacidade de pronunciarse sobre o que traemos hoxe aquí.

Espero que asuman a responsabilidade de negociar xa co 061, porque están trasladando unha situación terrible na que hai traballadores que van cobrar un 25 % menos porque vostedes teñen privatizado o servizo, e aínda por riba os traballadores da central teñen que soportar un traslado sen negociar. Como o fixeron de xeito irresponsable, ata o Consello de Relacións Laborais os sentou a vostedes a negociar. Asuman as súas responsabilidades. *(Aplausos.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Procedemos a votar as mocións.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don José Manuel Lago Peñas.

Manifestouse que aceptaba o punto 1 da emenda do Partido Socialista.

Votamos, polo tanto, esta moción. *Votamos.*

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 36; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Votación por puntos? (Pausa.) ¿Pódense separar ou ...? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Cantos puntos? Agora non teño aquí cantos puntos ten a mo-

ción. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Entón, ¿votamos xuntos o 1 e o 2, e os outros separados? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? Non o entendín. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*
¿Primeiro o 1? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, entón son tres votacións. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pois veña, imos alá. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, se vostede acepta, claro. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Por suposto. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, por iso, pero dou por feito que como están tan xuntos xa o terían falado. *(Risos.)* Digo eu, *(Murmurios.)* ¿ou non?

Ben, ¿acepta vostede, non?

O señor TORRADO QUINTELA: Si, si, nós aceptamos. Non fai falta falar con ninguén.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ben, pois entón votamos, en primeiro lugar, o punto 1 desta moción. Votamos.

Votación do punto 1 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o segundo punto da moción. Votamos.

Votación do punto 2 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos. Votamos.

Votación dos puntos 3, 4 e 5 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 36; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Entón, terminada a votación, suspendemos a sesión ata as dezaseis e quince minutos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si. Perdón, perdón. É agora.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla.

Acéptase o segundo punto da emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E agora si, suspendemos ata as dezaseis e quince minutos.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e dezanove minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar do inicio do curso 2017-2018 no ensino non universitario de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a intervención ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi boas tardes.

Como fixen na pasada lexislatura, parece lóxico que, unha vez transcorrido un tempo razoable dende o inicio de curso, se acuda a esta Cámara para expor a situación na que se atopa o ensino galego. Por iso estou hoxe aquí, a verdade é que nunhas datas máis tardías das inicialmente previstas —houbo dous plenos con comparecencias especializadas no ámbito dos incendios—, pero cumprindo algo que xa mencionei hai tres plenos, en resposta neste caso a unha iniciativa dun dos grupos da oposición, unha interpelación de En Marea: acudir con datos concretos e convencido de que é bo falar do sistema educativo no Parlamento.

Pois ben, nestes momentos podemos ter unha visión máis estable do que foi o inicio do curso 2017-2018, e sobre todo do que é unha prioridade para a consellería. Imos informar dos traballos que seguimos facendo tamén para consolidar e mellorar a evolución favorable que o ensino galego ten experimentado nos últimos anos.

Quero comezar por ofrecer unha visión da situación do sistema neste curso 2017-2018. Cada curso escolar implica atender a un importante número de persoas e habilitar abondosos recursos humanos e materiais. Trátase dunha responsabilidade e dunha obriga para acadar o mellor para os nosos rapaces e rapazas. Esta afirmación non é nova, pero hai que tela moi presente para poder avaliar na súa xusta medida a realidade.

O curso 2017-2018 arrancou con normalidade. Eu diría —sen ningún tipo de autocompraencia— con boa ou moi boa nota, xa que as incidencias foron mínimas e foron resoltas en tempo e forma.

Estamos a falar de que cada mes de setembro todo ten que estar en marcha para atender as necesidades formativas de case 400.000 alumnos e alumnas —en concreto 383.200 alumnos e alumnas— de distintos niveis educativos non universitarios en diferentes puntos da xeografía galega. Galicia conta con máis de 32.700 alumnos en educación especial, educación infantil, primaria, ESO e bacharelato, aos que se suman os preto de 51.000 estudantes dalgún ciclo de Formación Profesional.

Hai que engadir o número de estudantes nas ensinanzas artísticas e deportivas: música, danza, artes plásticas, deseño, ensinanzas deportivas, que superan os 11.500 matriculados.

Ademais de atender e formar este número de alumnos e alumnas, tamén hai que afrontar a coordinación de servizos complementarios fundamentais, como pode ser o transporte escolar; un transporte escolar totalmente gratuíto que usan aproximadamente 90.000 alumnos e alumnas de 784 centros públicos. Á súa vez, a Consellería asinou convenios con 13 entidades para facilitar o servizo de transporte a 355 alumnos con necesidades educativas especiais.

Galicia é a comunidade autónoma que máis inviste neste servizo de España, que, como saben, este ano comezou a prestarse de xeito compartido nalgunhas rutas. O sistema está funcionando con normalidade, o transporte escolar está blindado, e as incidencias propias do inicio de curso arranxáronse con celeridade.

Un comedor escolar baseado no pago por renda familiar é tamén un gran servizo complementario. No curso 2017-2018, o número de usuarios deste servizo é de 74.828 alumnos; é dicir 2.193 usuarios máis que no curso 2016-2017, sumando os comedores xestionados directamente pola Consellería, polas Anpa e polos concellos.

A Xunta xestiona 434 comedores, que contan con máis de 60.000 usuarios; de forma directa, 302 comedores, e de forma indirecta, a través de empresas que serven menús con todos os estándares de calidade garantidos, outros 132. Pola súa banda, as Anpa son responsables de 134 comedores e os concellos de 42.

Ademais, a Consellería asinou convenios con 12 entidades para facilitar o servizo de comedor a 436 alumnos con necesidades educativas especiais.

Tamén é significativo un importante elemento de apoio ás familias como é a gratuidade solidaria para a adquisición de libros de texto e material escolar. Neste curso 2017-2018 concedéronse un total de 27.868 axudas á compra de libros de texto, e 99.167 axudas para a compra de material escolar.

Ademais, o fondo solidario de libros de texto distribuíu un total de 636.308 manuais, dos que só foi necesario adquirir o 12,6 %.

En definitiva, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria chegou este ano, co programa de gratuidade solidaria para libros de texto, a case 137.137 alumnos; ben a través de fondo, 109.269, ben de axudas, 27.868, nun investimento conxunto aproximado de 12,4 millóns de euros.

As anteriores tres liñas da dación, contribúen a que o inicio de curso sexa, sen dúbida, máis levadeiro para as familias, e moito máis equitativo e xusto socialmente.

Señorías, temos en Galicia unha rede de máis de 1.380 centros educativos, a maioría dos centros son de titularidade cen por cen pública, en concreto, 1.091 centros. É dicir, que preto de 8 de cada 10 son totalmente públicos, centros que ofrecen formación ao 75 % do alumnado matriculado na nosa comunidade.

A raíz dunha normativa estatal impulsada polo Partido Socialista, a rede de centros sostidos con fondos públicos inclúe tamén os concertados. Así, o ensino concertado dá resposta aproximadamente ao 25 % das necesidades de prazas de escolarización, dedicándose un orzamento de arredor do 11 %.

Cabe sinalar, ademais, que do total do orzamento destinado aos concertos, case o 90 % está destinado a abonar as retribucións do persoal docente en réxime de pago delegado, e do persoal complementario nas unidades de educación especial. Neste curso 2017-2018 hai un total de 3.913 unidades concertadas, 21 máis que no curso anterior, que dan servizo educativo a arredor de 86.000 estudantes.

En calquera caso, cómpre sinalar que a dinámica de incremento de unidades concertadas diminuíu de forma considerable nos últimos anos. De feito, en oito anos, o actual Goberno

da Xunta ten incrementado en 77 o número de unidades concertadas, mentres que o Bipartito, en catro anos, incrementounas en 213.

Por outra banda, a Consellería revisou, como todos os anos, a matrícula dos centros escolares públicos en todos os niveis; un proceso habitual que, como todos os anos, se leva a cabo antes do inicio de cada curso, co fin de adecuar o número de unidades ao de alumnos e alumnas matriculados en cada centro educativo.

Conforme aos datos definitivos de matrícula, neste curso escolar deixaron de prestar servizo 9 escolas unitarias, debido ao baixo nivel de alumnado nestes centros. Cómpre sinalar que a consellería mantén, un ano máis, o mesmo criterio para suprimilas; é dicir, que contén con 5 ou menos alumnos.

Como cada curso, tamén se afrontou a reorganización de unidades dentro dos propios centros educativos; como é habitual, realizouse en función do incremento ou diminución do alumnado. Así mesmo, habilitáronse unidades para o suposto de desdoblamento de aulas cando existe un incremento puntual ou circunstancial do número de alumnos e alumnas. Polo tanto, a Consellería organizou un uso eficiente e eficaz dos recursos, sempre atendendo ás necesidades educativas dos centros.

Por certo, á hora de falar deste curso escolar, quero mencionar que, pese ás súas críticas e ás súas acusacións de peche de centros educativos, a reorganización de varios centros impulsada pola Consellería está a funcionar sen incidencias. Os seus augurios, malos augurios, de caos e de prexuízos para o alumnado non se cumpriron, e a actividade educativa nestes centros estase a desenvolver como corresponde, cunha boa integración dos alumnos e profesores dos centros fusionados. Xa o dixen nesta Cámara: o tempo é sempre o mellor xuíz, e pon sempre en evidencia a quen mentía politicamente e a quen non.

Tamén, señorías, en cada inicio de curso é misión da Administración educativa facilitar instalacións adaptadas e axeitadas para atender as necesidades do conxunto das comunidades educativas. Ao respecto, creo que non é menor salientar o importante esforzo realizado na execución de obras durante os meses de verán, e mesmo neste inicio de curso, para mellorar os centros educativos de Galicia.

O investimento en infraestruturas ascende a case 28,7 millóns de euros, nun total de 617 obras nos centros de ensino de 180 concellos galegos, máis da metade do total de municipios. Atopámonos con partidas plurianuais para intervencións de gran dimensión: o novo CEIP de Culleredo, o novo IES de Soutomaior, o novo pavillón Felipe de Castro, de Noia; a ampliación do CEIP As Mercedes en Lugo, da Escola Oficial de Idiomas en Ourense, do IES Francisco Asorey de Cambados, do IES Laxeiro de Lalín, ou en Vigo do Rodríguez Castelao e do IES de Teis, entre outros.

Como saben tamén, a raíz da recente comparecencia de orzamentos para o ano 2018, a Consellería seguirá a investir na mellora dos centros educativos de Galicia para contribuír á súa modernización, como verdadeiros espazos de aprendizaxe e convivencia.

Como complemento do dito ata agora, quero reiterar neste Parlamento o noso agradecemento e a nosa convicción respecto do papel fundamental dos docentes que traballan no sistema educativo. Entendemos que as necesidades de persoal volven estar cubertas un curso máis. Galicia dispón de docentes profesionais e comprometidos, aos que lles estamos moi agradecidos —Galicia estalles moi agradecida— pola súa entrega e polo seu esforzo.

Un curso máis, a Consellería conta cun cadro de persoal docente que respecta o catálogo de postos fixado no ano 2007 polo Goberno bipartito. Un curso máis, dispomos dun cadro de persoal docente que se aproxima aos 30.300 profesionais, e que, en calquera caso, é axustado ás demandas reais que aparecen no arranque de curso. E como xa se anunciou nesta Cámara, a Consellería traballa para concretar unha ampla oferta pública de emprego, que cubrirá o total da taxa de reposición das xubilacións e que ademais permitirá a estabilización do emprego no sector educativo. Cumpriremos os acordos de estabilización tanto estatal como autonómico, de tal xeito que rebaixaremos a xa de por si reducida taxa de interinidade no ensino, xa que Galicia, señorías, é a comunidade que ten a taxa de profesores interinos máis baixa do conxunto de España.

Unha vez ofrecidos os datos sobre servizos, alumnado, centros e profesorado, parece oportuno presentar a situación do modelo educativo posto en marcha en Galicia ao longo dos últimos anos. En concreto, como un curso máis os programas impulsados pola Consellería están a contar coa participación e a implicación da comunidade educativa. Hai uns meses, concretamente no último pleno do pasado xuño, comparecín nesta Cámara e avancei que neste curso 2017-2018 presentariamos á sociedade galega un novo impulso ao modelo plurilingüe, unha nova estratexia de ensino dixital e tecnolóxico, unha mellora da convivencia nas aulas e tamén un reforzamento da formación profesional. Hoxe, cando o curso leva xa funcionando máis de dous meses, podemos analizar en que se ten concretado este compromiso.

Plurilingüismo. Neste curso reforzamos o compromiso de posibilitar que a aprendizaxe de idiomas sexa accesible ao conxunto do alumnado galego, con independencia da súa situación social, territorial ou económica. A Xunta activou para este curso a Estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020, cuxo obxectivo fundamental é estender o plurilingüismo a todas as etapas educativas e facilitar que os alumnos e alumnas poidan acreditar o seu nivel en lingua estranxeira ao final da etapa.

Ata o curso pasado, a ensinanza plurilingüe estaba implantada nas etapas de primaria e secundaria, pero a partir deste curso irase estendendo a infantil, bacharelato e formación profesional. A día de hoxe, Galicia conta con 322 centros plurilingües; 83 centros amplían por primeira vez o plurilingüismo a infantil; 400 introducen tamén por primeira vez o plurilingüismo en bacharelato; e hai 12 ciclos de formación profesional plurilingües en sete centros de Galicia. As seccións bilingües ascenden a 4.145, 231 máis con respecto ao curso pasado. E contamos con 550 auxiliares de conversa neste curso. En definitiva, o plurilingüismo como estratexia de aprendizaxe de linguas estranxeiras significa dar máis oportunidade de futuro ao alumnado e favorecer a igualdade de oportunidades.

Enseño dixital. Baixo a Estratexia galega para a educación dixital, Eurodixital 2020, o Goberno galego desenvolve accións orientadas á dotación de equipamentos que permitan aulas

dixitais e desenvolver formación dixital co emprego de contidos e do libro dixital, e tamén o reforzo da competencia dixital e científico-tecnolóxica e os estudos STEM. A finalidade é dotar o alumnado galego de coñecementos, destrezas, competencias e habilidades para manexarse nun mundo cada vez máis dixital, tecnolóxico e científico. Neste curso, o ensino de Galicia reforzou o Proxecto do libro dixital ao sumar 60 novos centros, cun incremento do 50 %, ata acadar un total de 154 centros educativos sostidos con fondos públicos. A dotación de equipamento dixital beneficia a case 12.000 alumnos e alumnas, desde quinto de primaria a segundo da ESO, que están a recibir unha ensinanza completamente dixital.

No marco do Proxecto dixital desenvolvido por Amtega e pola Consellería, a Xunta incorpora neste curso un terceiro provedor de contidos dixitais para as materias que se imparten entre quinto de primaria e segundo da ESO. Xa temos resolto neste momento o concurso, e unha vez resolto o proceso de licitación, sumarase un cuarto para as materias de inglés destes niveis educativos.

Tamén en proceso de licitación estase a habilitar un espazo para que os profesores poidan elaborar os seus propios contidos educativos dixitais. Xa existen na actualidade 3.000 en disposición do profesorado, e queremos ampliar notablemente o dispositivo de materiais creados polos propios profesores.

Desenvólvese un plan de formación específico nos centros para os docentes sobre o libro dixital. Para que o acceso ao libro dixital sexa efectivo entre decembro e xaneiro, levarase a cabo a distribución progresiva de arredor de 14.000 ordenadores para o alumnado, ordenadores táctiles e convertidos en tableta, e 2.000 novos ordenadores para o profesorado, cos que se renovará o equipamento do que dispoñen actualmente. E durante o ano 2018 o cen por cento dos centros públicos de primaria e secundaria terán un acceso a internet de 100 megas como mínimo, froito neste caso do convenio da Xunta de Galicia co Goberno de España.

Xunto a isto, a Consellería trazou unha folla de ruta para fomentar as denominadas vocacións STEM: ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, como pode ser a introdución da robótica en primaria, unha das principais novidades para este curso 2017-2018, que trae consigo a dotación aos centros de kits específicos. Ademais, neste ámbito tamén se puxeron en marcha materias de libre configuración como programación, robótica ou identidade dixital —esta última nova neste curso—, así como outras accións específicas: club de ciencia, semana STEM etc., co obxectivo final de fomentar o espírito científico e tecnolóxico do alumnado.

Convivencia. A convivencia nos centros educativos é outra das liñas estratéxicas desta consellería. Dende hai un tempo, estamos comprometidos coa necesidade de seguir avanzando neste ámbito para corrixir calquera conduta nociva que se detecte. Desgraciadamente, o risco cero en acoso ou en problemas de convivencia non existe, mais Galicia tense dotado de plans de convivencia a nivel centro e de diferentes protocolos —transexualidade, contra o acoso ou ciberacoso, TDH, autismo, atención domiciliaria etc.— para saber como actuar en cada caso.

A semana pasada, o Consello para a Convivencia Escolar de Galicia analizou as accións agrupadas na Estratexia galega de convivencia e do convives.gal, que é a nosa folla de ruta neste

asunto. A través dos seus 5 eixes e 37 accións, a Estratexia tense amosado como un elemento de planificación e funcionamento que dá coherencia e seguridade ás comunidades educativas.

Segundo a macroenquisa do ano 2015 —a maior enquisa, que saibamos, que se fixera nunca nun sistema educativo en España e atreveríámonos a dicir en Europa— sabemos que a situación en convivencia é positiva nos centros de Galicia. Esta macroenquisa, 200.000 cuestionarios e practicamente 20 millóns de datos procesados, dannos datos moi interesantes e moi significativos: preto do 85 % das familias declaran que os seus fillos non teñen padecido ningunha conduta contraria á convivencia, ou que máis do 80 % das familias están satisfeitas co centro ao que asisten os seus fillos. Aínda así, parece oportuno avaliar a situación actual para afrontar o reforzo de accións xa establecidas e a implementación doutras novas. Canto máis real e obxectiva sexa a diagnose, máis acertadas poderán ser as políticas que executemos neste terreo.

No primeiro trimestre do 2018 afrontaremos a realización dun novo macrocuestionario para testar a situación da convivencia no ensino galego, que ten como finalidade actualizar os datos, tanto a nivel de Galicia como a nivel de cada un dos centros educativos. Pretendemos establecer unha periodicidade bianual desta enquisa, o que permitirá tomar o pulso da convivencia de xeito continuado no tempo e coñecer a súa evolución. Co afán de ter unha visión o máis ampla posible, o resultado da nova enquisa debe servir tamén como nova ferramenta de diagnose da situación da coeducación e a loita contra a violencia de xénero, así como do mal uso ou os riscos das tecnoloxías dixitais.

Como saben, pretendemos tamén dar un pulo e activar as escolas de pais e nais como foros de debate, información e creación de marcos de acción común arredor da educación, onde as familias teñan tamén un alto protagonismo. Neste caso, a Xunta ofrecerá a infraestrutura necesaria a través dos centros de formación do profesorado —os CCR— así como persoal experto, e habilitará unha ferramenta tecnolóxica a modo de repositorio de materiais á disposición das familias. Tamén se propondrá un catálogo de temas de debate, ben para as familias, ben para as familias e profesorado ou para os propios centros, que poderán propor aqueles temas que consideren de interese para incorporar ás escolas.

Estamos ante un asunto complexo e moi amplo, no que ten que actuar o conxunto da sociedade e das propias familias, pero que tamén debe ser abordado desde o sistema educativo. Temos un camiño percorrido no que seguimos a traballar e no que sempre, señorías, quedan cousas por facer. E o alumnado galego está a formarse en igualdade e na necesidade de rexeitar e combater a violencia de xénero a través de contidos transversais nos currículos de asignaturas de libre configuración e do traballo por proxectos. O profesorado, a través do Plan de formación posto en marcha pola Consellería, disporá así mesmo dun módulo específico en liña sobre convivencia, igualdade e inclusión que permitirá ter unha formación básica neste tema, cunha equivalencia de 20 horas.

As actuacións vinculadas á convivencia, cunha mirada de xénero integral e transversal, están tamén recollidas no primeiro Plan de igualdade dos centros educativos, elaborado en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración. Pois ben, no marco deste plan podo anunciarlles que elaboraremos un protocolo educativo fronte á violencia de xénero na Comunidade

Autónoma de Galicia, que desenvolve o protocolo xeral institucional para a abordaxe da violencia de xénero. Asemade, como desenvolvemento do Plan de igualdade imos activar un novo portal de igualdade que inclúa recursos e orientacións para fomentar a coeducación nos centros.

Como ven, estamos a dar novos pasos no compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero, coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino; unha contribución dende o ensino que necesariamente ten que reforzarse dende distintos ámbitos: o social, o político, o familiar, o empresarial, etc., idiomas, tecnoloxía, convivencia e igualdade, e tamén unha formación para os nosos mozos e mozas adaptada á realidade socioproductiva de Galicia.

A formación profesional actual ofrece unha base sólida xeral e unha especialización acorde co mercado laboral e co coñecemento práctico das novas tecnoloxías. Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo productivo, aspecto que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas. Hoxe —e despois do labor desenvolvido nos últimos anos nunha auténtica revolución silenciosa— a formación profesional galega é calidade, dinamismo, innovación, empregabilidade, e unha posibilidade para continuar formándose ao longo da vida; é dicir, ten prestixio. Isto conseguiuase a través de medidas como a adaptación de 100 ciclos ao desenvolvemento do tecido social e económico de Galicia e ás súas necesidades; a través da consolidación dunha rede de viveiros de empresa nos propios centros educativos que ofrecen a oportunidade de crear os seus propios negocios e empresas aos alumnos; da implantación das linguas estranxeiras —en concreto do inglés— na formación profesional de xeito progresivo —comezamos neste curso—; ou, entre outras, pola ampliación das FCT —da formación en centros de traballo— que este ano atinxe e dá cobertura aproximadamente a 15.200 alumnos.

Co fin de seguir fomentando unha relación máis estreita entre centro educativo e empresa, a Consellería aposta de xeito decidido pola formación profesional dual. Neste momento participan máis de cen empresas neste proxecto, algunhas das máis senlleiras do país, porque se trata dunha modalidade de formación que alterna a aprendizaxe no centro educativo e na empresa, que fomenta a inserción laboral dos mozos e que responde ás necesidades dos sectores produtivos. Temos que seguir profundando. Neste novo curso hai 29 ciclos novos, hai 2 titulacións dobres e seguimos traballando co empresariado para que teñan confianza nesta tipoloxía de formación educativa.

E quero retomar a importancia que ten a FP como unha oportunidade de conexión entre o mundo educativo e o mundo productivo, posto que isto redonda nunha maior facilidade para que o alumnado da formación profesional acceda a un posto de traballo ao rematar os seus estudos. En Galiza temos unha boa taxa de empregabilidade, arredor do 80 %, para os alumnos de formación profesional.

Esta, sen dúbida, é unha das claves para a empregabilidade dos titulados da formación profesional: a implantación dos ciclos adaptados ao catálogo nacional de cualificacións profesionais e tamén a propia oferta dos ciclos, unhas veces axustándoo en función da demanda real, e outras abríndoo e innovando con novas ensinanzas. Ano a ano, a Consellería é quen

de facer unha oferta de ciclos atractiva que permita incorporar novo alumnado, ata o punto de que este curso hai case mil alumnos e alumnas máis na formación profesional galega que o ano anterior.

A modo de exemplo, quero citar algúns dos ciclos novos que están a funcionar este curso. En Cambados, o ciclo superior de Vitivinicultura. En Pontevedra, o grao superior de Promoción de igualdade de xénero, o primeiro que se fai en Galicia e único en Galicia. En Monforte de Lemos, o grao superior en Educación infantil. En Mondoñedo, neste caso cunha modalidade dual, o grao medio de Xardinería e Floraría. En Vilalba, o ciclo medio de Atención a persoas en situación de dependencia, e así podíamos citar máis.

Creemos que hai que seguir traballando nesta liña, por iso neste ano reforzaremos os traballos para reforzar a FP en Galicia, co obxectivo de que sexa útil para as persoas e para a sociedade galega. Tendo en conta a necesidade de modernización e tecnificación desas ensinanzas, estamos traballando nunha estratexia de formación profesional que perseguirá lograr unha visión integral dende a Xunta de Galicia e fomentará tamén a participación dos sectores produtivos.

Pero o modelo educativo galego susténtase tamén noutras accións que están a dar bos resultados, tanto na mellora da comprensión lectora, fundamental para garantir a aprendizaxe, como na consecución dun ensino máis equitativo e inclusivo. Así, merece mención especial o Plan LÍA de bibliotecas escolares para o período 2016-2020, que afonda na necesidade de dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.

Entre as accións programadas baixo o Plan LÍA destaca o feito de que 646 centros de ensino de toda Galicia participan xa no coñecido como Plambe, Plan de mellora das bibliotecas escolares, logo de que neste curso houbera 36 novas incorporacións a esta iniciativa, cun investimento aproximado de 1,3 millóns de euros.

O Plan de mellora procura incentivar e impulsar o desenvolvemento de proxectos de bibliotecas escolares que procuren a dinamización deste espazo como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Así mesmo, as bibliotecas integradas no Plambe están a traballar no deseño e desenvolvemento de programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas, así como para integrar as novas tecnoloxías e o concepto de alfabetización múltiple á hora de abordar a formación lectora do alumnado. Por outra banda, este modelo de biblioteca fomenta un enfoque inclusivo para o conxunto dos estudantes. A Consellería quere incidir na importancia de que as bibliotecas ofrezan oportunidades a todo o alumnado, e moi especialmente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Por iso, baixo a iniciativa Biblioteca Inclusiva, activaremos varias iniciativas especialmente centradas no apoio específico ás bibliotecas dos centros de educación especial ou a aqueles centros que contan con unidades creadas ou habilitadas de educación especial, para que poidan contar cos recursos necesarios para cubrir as necesidades do seu alumnado.

E, por suposto, temos que valorar na súa xusta medida o feito de que a día de hoxe o conxunto do sistema educativo galego sexa o máis inclusivo de toda España. En Galicia, 1 de

cada 10 profesionais do ensino son especialistas para a atención á diversidade. Segundo a última estatística do ministerio, Galicia é a comunidade autónoma que ten a maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais integrado en centros ordinarios; en concreto, o 91,9 % do alumnado con necesidades educativas especiais está integrado, o que favorece a igualdade de oportunidades na ensinanza e favorece tamén, e dá, unha auténtica xustiza social.

Quero rematar esta primeira intervención mencionando a situación actual da ABAU pola importancia que ten para un número moi significativo de xoves. Para o presente curso, é dicir, a ABAU 2018, a convocatoria da ABAU non vai ter practicamente cambios, salvo algún matiz de carácter técnico. Manterase exame en xuño e manterase exame en setembro. Hai días xa anunciados, o 12, o 13 e o 14 de xuño e o 12, o 13 e o 14 de setembro. Si teremos cambios na ABAU 2019. Como saben, recentemente a Consellería, xunto coa CIUG, acordamos para o ano 2019 adiantar ao mes de xullo a realización da proba extraordinaria, a que se viña realizando de xeito tradicional en setembro. Deste xeito, corríxese unha disfunción, xa que o alumnado que superaba a proba extraordinaria de setembro topábase cunha serie de dificultades. A primeira, que chegaba ás facultades coas clases xa iniciadas, e iso prexudicaba ao alumno e dificultaba a organización docente nas aulas. Ademais, isto tamén propicia que haxa unha mellor organización nas familias e ofrece melloras para todo o que ten que ver coa conciliación familiar.

Como é lóxico, a Consellería traballará para adaptar o calendario da proba extraordinaria para o alumnado de 2º de bacharelato ás datas previstas para a realización da proba de acceso, de tal forma que se acomoden os calendarios de ensino non universitario e universitario. Ademais, traballarase para que as tres universidades xa no curso 2018-2019 comecen as clases na mesma data, que se fixará na segunda semana de setembro. É dicir, a ABAU do ano 2018 mantense practicamente como está, na ABAU 2019 si haberá cambios, adiantándose ao mes de xullo a proba extraordinaria que se viña realizando de xeito tradicional en setembro.

Señorías, como poden comprobar, o sistema educativo galego goza de boa saúde e mantense activo para adaptarse aos novos retos que cada día xorden; retos que precisan ser abordados con perspectiva innovadora, con planificación e con valentía, cun obxectivo final: ter un sistema educativo de calidade, equitativo, que dea oportunidades e sexa xusto socialmente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Bo día tamén, conselleiro.

Comezou vostede a intervención explicándose pola demora na súa comparecencia. Hai que ter en conta que estamos practicamente ás portas da avaliación do primeiro trimestre, e ademais eu revisaba a última vez que estivera vostede aquí, falando do inicio do curso escolar con motivo dunha interpelación presentada polo Grupo Parlamentario de En Marea que vostede tildou —e cito textualmente— de «extemporánea» porque estabamos a 7 de novembro e xa ía ben encamiñado o curso. Non sabería eu como cualificar entón a súa comparecencia hoxe, xa digo, ás portas da primeira avaliación, para falar do inicio do curso académico. Pola nosa banda, ben sabe que estamos gustosas sempre de que veña ao Parlamento e de poder debater con vostede sobre a situación do ensino galego.

Facía vostede unha relación de datos, de cifras, pero esquecéuselle algunha. Vou intentar dalas eu, en concreto a respecto da supresión de unidades e da supresión de centros, porque, ao contrario do que se quere dicir, si que se pecharon centros. O Emilio Navasqués —non nos cansaremos de repetilo— non volveu abrir a porta neste curso académico, e iso é pechar. Pode poñerlle vostede os lazos que queira, iso é pechar. Pecháronse 39 unidades, e destruíronse con esas 39 unidades, despois das modificacións que houbo nos cadros de persoal, 53 postos de traballo no curso académico 2017-2018, ao que hai que engadir nos últimos seis anos o peche de 64 escolas e a supresión na pública de 437 unidades. Nós cremos que iso tamén debería ter sido obxecto, na súa exposición, polo menos dunha sucinta referencia.

Tamén facía vostede referencia —foi algo que xa nos avanzou na Comisión de Orzamentos, na Comisión 3ª— a esa oferta pública de emprego que prevén vostedes aprobar para 2018 e coa que din que van rematar coa porcentaxe de interinidade. Vostede sempre saca peito e pomposamente, ademais, fachendea de que ten a porcentaxe de interinidade máis baixa do conxunto do Estado español. O que non acaba vostede de citar é que cando o Partido Popular chegou á Xunta de Galiza no ano 2009 a taxa de interinidade no ensino público era de menos do 5 %, e estamos hoxe en máis do 13 %. Esa é unha das consecuencias dos recortes acumulados desde o ano 2010 no ensino público e, nomeadamente, tamén da taxa de reposición que se impuxo durante moitos anos por parte do Goberno español para esas ofertas públicas de emprego. Unha taxa de reposición que se mantén —iso foi o que comunicou na mesa sectorial do 30 de novembro o Goberno do Estado español— para esas oposicións de 2018.

Nós dixémolo naquela Comisión 3ª, naquela Comisión de Orzamentos, e volvémosllo repetir hoxe: estase aprobando un acordo cunha taxa de reposición do cen por cento, que só permitirá recuperar os postos de traballo de acordo coas xubilacións que se produzan, e nós cremos que iso dá por válidos os recortes que se veñen acumulando en materia de profesorado, de cadros docentes, no ensino público deste país desde os últimos sete anos. E ademais impide recuperar —o que para nós é unha cuestión fundamental—, no marco dun proceso de suposta recuperación económica, de maiores recursos orzamentarios para a Consellería de Educación nos vindeiros anos, os postos de traballo —xa digo— destruídos e que, de acordo cos seus propios datos, cos da Consellería de Educación, se situarían por volta dos 1.500 docentes no ensino público do noso país.

Nós insistimos en que as ofertas públicas de emprego non deben cubrir apenas as xubilacións que se produzan, senón que necesitamos recuperar—se é certo que estamos no marco desa suposta recuperación económica— tamén os postos de traballo destruídos, porque vinculada

a estes postos de traballo está tamén a prestación dun servizo de calidade, no caso do ensino, que é nin máis nin menos que un dereito fundamental.

Temos menos docentes non só no curso 2017-2018, xa digo que vimos acumulando ese recorte desde o ano 2010. Temos maior provisionalidade e peores condicións de traballo; unha precariedade —insisto— que reverte directamente na prestación do servizo. Porque aquí sacamos moito peito da profesionalidade e da entrega absoluta dos cadros de persoal docentes, pero o que temos a día de hoxe no noso país é que menos persoal está asumindo igual ou maior carga de traballo, e iso —insisto— supón un empeoramento das condicións laborais das miles de persoas que son a día de hoxe profesoras e profesores no ensino público do noso país. Por iso nós xa lle dicimos desde aquí que non aceptamos que esa oferta pública de emprego para o ano 2018 non contemple a recuperación dos postos de traballo destruídos no noso país. (*Aplausos.*)

Ademais, o que estamos a ver é que tampouco —nin inmersos nese discurso da suposta recuperación económica— se van recuperar os dereitos laborais recortados ou perdidos por eses cadros de persoal durante a crise económica, ao abeiro, ao amparo, desa crise económica: recuperación salarial, redución dun horario lectivo que vostedes ampliaron, de 18 horas a 20 horas, en secundaria. Tampouco prevén vostedes reducir as ratios de estudantes por aula. Creo que volvía facer agora mención de que son das mellores que nos podemos atopar no Estado español. Xa o temos dito moitas veces aquí, un non se pode facer trampas ao solitario nunha realidade demográfica como a galega, onde se compensan dalgunha maneira os promedios grazas á situación que atinxe aos centros de ensino no rural, pero iso non impide que haxa moita masificación en centros sobre todo de ensino urbano.

Nós insistimos —díxenllo na Comisión 3ª e vólvollo repetir agora—, tan importante é contar con maiores recursos económicos na Consellería para este ano 2017-2018 como para o 2018-2019, como igual ou máis importante é dotar o ensino público deste país investindo eses recursos orzamentarios para cubrir as necesidades e as carencias que hai a día de hoxe, que —insisto— son o resultado dos recortes acumulados durante os últimos sete anos.

Fronte a iso, vostede tamén facía referencia ao número de unidades e de prazas que financia o Goberno galego na privada concertada, 25 % dicía vostede. Sáenos bastante caro o 25 % das prazas, porque son 269 millóns de euros para 2018 o que recibirán eses centros de ensino privados concertados, e ademais veñen sendo incrementados os recursos públicos cos que contan de maneira continuada dende o ano 2015, incluídos —e non nos cansaremos de repetilo— os centros que discriminan o alumnado por sexos. A pesar dos plans de igualdade, a pesar do discurso da coeducación e da igualdade de xénero nas escolas, está a financiarse con cartos públicos, con cartos de todas e de todos, a segregación e o sexismo en centros públicos que incumpren ese plan de igualdade no ensino ao que vostede facía referencia na súa intervención. Ademais, segundo coñecemos esta semana pasada nun informe elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, son uns fondos públicos que representan o 60,5 % dos ingresos totais destas empresas no noso país, moitas delas vinculadas directamente coa igrexa católica, e son 6 puntos por riba da media española.

Entre esas partidas —vou entrar nunha das cuestións que a nós máis nos interesaba da súa intervención—, fináncianse tamén non só para o ensino privado concertado, tamén para o conxunto do ensino público do noso país, esa Estratexia EDUlingüe 2020, eses plans de promoción do plurilingüismo, basicamente do inglés, no ensino público do noso país. Ampliaron a introdución do inglés no ensino infantil nun país —non nos cansaremos de dicir— no que a presenza da lingua galega como lingua inicial das crianzas é absolutamente residual; apenas o 18 % declaran aprender a falar no noso idioma.

Fixérono ademais —esa ampliación ao ensino infantil, non tanto así ao bacharelato, sobre todo ao ensino infantil— sen ter avaliado, como fixa o Decreto 79/2010 na disposición adicional quinta —falaremos tamén hoxe nesta Cámara diso ao fío dunha iniciativa presentada polo Partido Socialista—, os resultados da súa aplicación en primaria e en secundaria, e por suposto sen ter en conta nin o máis mínimo a realidade sociolingüística galega.

¿Que datos temos da situación na que se atopan as distintas linguas do currículo despois destes anos de aplicación do decreto, despois de reducir —iso no mellor dos casos, e sobre o papel— a presenza do galego a un terzo das materias? ¿Que resultados académicos tira o estudantado naquelas materias impartidas en inglés? ¿Cal é o nivel adquirido nas distintas competencias lingüísticas do idioma estranxeiro? E ¿cal é o nivel de competencias lingüísticas adquiridas na lingua propia, se temos en conta —e tomo un caso real— que unha estudante de 2º da ESO dun instituto da cidade da Coruña apenas ten dúas materias en todo o currículo en lingua galega: lingua galega e xeografía.

Veñen aquí e dan números de centros, de estudantes plurilingües. Apenas hai que ter unha materia non lingüística en inglés para recibir tal consideración. É o caso dos que se incorporaron este ano e que asumen a impartición en inglés de plástica. Mais non hai nin un só informe de avaliación, nin un. E cando este grupo parlamentario —como vai facer tamén hoxe o Partido Socialista— pediu que se achegasen os informes de avaliación a esta Cámara, votaron vostedes en contra.

¿Que resultados pode dar un modelo baseado no tratamento en pé de igualdade —e iso, insisto, sobre o papel— de 3 linguas en clara situación desigual, unha delas nin sequera ambiental no noso país?

Vostedes, con esa estratexia de promoción da lingua inglesa e de potenciación suposta do plurilingüismo no ensino público, renunciaron declaradamente a que desde o ensino se poida facer un esforzo de reequilibrio para protexer e fomentar a lingua propia, en clara desvantaxe social a respecto do castelán. Fixérono, ademais, usando de coartada o inglés, unha lingua —insisto— que nin sequera é ambiental no noso país, e en detrimento, por suposto, da lingua propia do noso país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—xa remato—, e volvo a ese caso do que falaba, onde só unha materia, alén da lingua galega, se imparte na lingua propia deste país.

Na Galiza produciuse un cambio de paradigma desde que vostedes volveron ao Goberno e o inglés foi usado neste país como cabalo de Troia para ir restándolle espazos á lingua propia deste país. Conciben o plurilingüismo arredado completamente da concepción que nós cremos que debera ter, e é que debe ser desenvolvido sempre desde o respecto á diversidade lingüística e partindo do idioma propio e minorado, non en contra deste.

Pola miña banda, máis nada de momento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Educación, moi boa tarde. Señor Fernández Gil, moi boa tarde tamén porque estou seguro de que se dirixirá a min despois. Entón, xa imos adiantando os saúdos.

Señora Rodil, mire, a risco de que a señora Chao me pregunte que comín hoxe, estou seguro de que imos aprobar a PNL e que imos coñecer con certeza e claridade todos os items relativos á mellora da competencia lingüística do noso alumnado. Así é que, por iso, vostede tranquila polo menos ata a metade da tarde, despois xa iremos vendo como van saíndo as cousas.

Señor conselleiro, fai vostede unha comparecencia tardía e verspertina tamén, de forma anómala, pero en todo caso dentro do horario parlamentario. Chega o turrón aos supermercados e chega vostede ao Parlamento. Non é un prazo moi razoable, como xa lle recordou a señora Rodil hai un momento, porque vostedes mesmos cualifican de extemporáneas preguntas doutros grupos parlamentarios cando se producen incluso con antelación a esta data na que estamos, e francamente —dígollo co respecto e co aprecio que sabe que lle teño—, co resumo estatístico que fixo era moito mellor que mandara unha presentación en *power point*, que nola puxera aquí no Parlamento, e aforrabamos tomar nota de tanta cantidade de cifras como vostede citou. En todo caso, gustaríame referirme, aínda que só fora dunha forma somera, á cuestión.

Mire, ben está que o Bipartito existise como anomalía política nunha comunidade autónoma como esta. Ben está que o Partido Socialista Obrero Español gobernase no Estado durante unhas cantas lexislaturas tamén de forma anómala, porque o natural é que governe o Partido Popular, todo o demais é contra natura. Pero mire, sendo certo que a normativa á que vostede fixo referencia con respecto aos concertos é do ano 1985, e polo tanto dun Goberno Socialista, non é menos certo que o Partido Popular tivo tempo de cambiar esa normativa se a considera inadecuada, se considera que é contraconstitucional. Que o saiba o señor que agora dirixe a Fundación para a análise e estudo sociais —FAES—, que presidiu o Goberno do Estado entre o ano 1996 e 2004. Tivo oito anos para modificar esa normativa, se non a modificou, ¿por que hai que culpar permanentemente ao Goberno socialista da normativa dos concertos, que, por certo, deriva dun mandato constitucional? ¿Ou vai volverse vostede agora anticonstitucionalista? Porque se está na Constitución, é necesario desenvolvelo, e se é necesario de-

senvelo, terá que desenvolverlo o Goberno ao que lle corresponda. Pero, insisto, derróguena vostedes. Vostedes están no Goberno do Estado neste momento, non diga cada vez que vén aquí «unha normativa socialista» para referirse aos concertos educativos.

Entrando xa no obxecto da súa comparecencia, o problema, con independencia de todas as cifras que deu, é que a actividade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que como xa se lle recoñeceu moitas veces —porque así é certo— ten un exceso de competencias e posiblemente tivera que estar dividida, veu lastrada por dous motivos fundamentais. O primeiro, derivado da debilidade do Goberno do Estado da que todos somos conscientes, vostedes os primeiros. E o segundo, pola propia incapacidade da súa consellería e do seu goberno para xestionar de forma solvente os múltiples ámbitos competenciais exclusivos; é dicir, que son responsabilidade exclusiva desta consellería. Aspectos estes relativos ao Goberno do Estado como a aplicación da normativa estatal, a improvisación que houbo o curso pasado —diga vostede o que diga, todos sabemos que é certo— con respecto ás probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade dos alumnos, e aínda que non sei que matices e que diferenzas van ter, como acaba de anunciar, as deste curso, son consecuencia desa improvisación permanente.

Pero vostedes, dentro deste ámbito competencial, dentro deste mesmo Parlamento, dentro das comisións do Parlamento, rexeitaron sistematicamente todas as iniciativas que presentou este Grupo Parlamentario Socialista, que ían encamiñadas a mellorar e eliminar esa improvisación. Iniciativas que tiñan a única finalidade, ¡a única!, de contribuír a mellorar a realidade do noso sistema educativo e dotalo dunha maior estabilidade.

Dentro do ámbito competencial propio —e creo que non me vai dar tempo—, poderíamos identificar cinco grandes eivas que parecen sistémicas na súa política educativa.

En primeiro lugar, o plurilingüismo, ao que fixo referencia a señora Rodil. Esa famosa Estratexia 2020, que agora modernamente se chama 20-20, igual que falamos do ano 10 como se antes non houbera nada. Non se fala do ano 2010, fálase do ano 10. Pero bueno, é unha forma de falar, é unha forma coloquial.

A política do plurilingüismo revela a súa cara máis atroz cada vez que se publican as ordes polas que se autorizan novas seccións bilingües, novos centros plurilingües, novos centros de formación profesional que imparten o programa pluriFP, o estrela pluriFP, etc. De verdade, eu entendo que se teñen que publicar, loxicamente, no Diario Oficial, pero non pode vostede vir aquí sacar peito das cifras de participación dos centros neses programas, e moitísimo menos das competencias que poden adquirir os alumnos, cando no caso da educación primaria e secundaria reciben adicionalmente unha hora máis á semana en lingua estranxeira.

En formación profesional dual, da que vostede, por certo, non falou con grande ímpeto, ¡por algo será!, resulta que este curso ofertaron vostedes 18 ciclos formativos. Iso por non falar de toda a oferta de formación profesional na comunidade autónoma. ¿De verdade lle parece serio que veña dicir neste Parlamento que puxeron a funcionar un ciclo formativo novo en Monforte ou en Mondoñedo? ¿Iso é relevante dentro da política educativa da Consellería de Educación?

Falou vostede dos libros dixitais. É un fracaso ese modelo. É desexable pero é un fracaso, sábeo vostede. Sabe vostede que temos un problema serio ou hai un problema serio nos centros co funcionamento das plataformas dixitais. Sabe vostede que hai un problema coa dispoñibilidade de edicións dixitais dos libros nos centros, e iso segue existindo. Ademais, pregúntome unha cousa, ¿falou vostede recentemente co seu colega o conselleiro Rafael van Grieken —se é que se pronuncia así o apelido—, conselleiro da Comunidade Autónoma de Madrid, que acaban de publicar un decreto —mellor dito unha lei— que regula a gratuidade dos libros de texto en toda a Comunidade de Madrid para todo o alumnado das ensinanzas obrigatorias, e o material complementario?

¿Como non lle dixo vostede: *Mira, Rafael, ese modelo no te es muy eficiente, ¿eh? Es mucho mejor que copies el de Galicia*. Fale vostede co seus e dígalles: non, non, o noso modelo é este e é o máis eficiente do Estado. Dío o Defensor del Pueblo permanentemente, envíanos felicitacións cada pouco tempo porque temos deseñado o modelo máis eficiente.

Os concertos educativos aos que fixen referencia antes vostedes leváronos máis alá —é certo que non foron a única comunidade autónoma do Estado, nin moito menos, iso é certo— dos seis anos de vixencia obrigatoria no caso de educación primaria.

Teñen vostedes unha ausencia de diálogo formidable coa comunidade educativa, como se viu aquí ao remate do curso pasado. É verdade que eran polémicas innecesarias, polémicas con mera intencionalidade política, pero como lle acaba de recordar a señora Rodil, algún centro é certo que non volveu abrir.

Rexeitaron vostedes iniciativas deste grupo político, deste grupo parlamentario, para poñer en funcionamento os mecanismos que permitiran redefinir de forma consensuada o mapa escolar, ou como queiramos chamarlle, a oferta educativa, en definitiva, de toda a comunidade autónoma.

Rexeitaron vostedes iniciativas para recuperar as condicións de traballo do profesorado; que o alumnado repetidor computase dentro da ratio tamén o rexeitaron recentemente. Son vostedes ineficientes e ineficaces na xestión do gasto, e ademais teñen unha forma de orzamentar un tanto complicada de entender.

No cadro de execución orzamentaria do último trimestre, é dicir, ata setembro, resulta que hai partidas, como as relativas a ensinanzas artísticas, ás que vostede, por certo, non fixo a máis mínima referencia na súa primeira intervención, o cal deberá explicar —espero que o explique— na segunda porque creo que son un colectivo o suficientemente importante como para facer algunha referencia a eles.

Pero é que resulta que lles quitaron vostedes das súas previsións iniciais a friolera de 6 millóns de euros que tiñan orzamentados cando se aprobou o orzamento no ano 2017, e o crédito vixente é de 6 millóns de euros menos. ¿Onde foron parar?

Na prevención do abandono escolar eliminaron vostedes 3 millóns de euros da previsión de crédito inicial, e aínda así teñen un compromiso de gasto do 55 % neste momento, ao final

do terceiro trimestre. ¿Onde foron parar eses 3 millóns? ¿E por que do que queda aínda teñen sen executar, cando van as tres cuartas partes do curso concluídas, o 50 % do orzamento? ¿Que pasa? ¿Que non é relevante o programa de prevención do abandono escolar? Explíqueme vostede, se fai o favor, na segunda intervención.

Por certo, citouno vostede dunha forma máis ou menos indirecta, pero me gustaría poñer de manifesto ante esta Cámara a mentira reiterada á que nos veu sometendo a continua matraça —termo reacuñado e de moda ultimamente— do Partido Popular con que esta comunidade autónoma é a que mellor ratio alumno/profesor ten de todo o Estado. ¡É mentira! Foi mentira e segue sendo mentira. Era a segunda comunidade autónoma coa mellor ratio no curso 2008-2009, o curso 2015-2016 era a sexta comunidade autónoma... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, voullo dar agora...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señor presidente, aporto —xa que está de moda— como proba...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...da falta de verdade do señor conselleiro unhas táboas extraídas do moi pouco fiable sistema estatístico do Ministerio de Educación e Ciencia, por se acaso o queren consultar.

E este pasado curso —que é o último do que hai datos— ...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...estabamos no sétimo lugar; é dicir, un retroceso continuo na súa posición.

Terei a xentileza de pasar isto ao resto dos grupos parlamentarios...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...copia en cor das estatísticas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...ás que estou facendo referencia...,

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Moitas grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para unha máis fácil e mellor visualización.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor conselleiro.

Mire, tiña que comezar a miña intervención facéndolle unha pequena confesión. É ver na orde do día que vostede vén comparecer ao Pleno a petición propia e botarnos a trem, porque —como vimos nas comparecencias previas— todas veñen acompañadas de sorpresas, e non son das bonitas, non son das de Nadal, soen ser sorpresas das malas, sobre as que lemos dous días despois nos xornais noticias que nos preocupan. Porque vostede vén aquí, con aparente normalidade absoluta, e despois, reorganización de centros —chámalle—, recortes en definitiva. Entón, teño que serlle sincera, neste momento, dende o Grupo de En Marea no que estamos pensando é que novos recortes estará calando hoxe por medo a que a comunidade educativa lle volva saír ás rúas. Teremos que esperar, logo, dous ou tres días aos xornais, a ver o que nos contan. Porque é iso, é que a súa palabra e a súa fiabilidade nesta Cámara —sinto dicirillo— están un pouco postas en cuestión.

Oxalá por unha vez hoxe non calara e fora claro respecto de cales son os seus verdadeiros plans para o ensino deste país. Oxalá aproveitara o seu tempo para dicirnos se van seguir pechando aulas. Bueno, polo que dixó, intuímos que si; porque se non van mudar os criterios, intuímos que se van seguir pechando. Claro, vamos ter máis alumnos e menos aulas, o resultado é bastante claro.

Quixeramos saber tamén se van seguir prescindindo de docentes, pois disto tampouco dixó nada, e ignorando os representantes dos traballadores do ensino, que o certo é que —e aos feitos nos remitimos— parece que si. Supoñemos que os van seguir ignorando, como acaba de facer mudando as datas da ABAU sen contar coa opinión de toda a comunidade educativa. Vostede só falou cunha parte, que é algo, porque normalmente non fala con ninguén. Entón, que fale cunha parte está ben. Pero fíxese que nós aspiramos a que fale con toda a comunidade educativa, porque diso vai facer política, diso vai ser conselleiro de Educación: falar con todos os actores implicados.

Pero nada novo, isto lémbraunos o de sempre: facer política educativa sen a comunidade educativa, todo para a comunidade educativa sen a comunidade educativa. Máxima que nos lembra demasiado aquilo de todo para o pobo sen o pobo, xa saben. O mesmo pasou cos peches, o mesmo pasa coas extincións, o mesmo pasa co calendario, coas probas, cos dereitos laborais; en fin, con todo.

É dicir, que o que nos gustaría —e non debera ser tanto pedir— é que cando vostede vén comparecer a esta Cámara a usara para algo máis que para facer propaganda. E tamén para algo máis que para repetir os datos que calquera de nós pode ler na páxina da consellería, porque, de verdade —non se sorprenda—, ler sabemos. E ese informe que vostede repetiu aquí: cantos profesores temos, cantas aulas temos, cantos alumnos hai matriculados en cada nivel... todas as deputadas e os deputados o podemos consultar dende a nosa casa. En realidade o que nos gustaría é que vostede viñera aquí facer algunha lectura política dos mesmos, ou que nos trouxera algunha proposta política novidosa. Pero non, vostede en teoría viña aquí falar do inicio do curso escolar —xa non vamos dicir nada do calendario, xa llo dixeron— e ao que veu en realidade foi a dicirnos practicamente o mesmo que fixo hai dous meses. Está ben, non imos ser nós quen lle digamos que non, todo o contrario. ¡Xa podían outros conselleiros tomar nota! Vostede outra cousa non, pero vir á Cámara vén. Outra cousa é que veña comparecer, en realidade vén a outra cousa, pero polo menos vén. Iso si, ao que vén é, unha e outra vez, repetirnos as mesmas medias verdades, datos falseados e estatísticas manipuladas. Iso xa non está tan ben.

Seguro que coñece a frase popular que di que hai tres tipos de mentiras: as mentiras, as grandes mentiras e as estatísticas. E vostede sabe perfectamente que as súas favoritas son as terceiras, que son as que escoitamos habitualmente nesta Cámara cando vostede comparece. Claro, disfrázanse moito mellor, pero son as máis perigosas. E son as mentiras estatísticas que usa cando vén aquí e fala das ratios.

Acaban de dicirlllo, acáballo de dicir o señor Álvarez. Non é certo, é totalmente falso, non temos as ratios máis baixas do Estado. Pero fíxese que nin sequera é esa a cuestión. A cuestión, o realmente importante, é que fan trampas cando falan das medias nas aulas. Porque, claro, cando sumamos aulas nas que hai 6 alumnos con aulas nas que temos 30, dicir que hai unha media de 15 é que en realidade é non dicir nada. Con iso non sabemos nada do que está pasando nas aulas do país. É o conto dos polos que xa lle dixen aquí e entón non o imos repetir, ¡como o coñecemos os dous! Fan falta outros datos. Para coñecer a realidade do sistema educativo precisamos outros datos. Porque o que pode acontecer —e de feito acontece— é que hai xente que come moitos polos e outra xente que non come ningún; entón, saber que hai dous polos e dúas persoas sérvenos de pouco.

Doutra banda, vostede co que fai trampas é contabilizando as ratios para ignorar o alumnado repetidor. Díxenllo na súa comparecencia previa, pero é que é un asunto que segue enriba da mesa e sigo esperando —chámeme inxenua—, sigo agardando a que vostede faga honra ao cargo que ocupa e me dea algunha explicación en sede parlamentaria de por que non se conta o alumnado repetidor nas ratios. Porque se é tan importante contar as persoas que temos nas aulas para establecer cales son as nosas necesidades e vostedes deciden non contar o alumnado repetidor, algo falla. Entón, por favor, oxalá aproveite a quenda e o explique, porque, se non o explica, pon en evidencia que non pode explicalo. Entón, mente estatisticamente, e encima manipula os datos, usando datos que sabe perfectamente que non se corresponden coa realidade. Así que, por favor, non se atreva a subir aquí dicir que están todas as necesidades cubertas, en todo caso, diga que están cubertas as necesidades do alumnado que non repite, porque o alumnado repetidor vostede non o conta, para vostede é como se non existira. O único sitio en todo o Estado, ¡jé inédito!

E teño que pararme tamén na segunda clase de mentiras estatísticas, a do fracaso escolar, que é outra das súas favoritas. Hoxe non se centrou aquí, pero como é unha das súas favoritas creo que tamén merece un pouco de tempo.

¿Reduciuse o fracaso escolar en Galicia? Si, evidentemente. ¿E é isto unha especificidade do sistema educativo galego? En ningún caso. É máis, ¿foi en Galicia onde máis se reduciu o fracaso escolar dende que vostedes gobernan? Non, tampouco. A redución do fracaso escolar en Galicia foi menor que noutras comunidades, menor tamén que a media do conxunto do Estado. Así, dende o ano 2009 —e collo ese ano porque foi cando vostedes chegaron ao Goberno, non busque outra razón extraordinaria— o fracaso escolar reduciuse en Galicia en 10 puntos e medio; mentres no conxunto do Estado fíxoo en case 12 puntos. Pero podíamos falar tamén de Cantabria ou da Rioxa, comunidades nas que se reduciu en 16 e 14 puntos respectivamente. Teño por aquí os datos, por se acaso cre que non son os correctos. Porque como ás veces di que mentimos, pois témolos por aquí.

Ao final, a cousa é o de sempre, depende de con quen nos comparemos. Nós aspiramos a compararnos cos mellores da clase. Aspiramos a compararnos sempre con aqueles que están mellor ca nós, porque compararse cos que están peor é fácil e non di moito dun Goberno; ou si, pero non sei se di o adecuado. E aínda hai, señor conselleiro, ¡fíxese se hai! Porque mentres en Galicia a taxa do abandono escolar está no 15,2 %, en Cantabria sitúase no 8,6 % e en Euskadi no 7,9 %. Queda traballo, logo.

(A señora Chao Pérez diríxese ao presidente da Mesa.) Hai moito ruído de fondo todo o tempo...

O señor PRESIDENTE: Hai un pouco. Si, si, hai un pouco, ten razón.

A señora CHAO PÉREZ: Si. Pois...

O señor PRESIDENTE: Recoñezo que é un pouco molesto, pero isto é case xeral tamén.

Prégolles se pode haber un pouco de silencio, porque é certo que se escoita aquí algo. Desde aquí escóitase todo.

A señora CHAO PÉREZ: Claro, é que non...

O señor PRESIDENTE: Eu pódolles reproducir todas as conversacións de vostedes desde aquí. *(Risos.)* Escóitase todo desde aquí porque miran para aquí. Pero está no uso da palabra e gustaríame que respectasen a quen está no uso da palabra.

Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

E outra cuestión, ¿nestes datos están todos os que son?, porque isto é moi importante. Non. E aquí xa non estamos falando dunha mentira estatística, senón dunha manipulación intencional. O desvío do alumnado con máis dificultades do sistema educativo ordinario á cha-

mada FP básica é unha das formas que teñen para ocultar en realidade o fracaso educativo, e disto vostede non dixo nada. Pasa o mesmo que co alumnado repetidor: ocúltano, apártano, ignóranos, sácanos das estatísticas e logo presumen de que melloran. ¡Así mellora calquera! Pero de que máis do 40 % das alumnas e alumnos que van á FP básica abandonan no primeiro curso, diso non comentan nada.

Sigamos coas ausencias, pois temos moitas preguntas e moi pouco tempo, polo que tratarei de centrarme nalgunhas das máis relevantes. ¿Como é posible, señor Román, que vostede veña sacar peito a este Parlamento do seu labor cando ten a dubidosa honra de acabar de presentar os orzamentos con menor investimento porcentual sobre o PIB? É dicir, a economía si está medrando, pero o diñeiro que temos para o ensino diminúe. Resulta que cando o Partido Popular chegou ao Goberno o investimento no ensino supoñía o 4,62 % do PIB. E segundo as súas previsións —que non son as de En Marea, segundo as súas—, isto vai quedar para o vindeiro ano nun penoso 3,59 %; unha cifra que implica que aínda estamos 5 puntos por debaixo da media estatal. Pero o que é o peor, é que o Estado español xa é o quinto pola cola de toda Europa, e a cifra que vostedes poñen enriba da mesa déixanos só por enriba de Romanía, que ten un 3,1 %. Isto si que debe ser un moito de satisfacción, debe ser que estamos facendo as cousas de marabilla.

A cuestión, señor Román, é: ¿ata cando? ¿Ata cando van seguir desprezando os servizos públicos? ¿Ata cando van seguir recortando os nosos dereitos? Porque o conto da recuperación, polas aulas públicas dende logo non pasa. Nas aulas públicas, o conto da recuperación é iso, un conto; é unha broma de mal gusto.

Explíquenos se vai haber algún cambio, porque o que parece é que a situación non vai facer máis que empeorar. ¿Como vai cumprir senón o programa presupostario para o 2018 que vén de presentar Montoro en Bruxelas, que di que vai recortar 7.278 millóns, dos que máis da metade van ir a sanidade e a educación? ¿Como vai afectar iso ao ensino público galego? ¿Ten algunha proposta? ¿Ten algún plan para evitar máis recortes sobre as aulas públicas? Porque disto vostede non dixo absolutamente nada.

¿Sabe cal é o problema? Que os recortes non son inocuos, xa llo temos dito moitas veces, teñen efectos claros. Poderíamos falar de moitos deles pero hoxe voume centrar nun caso concreto, malia que ao señor Fernández Gil non lle gusten, pero resulta que a realidade se compón de casos concretos. E nós pensamos que un conselleiro non pode sacar peito absolutamente nada se todos os casos concretos non están cubertos. Porque os casos concretos son os que se viven nos centros educativos do país, os casos concretos son os que conforman a realidade.

Vostede vén aquí e saca peito do sistema de préstamo de libros dicindo que temos o mellor sistema de préstamo de libros posible. ¡Mentira! ¡Falso! ¡Rotundamente falso! Se non, vaia reunirse coa Anpa de Santa Baia, en Boiro. O seu grupo veu de votar en contra da renovación dos libros de texto a 120 rapaces e rapazas que están estudando con libros de 2009. Non teñen libros suficientes porque, claro, nestes anos fóronse estropeando. Pero é que ademais son libros que están descatalogados, co cal é imposible suplilos con outros. E ademais son libros que están rotos e téñenos que prestar uns nenos a outros, e están estudando con fo-

tocopias. ¿E vostede vén aquí e di que temos o mellor sistema de libros posible? (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*) É caso concreto, si. Pero a nosa pregunta é: ¿cantos casos concretos coma este hai en todo o país? ¿Cantos centros educativos galegos teñen problemas por non teren os libros suficientes? Responda a esta pregunta e logo discutiremos se é posible ou non dicir que en Galicia temos o mellor sistema de préstamo de libros posible. Porque, polo que sabemos, hai demasiados casos concretos, señor conselleiro; e cando hai demasiados casos concretos, hai poucos motivos para o optimismo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Vou rematando.

Xa lle dicía, temos moitas outras preguntas, pero vou rematar cunha que afecta directamente á concepción que ten o Partido Popular do sistema educativo. O proceso en virtude do cal o Partido Popular e a súa penosa lei educativa trataron de mercantilizar o ensino público, tratando de transformar un sistema educativo nun sistema unicamente formativo ao servizo dos intereses de mercado.

Unha pregunta moi concreta, ¿cando vai volver a filosofía aos centros de ensino? Porque vostedes se comprometeron aquí, en sede parlamentaria, a facelo xa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: E temos dúbidas, porque parece que a vostede sempre lle sobrou a música, sempre lle sobraron as artes, sempre lle sobrou a filosofía. Non esquecemos, señor Román, que foi o Partido Popular o que expulsou a filosofía dos centros de ensino, entón queremos saber...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...cando vai volver.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, se podemos extraer unha conclusión de todas as intervencións que escoitamos dos grupos da oposición ata o de agora, é unha moi sinxela: que o inicio de curso foi ben. O inicio de curso foi ben porque precisamente os grupos da oposición falaban de todo menos do inicio de curso, que era o obxecto da convocatoria. (*Aplausos.*) Entón, iso vén

dicir que o inicio de curso foi ben, unha cuestión que, por outra banda, é o lóxico e o que lle corresponde ao traballo dunha administración responsable. Porque, ao final, vostede estivo aquí levando a cabo unha intervención para falarnos sobre o inicio de curso na Comunidade Autónoma de Galicia e o que fixo foi transmitir os piares básicos nos que se ten que fundamentar un inicio de curso dende a perspectiva dunha administración: normalidade, certeza, previsibilidade, seguridade e transparencia. Transparencia, obxecto, por exemplo, desta comparecencia que hoxe temos aquí.

Por certo, xa non só era previsible que dende unha administración responsable o curso arranque ben, senón que era tamén previsible o argumento da oposición de dicir que a comparecencia chegaba un pouco retrasada, porque xa estamos case rematando a primeira avaliación. Previsibilidade da que tamén neste caso fai gala a oposición. E non sempre a previsibilidade é un concepto negativo, senón que no caso —como dicía antes— dun goberno que leva a cabo unha acción política a previsibilidade convértese nun concepto positivo.

Vostedes —como dicía antes— aproveitaron a comparecencia para falar ou repetir aquelas cuestións que permanentemente están repetindo respecto do ensino en Galicia, intentando trasladar cara á sociedade esa imaxe de que o ensino en Galicia é un desastre, imaxe que ninguén lles compra pero que vostedes insisten unha e outra vez en vender. Se queren continuar por ese camiño, ¡alá vostedes! Dende logo, nós, para facerlle un favor á sociedade, o que temos é que falar con realidade do sistema.

Faime moitísima graza, eu estaba escoitando atentamente á señora Chao e dalgún xeito deslizou esa teoría de que non imos permitir que a realidade nos estropee o discurso. Esa teoría é unha teoría que repiten moitísimo dende En Marea e dende os diferentes grupos da oposición. Porque dixo: falan do cálculo das ratios. Claro, como a vostedes non lles gusta o cálculo das ratios, din: modificamos o cálculo para axustar a ratio ao noso discurso. Non, iso é o que temos que facer; é dicir, modificar a realidade para que non nos estropee o discurso. Mire, isto é ao revés, aquí estamos para vir falar da realidade, para transmitirle á xente o que están vendo e o que están vivindo, porque, en definitiva, niso consiste a realidade, no que os cidadáns ven e no que os cidadáns viven, e eles tamén teñen unha opinión. Non temos que nós, dende aquí, intentar distorsionar a visión que eles teñen da realidade, porque ao final, cando intentamos distorsionar a visión que os cidadáns teñen da realidade, atopámonos con que, chegado o momento en que os cidadáns opinen, dinnos que non comparten a nosa visión da realidade.

Polo tanto, xa lles digo, eu creo que debemos deixar de lado esa perspectiva ou esa tendencia reiterada de intentar moldear a realidade arredor do discurso, e aconséllolles —permítome a licenza de dar un consello— que vostedes o que teñen que facer é articular os discursos arredor da realidade.

Dito isto, eu creo que hai que centrarse no que falou o señor conselleiro nesta comparecencia, porque a verdade é que hai cuestións importantes que foron saíndo sobre como é o funcionamento.

Hai que ter presente a complexidade do arranque dun curso escolar, a magnitude dunha administración e, neste caso, a magnitude da Consellería de Educación, coa cantidade de cen-

tros escolares, a cantidade de profesorado, a cantidade de alumnado, e como todas estas cuestións teñen que encaixar dentro desa normalidade da que falabamos antes para que a sociedade viva de xeito normal o inicio do curso escolar. Neste sentido, puxéronse e póñense en marcha servizos complementarios como o transporte, como comedores, como a dotación de libros de texto. Lévese a cabo, en definitiva, un uso eficiente e eficaz dos recursos, sempre atendendo as necesidades educativas dos centros.

Normalidade tamén na organización dos centros escolares. Houbo unha cuestión que me resultou tamén moi curiosa dentro das intervencións que fixeron os diferentes grupos da oposición, foi como todos recordaban o feito de que o centro Emilio Navasqüés, en Outes, está pechado. É certo, sempre se dixo que o centro Emilio Navasqüés, en Outes, pechaba, pero, sen embargo, o que non dixo ninguén da oposición foi por que, mentres eles repetiron unha e mil veces que outros centros escolares en Galicia, concretamente nas Pontes, concretamente en Ribadavia, concretamente no Porriño pechaban, hoxe calquera de vostedes pode ir alí, entrar pola porta e comprobar que seguen abertos e seguen dando clases. ¿Por que mentiron? ¿Por que mentiron, cando vostedes sabían que isto non era así? Claro, agora chegan aquí e falan do Emilio Navasqüés, moi ben. ¿Pero por que non falan da mentira que reiterada e intencionadamente lle estiveron transmitindo á sociedade galega ao final do curso pasado? (*Aplausos.*)

Miren, hai moitas cuestións —como dicía antes— nun inicio de curso, nunha comparecencia de inicio de curso. Falábase tamén sobre o profesorado, falaba a señor Rodil de que non estaba conforme coa taxa de reposición e, polo tanto, coa oferta pública de emprego. Evidentemente, vostedes saben que a taxa de reposición é unha cuestión dependente do orzamento xeral do Estado. Estamos a falar dunha taxa de reposición neste caso do cen por cento e que dá cobertura a todas aquelas prazas que xorden despois de xubilacións. Entón, nese sentido, como dicía o conselleiro, estamos cun número de profesorado que cumpre co catálogo de profesorado que ten a Comunidade Autónoma e, polo tanto, están as necesidades do sistema educativo cubertas. Unha vez dito isto, que están as necesidades do sistema educativo cubertas, vostedes teñen que pensar na outra vertente, na vertente da racionalidade e da eficiencia na utilización dos recursos públicos, porque ao final unha administración responsable ten que caracterizarse tamén por esa racionalidade e por esa eficiencia.

Criticaron tamén vostedes bastante os diferentes aspectos do modelo educativo galego, que impulsa neste caso, así o anunciara o conselleiro en xuño e veuno ratificar hoxe, novas medidas como o impulso ao modelo plurilingüe, a nova estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia, a mellora da convivencia nas aulas e o reforzo da formación profesional. Vostedes diso non falan porque, claro, iso non interesa, pero iso forma parte do inicio de curso.

Non quixeron falar da nova dotación de equipamentos tecnolóxicos nos colexios, do reforzo da competencia dixital e tecnolóxica do alumnado, dos novos libros e aulas dixitais, do reforzo de vocacións STEM, todas cuestións que están relacionadas co inicio e co desenvolvemento do curso no que estamos inmersos agora.

Tampouco falan da perspectiva da convivencia nas aulas, da mellora da convivencia nas aulas. O conselleiro falou de algo que nós entendemos moi interesante para seguir nesta liña

de mellora da convivencia nas aulas, que é volver levar a cabo unha avaliación e unha diagnóse da situación real da convivencia nos centros escolares de Galicia para, dalgún xeito, reforzar as accións existentes pero tamén implementar novas accións para mellorar. Ao final estamos de acordo, porque sempre ten que haber algo no que coincidamos todos. Se algo ten que caracterizar un sistema educativo é o constante progreso e a constante intención de mellorar. E, nese sentido, eu creo que todos temos perfectamente claro que a Consellería, aínda que nós o expresemos e vostedes non, si se esforza por mellorar os diferentes indicadores do sistema educativo e por mellorar a realidade dos galegos e as galegas nas aulas, e, polo tanto, de toda a comunidade educativa, non só dos rapaces e rapazas que reciben as aulas, senón tamén dos profesionais da educación, e tamén, como non, dos pais e das nais, implicando ademais, como falou o señor conselleiro, os propios pais e nais no fomento desta convivencia e da coeducación a través das escolas de pais e nais, que son medidas a levar a cabo para mellorar a realidade da comunidade e do sistema educativo galego.

En definitiva, falouse tamén do reforzo da formación profesional. Ao final a formación profesional ten que estar ligada e da man da sociedade; ten que estar ligada ao tecido socioeconómico e ao tecido produtivo de cada comarca ou de cada ámbito concreto. Nese sentido, levouse a cabo un esforzo importante en adaptación de ciclos; tamén a consolidación dunha rede de viveiros de empresa; implantación das linguas estranxeiras tamén neste caso na formación profesional; e a ampliación da formación profesional nos propios centros de traballo, a aposta pola FP dual. Tamén forma parte dos servizos escolares a mellora de bibliotecas escolares a través dos diferentes plans, do Plambe e do LÍA. En definitiva, tamén se falou dunha cuestión que vén reforzar a idea que eu transmitía ao inicio da miña intervención, de previsibilidade, certeza, normalidade e seguridade. Seguridade tamén a todos os niveis: seguridade xurídica e seguridade persoal coas ABAU, as probas de avaliación para acceso á universidade, xa que quedou ben claro e está perfectamente definido cales van ser as datas: 12, 13 e 14 de xuño e setembro para este ano 2018. E tamén queda definida xa a modificación en contacto coa comunidade educativa, porque si foi en contacto coa comunidade educativa a decisión de adiantar estas probas, concretamente a proba de setembro do ano 2019, para xullo, para dese xeito amoldar as propias probas de acceso á universidade ao que son os calendarios universitarios e evitar as disfuncións que se producían, como ben sinalou antes o conselleiro.

En definitiva, e xa para rematar, dicirlles que ao final —como dicía ao inicio da miña intervención— a acción dun goberno tense que caracterizar por achegarlle á sociedade certezas, por achegarlle á sociedade seguridade e porque achegarlle á sociedade previsibilidade. Tense que caracterizar tamén por levar a cabo un uso eficiente dos recursos e tense que caracterizar por garantir servizos públicos de calidade. Polo tanto, se temos presente que estas son as características e as notas fundamentais dunha administración responsable, temos que concluír, cos datos do inicio de curso enriba da mesa, que a Administración educativa da Xunta de Galicia é unha administración responsable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Hai unha crítica formal sobre a demora e sobre a forma ou os datos que se plantexaron nesta comparecencia. Xa comentei ao principio que a nosa intención era comparecer antes, pero cuestións podemos dicir de forza maior fixeron ir cambiando a data. Certamente me sorprende cando se cuestiona que se dean datos nunha comparecencia de balance de inicio de curso. Unha comparecencia de balance de inicio de curso xa é precisamente para traer os datos, unha vez pechados, de como foi o inicio de curso, co cal creo que aí hai unha certa cuestión de perda do referente respecto da forma do que é esta comparecencia.

Comezando polas cuestións aquí ditas, e respecto do que di o Bloque Nacionalista Galego, que pasou parte da súa intervención falando do cadro docente desta comunidade autónoma, eu ratifícome no que dixen: temos as ratios máis baixas de España. Obviamente hai diferenzas territoriais entre o rural e o urbano, pero iso tamén se dá en todas as partes de España, sen dúbida, sobre todo nas zonas cun poboamento semellante ao noso, nas zonas do norte, porque o poboamento noso é diferente, pero hai zonas rurais e urbanas en todas partes, co cal, creo que ese é un dato que hai que ter en consideración. O que si é certo, señora Rodil, é que Galicia ten a taxa de interinos máis baixa de España. Ese é un dato obxectivo, é un dato que non é opinable, é a ratio máis baixa.

Fíxese que hai comunidades autónomas, por exemplo Cataluña ou por exemplo Cantabria, onde nalgún caso hai colexios que teñen cero profesores funcionarios. Vostede cuestiona que se incrementou o número de persoal interino e parece que quere descargar no Partido Popular a culpa das taxas de reposición que foron impulsadas por un goberno que vostede sabe que foi un goberno de esquerdas, un Goberno socialista, e foi precisamente o Goberno do Partido Popular quen recuperou a taxa de reposición ao cen por cento.

Esquécese dese dato, que é moi importante, como tamén se esquece dun dato fundamental: que as dotacións dos centros se basean nun catálogo do ano 2007, non feito por unha administración do Partido Popular, senón feito por unha administración neste caso do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, feito nunha época de maior bonanza, e pódolle dicir que se cumpre o catálogo, como non podía ser doutro xeito.

Respecto da OPE, xa o anunciei, imos cubrir o cen por cento das xubilacións —temos que pechar cantas son exactamente— e imos cumprir tamén os acordos de estabilización, polos que se vai incrementar o profesorado titular, os profesores con oposición, fronte aos profesores interinos. Vai haber unha maior estabilización, creo que xa o dixen, e estou seguro de que vostede estará a favor diso.

Fala vostede tamén do galego, e aquí a verdade é que están confundidos, a realidade confúndeos. Vostedes teñen unha visión do país que é a súa, que é respectable, pero certamente se deberían abrir un pouquiño máis á sociedade e ver como é realmente a xente deste país, que é moito máis aberta e moito máis plural do que vostedes pensan. E iso non é que o diga

o Partido Popular, díu unha persoa que fala habitualmente galego sen ningún tipo de problema. Hai uns datos que se publicaron hai moi pouco nunha enquisa e veñen dicir algo que a vostedes seguro que lles sorprende, que o galego é a lingua cooficial máis usada de España, sen dúbida. É un dato estatístico real do ministerio, e un dato que lle debería a vostede facer reflexionar.

Igual que outro dato moi importante, que unha porcentaxe altísima de galegos recoñece ou lle dan o mesmo papel como lingua materna ao galego que ao castelán porque é unha sociedade bilingüe. E iso gustaranos ou non, pero é a realidade do país e a realidade da nosa xente, da nosa sociedade. E vostedes están dalgún xeito obsesionados con que só pode haber unha lingua materna e que esa lingua materna sexa exclusivamente a súa, a de todos, o galego. Pero non, eses datos pónennos encima da mesa unha realidade moi diferente á que vostedes parecen ver, e sobre todo esas mensaxes catastrofistas sobre o uso do galego. Cada vez que se plantexa nestas datas, cae o seu discurso.

¿E por que o inglés? Parece que vostedes cuestionan que os nenos galegos estean aprendendo inglés a uns ritmos moito máis elevados dos precedentes. ¿Por que? Por unha sinxela razón, porque, queirámolo ou non, estamos nunha sociedade cada vez máis globalizada, cada vez máis aberta, onde a destreza e o manexo de idiomas é fundamental xa non só para ir fóra, senón para estar aquí. Porque un alumno cun manexo o máis alto posible —un neno ou unha nena, un mozo ou unha moza— dunha lingua estranxeira —do inglés— vai ter moitas máis oportunidades na vida. E o sistema educativo o que dá é igualdade de oportunidades intentando estender o dominio dunha lingua estranxeira a través do sistema educativo.

Eu oínlle a unha portavoz súa que o sistema do plurilingüismo era para os ricos. E eu respondinlle naquel momento, non llo quero responder a vostede: é xusto ao revés, isto o que está facendo é dar igualdade de oportunidades a todos os alumnos.

Partido Socialista. Señor Álvarez, creo que o traizoou o subconsciente, e dígolle por que. Intentou xustificar que a modalidade de ensino concertado fora impulsada por un goberno socialista, e é certo. Eu simplemente facía o relato dunhas circunstancias, e vostede comezou a dicir que o PP gobernara moitos anos. En España goberna, gobernou e está gobernando, pero máis anos gobernou o Partido Socialista; en Galicia gobernou o Partido Popular moitos anos e tamén houbo administracións socialistas, en concreto, en dous períodos. Tamén en Andalucía, por exemplo, sempre gobernou o Partido Socialista. Creo que aí o traizoou o subconsciente. Eu non culpo o Partido Socialista de pór en marcha o sistema de ensino concertado, parece que vostedes teñen vergonza de recoñecelo. Non sei se é o seu caso —ao mellor o seu caso non o é—, pero si é certo que moitos socialistas parece que renegan do que teñen feito non hai moitos anos e que teñen certo complexo de culpa. E xa non digamos os seus socios de esquerdas, que o din en moitas ocasións, pero despois, á hora de verdade, non o cumpren.

Si, o sistema de ensino concertado é unha aposta ou foi aprobado e posto en funcionamento por un goberno socialista. Eu simplemente fixen un relato sen entrar en ningunha valoración, que vostede fixo. É dicir, nós non os culpamos para nada do concertado, pero parece que vostede —non sei vostede, vostede non— ou algúns da súa formación política e, por

suposto, os seus socios renegan diso. Non reneguen, é unha cousa que hai que vela con auténtica normalidade, e como vostede dixo, está na propia Constitución.

Obviamente, vostede plantexou aquí unha especie de panorama negro: todos os programas funcionan mal, todo é un desastre, o plurilingüismo, a FP dual, o libro dixital, etc. Home, realmente sería un desastre se as comunidades educativas non participasen nestes programas ou se o resultado final destes programas non fose unha mellora do alumnado no ámbito do manexo das tecnoloxías, no ámbito do plurilingüismo, se non estivésemos medrando, aínda pouco, pero medrando cada vez máis en FP dual, etc. Pero si hai datos de que as destrezas lingüísticas neste ámbito teñen medrado notablemente nos últimos anos. Obviamente, é o primeiro ano que se implementa o plurilingüismo en infantil, en FP e en bacharelato, e sen dúbida isto vai medrar.

Imos mellorar os materiais para o libro dixital, xa o dixemos; acáboo de dicir na miña comparencia. Acabamos de ter un novo licitador para materiais, imos ter un novo sistema de materiais de inglés e tamén máis materiais fabricados, producidos, polos propios profesores, co cal hai aí unha elevada mellora.

Pero hai unha cousa que si me chamou a atención do que vostede me dixo, dúas cousas en concreto. Unha, sobre a execución: esta consellería é a que máis executa de toda a Xunta; sen dúbida, é a que máis executa de toda a Xunta. Ten practicamente o 90 % sempre comprometido ou sempre en recoñecemento de obrigas; é un dato absolutamente obxectivo. E hai outro dato que tamén me preocupou. Vostede sacou unha estatística. Eu creo que aquí temos un problema, porque non sei que datos manexa vostede cando falamos da ratio profesores/alumno. Eu supoño que manexará este informe, o *Informe de las cifras de la educación en España, estadísticas e indicadores*, editado polo ministerio en 2017, e voulle dar os datos claramente da relación alumnos/profesores. Non sei da súa información. Eu hoxe vexo aí un papel escrito por vostede, moi bonito, pero non sei a fonte. Eu doulle a fonte estatística oficial, a do ministerio, é esta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E esta dinos que en Galicia a ratio é a seguinte —fíxese—: a nivel total, en Galicia a ratio é de 10,5; en Asturias, 10,9; en Andalucía, 13,1; e en Cataluña, 13,2. Asturias e Galicia, as máis baixas, 10,5 e 10,9. E en infantil e primaria, para unha área concreta: en Galicia, 11,6; en Asturias, 12,6; Andalucía, 14; e Cataluña, 15,6. Eu non sei se este libro conta mentira ou conta verdade, pero certamente fíome del porque non teño outra fonte mellor para poder ratificar a miña afirmación.

E respecto do diálogo que se plantexa, doulle as grazas por unha cuestión que dixo vostede. Ao remate do curso pasado dixo vostede que houbera moitas críticas con intencionalidade política que eran falsas —díxoo vostede, apunteino—. Certamente, naquel momento eu dixen nesta Cámara que había unha intencionalidade política clarísima en lanzar unhas mensaxes que non se cumpriron. E certamente a señora Luca Chao —que fixo unha entrañable exposición— volveu outra vez falar de peches, de extincións... Eu creo que chega o momento en que, mentres está no aire o discurso, pódese manter unha cuestión así, pero cando a realidade tira por terra esa argumentación política, eu creo que o mellor que se podía facer é ser humilde, recoñecer que se estivo intentando enganar, que non se conseguiu enganar, e aceptar «pulpo» por animal de compañía —como vostede di—. (*Aplausos.*) Certamente, señora Chao, o seu discurso quedou baleiro, e que siga vostede insistindo

absolutamente niso, eu creo que a deixa en mal lugar. Pero, bueno, non son eu quen para intentar corrixila, ¡Deus me libre!

En todo caso, tamén dixo vostede, señora Chao, que consultara os datos e que ve os datos. A min estráñame que os vexa, porque, se os vira, non diría o que di. Porque aquí fala de estatísticas, mentiras estatísticas, etc.; eu estou seguro de que se os mirase e os interpretase non o podería dicir. Vostede fala do fracaso escolar e di que noutras comunidades autónomas baixaron máis en bruto. ¡Home, claro que baixaron máis en bruto!, pero ¿por que? Porque partían dunhas ratios moito máis elevadas. Por suposto que outros tiveron que baixar máis en bruto.

Pero, fíxese vostede, mire, voulle facer unha pequena secuencia histórica da dinámica dos datos de fracaso escolar, unha das variables máis importantes para medir a equidade do sistema educativo. Porque non hai nada máis inxusto que que un alumno saia á rúa, que un mozo ou unha moza saia á rúa, sen ningún tipo de titulación, porque iso pódeo levar por uns itinerarios vitais ben complexos e ben difíciles. E, mire, durante o Bipartito —por iso non hai unha asociación directa entre máis recursos, como dicía o señor Álvarez, e menos fracaso escolar— houbo un incremento notable dos recursos en educación —si, houbóa— pero ¿iso supuxo unha redución do fracaso escolar? Non, ao contrario, incrementouse aproximadamente de 23 a 26 e unhas décimas. Dende o ano 2009 houbo unha baixada progresiva do fracaso escolar ata chegar nestes momentos, no último trimestre, a 14 e unhas décimas —14,7, 14,6, aproximadamente—, por debaixo do 15 %, que é o nivel que nos fixa Europa para o ano 2020. É dicir, xa estamos por debaixo do obxectivo que se nos fixaba para o ano 2020. E, obviamente, unhas comunidades autónomas baixaron en bruto máis, pero porque partían de datos moito máis altos. Había comunidades autónomas por riba do 30 %; é dicir, practicamente 1 de cada 3 nenos ou nenas saía á rúa sen ningún tipo de titulación. Por iso digo que é moi cuestionable o que vostede me está a dicir.

E cando me di os datos, eu tamén lle digo: ¡pois vamos mirar os datos! Vólvolle recomendar esta estatística. Esta non está na páxina web da Consellería pero está na páxina do Ministerio. ¿Sabe canto inviste Galicia de media por alumno? Inverte 8,14 euros por alumno. ¿Canto inviste Andalucía? 6,28. ¿Canto inviste Cataluña? 7,3. ¿Madrid? —para que vexa que non son todos dun... digamos que para que haxa tamén algún do Partido Popular— 7,8. ¿Valencia? 7,4. Hai algunhas que están en valores semellantes ou valores superiores: Navarra, 8,9; Cantabria, 8,5. Pero nós estamos moi ben posicionados no investimento.

En todo caso, señora Chao, eu non o ía dicir, pero reafirmouno varias veces e non me queda máis remedio que dicirillo. Eu non son de sacar peito en ningún caso, como vostede aquí dixo en varias ocasións. Eu creo que hai que ser moi humilde e que hai que ter moita prudencia, porque se se é humilde e se é prudente métese menos a pata, métese bastante menos a pata. Eu creo que vostede mo recomendou a min, e eu tamén llo recomendo a vostede sinceramente: sexa máis humilde, sexa máis prudente, porque seguramente meterá menos a pata.

E, claro, ao final hai como unha especie de certo complexo de superioridade moral cando se escoitan algunhas afirmacións que realmente a min non deixan de sorprendeme. Vostede fala e cuestiona o sistema de gratuidade solidaria. Eu preguntolle: dígame vostede un sistema

máis xusto socialmente, onde unhas familias que teñen recursos poden dalgún xeito aportar para ese sistema, e as que teñen menos recursos teñen o cen por cento cuberto, absolutamente cuberto. É difícil atopar un sistema máis xusto socialmente. Vostede fálame dun caso concreto, que é o de Boiro. Eu voulle dicir que, xa que non me cre a min —que ten todo o dereito a non crerme—, pregúntelle á valedora, a ver que opina deste caso, a ver que lle pode informar.

En todo caso, señorías, falamos ou falaron de cuestións moi concretas, moi específicas, pero boto de menos que non falasen en ningún momento dos resultados e da dinámica do sistema educativo en Galicia. Hai unha única pregunta, e esa é a clave. A clave do sistema é unha única pregunta: ¿a educación en Galicia vai mellor ou vai peor nos últimos anos? Esa é a pregunta á que hai que responder. E humildemente nós pensamos que está mellorando, progresivamente está mellorando, que vai nunha senda de progreso. Damos máis oportunidades aos alumnos, temos máis coñecementos, hai estatísticas oficiais que o avalan. Apostamos por unha maior inclusión, por unha maior equidade, por unha maior igualdade de oportunidades. En definitiva, creo que os resultados —sen caer na autocompracencia— avalan as liñas de traballo da Consellería. Obviamente, tamén somos conscientes de que non está todo rematado nin todo feito, que hai que seguir traballando, pero de aí a plantexar un escenario e un panorama tan negro como o que vostedes presentan, certamente hai un gran camiño que percorrer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, nós seremos predicibles, señor Fernández Gil, pero o de vostede tamén... É dicir, ter que estar constantemente facéndolle oposición á oposición eu supoño que ten que ser mesmo cansado. (*Aplausos.*) Eu creo que o teño dito en máis ocasións, nós non estamos aquí para darlles xabón, ese papel cúmpreo vostede en relación co Goberno. É a forza maioritaria e quen sostén o Goberno, e está aquí para reforzar o discurso do conselleiro. Esa non é a nosa función, a nosa función é outra. Basicamente aquí estamos na Cámara de representantes, no Poder lexislativo de Galiza, e aquí o que se confrontan son proxectos políticos. O do Bloque non é o do Partido Popular, iso é obvio, entón, a nosa responsabilidade é confrontar o proxecto político que vén defender aquí o conselleiro e que representa o Partido Popular, e pór enriba da mesa aquelas cuestións que nós entendemos non que non funcionan, senón que en moitos casos nin sequera se corresponden co que nós entendemos que debería facerse neste país.

Eu facía referencia á Estratexia EDUlingüe 2020 ou ao Plan de potenciación das linguas estranxeiras no ensino porque foi unha aposta absoluta do Partido Popular desde o ano 2010, desde que se aprobou o decretazo. Foi un dos plans das políticas onde o Partido Popular investiu maior cantidade de diñeiro, e nós consideramos que é un perigo.

Vostede dicía que era unha teima do Bloque Nacionalista Galego traer aquí a cuestión do idioma. A min o que me parece absolutamente terríbel é que vostede non fixese nin unha soa referencia —nin unha soa, e non é a primeira vez que acontece, pasaron xa varias comparencias onde aconteceu así— á normalización lingüística. E non é que sexa unha teima do Bloque Nacionalista Galego, señor Rodríguez, é que é a súa obriga legal de acordo co Estatuto de 1981, da Lei de normalización do ano 1983 e do Plan xeral de normalización do ano 2004. (*Aplausos.*) Entón, que veña aquí a máxima autoridade en materia de ensino deste país —porque o é, é o máximo responsábel da carteira de ensino deste país— facer unha avaliación de feitos consumados, tamén hai que dicilo... Nós faciamos referencia a que nos parecía demorada ou un pouco tardía a súa comparencia, tamén dixemos a liña seguida que nos parecía estupendo cada vez que viña. Pero que veña aquí facerse unha avaliación da realidade do ensino non universitario, que teñamos unha realidade sociolingüística —que eu ás veces xa creo que a negan directamente para non ter que intervir sobre ela—, e que non se faga nin unha soa referencia aos plans de normalización lingüística —porque non os hai de momento, tamén hai que dicilo— dirixidos á mocidade do noso país... E tendo sempre en conta —eu creo que o teño dito en moitas ocasións— que o ensino público deste país é un dos espazos onde se pode actuar de maneira máis directa non só na adquisición de competencias lingüísticas, senón na xeración de novos espazos de uso, tamén na transmisión de actitudes favorábeis para dotar de maior prestixio, que é un dos graves problemas, das grandes eivas, que temos a respecto do uso da lingua galega entre as faixas de idade máis novas.

Está ben que veña vostede dicir que 8 de cada 10 galegos din que a súa lingua materna ou lingua inicial é o galego. ¡Claro!, agora colla a cifra de menores de 14 anos, ¿temos un problema ou non temos un problema? E por iso, entre outras cuestións, vostedes anunciaron —de momento aínda non vimos nada— un Plan de normalización de usos da lingua galega entre a mocidade. Porque temos clara unha cousa —e eu entendo que a compartimos máis ou menos como diagnose as forzas políticas con representación nesta Cámara—, e é que unha lingua non vive das competencias lingüísticas dos seus falantes, senón do seu uso habitual e diario en todos os espazos; sen prexuízos, sen valados ou impedimentos que a vaian depositando ou afastando a espazos máis privados e máis residuais. Por iso a nós parecíanos fundamental traer esta cuestión hoxe, e sobre todo confrontar o proxecto de aprendizaxe de linguas estranxeiras que ten o Partido Popular co que defende o Bloque Nacionalista Galego.

Eu repítollelo porque non sei se é que non prestan atención ou é que non queren escoitar. Nós non estamos en contra da aprendizaxe, ¡oxalá puidéramos falar todas as persoas que vivimos e traballamos neste país o maior número de linguas posíbel! O que non se pode facer é a introdución de linguas estranxeiras a custa dos espazos de uso que lle corresponden á lingua minorizada neste país. E iso non é unha cuestión tampouco que traia a esta Cámara o Bloque Nacionalista Galego, senón que foi o Consello de Europa e outras institucións que xa llelo teñen sinalado en moitas ocasións.

Recentemente, ademais, hai un elemento moi interesante —creo que xa temos falado disto noutras ocasións— que situou enriba da mesa no debate o Consello da Cultura Galega nese informe de prácticas lingüísticas que elaborou entre a mocidade do noso país recentemente, e que situaba o ensino galego como un dos principais elementos de desgaleguización da nosa sociedade.

¿Como pode ser que nunha franxa temporal onde por primeira vez a mocidade e a sociedade deste país pode ir a un centro de ensino a estudar en «liberdade» —entre aspas— a lingua galega, onde por primeira vez deixa de ser ilegal usar a lingua galega como lingua vehicular no ensino, sexan precisamente esas franxas de idade as que menos usan ese idioma?

Nós —insistimos— non estamos de acordo, na maior parte dos ámbitos, coa política educativa que mantén, defende e desenvolve o Partido Popular. E —insisto— nós non estamos aquí para darlles xabón e menos en comparecencias nas que temos que falar sobre feitos consumados. Para o que estamos é para confrontar politicamente proxectos, e, xa digo, o do Partido Popular non é o do BNG.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Vaime permitir, señor conselleiro —como vén sendo habitual na miña intervención—, que faga unha referencia ao señor Fernández Gil, conselleiro dous, e despois xa vou con vostede. Espero que non o considere unha falta de respecto.

Señor Fernández Gil, dixo vostede que o inicio do curso arrancou con normalidade. É certo. Como corresponde aos grandes sistemas, que, polo tanto, teñen unha grande inercia, son difíciles de corrixir para o bo e para o malo. Pero vaime permitir tamén vostede —e sei que me vai entender e permitir a licenza— que, *mutatis mutandis*, queira dicir que tamén o Goberno bipartito era un Goberno responsable porque os cursos tamén arrancaban con normalidade. (*Aplausos.*) Polo tanto, o argumento que vale para un vale para outro. (*Aplausos.*)

Dito o cal, creo que sería bo facer unha lectura sosegada dos diarios de sesións para lembrar que a palabra peche de centro era unha palabra que estaba prohibida no ideario e na interlocución dialéctica do Partido Popular no mes de xuño. Eran vostedes os que non falaban de peches. E o certo é que se pode utilizar un eufemismo, pódese dicir que hai unha extinción. Tamén se extinguiron os dinosaurios, non pecharon, pero, bueno, o certo é que xa non os hai, igual que algún centro non volveu abrir. En todo caso, aí a traizón do subconsciente que me atribuíu o señor conselleiro penso que é aplicable ás súas palabras.

Señor conselleiro, eu de verdade que agradezo a súa comparecencia —xa llo dixen en máis ocasións—, creo na rendición de contas, considero que é necesaria. Pero, mire, tamén lle agradecería que se dese conta de que están vostedes nun Parlamento plural, nun Parlamento democrático, que vostedes son o Goberno e que os grupos deste lado son a oposición. E que, polo tanto, a nosa tarefa non é a crítica trivial, non é criticar por criticar, pero si cuestionar aquelas cousas que consideramos que deben funcionar doutra maneira e poñelas de manifesto neste Parlamento, en Pleno ou en Comisión, porque somos a oposición. Isto —insisto— non é unha Cámara de representantes correspondente a ningunha ditadura. E, por

favor, non interprete que eu estou a dicir que vostede preferiría que así fose, non vaiamos con isto do subconsciente traizoarnos o un ao outro e ao final acabemos concluíndo o que ninguén quere dicir.

Con respecto á OPE —á oferta pública de emprego—. da que vostedes falan, non é que a OPE, por moitos profesores e profesoras que inclúa, supoña incrementar os profesores, supón funcionalizar a aqueles que superen os correspondentes procesos selectivos ou oposicións, como vulgarmente se coñecen. Polo tanto, non hai incremento de profesorado, haberá funcionarización, porque estamos a falar permanentemente de repoñer aquelas prazas correspondentes ás xubilacións.

Falando da súa resposta á miña primeira intervención, dixo vostede que eu pintaba un panorama negro, e non é certo, repase a miña intervención. Eu non pinto un panorama negro, pinto un panorama gris; nin negro, como vostede di que digo, nin branco, como vostede di que é. É gris, ten cousas boas e cousas non tan boas, ou malas —como queiramos chamarlles—. Pero, en todo caso —insisto—, eu non pinteí ningún escenario catastrofista.

Dixo vostede unha cousa que non sei se o traizoou o subconsciente ou se non o entendín ben. Pero dixo vostede que lle sorprendera que eu falase do nivel de execución orzamentaria da Consellería de Educación posto que é das que máis nivel de execución ten —creo que dixo un 90 ou superior a un 90 %—. Eu non falei da execución completa da Consellería de Educación, falei de dous programas concretos que me chamaron a atención. E pedinlle que fixera unha referencia expresa ao alumnado de ensinanzas artísticas porque houbo un recorte nese programa que me parece que vostede descoñece ou do que non era consciente ata este momento. E pedinlle que me aclarara especificamente onde foran parar os 6 millóns de euros que se reduciron nese programa, ¡non mo dixo! E falei de dous programas, non falei da execución orzamentaria completa da Consellería de Educación.

E por último —para rematar, porque se me está esgotando o tempo—, con respecto ás cifras que manexamos —para tranquilidade, sosego e eventual consulta posterior dalgún dos deputados do seu grupo—, estou a manexar as mesmas cifras que vostede. Resulta evidente que vostede se manexa en modo estático, posto que ten un libro, e eu manéxome en modo dinámico porque consulto as táboas dinámicas da base estatística do Ministerio de Educación. Pode vostede facelo, acabo de repartírllelas a todos os grupos nun alarde de transparencia —posto que se me poden criticar as cifras que acabo de dar—; están extraídas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Fan referencia ás ratios de centros públicos de todas as comunidades autónomas en tres cursos distintos. Compróbeno vostedes. Eu, salvo erro involuntario, garántolles que as cifras son as que devolve o módulo de consulta estatística do ministerio; e, polo tanto, se están equivocadas, non é culpa de quen extrae a información, senón de quen a manexa. Consúltea vostede e comprobará que non lle estou a mentir. Simplemente o digo porque non todo é tan branco nin todo é negro na Consellería de Educación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Nada máis e moitas grazas pola súa xenerosidade, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Bueno, señor Román, poucas sorpresas e, dende logo, menos respostas.

Esquecíame. Vostede, coa inestimable axuda do señor Fernández Gil, non só vén aquí facer propaganda, senón que vén tamén facer oposición da oposición en cada Pleno e dar leccións, por suposto. Unha cousa si que lle quería dicir. Vostede é o conselleiro, ¡claro que si! A suficiencia e as leccións que pretende darme en cada pleno coido que están de máis. O ton que usa cando se dirixe a min coido que está de máis. O epíteto sobre o meu discurso como «entrañable» coido que está de máis. Porque ¡mire que eu me controlo para non dicirlle que epítetos se me ocorren co seu discurso! Pretendemos dialogar respecto dos datos, non sobre cuestións nin xuízos de valor.

Se ten datos que contradigan os que eu lle traio, póñaos sobre a mesa. Discutamos sobre os datos. Se cre que non estou usando os datos correctos, consulte as fontes oficiais porque é de aí exactamente de onde saen. Como lle dixen, teño copia aquí. Cando remate, póñollos enriba da mesa. E logo suba e diga que non son os adecuados.

Despois vén aquí predicando prudencia, e despois sobe aquí predicando que hai que ser... — ¿que palabra usou?, ¡xa nin me lembro!— cauta. Non sei nin como chamarlle, a verdade. Vén aquí obviando que vostede é o conselleiro e, polo tanto, que é súa e unicamente súa a responsabilidade, e que é unicamente vostede quen ten que dar as respostas e as explicacións pertinentes. O resto é vir enredar. O resto poden gardalo, tanto vostede como o señor Fernández Gil, para o día en que de En Marea teña o Goberno, que estaremos encantadas de responderlle a todas as súas preguntas.

E un inciso previo, señor Fernández Gil. Quen dixo que a cuestión do inicio de curso chegara tarde en outubro foi o señor conselleiro. Así que póñanse de acordo antes e así non entran en contradicións entre vostedes. No que si ten razón, señor Fernández Gil —niso ten razón—, é na cuestión da previsibilidade. Tanto lles gusta ser previsibles que, de cara a xustificarse, o conselleiro segue aínda, nove anos despois, apelando á herdanza recibida. Iso si que é previsibilidade, iso si que o temos en cada Pleno, ¡e o que nos queda! Nove anos despois... ¡e o que nos queda!

Ben, señor conselleiro, teño moitas cousas pendentes, moitos temas e pouco tempo. Dixo vostede, por exemplo, que hai colexios en Cantabria nos que hai un só profesor funcionario, como se isto fora unha cousa inédita que en Galicia non souberamos o que é. ¿Sabe que en Galicia hai escolas unitarias onde non só non hai un ningún profesor funcionario, senón que só hai un profesor, que obviamente non é funcionario; é máis, que nunca tivo ningunha experiencia? ¿Considera vostede adecuado que haxa escolas nas que haxa un único docente ao fronte dun centro que nunca impartiu aulas? ¿Acaso esta non é a realidade deste país? Fale cos sindicatos. Xa sei que non o ten por costume, pero fale cos sindicatos, que llo explicarán e lle darán nomes concretos onde están acontecendo estas cousas. Pero disto vostede non dixo nada.

Dicíalle antes que son moitas as ausencias nas súas comparecencias. Enunciaba algunha, pero hai máis. Na súa comparecencia tampouco falou nada sobre a lei educativa, e mire que é o debate que temos os días nos medios. Disto vostede non di nada. Tantos anos despois e non sabemos se a LOMCE lle gusta, se non lle gusta, se a considera adecuada, se non a considera adecuada, se habería que facer cambios, que cambios... Non, non temos nin idea. Nós, en cambio, si que temos unha idea clara. Como dixemos dende o primeiro momento, é hora xa de tumbar esta lei educativa. Pero vostedes, mentres tanto, miran para outro lado. Mentres din que negocian, seguen aplicando a lei pola porta de atrás.

Pensamos que é o momento de botar esta lei abaixo porque, como dixemos dende o primeiro momento, se trata dunha lei privatizadora, elitista e segregadora; unha lei que nos trouxo a fracasada FP básica —dicíallo antes—, as reválidas, sobre as que vostedes mesmos tiveron que recuar; unha lei que volveu traernos a relixión ás aulas; unha lei pensada por e para o mercado, a marca do Partido Popular, dende logo; unha lei mercantilizadora que naceu morta porque non só non tiña o consenso necesario, senón que tampouco tiña o financiamento necesario. Iso é o que pasa con case todos os anuncios que fai vostede nesta Cámara, como o que fixo hoxe sobre un plan para loitar contra as violencias machistas nas escolas. Unha cousa que lle propuxemos nós hai un ano, á que vostede votou en contra, e hoxe vén aquí dicindo que o vai facer. Moi ben, vaino facer, pero para iso, señor Román, fan falta recursos, fai falta investimento, e iso é o que non nos trae o Goberno do Partido Popular, porque co seu goberno temos máis alumnado pero menos profesorado, temos máis alumnado pero menos aulas, e, sobre todo, temos máis alumnado pero menos centros escolares e menos recursos.

Segundo os datos do propio Ministerio de Educación —repito, segundo os datos do propio Ministerio de Educación—, cando vostedes chegaron ao goberno o gasto en educación non universitaria era de 2000 millóns 620.000 euros. Hoxe esa cifra é de escasos 2000 millóns 132.000. ¿E quere vostede os parabéns? ¿Pretende dicirnos que todo iso pasa en balde? ¿Pretende falar de normalidade e recuperación? ¿Pretende que aquí non pasou nada? Con esa medidas de desacertado axuste vostedes están perpetuando e agravando o déficit histórico que temos no noso sistema educativo cando o comparamos con calquera do noso contorno. Evidencian a contradición permanente entre as declaracións oficiais, que sitúan a educación no centro das prioridades...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...da Xunta de Galicia, e as políticas económicas concretas, que ao cabo séguena relegando a un posto secundario nas prioridades deste goberno. Unha vez máis, señor conselleiro, é máis interesante o que cala que o que di. Vostede non respondeu á desaparición dos repetidores das estatísticas, non dixo nada respecto da masificación das aulas e volveu ignorar a filosofía; non nos estraña, leva xa moitos anos facéndoo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Señora Chao, por empezar polo final, eu, en primeiro lugar, non sei se o de señor Román —que reitera vostede unha e outra vez— é un erro ou é unha cuestión intencionada, pero o que está claro é que xa se está convertendo nun clásico destas comparecencias e das súas intervencións no Parlamento de Galicia. Pasará á historia pola deputada que sempre dicía «señor Román». Independentemente diso, outros estamos para intentar traballar ou facer outro tipo de cousas ou deixar outras pegadas nas nosas intervencións. Dito iso, dixo unha cuestión que me resultou profundamente chamativa, porque dicía vostede que é unicamente responsabilidade do Goberno, neste caso do conselleiro como conselleiro, dar os datos, dar a veracidade dos datos, e dar datos que se axusten á realidade. Evidentemente. Pero tamén o que vostede demostra unha e outra vez é que, dentro da súa faceta de non ser goberno, executa perfectamente a irresponsabilidade de falsear eses datos, a responsabilidade de dalos *versus* a irresponsabilidade de falsealos. Ese é outro clásico tamén de todas as súas intervencións nesta cámara parlamentaria.

Por outra banda, evidentemente aquí non estamos para facer oposición da oposición. Non, aquí estamos, entre outras cousas, para desmentir aquelas mentiras que a oposición verte sobre a realidade do debate parlamentario. Porque seríamos inxustos e non estaríamos cumprindo co noso papel de representantes cidadáns se lle permitísemos ás forzas da oposición que lles mentisen aos galegos e ás galegas. Polo tanto, dentro da nosa competencia (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) está tamén desmentir as mentiras que vostedes verten desde esta tribuna de oradores.

Evidentemente, hai varias cuestións que se foron suscitando, pero eu voume deter un pouco no que falaba a señora Rodil e, fundamentalmente, no tema da lingua.

A señora Rodil, en primeiro lugar, dicíame que tiña que resultar cansado facer este labor —como din vostedes— de oposición da oposición. Mire, eu creo que non é máis cansado nin máis agotador que o feito de ter que estar permanentemente dicíndolle á xente que a realidade na que viven é totalmente diferente a aquela coa que interactúan. Iso ten que ser verdadeiramente agotador. Porque ao final, cando ti estás desmentindo as mentiras que outros contan, tes un resultado. ¿Cal é? Que a xente ve a realidade. Pero o complicado e o agotador é ter que estar convencendo permanentemente á xente de que a realidade é totalmente diferente ao que eles viven. Iso si que ten que resultar profundamente agotador porque, entre outras cousas, non achega ningún resultado. (*Aplausos.*)

Mire, falou da realidade sociolingüística e vanme perdoar que me vaia un pouco do tema da comparecencia de inicio de curso, porque, como aos portavoces da oposición lles deu absolutamente igual o inicio de curso, eu tamén me vou saír un pouco do guión establecido e imos falar desa realidade sociolingüística.

Vostede dixo que non había plans dirixidos ao fomento do uso do galego na mocidade no noso país. Home, eu teño que dicirlle que agora mesmo hai un plan de fomento do uso do

galego na mocidade no noso país en elaboración, e, precisamente, un plan que non estaría en marcha ou non estaría en elaboración se contásenos coa opinión do Bloque Nacionalista Galego, porque vostedes saben perfectamente que votaron en contra dese plan. Polo tanto, non pidan que se implementen plans porque, cando teñen a ocasión de darlle o pulo, o apoio, o impulso para que se leven adiante, vostedes o que fan é votar en contra para, precisamente, evitar que eses plans se poñan en marcha. Polo tanto, eu creo que ao final estamos xogando nun límite do discurso que acaba confundindo a realidade social, por iso o noso labor de desmentir as súas mentiras.

Mire, vostede dicía algo interesante, falaba da competencia lingüística e do uso da lingua. A competencia lingüística e o uso da lingua son complementarios, vostede sábeo. E a obriga dunha administración responsable é garantir a competencia no uso da lingua e despois fomentar ese uso da lingua; é dicir, garantir a competencia, garantir a ferramenta e despois fomentar o uso. E eu creo que esa premisa se cumpre coa acción do Goberno galego. Xa sei que ese dato non lle gusta, pero estamos no nivel máis alto de coñecemento da lingua galega da nosa historia. E se a nosa administración, a Administración educativa e a Administración da que depende a política lingüística, consegue que dentro da súa obriga esteamos no dato de maior grao de coñecemento, está facendo o seu labor. ¿Agora que hai que facer a partir de aí? Pois fomentar o seu uso, con plans aos que, como xa dixen, o BNG en moitos casos vota en contra.

Mire, dígoo por todos os grupos, porque falaban de que ao final vostedes veñen aquí facer crítica política ou a confrontar posicións políticas. Eu comprendo que, evidentemente, os grupos que estamos aquí representados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...—xa remato, presidente— temos cada un a nosa posición política, as discrepancias son lóxicas e pódese argumentar. Pero hai un problema. O problema é que, cando queremos sinalar a nosa posición política e queremos argumentar, se nos desviamos demasiado desa liña que separa a realidade da falsidade, ao final non estamos falando de posicións políticas, o que estamos facendo simplemente é mentir.

Polo tanto, eu creo que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...—remato xa, presidente— debemos recoñecer aquelas cousas que funcionan ben do sistema e, evidentemente, facer todos achegas para mellorar, porque —como dixen na miña intervención anterior— o camiño do sistema educativo ten que ser sempre o camiño cara a mellor.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Prégolles antes de continuar que baixen un pouco o murmullo xeneralizado que hai por todos os lados, que é bastante incómodo para quen está facendo uso da palabra.

Ten o turno de dúplica o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes de novo.

Señora Rodil, que grande é a democracia, ¡que grande é! Vostedes din que teñen o seu programa político, que teñen a súa aposta política e que teñen un proxecto político, e que obviamente non é o deste lado da bancada. Fíxese que boa é a democracia que a competencia electoral fai comparar un proxecto con outro, e os cidadáns, en liberdade, elixen un ou elixen outro; e a uns lles toca a responsabilidade de gobernar e a outros de ser oposición. En Galicia nesta lexislatura goberna o Partido Popular, noutras gobernaron outros partidos. Iso é simplemente a democracia, co cal vostedes teñen un proxecto político e nós temos outro. *(Aplausos.)*

Ata aí todos de acordo. Vostedes non quererán que nós implementemos o seu programa político porque sería contra natura, e nós tamén entendemos que vostedes non teñan que alabar nin que aplaudir o noso, pero polo menos sexan conscientes de que a vontade democrática dos galegos elixiu que para este período tiña que gobernar e tiña que aplicarse este modelo, e nós é o que estamos intentado facer, simple e llanamente, aplicar ao final o que é a democracia.

Isto ao final ten que ver tamén coa percepción que hai da sociedade e coa lectura que facemos uns e outros da realidade social, da nosa realidade. E claro, vostede centrouse moito falando do galego, do uso do galego. ¡Oia!, o sistema educativo, se algo garante, é un coñecemento pleno das dúas linguas cooficiais de Galicia; demóstrano as estatísticas. Nunca en Galicia houbo un coñecemento tan pleno das nosas linguas, da lingua propia, a nivel oral, escrito ou para ter capacidade de lectura. ¡Nunca! Outra cousa diferente poida ser que a xente en liberdade, a calquera idade, o use ou non o use, cuestión que eu entendo que ningunha formación política entrará en algo tan íntimo como para dicirlle a unha persoa en que ten que falar. Agora, o que nós temos que garantirlle, e está garantido, é que o sistema educativo garante o coñecemento e as destrezas. E acabo de darlle uns datos hai moi pouco do que ten que ver co uso e coa capacidade de usar o galego comparativamente con outras linguas cooficiais do Estado, e somos a que mellor estamos, co cal, creo que esa visión que vostedes plantexan —que é lícita— eu creo que se cae unha vez que a cotexamos cos datos.

O señor Álvarez falaba, ou cuestionaba, que utilizemos de xeito habitual e normal o termo «normalidade» referente aos inicios de curso. Francamente é así. ¿E por que se usa a terminoloxía de «normalidade» nos inicios de curso? Porque certamente, señor Álvarez —e vostede tamén o sabe como o sei eu—, non todos os anos os inicios de curso foron como o levan sendo nos últimos anos.

Na miña época de portavoz parlamentario fixen unha vez unha comparativa dos anos do Bipartito cos anos do goberno Feijóo, dos últimos catro cos primeiros catro anos, e certamente

puiden ver como durante unha serie de anos os inicios de curso foran practicamente caóticos. Eu dicía que non era unha cuestión de ter máis recursos, porque había menos nestes últimos anos, e recordo que o señor Losada se enfadaba moito naquel momento. E iso é algo que hai que ter en conta. É dicir, houbo inicios de curso francamente caóticos durante unha serie de anos, non sei por que. Pero tamén sei que nos últimos anos a normalidade é a tónica dominante, e iso creo que é moi positivo e creo que é algo que fala ben non só do sistema educativo, non só da Administración, senón do conxunto do sistema: inspección, centros directivos, profesorado, etc. Creo que é moi positivo que os inicios de curso, que son moi complexos desde o punto de vista organizativo a nivel técnico, porque se mobilizan moitísimos recursos, se inicien con normalidade.

Falou vostede tamén da OPE. Xa o dixemos, imos cubrir o cen por cento das xubilacións e a abrir a porta a un proceso progresivo de estabilización do profesorado interino, pese a que somos a comunidade autónoma que ten a taxa máis baixa de España. E iso é posible agora, noutros anos non era posible, porque precisamente había unha normativa do Partido Socialista a nivel do Estado que —como vostede ben sabe— o prohibía.

Fala vostede do fracaso escolar. Eu xa lle din os datos. Vostede coñece perfectamente os contratos programa. Ou fala de que non facemos referencia ás ensinanzas artísticas; hai 11.500 alumnos en ensinanzas artísticas. Eu creo que unha política non se mide porque teña un millón máis ou un millón menos no orzamento, que é importante; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ou 2 ou 3, ou 6, ou 20 ou 100, mídense polos resultados que ten. E os resultados en redución do fracaso escolar nos últimos anos teñen sido tremendamente positivos, e non para o Partido Popular ou para a Xunta de Galicia, senón moi positivos para os alumnos, porque a todo alumno, todo neno, toda nena, que sae á rúa sen ningún tipo de titulación encamiñámolo cara a un camiño vital ben difícil, co cal a redución do fracaso escolar nos últimos anos ten sido moi positiva fundamentalmente para aqueles alumnos que saen deste fracaso escolar.

Obviamente, non ten sentido que discutamos dos datos. Eu plantexo unha estatística que está publicada, que está editada polo ministerio, e vostede cuestiónaa. Eu dígolle, segundo os datos oficiais, que Galicia e Asturias, Asturias e Galicia —Asturias, do Partido Socialista— somos as comunidades autónomas que temos mellores ratios. Vostede sitúanos de quintos ou de sextos. Ben, non imos discutir, son simplemente os datos oficiais, co cal certamente hai pouca discusión.

Falábanos a señora Luca Chao —ou dona Luca Chao— de que cando de En Marea governe... Ben, eu entendo que Galicia é un pobo sensato e creo que é unha previsión ou un desexo pola súa parte que, polo ben de Galicia, non vexo que sexa moi fácil. E dinos que somos previsibles. E eu voulle dicir: afortunadamente; afortunadamente somos moi previsibles. Unha acción de goberno ten que ser previsible. ¿Por que ten que ser previsible? Porque os cidadáns teñen que avaliar as nosas decisións e teñen que implementar as nosas decisións. Co cal creo que é un valor ser previsible e non estar intentando todos os días redescubrir o Mediterráneo, intentando case nun adanismo de fin de semana cambiar todo. Porque xa ve vostede que nalgúns sitios están nesa liña, en moitos concellos importantes do país están nesa liña e xa

ve vostede os resultados que dan, que non son capaces nin de aprobar os seus presupostos. (*Aplausos.*) Co cal, a verdade é que terían que ser vostedes tremendamente moi prudentes.

E, mire, digo que tamén vostede é previsible nese sentido no seu discurso, nun discurso de serie: mercantilización, neoliberalismo... Realmente eu agradezo que se centre e que nos recorde todos os días as bondades ou non bondades da LOMCE, creo que fai unha grande intervención e que nos acordamos todos os días deste pésimo texto lexislativo —como vostede o clasifica—. E somos conscientes de que a súa previsión se centra neste ámbito.

Pero, ao final, eu quero dicirle —e dígoo publicamente— que temos un bo sistema educativo en Galicia. ¿Que pode mellorar? ¡Por suposto! Pero temos un bo sistema educativo. E cando digo que temos un bo sistema educativo non é que sexa mérito exclusivo nin único, nin a única responsabilidade da Administración educativa, dos responsables políticos. Cando digo que temos un bo sistema educativo, falo dos profesores, das familias, das organizacións sindicais, da Administración..., de todos. Intentar estar cuestionando ou negando os incrementos e melloras que ten acadado nos últimos anos o sistema educativo é simplemente dicir que profesores, familias, organizacións sindicais e Administración fan mal o seu traballo. E iso non é xusto nin para as familias, nin para os profesores, nin para os sindicatos; non é xusto para ninguén, nin para as inspeccións, nin para os equipos directivos; é realmente faltar á verdade. Porque a verdade é que podemos discutir de moitísimas cuestións, podemos discrepar do modelo —vostedes teñen un modelo, nós temos outro—, podémolo facer. Pero o que se sae do plantexamento é cuestionar os avances que se teñen tido nos últimos anos no sistema educativo, onde hai, por certo, unha grande implicación de toda a comunidade nas estratexias e nos programas impulsados dende a Xunta de Galicia.

E iso quizais sexa a clave de bóveda do éxito que estamos tendo nos últimos anos colectivamente no sistema educativo. Estamos mellorando en calidade, en equidade, en modernización, en innovación, en dar máis oportunidades, etc., etc. E iso é porque hai unha serie de programas que están ben acollidos pola comunidade educativa en calquera dos seus parámetros, e conxuntamente —profesores, centros, etc.— están posibilitando e mellorar progresivamente en calquera das variables que poidamos avaliar.

E certamente somos conscientes de que hai moito que mellorar, que temos moito que facer, etc. Somos conscientes e estámolo facendo, dalgún xeito pensando nos resultados e pensando no máis importante, que son os niveis académicos dos alumnos e das alumnas, a formación como persoas pero tamén a formación que debe darlles unha maior posibilidade de empregabilidade no futuro, máis oportunidades para o futuro, e pensando tamén que temos unha responsabilidade con cada un dos alumnos, cos case 400.000 alumnos, un a un, e colectivamente con todos.

En todo caso —xa para rematar—, como xa lles dixen, señorías, somos conscientes de que en educación —como en calquera outra materia— se ten feito moito, queda moito por facer. Pero poden estar seguros de que o faremos, coa comunidade educativa, traballando cos pés na terra, mirando cara ao futuro e sempre respectando a vontade democrática dos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora ao debate das proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia, así como a regulación da organización de actividades conmemorativas con carácter anual

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta iniciativa non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

O 13 de novembro do ano 2002 o petroleiro *Prestige*, cargado con 77.000 toneladas de fuel, sufriu un accidente a 30 millas das costas de Galiza. A falta de liderado político, negligencia, incompetencia dos gobernos español e galego na xestión deste accidente converteuno na maior catástrofe económica, ecolóxica e social da nosa historia. Infelizmente, é un feito normal que Galiza fiquese desprotexida, orfa das obrigas do Goberno español ou sufrindo as consecuencias de medidas adoptadas por este que a afectan negativamente, mais poucas veces na historia recente a evidencia foi tan clara para o conxunto da poboación, mesmo para os máis escépticos, e as consecuencias foron tan graves.

A marea negra provocada polo *Prestige* afectou zonas de importantísimo valor ecolóxico, paisaxístico, faunístico e dunha extraordinaria riqueza de peixes, moluscos e crustáceos de gran valor comercial. O balance de 63.000 toneladas de fuel vertidas ao mar, case 3.000 quilómetros de litoral afectado, máis de 1.000 praias cheas de chapapote e unha mortalidade animal de entre 115.000 e 200.000 aves mariñas, foi un impacto económico inxente pola perda das rendas nas zonas afectadas, tanto dos homes e mulleres do mar coma do resto de actividades relacionadas.

Ninguén podía entender —e segue sen entender e menos aceptar— que nunha das costas fronte ás que pasan milleiros de barcos con mercancías perigosas e cunha produción pesqueira e marisqueira tan importante non houbera e siga sen haber un corredor afastado o suficientemente da costa para os barcos que transportan mercadorías perigosas, non houbera remolcadores potentes, non houbera barcos para recoller o cru, non existise un plan de emerxencias, etc., etc. Resulta difícil comprender este grao de discriminación e negligencia cando se tiñan producido accidentes tan graves nas nosas costas, accidentes e catástrofes que se poden volver producir, porque as costas galegas seguen tremendamente desprotexidas e indefensas.

Foron tantas as incompetencias, a información errónea, a falta de medios, a evidencia duns gobernos que non exerceron as súas responsabilidades, a ausencia de decisións e actuación política, a práctica da mentira, a desinformación, que os galegos e galegas asumiron o protagonismo, dando un exemplo de coraxe inmensa fronte á marea negra. O pobo galego au-

toorganizouse. A xente das zonas costeiras —comezando polos mariñeiros, as mariscadoras— enfrontáronse cos poucos medios de que dispuñan contra a marea negra para evitar que entrase nas rías. Faltaron barreiras, faltaron colectores, faltaron traxes especiais para recoller o fuel, faltou de case todo, e sobrou manipulación informativa, prepotencia, mentira, que foron practicadas a reo, pretendendo así eludir as responsabilidades.

Malia todo, o pobo galego foi quen de organizarse e cos seus propios medios —cos seus barcos, as súas mans, as súas pas, os seus capachos— sacar o chapapote do noso mar. Diante dunha actuación errática e caótica, soubo organizar a defensa, a solidariedade activa do voluntariado. E ao mesmo tempo e co mesmo pulo comezou a mobilizarse para exixir medidas que reparasen o dano e responsabilidade pola desfeita. Toda Galiza apoiou esta actitude. A solidariedade e a consciencia de país estivo á altura do momento, e todo o mundo ollou cara a unha Galiza disposta a defender a súa costa. O pobo galego foi quen de plantarlle cara á traxedia e exercer presión política a través da creación da plataforma Nunca Máis.

Nunca Máis representa a dignidade que os galegos e galegas demostraron naqueles días de confusión e desesperación ante unha traxedia (*Aplausos.*) que se converteu en catástrofe grazas á despreocupación e á ineficiencia da xestión do Goberno galego e español. Coa acción reivindicativa de Nunca Máis mostrouse o orgullo de ser galegos e galegas, o orgullo de pertencer a un pobo que defende e protexe o seu. Nunca Máis foi a chispa dun dos movementos sociais, culturais, de loita e reivindicación máis importantes da historia de Galiza. Fronte á ausencia do poder político, o pobo galego tivo un comportamento exemplar e deu unha lección de dignidade, de autoorganización, enfrontando os efectos máis inmediatos do desastre do *Prestige*, e de loita e reivindicación constante durante meses para reclamarlles aos responsables políticos do accidente xustiza para o noso país.

O pobo galego demostrou estar moi por riba dos responsables políticos, tanto de Galiza como de Madrid. Diante da desolación, a impotencia, a indignación que sentía o pobo galego o 1 de decembro do ano 2002, convocado pola plataforma Nunca Máis, o pobo galego manifestouse polas rúas de Compostela demandando medios, solucións, coñecer a verdade e exixindo responsabilidades —parece que ao Partido Popular lle fai graza (*Aplausos.*)—, exixindo responsabilidades, porque as había.

Sen dúbida, a manifestación en Compostela do 1 de decembro reflectiu e xunguiu os sentimentos de noxo, de solidariedade, de dor, de loita, que enchía os corazóns da maioría dos galegos e das galegas. A intensa choiva —atrévome a dicir que o diluvio— que caía sobre Compostela ese día 1 de decembro non foi impedimento para que case 300.000 persoas, 300.000 galegos e galegas, acudisen a Compostela ao chamado da plataforma Nunca Máis. Todos e todas as persoas con conciencia de país unidos para que nunca máis acontecera un feito semellante. Miles de galegos e galegas que ateigaron as rúas da capital de Galiza deron unha auténtica lección de dignidade, que logo repetirían en Madrid o 24 de febreiro de 2003, converténdose en exemplo para todo o mundo. (*Aplausos.*) Lección de dignidade outras moitas veces repetida nas vilas e cidades de Galiza.

O 1 de decembro do ano 2002 o pobo galego foi un mar de dignidade, un mar de paraugas, un berro unánime fronte ao apagón informativo, á manipulación informativa, á mentira,

aos *hilillos de plastilina*, ás *playas esplendorosas*, á falta de medios... Foi unha auténtica lección de dignidade. (*Aplausos.*)

Ese 1 de decembro de hai quince anos na praza do Obradoiro, de Compostela, líase un manifesto, que era lido por Manolo Rivas, que empezaba dicindo: «Grazas, irmáns. Aquí está a dignidade, aquí está a conciencia libre, aquí está un pobo vivo, aquí está a honra de Galiza». E hoxe o BNG trae aquí esta iniciativa porque cremos que estas palabras que soaron hai quince anos no Obradoiro están plenamente vixentes. E remataba ese manifesto dicindo: «*Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Patria, Cason, Mar Egeo*, agora *Prestige*. Xa non queremos contar máis, xa abonda, xa estamos petroleados deica as praias da alma. Galiza mobilizada, exemplar, conseguiu nos anos oitenta que se pechara o vertedoiro de residuos radioactivos, o cemiterio nuclear fronte á costa de Fisterra. Pois ben, hoxe dicimos “¡nunca máis!” que non se desprece máis este pobo canso de aturar e de sufrir. Que se escoite en Santiago, en Madrid e en Bruxelas, que se escoite onde se teña que escoitar. Galiza é hoxe a humanidade que berra “¡nunca máis!”».

A resposta do pobo galego cremos no BNG que merece eloxio, que merece un recoñecemento público. O país do «¡nunca máis!», que asombrou o mundo pola dignidade mostrada, merece recoñecemento. E meréceo nesta institución, no Parlamento galego, onde reside a soberanía do pobo galego, e meréceo por parte do Goberno galego.

E por estas razóns hoxe propoñémoslle a este Parlamento que se inste o Goberno galego a que se estableza o día 1 de decembro como o Día da Dignidade de Galiza. No convencemento de que van votar a favor, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Efectivamente, como dicía a voceira do BNG, na madrugada do 13 ao 14 de decembro de 2002 o *Prestige* viña polas costas de Galicia ferido de morte, e o resultado daquela ferida coñecémolo todos lamentablemente, vivímolos todos. O único bo daquela catástrofe foi un movemento social espectacular, que cristalizou nunha manifestación e nun berro colectivo o día 1 de decembro daquel mesmo ano, non só de mulleres e homes de Galicia, senón tamén dos que sobre todo viñeron de fóra e de maneira totalmente voluntaria e desinteresada a axudarnos a limpar as nosas costas. E por iso dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar esta proposición non de lei.

A cuestión está en que, pasado o tempo, quince anos despois, non sabemos moi ben onde estamos. Estamos nun momento no que o Tribunal Supremo dixo varias cousas importantes en relación co *Prestige*, unha sentenza que para nós é insuficiente pero que marcou un fito

dentro dos delitos ecolóxicos en España. O Supremo dixo que o *Prestige* non fora simplemente nin unha desgraza nin un accidente, nin unha inactividade por parte dun goberno, senón que foi un delito. Houbo un responsable principal, un capitán, unha armadora que lamentablemente está en situación de insolvencia e unha aseguradora que vai que ter que pagar; se somos capaces de exixir en Londres as contías necesarias, vai ter que pagar o que se lle debe ao Estado español e, polo tanto, ao pobo galego.

Esta sentenza do Tribunal Supremo dixo tamén outra cousa. Dixo que é verdade que os tratados internacionais de indemnizacións de responsabilidade teñen un límite, pero que, cando hai delitos ecolóxicos, ese límite non debe existir. E neste caso houbo non só un delito ecolóxico, un dano ecolóxico, senón tamén e sobre todo un dano moral a todo o pobo de Galicia, que unha comunidade como a nosa debe obter dese dano moral un resarcimento.

O certo é que se puxo o foco a partir daqueles días primeiro en toda a Costa da Morte, en todas as nosas rías onde entraba o chapapote, en todas as nosas rías onde non entrou o chapapote grazas ao traballo fundamentalmente dos mariñeiros e dos veciños e das veciñas. Pero púxose o foco en dous sitios basicamente: primeiro, en Muxía, como zona cero do accidente, do delito, despois do *Prestige*; e tamén no xulgado de Corcubión, que —como dicía antes— acadou chegar dende Corcubión ao Tribunal Supremo o ano pasado. O problema está en que as nosas costas, despois de México e de Tobago, son as terceiras do mundo máis azotadas por este tipo de barcos que están envellecidos, que case todos —moitos— están feridos de morte e que en calquera momento rebentan cerca, en terceiro lugar, das nosas costas.

Somos un país ribereño, somos vítimas, un país vítima, e a Unión Europea fai pouco por nós. España non se move na estratexia marítima e por iso eses barcos seguen a pasar por ese corredor diante das nosas costas. Polo tanto, pode volver pasar, pode volver ocorrer en calquera momento.

Nós entendemos que necesitamos volver outra vez a aquilo que ese presidente tremendo o outro día dende Andalucía me dicía: ¿pero é que o Partido Popular en Galicia segue falando de José Luis Rodríguez Zapatero? ¡Pois si! Pois nós tamén. Zapatero creara o Cepreco e vostedes desmantelárono. Non temos centro de mando, non hai protocolos de actuación, non hai prevención. Hai un plan de continxencias no que non ten participado ningún técnico nin ningún concello. Iso é o que temos.

Esta proposición de lei está moi ben pola dignidade como pobo e por iso precisamente imos votar a favor. Pero nós entendemos que necesitamos seguir avanzando un pouco máis. Está moi ben o de que «quen contamina paga», pero non chega, porque ao final o que pasa é que están en Londres e non pagan.

Nós o que temos claro é que aquel día naquela manifestación —e remato xa, presidente—, que inicialmente fora limitada ou intentado por parte do Goberno a súa limitación a través da Delegación do Goberno para que só fose nas rías estreitas da zona monumental de Santiago, para que se perdesse a xente polo camiño, ao final evidentemente foron tamén os tribunais os que acordaron que a manifestación era para que o pobo de Galicia e todas as persoas que viñeran de fóra reivindicaran...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...que nunca máis pasen eses barcos polas nosas costas —remato, presidente— e nunca máis se volva producir un delito ecolóxico coma este.

Pero, se non tomamos medidas, pode volver ocorrer en calquera momento. Así que vostedes teñen que decidir xa dunha vez se vai haber ou non un mando único e volver reconstituír aquela medida do presidente Zapatero, que tanto lles gusta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

É imposible borrar as imaxes do *Prestige*, tamén borrar as frases que lles escoitamos daquela aos membros do Goberno poliimputado do señor Aznar, un recital que definía a capacidade e a catadura moral daquel gabinete. Todos ou case todos tiveron premio na súa carreira política posteriormente; se a algún non lle foi tan ben coma a outros, non foi porque tiveran que pagar ningún tipo de responsabilidade política por aquela nefasta actuación. Recital dese goberno, empezando por Rajoy e rematando por Arsenio Fernández de Mesa, que segue coma sempre, mamando da teta do Estado e das súas complicidades.

Mariano Rajoy dixo que saían uns pequenos *hिलillos de plastilina*, que acabaron convertidos en 125 toneladas de fuel; «*la marea negra no va a llegar a las Rías Bajas*». Federico Trillo propuxo bombardear o *Prestige*. Arias Cañete dixo que «*afortunadamente, dada la rápida intervención de las autoridades españolas alejando el barco de las costas, hace que no temamos una catástrofe ecológica, como ha sucedido en otras ocasiones, ni prevemos grandes problemas en las aguas españolas ni para los recursos pesqueros*». Incluso o 26 de novembro, para non desdicirse: «*el vertido afecta a una extensión muy importante pero no es una marea negra*». Francisco Álvarez Cascos, tamén cando o criticaron por estar cazando ao día seguinte: «*yo pertenezco a un gobierno y a un partido que no ha organizado ningún grupo para secuestrar a ciudadanos, para pegar tiros en la nuca y enterrar en cal viva. Zapatero y Polanco han puesto a los redactores de la Cadena Ser a indagar sobre los hoteles en los que miembros del Gobierno se alojaron los fines de semana*». Aznar: «*son perros que ladran su rencor por las esquinas*». Arsenio Fernández de Mesa, ese brillante home da Administración pública que cobra 180.000 euros en Rede Eléctrica Española: «*probablemente el fuel no toque la costa gallega; el destino del fuel en el fondo del mar es convertirse en adoquín*». Rajoy pagou a súa fidelidade nomeándoo director xeral da Garda Civil e agora colocándoo en Rede Eléctrica Española. Cunha xoia final do señor Arsenio Fernández de Mesa, que define a súa categoría con dicir: «*hay una cifra clara y es que la cantidad que se ha vertido no se sabe*».

Ben, ante esta incompetencia, houbo que sacar o chapapote coas mans. Moitas persoas viñeron axudar a retirar fuel das nosas costas e, polo tanto —como dixo Beiras—, cando de-

sapareceu o Estado, emerxeu a nación; palabras tamén que podían ter sido escritas na crise recente dos lumes.

As preguntas que quedan enriba da mesa son moitas. As preguntas que se fixeron aquí de se estamos preparados para atender unha crise similar despois do que pasou, se está en perigo aínda a seguridade das costas galegas e se podemos crer que o responsable principal sexa o capitán do barco. Semella que, detrás do negocio, das falsas bandeiras, en definitiva, de poñer os negocios privados por diante da seguridade, non está o señor Mangouras. Mangouras serviu como cortina de fume que impediu ver os verdadeiros responsables da catástrofe, responsables empresariais seguro, pero tamén políticos, políticos do Partido Popular, señores que seguen apoltronados nas institucións.

E, fronte a eles, a resposta do pobo, resposta como sempre estigmatizada, ninguneada; resposta masiva e criminalizada, criminalizada por aqueles e aquelas que entenden que os negocios deben de estar por diante do ben común, por aqueles que pensan que a liberdade de expresión só se pode exercer nas tribunas privatizadas dos medios de comunicación, tamén dos medios privatizados de comunicación pública, e non pola cidadanía do común tomando as rúas e as prazas.

Por iso dicimos sempre que Nunca Máis abriu un ciclo de indignación e de resposta. Foi unha marea de dignidade, foi plural e diversa, como o é a sociedade galega. Supuxo un berro de dignidade diante da indecencia, un momento de espertar diante do pesadelo da longa noite neoliberal, un berro que pertence a todo o noso país.

Compartimos a idea de instituír o 1 de decembro como Día da Dignidade Galega e anunciamos o noso voto a favor. Non sabemos se o Partido Popular votará a favor ou en contra; teñen os votos, teñen os escanos. O que si sabemos é que, se non votan a favor, é porque queren enterrar o exemplo de Nunca Máis da historia deste país, porque é perigoso para eles ese precedente.

Sabemos —iso si— que antes ou despois o pobo que se mobilizou durante o «¡nunca máis!» lles dará as costas. Di Manolo Rivas, que nunca deserta el de batallas xustas: «ás veces a historia de Galicia escríbese como un calendario de derrotas ou esperanzas fanadas. O Nunca Máis permitiunos e permite unha revolución óptica, a enerxía solidaria e cívica e a capacidade de rexurdimento da nosa xente. Cando está en xogo a supervivencia, o poder parasito perde a vergoña e vaise de permanentes vacacións á inmoralia. O Nunca Máis pertence a un presente recordado, á memoria da esperanza e ao rexurdimento fronte ao *Prestige* de hoxe, que é o gran retroceso reaccionario.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Significa unidade popular, máis democracia e unha Galicia rebelde e solidaria que se ergue no naufraxio para emanciparse da súa política canalla».

¡Nunca máis! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, debo confesar que a PNL que nos trae hoxe o BNG fíxome reflexionar profundamente. E froito desa reflexión quero empezar esta intervención pedindo escusas aos meus compañeiros da bancada popular. Ás veces no fragor do debate un comete excesos verbais que poden traer consecuencias imprevistas. E eu hai quince días, no debate doutra proposta, dicía que a oposición atopara o seu particular bálsamo de Fierabrás para curar os seus males: zurrarlle ao Partido Popular. E parece ser que, como consecuencia imprevista desa expresión —no pecado levo a penitencia—, ao BNG ocorréuselle que a mellor maneira de subministrar esta cura é institucionalizando un día oficial para zurrar o Partido Popular.

Debo recoñecer que nisto estiveron listos, aínda que nada orixinais, porque para establecer tan sinalada data —bautizada como Día da Dignidade— decidiron resucitar a catástrofe do *Prestige*. Iso si, sen mudar un ápice o discurso que hai quince anos mantiñan, a pesar de que ese discurso falaz foi demolido pola realidade e polos sucesivos pronunciamentos xudiciais.

As capturas do sector pesqueiro, que ían caer durante décadas, recuperaron o seu nivel dous anos despois do sinistro. A anunciada e temida caída do PIB galego —máis de 4 puntos, dicían— endexamais tivo lugar. A recuperación ambiental das nosas costas é hoxe —e dende hai moitos anos, afortunadamente— máis que evidente. O rastro canceríxeno que o chapapote ía deixar nos voluntarios volatilizouse. Incluso a decisión de alonxar o petroleiro das costas galegas, causante de todos os males, foi respaldada polo relato xudicial da Audiencia Provincial da Coruña e polo Tribunal Supremo. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Escoiten o que está no uso da palabra, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, desculpe un momento, señor Pazos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, silencio. Escoiten a quen está no uso da palabra, igual que escoitaron antes o resto. Por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

«Es imposible calificar esa conducta como delictiva y tampoco como meramente imprudente, porque la decisión fue consciente, meditada y en gran parte eficaz dentro del desastre ocurrido, que no provocó la Administración española, sino que lo gestionó con profesionalidad, adecuación y en condiciones muy desfavorables»; literalmente a sentenza, señorías. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero, a pesar do grande esforzo profesional do letrado de Nunca Máis, que insistentemente solicitou a condena das autoridades políticas, isto non foi atendido pola xustiza, pola súa

evidente falta de fundamento. ¿Acaso son negligentes os xuíces? ¿Tamén quizais o letrado de Nunca Máis? Non o creo, sobre todo se temos en conta que este letrado era da total confianza do BNG e de En Marea, como o demostra o feito de que o señor Martiño Noriega o contratase primeiro como asesor xurídico do Concello de Teo e despois do Concello de Santiago, curiosamente despois de prescindir do anterior asesor aludindo a que ía remunicipalizar o servizo xurídico. En fin, ¡que máis ten! O BNG, habitualmente tan rosaliano para cuestións xudiciais, prefire invocar a Calderón de la Barca: «*nada es justo no siendo de mi gusto*», e por iso négase a asumir as sentenzas deses tribunais opresores e españolistas porque non existe máis verdade que a da esquerda nin sentenza máis válida que a ditada polos seus profetas. ¡Así lles vai, señorías! (*Aplausos.*)

Eu teño que confesar que intentei imaxinar como se lles ocorreu esta iniciativa. E imaxino os seis paseando no *Scénic* pola Costa da Morte e dicindo: «¿acordádesvos de cando o *Prestige*, como lle zurrámos ao PP? ¡Que tempos aqueles! Había que intentar recuperalo». E claro, eu entendo que te vas quentando e xorden estas cousas. ¡Home!, poderían ter disimulado e plantexar unha homenaxe aos voluntarios que se achegaron a limpar as nosas costas, que eses si que deron unha lección de dignidade, pero, claro, como a maioría eran españois e de distintas ideoloxías, iso houbo que desbotalo. Moito mellor conmemorar o seu maior momento de gloria: a manifestación de Nunca Máis. Talvez aspiren a volver convocar manifestacións nas que se lles prohíbe acudir aos representantes do PP, como fixeron entón. Tamén poden organizar actividades complementarias: concurso de regueifas reivindicativas nas que a primeira estrofa sexa sempre a mesma: «PSOE e PP, a mesma merda é», como dixeron entón. Ao mellor algún de vostedes pensou que podía vir todos os anos Zapatero para volver recibilo —supoño que como mostra de dignidade— cunha choiva de ovos podres, como fixeron entón. Incluso talvez lles gustaría que Beiras volviera advertirlles aos socialistas, que hoxe os apoian, que non intentaran sacar tallada, que vostedes tiñan a exclusividade. ¿Como fixeron entón? Ben, esta última parte non, porque o señor Beiras se baixou do *Scénic* e agora comparte microbús cos españolistas de Podemos. (*Aplausos.*)

En fin, señorías, nós pensamos que un pobo debería festexar aquelas cousas que o unen. Vostedes hoxe propóñennos unha conmemoración relacionada cun desastre medioambiental e coa posterior campaña de manipulación e sectarismo levada a cabo polos seus simpatizantes, unha plataforma liderada polos habituais *abaixo firmantes* que durante a crise do *Prestige* criminalizaban o Goberno de Fraga e catro anos despois, durante a vaga de lumes, criminalizaba a oposición liderada por Feijóo. ¡Que ecuánimes! Dálles o mesmo zurrar o Goberno que a oposición, iso si, sempre que a ocupe o Partido Popular.

Miren, se queren vostedes dedicar un día ao sectarismo, polo menos teñan a valentía de chamarlle polo seu nome, ao mellor nós llelo apoiamos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...porque nos compensa ser sectarios soamente unha vez ao ano, xa nos compensa a situación actual. Se a pretensión entón é simplemente a de sacar a máscara, creo que unha data máis acaída é o Mércores de Cinza e así polo menos todos temos claro que isto é unha entroidada.

Agora ben, señorías, Día da Dignidade non, iso si que non o precisamos, porque os galegos defendemos a nosa dignidade cada día dende que Galicia é Galicia. Así que leccións de dignidade, señorías, nin máis nunca nin nunca máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: O señor Pazos e con el todo o Partido Popular, que o acaba de aplaudir, retrátase a si mesmo: a frivolidade e a titiritada que acaba de facer aquí coa súa intervención desde logo non merece ningún comentario máis.

O BNG non pretende celebrar ningunha catástrofe, o BNG o que pretende é conmemorar a dignidade do pobo galego diante desa catástrofe e diante desa incompetencia. Eu laméntoo, pero o foco hoxe non é o Partido Popular, non é vostede, señor Pazos. Debía dicirlle ao seu grupo que lle regale algún sitio onde poida facer as súas titiritadas. Pero hoxe aquí trátase da dignidade do pobo galego, da dignidade do pobo galego. *(Aplausos.)* No ano 2002 o Partido Popular non estivo á altura do pobo galego e hoxe non volve estar á altura do pobo galego, persiste no erro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* As palabras máis coreadas naquela época eran «dimisión» e «incompetencia», eran os berros unánimes. ¡Canta razón, canta razón había en berrar dimisión e incompetencia!

O Partido Popular quérenos desmemoriadas e desmemoriados, quere o pobo galego desmemoriado, e vai ser que non, vai ser que non. O pobo galego ten memoria, ten unha historia de dignidade, somos unha nación con historia e non estamos dispostos a que vostedes nola rouben nin a que pretendan que a esquezamos. Non imos esquecer a nosa historia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu agora, con permiso do meu compañeiro Mini, vou ler un poema de Manuel María, escrito por Manuel María e musicado pola Quenlla, por Mini, que é a historia —o poema— de Galiza, un poema que di: «A historia de Galiza ocupa pouco, / ten brevidade case de salouco. / O Medulio, heroico, inmortal. / A loita irmandiña e comunal. / A liberdade ardendo en pura vela / ou o noso mariscal Pardo de Cela. / Escoito acesos ecos redentores / na romántica voz dos precursores, / que se fixo guieiro e profecía / en Antolín Faraldo e Rosalía. / Heroicos fusilados de Carral, / versos de Curros, himnos de Pondal. / Vilar Ponte, don Ramón o de Cambados, / Bóveda, Castelao, os emigrados. / Os tempos, inda non, non son chegados».

Os tempos non, inda non, non son chegados, mais, señores e señoras do Partido Popular, non teñan medo de que si serán chegados. Aínda que o Partido Popular non queira recoñecer oficialmente o 1 de decembro como o Día da Dignidade de Galiza, na historia oficial, oficiosa, do pobo galego, xa o é: o 1 de decembro e Nunca Máis representan a dignidade dun pobo que non se resignou, que saíu á rúa a demandar actuacións, a exixir responsabilidades e a dignidade dun pobo que se organizou e loitou por defender o seu. E non teñan dúbida de que volverán facelo, volveremos facelo todas as veces que faga falta. A pesar de vostedes, o pobo galego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e a dignidade do pobo galego existen e Nunca Máis existiu e segue existindo no noso corazón (*Murmurios.*) e no noso ideario colectivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 13974 [10/PNP-001162].

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto como punto segundo:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a revisar todos os ámbitos da súa competencia para restituír a toponimia legal nos lugares nos que non se cumpra a normativa e insta o Goberno galego a dirixirse ás demais institucións (Concellos, Deputacións provinciais e ao Goberno do estado español) para lles reclamar o uso en todos os ámbitos dos topónimos oficiais cuxa única forma legal é a galega. Así mesmo, o Parlamento acorda levar a cabo as medidas que sexan necesarias para que Google Maps cumpra a toponimia.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

O estudo, a investigación, a recuperación dos topónimos é unha preocupación global. Proba diso é a existencia desde 1960 dun grupo de expertos no seo da ONU co obxectivo de fomentar a normalización dos nomes xeográficos e de promover os beneficios nacionais e internacionais que xera tal normalización. O seu traballo é fundamental porque facilita a formulación e difusión dos principios, políticas e métodos axeitados para resolver os problemas de coherencia no uso dos topónimos, alentando a recuperación dos nomes que se utilizan localmente así como o seu almacenamento e difusión.

En 2014 este grupo estableceu os criterios de valoración dos nomes xeográficos en tanto que elementos do patrimonio cultural e inmaterial, declarando que os topónimos son parte integral do patrimonio cultural intanxible, tal que —leo textualmente— «constitúen compoñentes esenciais das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución, porque son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados e actuais».

A nosa Comunidade Autónoma non é allea a esta preocupación, porque ao interese por preservar e recuperar a toponimia xúntase facelo na lingua que nos é propia, particularmente despois da longa noite de pedra.

Co respaldo do artigo 5 do Estatuto de autonomía, establecendo que a lingua galega é a lingua propia de Galicia, a Lei de normalización lingüística, de 1983, avanza un pouco máis ao afirmar que a lingua galega é a única forma oficial para os topónimos de Galicia, unha lei que xa introduce o concepto de corresponsabilidade administrativa na determinación dos nomes dos lugares xeográficos. Deste xeito, á Xunta de Galicia correspóndelle determinar os nomes oficiais dos municipios, territorios, núcleos de poboación, vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. Por outra banda, a lei reserva para os concellos a determinación dos nomes oficiais para as vías urbanas no seu termo municipal.

Neste mesmo marco temporal debemos facer referencia á regulación da Comisión de Toponimia, órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia, herdeiro da Comisión Preautonómica onde persoeiros da categoría de Filgueira Valverde, de Antonio Fraguas, de Carballo Calero, de Río Barja, entre outros, iniciaron a urxente tarefa de devolver á súa forma enxebre a riqueza toponímica de Galicia, liberándoa das deturpacións ou desaxeitadas grafías impostas polo olvido ou pola ignorancia, ou polo descoñecemento do noso patrimonio cultural e lingüístico, tal e como recolle a exposición de motivos.

Se tivéssemos que poñer enriba da mesa algún dos traballos realizados dende a Autonomía ata aquí, creo que todos —e eu particularmente— destacaríamos os nomenclátors das catro provincias galegas: Ourense en 1996, Pontevedra en 1998, Lugo en 2000 e, finalmente, A Coruña en 2003. Podemos dicir que, grazas a estes traballos, temos máis de 41.000 topónimos revisados e 3.523 estudados con profundidade. Como comenta o propio presidente da Real Academia Galega, os topónimos maiores, os importantes, que se refiren a concellos, a parroquias, a aldeas, xa están nesta primeira fase, pero non é suficiente. Todos os gobernos galegos foron conscientes, somos conscientes de que non se deixa de impulsar proxectos na procura do labor iniciado na Preautonomía.

Pero, sen dúbida, baixo a miña opinión, un papel preponderante e destacado neste eido xógao o proxecto Toponimia da Xunta de Galicia, que arranca no ano 2000 e que se erixe como proxecto transversal de diferentes departamentos da Administración autonómica, pero tamén doutras administracións, particularmente os concellos, así como a sociedade civil en xeral, xa sexa a título individual ou colectivo a través de asociacións veciñais, asociacións culturais, comunidades de montes, etc.

E aquí tamén quero nomear o labor desenvolvido polas institucións, por institucións estatutarias como o Consello da Cultura Galega ou a propia Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega, o Instituto Padre Sarmiento e as universidades de Galicia, entre outras.

Os diferentes proxectos e programas desenvolvidos en trinta e oito anos permítenos agora mesmo ter un gran volume de información sobre a toponimia de milleiros de lugares e outras realidades xeográficas, como soutos, fragas, areas, regatos, fontes..., estudados na escrita e localizados no mapa, converténdose, grazas ás modernas tecnoloxías, en elementos imprescindibles para desenvolver planeamentos urbanísticos, estudos cartográficos, novas infraestruturas de comunicación, xestións de emerxencias... Pero, sobre todo, permítenos obter unha valiosísima información sobre a nosa cultura e a nosa historia.

A valorización da toponimia como patrimonio cultural supón, no noso entender, un salto cualitativo no seu estudo, na súa conservación e na súa promoción e divulgación, que queda reflectida nas normativas máis recentes. A nivel estatal, a Lei para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, do ano 2015, que obriga os poderes públicos a preservar a toponimia tradicional como instrumento de corrección, de concreción da denominación xeográfica dos territorios. A nivel autonómico, a Lei do patrimonio cultural de Galicia, aprobada nesta Cámara o ano pasado, que introduce unha regulación específica para o patrimonio inmaterial, cun tratamento diferenciado para a lingua galega e a toponimia entre outros. A propia lei determina que a Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional e presta especial atención ao Camiño de Santiago e á súa toponimia como parte dos seus valores. Esta lei segue moi de preto o espírito das recomendacións do Convenio para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial do organismo de Nacións Unidas, recoñecendo un papel activo ás comunidades na protección e sostemento do patrimonio cultural e inmaterial.

Este recoñecemento obriga a crear un gran consenso e a tecer redes colaborativas que nos permitan continuar coa identificación, documentación, investigación, protección, promoción, valorización e revitalización do noso patrimonio toponímico. É un traballo inxente que require unha implicación social a grande escala. Na nosa opinión, ás administracións públicas correspóndelles crear os vieiros, os instrumentos e as ferramentas necesarias para lograr tecer esa gran rede da sociedade civil que nos permita documentar toda a riqueza toponímica do noso país.

O proxecto Toponimia de Galicia xa incidía nesta cuestión, ao igual que a iniciativa GeoArpad, un proxecto —que coñecen vostedes seguramente— da eurrrexión Galicia-norte de Portugal que está a desenvolver por exemplo unha aplicación informática, «Galicia nomeada», concibida como unha ferramenta colaborativa en liña para a recolleita, a introdución e a xeorreferenciación da microtoponimia galega.

Como parte deste proxecto, a semana pasada coñeciamos un chanzo máis a prol da recuperación da nosa toponimia, poñendo en marcha un novo programa dentro da Rede de Dinamización Lingüística que dirixe a Secretaría Xeral de Política Lingüística: «Toponímizate, falámosche dos nomes da túa terra». É unha acción de divulgación e de concienciación que se desenvolverá en catorce concellos, da man de recoñecidos especialistas, co fin de sensibilizar a poboación da importancia da toponimia e da microtoponimia como un recurso patrimonial de incalculable valor, porque, sen dúbida, este é o momento da microtoponimia, para evitar que se perdan as referencias máis precisas de cada lugar, tanto na súa parte física

como orográfica, de flora, de fauna, pero, sobre todo, esa parte costumista, social, mesmo imaxinaria coas lendas e mitos.

E non é sinxelo. Os especialistas explican que Galicia ten unha toponimia tan rica — máis de tres millóns de topónimos, que dicía Filgueira Valverde— por catro razóns: a xeografía irregular —que require puntos de referencia constante—, un asentamento continuado na historia, unha dispersión poboacional intensa e unha fragmentación da propiedade. Se engadimos no momento actual a perda de poboación no rural, especialmente dos nosos maiores, gardiáns da memoria, é evidente que este traballo require dos esforzos e da axuda de todos para preservar o importante patrimonio colectivo que atesouramos como sociedade, que forma parte da nosa idiosincrasia e que temos obriga de legar ás xeracións que nos sucedan.

Por iso, hoxe traemos a esta Cámara esta proposición non de lei para instar o Goberno galego a perseverar no deseño da actuación que permita a conservación e a difusión da toponimia tradicional. E por iso xa adianto que imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego cunha transacción sobre o texto orixinal, xa que redunda na necesaria implicación de todas as administracións públicas nesta tarefa.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día outra vez.

Eu, sen acritude ningunha, señora Antón, porque para cuspir bile xa temos o señor Pazos aquí na Cámara, eu, lendo a iniciativa, pensaba que esta iniciativa non... *(Murmurios.)*

Digo que eu, sen acritude, que para cuspir bile xa está o señor Pazos, digo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Continúe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Como o señor Pazos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Deberíamos lembrar nalgún momento que non estamos na barra dun bar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, silencio a todos, a todos. Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Imos coa iniciativa.

Señora Antón, eu cando lía a iniciativa, lembrando unha frase que alguén dicía nesta Cámara de se era unha iniciativa campanario, eu vía a Berenguela, directamente. *(Aplausos.)*

Falan vostedes, mencionouno ademais na súa exposición de motivos agora na súa intervención explicando e presentando a iniciativa do proxecto da toponimia de Galiza, que leva en marcha desde o ano 2000, dezasete anos, e, claro, nós viamos que a iniciativa estaría ben se incorporara algo novo, pero vostede tamén facía referencia agora na súa intervención a que a novidade na que está traballando nos últimos anos o propio Goberno galego é o desenvolvemento desa aplicación móbil que pode permitir que a poboación directamente vaia incorporando eses topónimos, sobre todo a microtoponimia; foi presentada en comparecencia de prensa o 29 de novembro polo secretario xeral de Política Lingüística; entre outras accións, un calendario para os vindeiros meses de presentación desta campaña por distintas localidades e comarcas do país, e é que, ademais, xa fora anunciada polo vicepresidente da Xunta de Galiza e a Amtega en xuño de 2016.

Nós desde o BNG cremos que recoller, rexistrar, documentar e difundir a toponimia e microtoponimia galega é absolutamente fundamental, é un proxecto este absolutamente necesario, leva moitos anos en marcha, tamén é certo que cun pulo notábel desde o Goberno bipartito cando se implicou o conxunto das áreas da propia Xunta de Galiza no desenvolvemento e no impulso desta iniciativa de recollida da nosa toponimia, pero máis é cumprir a legalidade vixente, que, como saben, dispón o artigo 10 da Lei de normalización lingüística, no que se recolle que a única forma legal e lexítima da toponimia do noso país é a galega.

Trinta e catro anos despois da aprobación desa lei, aínda non se cumpre esta obriga. Eu convídoas ou ínstoas a algo: collan os computadores ou un móbil, un dispositivo que lles permita acceder á internet, e accedan ao *Boletín Oficial do Estado*; collan os presupostos xerais del Estado de 2017, preman o buscador e tecleen Orense ou tecleen Tuy, e vexan; nun documento oficial, nun documento oficial recollido nos presupostos xerais del Estado para 2017. *(Murmurios.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Quere subir aquí, señor Tellado? Véxolle que ten ansia por intervir, eu non teño ningún problema. ¿Quere? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois respecte a quenda de intervención dos demais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Eu convídoos a que comprobem cal é o tratamento que se fai da nosa toponimia no *Boletín Oficial do Estado* e no concreto, por pórilles un exemplo, nos presupostos xerais del Estado. É un caso, hai moitos. Xa temos traído desde o BNG a esta Cámara no concreto, por exemplo, os referidos ao Ministerio do Interior e á Administración de xustiza.

A práctica totalidade da documentación oficial que sae da Administración española incumpre a lei a respecto da toponimia e vulnera os dereitos lingüísticos deste país de maneira reiterada. Empresas privadas, medios de comunicación, concellos e deputacións provinciais man-

teñen sinalética e recollen a toponimia en versións ilegais: La Coruña, Villagarcía, Tuy, Orense...

O que reclamamos desde o BNG coa nosa emenda é que a Xunta de Galiza cumpra e faga cumprir o artigo 10 da Lei de normalización lingüística. Iso si que sería unha novidade, aínda que a demanda tampouco é nova. Se recollemos ou recapitulamos ou vemos a hemeroteca, dentro desta Cámara lévase aprobado un bo feixe de iniciativas propostas polo Bloque Nacionalista Galego nesta materia. A primeira, de 1995, impulsouna a deputada naquela altura Pilar García Negro; outras, en anos sucesivos: no 1998, no 2002, no 2003, e a máis recente, en xuño deste mesmo ano, no 2017.

O que queremos hoxe é ir alén da súa iniciativa e preguntarlle a esta Cámara e a todas e cada unha das persoas que facemos parte dela...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...a todas as organizacións políticas con representación neste pazo do Hórreo e, especialmente, á Xunta de Galiza, ao poder executivo galego, cantas décadas máis van ter que pasar ata que este dereito lingüístico primario e esta obriga legal se cumpran dunha vez e por todas.

Remato como comezaba: recoller, rexistrar, documentar e difundir a toponimia e microtoponimia galega é fundamental, é un exercicio básico de recompilación da nosa historia como pobo, mais tamén que esa toponimia sexa respectada na única forma oficial e legal que existe, que é en galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Son moitos os galegos e galegas que ao morrer deixan en herdanza algún tipo de finca rústica, unha terra de labranza ou regadío, unha viña, un lameiro, un prado, fincas e parcelas que moitas veces veñen descritas en escrituras antigas pasando de bisavós ou bisavoas a avós ou avoas, e que remiten a lugares que, baseados nas singularidades dos lugares topográficas, xeolóxicas, históricas, asumen nomes ligados aos mesmos ou cando menos descritivos de como foron no seu día.

Así, Galicia está repleta de topónimos e microtopónimos. No concello por exemplo de Barro está Triabá e en Triabá están Agriño pero tamén están Agriño de Arriba, Tella, Prado, Cortiña do Mestre, Armentón; lugares que se tornan en irrecoñecibles por perderse na transmisión oral ao ir finando as persoas que habitan os lugares, as que traballan as fincas, as que percorren os montes, as que empregan os regatos.

Perda de identidade e de historia que pende dun pequeno fío e que evidencia, ademais, que é a nosa terra galega a máis rica de toda Europa, con case a metade dos topónimos españois, uns 41.400. Eses topónimos están salvagardados pois están rexistrados, polo menos rexistrados. O problema vén coa microtoponimia, moito máis extensa e sensible a desaparecer. Preto de dous millóns de microtopónimos están estimados na nosa terra.

A este grupo parlamentario preocupánnos, en relación con esta cuestión, dous temas principais. Por un lado, cremos que a recuperación da microtoponimia é necesaria e importante, pero que non ten que supor o abandono da difusión e posta en valor da toponimia xa normalizada e rexistrada. Feito o labor de obter un nomenclátor, é obriga da Xunta poñelo en valor e exixir a todos os organismos públicos primeiramente e empresas ligadas á xeorreferenciación e localización xeográfica, como pode ser Google, que corrixan as acepcións incorrectas de topónimos, que tan pouco axuda á divulgación, uso e conservación destes topónimos.

A día de hoxe e logo de ter sido aprobada en comisión en xuño deste mesmo ano a petición ao Goberno para que respecte a toponimia galega, seguimos a atopar Mugía, Lage e Arteijo como vilas da provincia de La Coruña.

Polo tanto, incrementen o labor de vixilancia no cumprimento do uso correcto de todos estes topónimos, labor que non ten que rematar no mero rexistro e aprobación pola Comisión de Toponimia, senón que hai que impulsar a súa difusión e normalización do uso.

E no tocante ás microtoponimias, vostedes fálannos do desenvolvemento dunha ferramenta colaborativa para a revisión, corrección e actualización do nomenclátor de Galicia. Chama a atención que hoxe a presentan aquí como iniciativa cando en marzo deste ano xa licitaron o servizo para a depuración da base de datos de entidades de poboación para a elaboración do Plan básico autonómico e normalización da toponimia na cartografía, en outubro veñen de presentar a licitación do servizo de desenvolvemento dun sistema para a recolleita colaborativa de elementos de toponimia e en novembro, efectivamente, unha campaña de divulgación.

A palabra «iniciativa» significa —e corríxanme se me equivoco— «proposición ou idea que serve para iniciar algunha cousa». O que constatamos é que isto xa está iniciado e incluso algún dos traballos licitados xa está rematado. Polo tanto, de iniciativa isto ten ben pouco. Outra vez ocupan esta Cámara con propostas que responden ao cumprimento máis ben pouco áxil das súas obrigas legais como Goberno e sobre as que a oposición pouco podemos aportar ou debater.

O proxecto Toponimia de Galicia fai un chamamento explícito á colaboración de asociacións, agrupacións, colexios, veciños, veciñas. Nós temos claro que este é o modo de multiplicar a eficacia da busca e preservación dos topónimos, pero preocupánnos a parte de coordinación de todos os traballos xa realizados, do rigor no uso desa plataforma, así como que sexa unha ferramenta axeitada para os máis maiores, por ser estes precisamente os portadores da información máis sensible e máis relevante e máis suxeita a desaparecer. Coordinar e ordenar o xa feito para non duplicar esforzos pensamos que é fundamental.

Así mesmo, entendemos que para tal fin sería preciso asinar e articular convenios, principalmente cos concellos, para poder pór en marcha ese filtro de control que coordine todos os traballos feitos a nivel local e aunar modos de busca e de cubrir as áreas xeográficas carentes de información. Non todo pode ser voluntariedade, haberá que ter un plan B.

E xa para rematar, parece acaído coñecer que se vai facer para asegurar a recuperación e conservación dos microtopónimos. Se preocupa a microtoponimia e a súa conservación, entendemos que pensar nas ferramentas de planificación urbanística é primordial, para que nas zonas de expansión das vilas e cidades, cando se plantexen novos solos industriais, novas rúas, equipamentos ou prazas, a conservación dos microtopónimos, das persistencias, teña prevalencia e a transformación do territorio non implique a perda das identidades e da historia dos lugares, porque o patrimonio cultural inmaterial non pode condenarse a reflectirse soamente nos libros; convertelo en testemuña viva da historia é a obriga deste goberno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Dise na iniciativa presentada polo Partido Popular que se vai instar a Xunta a avanzar, pero, en realidade, debéra dicirse que se vai instar a Xunta a resucitar, a resucitar un proxecto que estaba en marcha hai máis dunha década e que morreu cos recortes deste goberno.

Despois da publicación do nomenclátor oficial no ano 2003, aínda con Fraga, e sendo Jaime Pita conselleiro de Presidencia, comezaron os traballos de campo para asignar as coordenadas xeográficas exactas, iso é, xeorreferenciar toda a toponimia viva, ou sexa, a recoñecible por informantes orais locais. Déronlle bastante bombo, apareceu en moitas hemerotecas, o PTG —o proxecto Toponimia de Galicia— espallouse moito, ten páxina web, que, ademais, foi variando de aspecto pero non incrementou os seus contidos dende o Bipartito, cando aínda era un proxecto vivo e activo.

Está ben que se resucite, naturalmente, está ben, pero a decisión de retomar o PTG —talvez agora con outro nome, non sabemos— xa a veñen anunciando hai anos pero non acaba de concretarse. Se agora queren que sexa a partir desta iniciativa, pois que sexa realmente e se retome.

Realmente hai tamén unha parte da súa exposición, que é a parte inicial, que deberan corrixir —cremos—, non porque sexa incorrecta, non porque non sexa certo. Cando se di que a toponimia é a ciencia que estuda os nomes con que identificamos determinados espazos do territorio, aquí realmente do que se fala é da toponimia como patrimonio inmaterial, que é outra acepción da palabra. Vai parecer se non que o Parlamento insta a Xunta a que favoreza

unha disciplina científica particular. Entón, estamos falando dun conxunto de nomes de lugar, das palabras que identificamos e que nos axudan a identificar o territorio, e, ademais, da ciencia que se ocupa do seu estudo. Polo tanto, nós cremos tamén que o que hai é que aplicar a lei. Hai moitísima lei, hai unha lei amplísima: normativa autonómica, normativa estatal e normativa internacional.

Tamén queremos facer especial fincapé na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Hai moitísimas cuestións das que poderíamos falar. E, dende logo, o que si temos moi claro —e creo que así se demostra en todas as exposicións e intervencións dos distintos grupos— é que realmente hai que velar para que na rotulación viaria, entre outras cousas, se usen os nomes oficiais que figuran no nomenclátor. Hai moitos rótulos novos en vías públicas, autovías e estradas, tanto de titularidade estatal como autonómica ou provincial, que presentan os topónimos con formas diferentes das que constan no nomenclátor como oficiais; cousas do tipo de «Cobas» en vez de «Covas», «San Ciprián de Viñas» por «San Cibrao das Viñas», e moitas outras que xa foron aquí referenciadas.

E o Goberno ten o deber de velar por ese cumprimento, e a responsabilidade de todos os erros recae na Xunta. Que, polo menos, ademais, habiliten un lugar onde a xente poida queixarse dos erros. A nós gustaríanos facer unha emenda *in voce* con respecto a isto que acabamos de dicir. É unha emenda de engádega: ínstase a Xunta a que cumpra co seu deber de velar para que na rotulación viaria se usen os nomes oficiais que figuran no nomenclátor, e ínstase tamén a Xunta a habilitar un lugar onde a xente poida queixarse dos erros.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Señora Rodil, eu tamén sen acritude —porque chegamos ata aquí en boa sintonía e non o vaiamos estropear agora—, pero vostede ve a Berenguela porque non lle gusta ver que os gobernos do Partido Popular son proactivos, moi proactivos, a favor da lingua e neste caso tamén a favor da toponimia. E require concreción na proposición non de lei do Partido Popular, cando realmente a súa emenda de concreta síntoo pero non ten absolutamente nada. Entón, imos quedar nun *fifty-fifty*.

Señora Pierres, vostede sabe ou debería saber —non llo comentarían ao mellor os seus compañeiros—, pero nesta mesma Cámara, na Comisión 1ª, hai escasamente uns días, aprobouse un requirimento a Google Maps para que corrixa os topónimos en Galicia. E tamén nesa comisión, no debate entre os diferentes grupos, quedou claro que a Xunta de Galicia, fronte á liberdade de calquera empresa, ten unha marxe de manobra realmente escasa. Pero non vai quedar por que non se faga unha vez máis, porque si que é certo que a Secretaría Xeral de Política Lingüística xa se dirixiu en máis dunha ocasión a esta empresa concretamente.

Vostede, pola súa intervención, considera que todo está feito coas licitacións dos proxectos que nomeei eu antes. Pois, efectivamente, se pensa así, non lle vai ver sentido a esta pro-

posición non de lei. Pero, como dixer, trátase de perseverar neste labor e poñer o acento neses máis de dous millóns que xustamente vostede recoñecía que había ou que se di que hai de microtopónimos.

Señora Cuña, eu diríalle que vostede sabe que os traballos sobre a toponimia non rematan nunca, porque a toponimia tamén é algo vivo, é algo que está en constante mudanza, variable, mutante. E, efectivamente, pode haber momentos en que se traballa con máis ou menos intensidade, pero o que é certo é que nunca se deixou de facer ningún traballo de recuperación por parte do Partido Popular. É máis, eu diría que foi o Partido Popular o que máis instrumentalizou e o que máis vieiros puxo precisamente para a recuperación da toponimia.

E sobre a demanda concreta que vostede fai de que haxa un lugar para as queixas e os erros que se atopan, dírelle que ese lugar está na Secretaría Xeral de Política Lingüística. De feito, a Secretaría Xeral de Política Lingüística recolle e traslada todos os erros que de forma particular ou asociativa lle chegan sen ningún tipo de problema.

Sobre a súa emenda, se lle parece, podemos falar despois, xa que vostede a finalizou hoxe aquí.

Pola miña banda, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 17009 [10/PNP-001285].

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto como punto segundo:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a avaliar os resultados derivados da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza de acordo coa Disposición adicional quinta do devandito decreto remitindo os resultados desta avaliación ao Parlamento.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Énos aquí unha vez máis dispostos a tentar que unha serie de programas aos que fixo referencia —como é obvio que así tiña que ser— o señor conselleiro na súa comparecencia se avalíen, algo tan elemental como que calquera política pública, sexa en educación, sexa en portos ou en estradas, se avalíe para ver se está a dar os resultados que pretende dar esa famosa avaliación de implementación, que non sabemos moi ben por que se nos ten cuestionado permanentemente na Comisión 4ª, onde en máis dunha ocasión temos falado deste mesmo asunto.

Como todos vostedes saben, e en particular aquelas persoas que teñen responsabilidades en educación neste Parlamento, o señor conselleiro de Educación, ao remate do pasado curso, no mes de xuño, falou desa famosa Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, estratexia que nos parece cun plantexamento correcto, necesario, desexable e incluso ata —se me apuran— ben deseñado —as cousas como son—. É dicir, podemos cuestionar se o plurilingüismo está ben deseñado en canto ao decreto que o sustenta, pero non do que estamos a falar neste caso, que son os plans desta estratexia.

O que nos preocupa seriamente a este grupo parlamentario —e por iso traemos esta iniciativa— é que toda esa pléiade de iniciativas distintas que se teñen posto en marcha non se están a avaliar. Non estamos a ver se o resultado que dá é o previsto, se é necesario, polo tanto, facer algunha corrección ou se se está actuando dunha forma acertada.

Resulta evidente que os plans preexistentes a este curso, con este florecemento desta Estratexia 2020, nomeadamente as seccións bilingües e os centros plurilingües, teñen unha debilidade moi importante, porque resulta moi complicado chegar á convicción de que o feito de incluír unha hora semanal adicional nunha lingua estranxeira mellora dunha forma substancial a competencia lingüística do alumnado. Por moito que nunha Comisión 4ª o señor director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa falase dunha serie de melloras que cuantificou, iso non é unha avaliación, e todos sabemos que iso non é unha avaliación; iso é simplemente extractar das bases de datos existentes na Consellería se houbo algún tipo de mellora ou non, e, ademais, asimilar, no caso de que así fose, esas melloras a estes programas en concreto, cando non todos os alumnos están a cursar ensinanzas en centros que participan nestes programas.

O que si é certo é que os plans estrela deseñados para este curso, é dicir, a implantación de lingua estranxeira en educación infantil e tamén en formación profesional —que se chaman pluriinfantil e Estrela pluriFP— non concitaron o aplauso unánime de crítica e público, porque a participación dos centros nestes programas deixou bastante que desexar, cando non manifestamente todo. Estamos a falar dunha participación do 31 % dos centros que poden participar no plan pluriinfantil e estamos a falar dunha participación do 2,7 % —que parece un dato de IPC máis que de participación escolar nun programa— no caso dos centros de

formación profesional. Polo tanto, podemos falar no caso último —o de formación profesional— dun estrepitoso fracaso.

Aínda así, consideramos que estes programas deben ser avaliados e que esa avaliación non se está a levar a cabo, porque non existe unha avaliación deseñada *ad hoc*, e, polo tanto, non podemos dar por válida a referencia que se fixo a eses resultados por parte do director xeral ao que antes fixen referencia. E tampouco podo dar por válida a existencia dunha avaliación cando o estamento que ten encargada regulamentariamente a avaliación do sistema educativo, que é a Inspección de Educación, non participa en ningún tipo de avaliación relativa á mellora da competencia lingüística.

Miren, aínda que non se trata de facer un monográfico sobre este colectivo de funcionarios da Administración educativa, si que me van permitir dicirlles que dentro do traballo deste colectivo hai o que se chaman áreas de traballo estruturais, porque se lles concede unha importancia esencial para a supervisión e inspección do sistema educativo. E dentro desas áreas de traballo estruturais está, ¡como non!, a de avaliación do sistema educativo, e tamén hai unha referida á normalización lingüística.

Pois ben, a realidade é que dentro dos plans anuais da actuación da Inspección hai unha cantidade considerable de aspectos que se deben avaliar e que se deben supervisar: seguimento dos procesos de inicio e final de curso, supervisión da escolarización do alumnado, supervisión do proxecto educativo, supervisión da concreción curricular, supervisión do plan xeral anual, supervisión do documento colectivo dos centros, do plan de acción tutorial, supervisión e análise das memorias de final de curso, supervisión, supervisión, supervisión...

E tamén —e isto é moi relevante— hai unha que se refire á supervisión do proxecto lingüístico do centro. E aquí, si, di: «verificando que se respecta o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario». É dicir, á Consellería o único que a preocupa do Decreto do plurilingüismo é que se comprobe que se imparten equilibradamente as mesmas horas á semana en galego e en castelán. ¿Como é posible que a propia normativa que regula o traballo anual deste colectivo non faga referencia ningunha a un capítulo íntegro deste famoso decreto do plurilingüismo, que é o capítulo IV, que se refire á impartición de materias en linguas estranxeiras. ¿Como é posible que teñamos desde hai varios cursos unha cantidade crecente de programas que supoñen unha mellora, ou deben supoñer necesariamente unha mellora, da competencia lingüística pero non teñamos un só indicador, en ningunha etapa educativa, nin infantil nin primaria nin secundaria nin bacharelato nin formación profesional, da mellora da competencia lingüística? Porque non existe.

E a nosa iniciativa é tan sinxela como que se avalíe esa mellora da competencia lingüística, porque non pasa nada porque os resultados non sexan os que se esperan. Para iso están as avaliacións de implementación, para corrixir se é necesario corrixir. Pero, claro, hai que facela, hai que ter datos obxectivos, hai que deseñar esa avaliación, hai que aplicala e hai que aterse aos resultados que se obteñan —insisto— coa finalidade da mellora.

E, polo tanto, eu, señora Chao, comín o menú da cafetería; dígoo por se vostede quere saber se o optimismo vespertino que manifesto ante a certa aprobación desta iniciativa lle xera algunha dúbida; a comida está ao alcance de todos nós.

Estou seguro de que o Partido Popular vai apoiar esta iniciativa, porque non podo crer que o Partido Popular non considere necesario avaliar as políticas educativas, salvo que se considere que o Partido Popular, xunto co sumo pontífice, sexa infalible e, polo tanto, non é necesario avaliar ningún tipo de política porque está necesariamente ben feita. Eu quero crer que estamos a falar dunha iniciativa seria, como dicía cando compareceu o señor conselleiro, unha iniciativa propositiva, feita coa mera intención de mellorar o sistema educativo, non de facer ningún tipo de catastrofismo.

E con respecto á emenda que presentou o Bloque Nacionalista Galego, quero dicir que si, evidentemente, imos aceptar esa engádega, porque, ademais, este mesmo grupo parlamentario, a través da miña compañeira a señora Burgo López, ten presentado en múltiples ocasións iniciativas para que se avalíe o desenvolvemento deste decreto, creo que co mesmo éxito en todas elas. Pero estou convencido de que esa tendencia pode cambiar e vai cambiar a partir de hoxe.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu non quero romperlle o optimismo, señor Álvarez.

Nós discrepamos —dicíao na comparecencia do conselleiro anteriormente— no eixo central, en como se concibe a propia estratexia de potenciación das linguas estranxeiras no ensino galego, o plan que había antes e a Estratexia EDUlingüe 2020, que impera agora. Insistimos na idea que lanzaba daquela: pártese dunha concepción e dunha equiparación, dun tratamento igual de realidades lingüísticas e de idiomas completamente diferentes. E cremos desde o BNG que calquera plan, calquera iniciativa, calquera política ou estratexia encamiñada a potenciar o coñecemento e aprendizaxe de cantas máis linguas mellor, no caso dun pobo como o noso, dunha realidade sociolingüística como a galega, debe partir sempre, como así o aconsellan desde o Consello de Europa e desde outros tantos ámbitos, da lingua minorada, neste caso o galego.

Nós incorporamos con esta emenda que se avalíe o Decreto —decretazo— 79/2010 e que se faga de acordo co disposto —valla a redundancia— na disposición adicional quinta, que insta a que sexa avaliada a súa aplicación nos distintos graos educativos de maneira anual para ir introducindo ou incorporando as correccións que fosen precisas. Nós non concordamos con ese decreto. Non cansaremos nunca de pedir que se derroge e que foi unha vulneración dos dereitos e representa unha vulneración dos dereitos lingüísticos dun país coma o noso, pero é que, ademais, non se cumpre nin sequera o disposto no propio decreto, onde se fala dun 33 % de presenza da lingua galega nos centros de ensino. E é obvio, a realidade

é teimosa. A pesar do que se dicía antes de que nós queríamos construír unha realidade que non tiña nada a ver con aquela na que interactuaba a sociedade, non é así. O que estamos vendo é que, por exemplo, coa combinación dese decreto e a LOMCE e a entrada en vigor e aplicación da LOMCE, o que fixo foi aínda reducir máis a presenza da lingua galega. E eu facía referencia a un caso concreto que é moi estendido polos centros educativos do noso país: 2º da ESO, instituto na cidade da Coruña, apenas dúas materias en todo o currículo impartidas en lingua galega, a propia Lingua e Literatura Galegas e Xeografía.

Nós cremos que debe ser avaliado, que deben traerse ademais a esta Cámara os resultados desa avaliación e que a todas luces quizais o que vexamos é o que denunciou e vén denunciando o BNG desde o ano 2010, e é que a incorporación dunha lingua como foi o inglés, restándolle espazos á lingua propia e minorada neste caso, a lingua galega, o que está é provocando unha merma mesmo das competencias lingüísticas adquiridas pola mocidade do noso país no idioma propio.

E insisto na idea que lanzaba na comparecencia do conselleiro: esas competencias tamén van afianzándose sobre todo nas idades máis temperás, non só por aprender nese idioma ou aprender ese idioma, senón tamén polo seu uso habitual.

Nós insistimos e apoiamos completamente a iniciativa que aquí se propón, porque, ademais, fóronse ampliando cada vez máis eses programas de potenciación da lingua en etapas máis temperás no caso do ensino infantil e —insisto— onde a presenza da lingua galega é non marxinal, non residual, senón que é territorio comanche —as escolas infantís son territorio comanche—. Poder ingresar, poder matricular unha crianza hoxe en día nunha escola infantil en lingua galega é unha aventura para moitas familias; xa o temos tamén denunciado aquí en moitas ocasións. E o que nós cremos é que non se pode seguir avanzando na implantación desta estratexia, deste modelo do plurilingüismo polo menos sen ter enriba da mesa ou diante os datos das consecuencias da súa aplicación.

Eu formulaba algunhas preguntas na comparecencia do conselleiro. ¿Cales son as competencias lingüísticas que está adquirindo este alumnado na lingua estranxeira maioritariamente, porque só hai que ver os datos da propia Consellería, maioritariamente inglesa? A nós gustaríanos que se potenciase tanto a aprendizaxe e o aproveitamento e o coñecemento da lingua portuguesa, e non houbo nunca nas ofertas públicas de emprego nin unha soa convocatoria para o profesorado de portugués, a pesar de que esta lingua ten unha lei propia, a Lei Paz-Andrade. ¿Cal é o nivel adquirido nas distintas materias, xa no plano máis académico, que se imparten en lingua inglesa? E, sobre todo, se verdadeiramente se cumpre con esa repartición do 33 %, coa que nós —insisto— estamos en contra; debería restituírse cando menos o 50 % de materias impartidas en lingua galega, como dispón o Plan xeral de normalización lingüística.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, ola outra vez.

O que está claro é que temos distintas visións sobre o mesmo tema e compartimos algunhas cuestións e outras pois non.

Dende logo gustaríame a min empezar con Manuel María; non é unha casualidade, as cousas son por algo. «A fala. O idioma é a chave coa que abrimos o mundo,» —di— «o salouco máis feble, o pesar máis profundo». —No medio di moitas outras cousas que convido a que lean—. «Se perdemos a fala, non seremos ninguén».

A promulgación do Decreto 79/2010 o que causou foi obviamente —e é constatable, o que pasa é que non hai datos, non hai datos, estudos rigorosos, pero debera habelos— desprotección lingüística do galego, diminución da presenza. E, dende logo, as sociedades que apostan pola súa lingua son sociedades que se desenvolven.

E nós imos apoiar esta iniciativa porque cremos que ningunha política pública pode construírse seriamente sen unha científica e transparente avaliación de resultados. Cando o conselleiro fala de estatísticas, non está falando de avaliacións. Iso non é unha avaliación, e sabémolo ben todas e todos os que estamos aquí. ¿Que estatísticas demostran que? Esta é a pregunta.

Cando nós estamos en contra do decretazo, estamos en contra porque foi nefasto; é obvio que a nosa é a única comunidade que mingua en falantes, por moito que se nos diga que hai máis falantes que nas outras; tamén son datos obxectivos e obxectivables. Pero, aínda poñéndonos no desenvolvemento deste plan, cando se desenvolve un plan destas características ten que haber un plano cognitivo, ten que haber un plano afectivo, ten que haber sobre todo un plano organizativo fundamental e moi serio. E o que hai é bastante caos.

Por exemplo, o AICLE, que é unha metodoloxía que se utiliza moitísimo, é absolutamente voluntario, non estivo nin nos centros de formación do profesorado o ano pasado nin está este ano. É algo voluntario, cando sería unha ferramenta fundamental para que os profesores e profesoras que imparten ensinanzas nestes niveis, sobre todo niveis que son centrais como é infantil e primaria, teñan non só coñecementos da lingua, senón que poidan tamén coordinarse con outras materias, poidan tamén ter estes transvasamentos.

Isto require de procedementos reflexivos e, dende logo, dunha avaliación rigorosa. Non se poden organizar os centros plurilingües cunha operación de sumar diferentes competencias monolingües. Isto é un erro de enfoque total.

Nós tamén somos partidarias de que cantos máis idiomas mellor, pero nunca en detrimento da propia lingua, que é o que está acontecendo. E, se non, fagan avaliación e entón teremos a demostración palpable dos resultados. ¿A que lle teñen reparo?

Os inspectores teñen ese programa de áreas de traballo estruturais, pero non só os inspectores. En reiteradas ocasións as tres universidades galegas ofrecéronse a poñer á disposición da Consellería as ferramentas técnicas con todo o rigor e con toda a claridade, con toda a

independencia. Non tiveron resposta. ¿Por que? Esta é unha boa pregunta que require unha resposta tamén coherente, ¿non? Se se ofrece para avaliar o estado do plurilingüismo, ¿por que se rexeita?

Nós cremos que a avaliación non é soamente unha ferramenta, é unha obriga que establece a propia legalidade. Tanto dicir constantemente: «cumprimos a legalidade», cumbran a legalidade. Cumprir obxectivos e, dende logo, non pasar de puntas, porque existe o Plan de normalización, está aí aínda. Entón, cumbran coa avaliación de resultados prevista na disposición adicional quinta como paso previo á súa actualización.

Non sabemos fixo por que rexeitan unha oferta de leal colaboración institucional, como din as propias universidades, e por que non temos esa análise xa. O que si sabemos é que o retroceso maior do uso do galego está dándose nos niveis máis decisivos, en infantil e en primaria. E sabemos da importancia da formación pedagóxica específica que demanda non só a xente que a fai pola súa conta, senón tamén moitos sectores de todo tipo.

Non obstante, si hai unhas axudas, que saíron o 28 de novembro, de fomento de uso do galego nos centros, axudas de 300.000 euros, que están aí en vigor ata o 15 de xaneiro, para que haxa un estudo sociolingüístico, estudo do alumnado.

Fagan un estudo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...unha avaliación rigorosa. Entón, estaremos todos con datos fiables.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

A verdade é que resulta agora curioso... Ben, antes de comezar quería sinalar unha cuestión. Señor Álvarez, o outro día na Comisión facíame o mesmo argumento de optimismo ou falaba do mesmo argumento de optimismo, e eu non quero converterme no que frustra permanentemente o seu optimismo, pero vai ter que comprender que se me recorre sempre a ese argumento pois a min non me queda máis remedio que considerarme o que frustra ese optimismo permanente, dende o respecto que vostede sabe que lle teño.

Resúltame curioso que plantexen ou reclamen agora vostedes este sistema ou un sistema de avaliacións para ter coñecemento dos resultados das políticas postas en marcha no sistema

educativo cando non hai moito tempo atrás — non hai que botar a vista moito tempo atrás — vostedes eran os primeiros críticos coa estratexia de avaliacións que plantexaba a LOMCE. Daquela, a LOMCE establecía uns sistemas e unhas estratexias de avaliación para ver os resultados das políticas públicas e montouse unha campaña contra esas avaliacións brutal, e agora están reclamando avaliacións de políticas públicas.

Mire, evidentemente, as avaliacións de políticas públicas van con base en que se trazan uns obxectivos e se acadan uns resultados, que poden ir en consonancia ou non con eses obxectivos que se adelantaron. Pero xa lles digo: resulta chamativo agora que vostedes veñan reclamando avaliacións de políticas do sistema educativo cando hai meses vostedes mesmos criticaban a posibilidade de levar a cabo avaliacións no sistema educativo. Resulta cando menos chamativo.

Como vostedes saben, esta consellería elaborou no ano 2010 un plan de potenciación en linguas estranxeiras e reformulou, vén de reformular este plan, froito dos novos retos e da situación actual, e para iso se elaborou esta nova Estratexia EDUlingüe 2020. Como vostedes saben tamén, neste ano, concretamente o ano 2017, implementáronse unha serie de novidades dentro do que é a estratexia lingüística da Xunta de Galicia, da Consellería de Educación, que son implantar os programas Plurininfantil, Pluribach, Bachibac e PluriFP.

Tras a convocatoria de 2017 para a impartición de Pluriinfantil, a incorporación de 83 centros é unha resposta que para nós é satisfactoria. Vostedes consideran que non é satisfactoria, pero para nós si, xa que se incorporan máis dun 30 %, é dicir, un 31 % dos centros plurilingües que contan con linguas estranxeiras nesta etapa educativa. Polo tanto, agárdase que a incorporación dos centros sexa gradual, como aconteceu coa convocatoria de centros plurilingües que ten implantada esta consellería dende o ano 2010. É o que dicía antes: márcanse os obxectivos nun horizonte temporal e os resultados avalíanse con base na consecución ou non deses obxectivos que se marcan no horizonte temporal.

O mesmo ocorre no programa Pluribach, no programa Bachibac. E falaba vostede tamén da incorporación dos centros de formación profesional, da estratexia de linguas en formación profesional. Dicía que era un 2,7 %. Nós consideramos que é satisfactorio, entendendo que se trata da primeira convocatoria e que ademais está en consonancia coas seccións que xa están activas nos centros de formación profesional, seccións plurilingües que xa están activas nestes centros.

Pero, evidentemente, hai uns obxectivos, uns obxectivos ambiciosos, que, no caso concreto da formación profesional, a pretensión é que no ano 2021 teñamos 90 centros plurilingües na FP. Ese é o obxectivo. Os obxectivos —xa digo— son despois con base nos que hai que avaliar os resultados. Por iso si se levan a cabo avaliacións de obxectivos ao redor dos resultados no seu horizonte temporal, como lle dicía antes.

Na avaliación do plurilingüismo, nós somos conscientes do valor engadido que posúe a posible certificación do nivel lingüístico acadado por este plan, evidentemente. Dende o 2010, en que se crearon os centros plurilingües, estase a traballar para certificar o nivel lingüístico do alumnado, e, de feito, no ano 2014 —vostedes sábeno— xa se desenvolveron unha probas en colaboración coas escolas oficiais de idiomas.

A recollida e análise de datos que está a levar a cabo a Consellería ten dado, dende o ano 2010 ata hoxe, diferentes resultados, e vostedes tamén os poden comprobar porque son resultados públicos. A mellora de todos os centros nos seus resultados nos diferentes ámbitos, lingüísticos e non lingüísticos, tivo especial incidencia nos centros plurilingües con seccións bilingües. Neste contexto estes centros duplicaron os resultados de mellora do resto de centros. No ámbito lingüístico a mellora dos centros plurilingües tamén duplicou a do resto de centros, e son datos que están á disposición de todos. A mellora dos resultados en inglés dos centros plurilingües duplicou a do resto: subida de 0,99 puntos nos resultados, fronte a 0,53 dos outros centros. Nas probas de acceso á universidade de 2016 o alumnado galego mellorou na materia de inglés en 1,4 puntos e nos tres últimos anos dunha media dun 5,28 en 2013 a unha media dun 6,59 en 2016. Temos datos, datos enriba da mesa e datos que amosan que se están a acadar os obxectivos que se marcaron.

O mesmo ocorre a nivel cuantitativo, que máis do 75 % dos centros sostidos con fondos públicos son centros plurilingües ou teñen seccións bilingües, 322 centros plurilingües, multiplicouse por 6 o número de seccións bilingües. Tanto a nivel cuantitativo como a nivel cualitativo existen datos, estanse a avaliar e hai resultados. Pero —xa digo— todo isto tendo presente un horizonte de actuación con base no que temos que ter claros cales son os resultados que queremos perseguir.

¿E cales son os obxectivos? 500 centros plurilingües, dos cales 280 en educación infantil, 90 en formación profesional, 40 centros con bacharelato de excelencia en idiomas, 600 novas seccións bilingües, duplicar o número de auxiliares de conversa ata os 1.000 e un investimento total de 67,8 millóns de euros. Esta é a previsión do Goberno de cara ao ano 2021. Polo tanto, obxectivos. E avaliaremos dende logo —e así se está facendo— os resultados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Vai ser que non, ¡que lle imos facer!

Señora Rodil, agradézolle as súas palabras. Xa lle dixen que iamos aceptar a súa emenda. De todos modos, creo que a discrepancia que temos, á que vostede fixo referencia, se debe a que temos unha concepción distinta; vostedes tenden a enfrontar o galego coa lingua estranxeira, nós cremos que son realidades compatibles; é dicir, o feito de aumentar a competencia lingüística en inglés non ten por que mermar, no caso de que así sexa, como vostede di, a competencia lingüística en galego, como esa lingua minorada á que fai referencia.

É certo totalmente o que vostede dixo, pero o problema do fracaso do decreto do plurilingüismo, o Decreto 79/2010, é que ese horizonte óptimo... Eu lembro perfectamente —supoño que como practicamente todos os que estamos aquí— o señor Núñez Feijóo —iso si, sete

anos máis novo, como todos nós— fachendeando polo Estado adiante do equilibrio lingüístico que ía haber nesta comunidade autónoma, de tal maneira que á volta de moi pouco tempo serían trilingües todos os habitantes da comunidade autónoma dunha determinada idade; é dicir, falaríamos todos galego, falaríamos todos castelán e falaríamos todos inglés—entendo que é a lingua ofertada maioritariamente—.

A realidade é que non é así. A realidade é que, nos centros en que se debería impartir en cada unha destas linguas un 33 %, as cousas son claras, as contas son evidentes: é que no mellor dos casos hai un 45 %-10 %, é dicir, un 45 % en galego e en castelán, nese equilibrio que hai que ter, e un 10 % nunha lingua estranxeira. Esa é a realidade.

¿Que hai que derrogar este decreto? Evidentemente. ¿Que hai unha defensa contumaz por parte do Partido Popular deste decreto? Tamén é evidente. Eu vou empregar a mesma frase que empregou o señor Pazos citando a Calderón; tamén é certo que a puido traducir, porque non hai ningún problema para traducir a Calderón ao galego, é unha lingua tan rica polo menos como o castelán. Puido dicir: «nada é xusto se non é do meu gusto»; é unha rima, mantense a rima. Pero ben, se o señor Pazos preferiu cingirse ao literal da lingua de Calderón, tampouco pasa nada.

Señor Fernández Gil, mire, non acabo de entender o argumento de que, como nos opuxemos ás avaliacións de diagnóstico, non podemos vir pedir unha avaliación de mellora da competencia lingüística.

En primeiro lugar, a oposición ás avaliacións de diagnóstico era conceptual, porque derivaban e derivan da LOMCE, era unha oposición da LOMCE; ninguén se cuestiona sensatamente que non se deban facer avaliacións para ver se o sistema educativo está respondendo ao que ten que responder.

—Remato xa, presidente—.

Déixame vostede francamente estupefacto. Se o 2,7 % é satisfactorio, ¿en que porcentaxe está o que vostedes consideran malo? Debe ser negativo, porque, se non, non se explica. Dixo vostede o 2,7 %. Si, xa sei que é o primeiro ano.

E gustaríame que me dixera vostede onde están publicados eses datos de mellora que vostede citou, que son os mesmos que citou o director xeral na súa comparecencia na Comisión 4ª.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Sobre a emenda, si, imos aceptala.

E o próximo lema de campaña para o Partido Popular é *we are the very best*.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Tal como se comentou, vai haber unha breve alteración da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boas tardes, señor conselleiro.

O Grupo Parlamentario Socialista hoxe queremos preguntarlle sobre un elemento cun valor patrimonial, natural e cultural único, un valor singular como é o Camiño de Santiago; valores aos que hai que engadir o valor como instrumento de cohesión social, de equilibrio territorial e de actividade económica.

Hoxe mesmo saen varias novas nos xornais galegos nas que se sinala que estamos a piques de recibir o peregrino 300.000; é dicir, que nun ano transcorreron por algún dos nove itinerarios do Camiño da nosa comunidade tres veces máis que a poboación de Santiago de Compostela.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade. O dito plan director consta de catro obxectivos, como son protexer e preservar o Camiño, responder ás necesidades do peregrino do século XXI, fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial e seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa.

Nel tamén se contemplan cinco retos e catro eixos. En cada liña estratéxica aglutínanse diversos plans de actuacións prioritarios cun horizonte do 2021. E vou reseñar algunha destas liñas estratéxicas, como son a conservación e mantemento do Camiño de Santiago, na que as accións a impulsar son o mantemento viario, a sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago e un Camiño de Santiago accesible. Outra é a potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela, na que as accións a impulsar son a dinamización dos diferentes camiños de Santiago e a difusión dos valores e da singularidade de cada unha das rutas de peregrinación a Santiago. E, por último, voume referir á especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino, na que inclúe a xestión integrada da rede pública de albergues, mellora das súas infraestruturas e o fomento da excelencia nos servizos de atención ao peregrino.

Tamén se establece unha visión desexada para o ano 2021, con plans de accións e melloras, así como un plan de comunicación e *marketing*. E neste cronograma para o exercicio 2017, neste plan de accións e melloras, inclúese o acondicionamento do Camiño Francés, do Camiño Fisterra-Muxía e do Camiño Inglés, sendo para este ano 2017 declarado pola propia Xunta de Galicia como ano do Camiño Fisterra-Muxía e do Camiño Inglés.

O plan director establece unha serie de accións a impulsar para cada un destes camiños, que recordo que deben estar rematados antes de que remate este ano 2017. É dicir, señor conselleiro, quedan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...27 días para dar cumprimento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou xa.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...a este plan director. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: A pregunta está entendida: desenvolvemento do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021. Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, vostede sabe perfectamente que o último Xacobeo foi no ano 2010. Naquel momento o Goberno que resultou do proceso electoral do ano 2009 practicamente non se topou con nada feito para a planificación e para a execución do ano 2010. Obviamente, este goberno non quere que isto volva pasar, non quere que se peque de falta de planificación no ámbito do Xacobeo, e por iso estamos traballando xa dende hai moito tempo en que o Ano Santo Xacobeo 2020-2021 sexa o mellor da historia de Galicia e sexa un motor de desenvolvemento socioeconómico para os concellos por onde transcorre e para o conxunto de Galicia.

Demándanolo a sociedade. Todos somos conscientes de que o Xacobeo é bo para Galicia e os camiños exíxennos que, ano tras ano, sexamos capaces de ir mellorando, progresivamente, todo o que ten que ver coas rutas xacobeas; hai máis visitantes, máis peregrinos... Temos, por conseguinte, unha maior responsabilidade neste ámbito.

Vostede díxoo perfectamente: no ano 2015 apróbase un plan director, cun escenario temporal do ano 2021. Hai moitas liñas estratéxicas: coordinación institucional, preservación dos valores culturais, conservación e mantemento das instalacións, potenciación de novos itinerarios...; é dicir, unhas liñas de acción que se están implementando.

E eu fago como unha reflexión xeral: que algo se debe de estar facendo ben. ¿E por que digo iso? Porque —vostede tamén o citou— estamos tendo máis peregrinos que nunca. O feito de que academos neste ano a cifra de 300.000 peregrinos creo que é moi positivo, creo que iso é unha alegría para o conxunto da sociedade galega. Tamén nestes anos tivemos novos itinerarios oficiais aprobados na Lei de patrimonio: o Camiño de Inverno; o Camiño Portugués pola costa; dous trazados, o Camiño do Norte e o Camiño Primitivo, foron declarados patrimonio da humanidade... A catedral está sufrindo unha enorme rehabilitación... Pero o máis importante, sen dúbida, é que hai unha idea xeral —creo que ten calado na sociedade

galega— de que o Xacobeo é bo para Galicia; de que hai un antes e un despois da promoción do Xacobeo; e de que iso ten unha capacidade de dinamización social, económica e cultural importantísima nos territorios polos cales pasa.

O balance está encima da mesa, hai múltiples accións que se desenvolveron: novos albergues —hai moi pouco, inaugurouse un na Fonsagrada, cunha rehabilitación, por certo, creo que moi acaída—; en Ourense mellorouse a accesibilidade; hai unha difusión do que son as novas tecnoloxías, con conexión wifi; e o conxunto dos Camiños —non só o Camiño Francés— está tendo unha boa rehabilitación, sobre todo pasando por concellos rurais, onde o Camiño é unha fonte, é un elemento de dinamización socioeconómica importante. Hai actividades de animación —Cultura no Camiño, Música no Camiño—, actividades de divulgación, de promoción, feiras etc. Creo, en definitiva, que o plan se está aplicando con planificación.

E remato dicindo que o mellor símil, sen dúbida, para os Camiños...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...é que estamos no bo camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor conselleiro.

Pero que nos sigan dicindo, cada que vez que teñen que contestarnos a algo, que hai cousas que lles deixamos sen facer, a verdade é que non nos vale, posto que lle teño que volver repetir que levan nove anos gobernando ininterrompidamente; ou sexa, que iso xa non nos vale como resposta.

En calquera caso, eu, aplicando o que vostedes mesmos establecen neste plan director e na visión do Camiño 2021, na etapa modelo, polo que se supón que estes tres Camiños que lle acabo de citar no cronograma por vostedes establecido teñen que estar rematados neste ano 2017, voulle poñer de manifesto moitas das deficiencias que hai neste momento, e, algunhas delas, de moi importante calado. Por exemplo, a falta de seguridade en varios puntos do Camiño; polo tanto, non son rutas seguras. En Cabanas, o cambio de trazado supuxo un punto perigoso sen unha ruta alternativa segura; no Pino, tres pasos inferiores na N-547 sen executar; no Mesón do Vento, en Ordes, un trazado perigoso sen ruta segura alternativa; e Sigüeiro, A Barciela e Marantes foron excluídos da ruta, pasando a unha ruta perigosa e deixando patrimonio histórico fóra; o paso das Galanas, en Teo, é un paso do Camiño sobre o final da autovía AC-52, que os peregrinos deben cruzar —esa autovía— nunha zona perigosa de saída dunha autovía cara a unha N-550 e sen un paso peonil nin sinalización de ningún tipo.

Deficiencias no Camiño: a wifi é moi deficiente, un 80 % dos tramos non teñen wifi libre e aberta; deficiente accesibilidade para as persoas con diversidade funcional; deficiencia na sinalética do Camiño, sinalética non homologada; en Melide, na aldea de Furelos, un pésimo estado de conservación pola acumulación de escombros e cun rego polo que discorren augas fecais; en Teo, limpeza do Camiño deficiente, un Camiño moi deteriorado ao paso do núcleo da Casalonga.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En Teo, pouca visibilidade no cruzamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa entendemos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...da Pedreira.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En Arzúa... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa está claro. Grazas, xa está.

Grazas. Xa entendemos todos.

Peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que hai diferenza entre un goberno que un ano antes non tiña nada planificado e un goberno que vai traballando con tempo e que ten un plan director. Dese plan director que vostede di, xa está executado o 50 % e, obviamente, hai que continuar traballando. E seguramente haberá esas deficiencias e moitas outras, pero estea absolutamente tranquila, que se está resolvendo cada un dos casos concretos que se están plantexando —como non podía ser doutro xeito—, porque, mire, hai moitas iniciativas que se están facendo. Hai moi pouco púxose en marcha unha cátedra do Camiño, púxose en marcha un centro de acollida nas Galeras, e hai un diálogo constante. Froito dese diálogo constante coas administracións (coa local, a nivel interautonómico, a nivel estatal, e, incluso, eu diría que a nivel europeo) estanse implementando medidas para corrixir e solucionar todo o que haxa que solucionar. Porque vostede parece que está plantexando e está debuxando uns Camiños de Santiago como pouco menos que se fosen un Camiño a Mordor, e é absolutamente falso. Pode haber unha cuestión que, efectivamente, haxa que ir arranxando, pero na inmensa maioría dos casos está perfectamente acondicionado; con deficiencias que, obviamente, en tantos quilómetros de traza, hai que ir corrixindo. En todo caso, hai unha previsión, hai unha planificación. O Xacobeo non é un único ano, o Xacobeo son moitos máis anos preparatorios que posibilitan ir acadando un obxectivo común. Ese obxectivo común é que o ano 2021 sexa un

ano de referencia para o conxunto de Galicia, porque todo o mundo nos vai estar mirando, e dependerá de nós estar á altura ou non estar á altura.

Diríalle que o Camiño vai na boa liña. E van na boa liña tamén uns aspectos moi importantes: cada vez máis, os Camiños —ademais do Camiño Francés— están tendo maior número de usuarios; é dicir, o Camiño Francés está compartindo protagonismo, hai —digamos— unha diversificación do número de visitantes a través dos Camiños. Hai tamén unha desestacionalización, xa non é só no verán cando chegan os visitantes e os peregrinos; é máis, no verán estamos vendo como están baixando un pouco os peregrinos e estanse incrementando no outono e na primavera. Iso é moi positivo, iso quere dicir que, cos Camiños, Galicia está atraendo visitantes e peregrinos máis alá da época estival ou máis alá dun único camiño, xerando, cun carácter difuso —podíamos dicir— unha especie de riqueza difusa no conxunto dos territorios.

Creo que ao final estamos —como xa dixer— no bo camiño e, sen dúbida, a acción de planificación previa e con tempo vai posibilitar ter en 2021 todos os Camiños de Santiago e todo o que hai arredor deles en perfecto estado de revista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal do Salnés desde a entrada en funcionamento do sistema de Estrutura Organizativa de Xestión Integrada, EOXI

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Marta Rodríguez Arias, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Sanidade, nos últimos meses na comarca do Salnés estamos asistindo a unha irresponsable campaña política. Unha campaña na que están a difundir falsidades sobre o Hospital Comarcal do Salnés, falsidades que están a provocar desconcerto e preocupación na cidadanía, falsidades como que a reforma da Lei de saúde vai supor o desmantelamento do Hospital Comarcal do Salnés, falsidades como que a Consellería de Sanidade vai eliminar servizos e recursos no noso hospital, falsidades como que a Consellería vai converter o Hospital do Salnés nun hospital de segunda, cando nos últimos cinco anos se investiron máis de 9,4 millóns de euros, falsidades como que se van perder servizos no Hospital do Salnés, falsidades como que os pacientes nos imos ter que trasladar ao Hospital de Pontevedra, cando nos últimos cinco anos se evitaron máis de 23.000 desprazamentos, e mesmo falsidades asegurando aos cidadáns que se vai pechar o Hospital do Salnés, cando todos sabemos que con esta reforma da Lei de saúde se blinda a existencia deses hospitais comarcais.

Pero, claro, non é a primeira vez que isto acontece na comarca do Salnés, como vostede sabe. Alá polo ano 2010, tamén se fomentou este tipo de campañas políticas, nas que se aseguraba

aos cidadáns que a Xunta do Partido Popular quería pechar o Hospital do Salnés. ¿E que aconteceu despois desa campaña? Pois, despois desa campaña, o que aconteceu é que a Xunta de Galicia do Partido Popular non só ampliou o Hospital do Salnés, senón que destinou máis de 9 millóns para reformalo e ampliálo: duplicou os quirófanos e, ademais da súa capacidade, a tecnoloxía; o servizo de urxencias duplicou a súa capacidade; ademais, temos agora un servizo de urxencias específico para os nenos e nenas; e pronto será unha realidade o hospital de día, con 10 box destinados a aquelas persoas que están a recibir un tratamento oncolóxico. Polo tanto, señor conselleiro, isto aconteceu en 2010. Incluso chegamos a ver que o Partido Socialista presentaba e repartía panfletos á cidadanía nos que lle dicía que a Xunta do Partido Popular ía cobrar por ir ao médico de familia, que a Xunta do Partido Popular lles ía pagar 50 euros aos profesionais da sanidade por darlle unha alta a un paciente.

Polo tanto, señor conselleiro, hoxe nós queremos que vostede nos responda sobre cales foron as melloras que a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, levou a cabo no Hospital Comarcal do Salnés dende a posta en marcha da estrutura das EOXI.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente, señorías.

A verdade é que ocorre moitas veces, cando falamos de política e do gran pacto da sanidade, que aos partidos se nos enche a boca de dicir que imos defender toda a sanidade. A realidade é que a sanidade se utiliza habitualmente como confrontación política e tratando de gañar uns votos. Iso é unha desgraza —creo— porque a sanidade debiamos protexela entre todos.

E, concretamente, na área do Salnés, na área de Pontevedra, nos últimos anos, creo que houbo un grande investimento, un grande investimento que tamén foi —como ben dicía na pregunta a señora deputada— anunciado como que ía ser o peche do Hospital do Salnés. Desde entón, seguimos incrementando os servizos, incrementamos instalacións para facer unha gran mellora. Pois, como digo, incrementamos a prestación asistencial, ademais de contar con asistencia en neuroloxía e cardioloxía, tamén con asistencia, desde o ano 2016, en oncoloxía —os pacientes desa área non teñen por que acudir a Pontevedra para calquera tratamento—.

Desde o ano 2012 ata o primeiro semestre do 2017 leváronse a cabo case 23.476 actos asistenciais nesas áreas, e, ademais, son actos que se van incrementando en número ano a ano. Incrementamos e melloramos as infraestruturas coas novas urxencias, triplicando o espazo que había anteriormente e, como ben dicía, tamén separando os adultos dos nenos —coas diferentes zonas asistenciais—, co novo bloque obstétrico e o novo bloque cirúrxico.

A fase 1 deste plan director foron as novas áreas de urxencias e bloque obstétrico, con entrada en funcionamento en xuño de 2016; mellora da área de triaxe e das esperas; mellora nas

áreas de exploración, tratamentos, observación e seguimento. Por primeira vez, este hospital conta cunha área específica de urxencias pediátricas —como dicíamos—; as novas urxencias teñen por separado adultos e nenos. O Hospital do Salnés converteuse en referencia en parto natural, nas súas instalacións contan con bañeira e local de reanimación do neonato.

A fase 2 do plan director afectou o bloque cirúrxico: na entrada en funcionamento, en febreiro de 2017, ampliouse a capacidade cirúrxica, tanto no que se refire á cirurxía programada como tamén á cirurxía ambulatoria, pasando de 3 a 5 quirófanos, e as unidades de recuperación e despertar pasaron de 6 a 10 postos. Polo que se refire ao novo espazo cirúrxico, incorporouse aos últimos avances e novas tecnoloxías cirúrxicas, nun espazo de aproximadamente 1.500 metros cadrados, e dous dos seus quirófanos foron dotados dun sistema de cámaras que permitirán transmitir en directo as operacións que se realicen na mesa, tanto para fins médicos como docentes.

E na fase 3, novo despertar poscirúrxico —adaptación ao medio—, que entrou en funcionamento precisamente no 20 de outubro.

Polo tanto, entendemos que imos mellorando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...ano a ano, mes a mes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, penso que é importantísimo hoxe lanzar unha mensaxe á cidadanía do Salnés, unha mensaxe para dicir que é mentira que o Hospital do Salnés se vaia pechar, que é falso o que lle están contando; que é digno que saia á rúa a reclamar unha sanidade digna para a nosa comarca, porque, se ese fora o obxectivo, todos os deputados do Partido Popular onte estaríamos na manifestación que se celebrou en Vilagarcía, (*Aplausos.*) se ese fora o verdadeiro motivo desa manifestación. (*Aplausos.*)

Pero vostede e mais eu e moita xente sabe que ese non é o verdadeiro motivo, porque é moi curioso que durante a etapa do Bipartito —¿verdade, conselleiro?—, coincidindo coa peor situación da sanidade na comarca do Salnés, a plataforma anunciara a súa disolución alegando que non existían motivos para a súa continuidade. ¿Recorda? ¿Recorda cando se volveu activar? No ano 2009, cando o Partido Popular volve ao Goberno da Xunta de Galicia. E agora vólvese activar, ¿por que? Porque temos máis hospital; porque temos máis servizos; porque temos unhas urxencias mellores; porque os nosos nenos teñen un servizo específico de pediátrica; porque as persoas que necesitan un tratamento de oncoloxía teñen o Hospital do

Salnés, non teñen que desprazarse ao hospital de Pontevedra; *(Aplausos.)* por iso agora se volve activar a plataforma.

E miren, a min gustaríame hoxe lanzar unha mensaxe clara: cun Goberno do Partido Popular construíuse o Hospital do Salnés, cun Goberno do Partido Popular abriuse a terceira planta do Hospital do Salnés, cun Goberno do Partido Popular ampliouse a área de urxencias e duplicáronse os quirófanos, cun Goberno do Partido Popular púxose en marcha un aparcadoiro público e privado no Hospital do Salnés, cun Goberno do Partido Popular ampliáronse os servizos do Hospital do Salnés, e cun Goberno do Partido Popular estabilizouse a plantilla dos traballadores. ¿Que pasou coa oposición na comarca...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...do Salnés? Nada, mentiras e falsidades.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, vai respostar agora... Turno de peche do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, presidente.

Si, totalmente de acordo. A verdade... *(Risos.)* ...a verdade é que canto máis se avanza... *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ...canto máis se avanza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, silencio.

Perdón, un momento. Perdoe, señor conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, perdón. O aplauso é libre, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o aplauso é libre, eu aí non me vou meter; outra cousa é se é un aplauso con falta de respecto ou... Esa é outra historia. *(Murmurios.)* Eu niso non me vou meter. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso, iso vai coa dignidade dos grupos, iso eu non o podo... eu non podo sancionar iso. Pero alá vostedes, iso forma parte dos deputados. Aquí hai máis. *(Murmurios.)* Claro, iso é un perigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, silencio, xa está.

Señor conselleiro, prosiga, por favor.

Silencio, vamos... Hai que saber encaixar...

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

De verdade que en sanidade imos avanzando, eu creo que de forma segura, mellorando os servizos, mellorando as instalacións, e, como digo, tampouco paramos aquí. Neste momento estamos xa na fase final de equipamento e integración asistencial do novo hospital médico de día, que estará a principios de 2018 funcionando. Tamén vai haber unha nova área de es-

terilización que estará para o ano 2018, que nos vai permitir mellorar aínda máis o rendemento cirúrxico desta zona. É dicir, que o bloque cirúrxico do Salnés neste momento é un dos mellores de todos os hospitais do Sergas.

Señorías, traballamos pola sanidade pública da comarca do Salnés con investimentos e continuas melloras. A recente ampliación do Hospital do Salnés incrementou nun 27 % os seus espazos e dotacións cun investimento de 9,4 millóns de euros. A esta contía súmanse os investimentos adicionais en tecnoloxía efectuados recentemente, como son a nova sala de radioloxía —264.000 euros— ou o novo detector radiográfico dixital.

No próximo ano 2018, como dicía, dotaremos este hospital dunha nova área de esterilización que potenciará a súa capacidade asistencial con maior seguridade e eficacia, así como un novo hospital de día dotado con 10 box, control central, almacéns e farmacia. A reforma da Lei de saúde blindará a asistencia deste hospital avanzando no modelo iniciado coas estruturas organizativas de xestión integrada, nas que levamos investidos en Galicia máis de 19,6 millóns de euros na ampliación e modernización dos hospitais comarcais. A xestión integrada evitou no Salnés, nos últimos cinco anos, máis de vinte e tres mil desprazamentos aos pacientes, desprazamentos que —digo— imos seguir evitando para que poidan ser atendidos. Ademais, a nova organización territorial que poñemos permitirá unha maior coordinación entre a atención primaria e a atención hospitalaria, máis efectiva, cunha cobertura asistencial realizada cos mesmos criterios asistenciais e de derivación entre centros, protocolos únicos de área e maior interacción de profesionais de ambos os niveis asistenciais.

Señorías, como ven, traballamos para xestionar os recursos con rigor e melloraremos as nosas infraestruturas como garantía na prestación dunha mellor asistencia aos pacientes e ás súas familias, porque a sanidade ten que ser un compromiso de todos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Simplemente... Creo que o tempo...

O señor PRESIDENTE: Pareino, pero quince segundos foron os do desfasamento, quince segundos.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Simplemente dicir que nós seguiremos incrementando o investimento en sanidade nesta área e, desde logo, o proxecto Gran Montecelo vai facer que a área de Pontevedra...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e O Salnés sexan das mellores áreas de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito á saúde dos veciños afectados pola contaminación por lindano existente no concello do Porriño

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, boa tarde. Agradézolle que estea hoxe aquí porque estamos a falar dun tema grave. Imos falar dun tema de extrema urxencia e gravidade: a afectación da saúde das veciñas e veciños do Porriño por mor do lindano.

Entre 1947 e 1964, Zeltia fabricou lindano e outros tóxicos na súa factoría do Porriño. O lindano, como saben as súas señorías, é un produto químico que se empregaba como pesticida, coñecido en Galicia, o máis común, como ZZ. Este produto é un produto lipofílico, é dicir, fíxase ás graxas e queda depositado nelas sen que se poida eliminar. Absórbese tanto por vía dérmica, a través da pel, como inhalado, ou por inxección, vía auga ou ao consumir alimentos vexetais ou animais que o conteñan. Ten unha elevada bioacumulación e está cualificado como un composto orgánico persistente.

No ano 1979 a Comunidade Económica Europea xa prohibiu o seu uso agrícola, en 1984 regulou os verquidos e no ano 2008 quedou prohibido calquera uso pola súa extrema toxicidade. A Directiva 2013/39/UE, do Parlamento Europeo, tamén a cataloga como substancia prioritaria e perigosa.

A Organización Mundial da Saúde catalogou o lindano, a teor das evidencias científicas, como canceríxeno para os seres humanos, dentro do grupo 1, onde se agrupan os contaminantes máis perigosos. Causa tumores, danos hepáticos, alteracións hormonais e outros problemas, e, como dixemos, non se elimina do corpo.

No concello do Porriño calcúlase que poderían existir 1.000 toneladas de residuos da produción derivada do lindano; en moitos casos, no lugar onde se atopaba anteriormente a fábrica, e sobre os que en 1975 se construíron vivendas de protección oficial. Dende entón, ningunha administración tomou ningunha medida efectiva. No ano 1999 a Xunta puxo en marcha unha análise, un estudo do solo, e o único que se fixo efectivo, practicamente, foron as propias analíticas, medicións das concentracións de isómeros de lindano.

Señor Almuíña, hai un problema de saúde pública de primeira orde e alármanos que vostedes non estean, a día de hoxe, tratando isto como o primeiro problema que ten a Xunta de Galicia en materia de saúde neste momento. Ante a aparición, novamente, de lindano ao aire libre, permitiuse a barbaridade de asfaltar por enriba, díxoselles aos veciños que non bebesen e non se duchasen, e tardaron vostedes tres días en clausurar algún pozo. Non están atendendo a saúde das veciñas e veciños. O lindano segue aparecendo enterrado nos camiños, e hai vi-

ventas de protección oficial e mesmo un parque enriba. Esta fotografía é de hai uns días e segue aparecendo lindano no chan.

En Aragón están comezando un proceso de encapsulación e están atendendo esta situación con equipos de protección individual. Gustaríame saber se vostede valora o risco que está sufrindo a poboación e que nos dixese que medidas vai adoptar para asegurar o dereito á saúde das veciñas e veciños afectados. ¿Como van controlar a afectación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...e que formación van dar aos profesionais do Servizo Galego de Saúde? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, boas tardes de novo. Grazas.

O primeiro que teño que dicir é que a contaminación dos solos por lindano do concello do Porriño é un problema que tivo a súa orixe hai varias décadas, a partir do residuo que se xeraba no proceso de produción do dito insecticida polas empresas que estaban implantadas no polígono industrial de Torneiros.

Actualmente, o dito insecticida está prohibido desde o ano 2001, polo que non se fabrica, pero Galicia deixouno de fabricar moitos anos antes desta prohibición; concretamente, en 1964. Estes residuos, dadas as súas características mecánicas, utilizáronse durante anos como firme e recheo de diversas vías do concello do Porriño. Se ben había a crenza de que o ámbito do problema se circunscibía á zona do polígono de Torneiros, como consecuencia do seguimento realizado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil apuntábase a posibilidade de que houboese presenza deste contaminante nos solos nunha nova zona denominada Fonte-O Contrasto.

Tendo en conta estes indicios, a Xunta de Galicia encargou o estudo á empresa Applus+, para tratar de determinar a orixe da contaminación nesta zona, a través da Consellería do Medio Ambiente. Aínda que partiamos da hipótese dunha posible contaminación de solos, non tiñamos información da súa localización. Casualmente, no pasado mes de outubro, durante a execución dunhas obras da rede de alcantarillado nunha calle da zona de Fonte-O Contrasto, detéctase a presenza de gran cantidade de lindano, que, segundo apuntaron os veciños, se utilizou hai varias décadas no recheo e firme da dita vía. A partir de aí traballamos de forma coordinada as consellerías do Medio Ambiente e Sanidade, xunto co Concello do Porriño e tamén a Confederación Hidrográfica. Ademais, mantivemos reunións nas que participaron persoal de saúde pública e asistencial de atención primaria e directivos da EOXI de Vigo, coa finalidade de dar información sobre este tema aos profesionais, para que se puidese facer unha identificación de posibles afectados e proporcionar unha atención adecuada.

Os resultados analíticos confirman que o residuo blanquecino é lindano e a mostra do solo arroxa resultados de presenza deste tóxico. Nun primeiro momento, a través do Concello do Porriño emítese a recomendación de que as persoas que se encontren na zona afectada non consuman auga de pozos, fontes ou traídas veciñais, se non se dispón de resultados analíticos que indiquen a ausencia de contaminación por lindano. Polo tanto, o primeiro que vos tede di, ¿que accións? A primeira, desde logo, eliminar a posibilidade de que chegue este tóxico ao consumo humano.

Ademais, tendo en conta os resultados das mostras de solo, mentres non se leve a cabo a súa caracterización e a delimitación da zona afectada, igualmente a través do Concello do Porriño recomendouse aos veciños que non se consuman alimentos cultivados na zona afectada.

En paralelo a todo isto, e de xeito coordinado entre a Consellería de Sanidade e a do Medio Ambiente, e, como digo, tamén o Concello do Porriño, iniciouse un traballo de campo co fin de levar a cabo a mostraxe dos pozos e traídas de auga que utilizan os veciños da zona afectada, co fin de axustar as recomendacións dadas ata o momento e facer compatible o uso dalgunha destas augas coa garantía de que non exista exposición á auga contaminada por lindano.

A día de hoxe leváronse a cabo 60 análises de auga, e en 2/3 o resultado é que en 2/3 non hai contaminación...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno, conselleiro, despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e en 1/3 que si. E a través do Concello do Porriño remitíronse as recomendacións oportunas para garantir que non exista exposición das persoas a través da auga de consumo...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...facendo o seguimento...

O señor PRESIDENTE: Eu entendo que é unha pregunta importante, pero...

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e que por parte do Concello do Porriño se arbitre unha solución...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...definitiva para a subministración de auga potable nos casos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...en que se detectou contaminación. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, non fixeron absolutamente nada. Hai mes e medio que apareceu o lindano nos camiños, cando se fixo unha obra de mantemento hidráulico; pero é que os edificios levan dende o ano 1975 sobre os residuos, é coñecido por todos vostedes. A fase 3, a fase 5... Fixéronse edificios despois de que se sabía que había lindano. ¿E vostedes que fixeron? Nin sequera dentro deste mes e medio tomaron ningún tipo de medida: o persoal sanitario non sabe absolutamente nada do que ten que facer, os veciños non se están atendendo dunha maneira específica, non hai ningún tipo de protocolo.

Vostede debería de estar alí todos os días. ¿Como pode dicir que se contenta con dicirlles que non consuman a auga ou que non se duchen? Vostede ten que asegurarse de que ese cancelixeno de tipo 1 non chegue á poboación. Debería ser máxima responsabilidade e preocupación, non súa só, senón do presidente do Goberno. ¡É unha barbaridade!

¿Sabe como están retirando e encapsulando os residuos en Aragón despois das denuncias e das protestas sociais? Utilizan traxes de protección autónoma, con respiración autónoma, como os que se utilizan noutro tipo de residuos perigosos tipo 1. A xente no Porriño colle o lindano coas mans. Hai un parque enriba do lindano, hai edificios enriba do lindano.

Pero isto tamén é unha cuestión de clase, señor Almuíña, porque a xente humilde non lle importa, e poden levar enriba as vivendas de protección oficial moitas décadas que non se fai absolutamente nada.

¡Claro que saben onde está o lindano! Evidentemente, nos lugares onde se utilizou para parchear. Teñen que investigar vostedes, e esa tamén é a súa responsabilidade, onde foron parar eses residuos. Pero hai zonas que están localizadas dende hai décadas. O que está sucedendo agora mesmo é moi grave, señor Almuíña, están poñendo en perigo a saúde das veciñas e veciños. Non fixeron absolutamente nada, e dígame que tipo de analíticas, que tipo de protocolo e que tipo de medidas van tomar. Hai veciños no Grupo de En Marea agardando escoitar a súa resposta.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora Solla, non lle vou consentir que diga que a nós non nos importan os cidadáns do Porriño. ¡Non llo vou consentir! *(Aplausos.)*

A vostede o único que lle interesa é facer demagogia, tratando de meter medo á xente no corpo. Iso é o único que lle interesa a vostede; non lle interesa para nada a xente do Porriño.

Tomamos medidas desde o primeiro momento, as medidas que se teñen que tomar segundo o que son os resultados da ciencia, da epidemioloxía; non de inventos nin de bruxería, nós facemos o que temos que facer.

Vostede ao único que vén aquí é facer política da mala, da que está asustando unha poboación que non ten por que asustala, (*Aplausos.*) e, desde logo, non consinto que digan que non nos importan as clases humildes; é unha vergonza e pídolle, desde logo, que retire iso. Nós seguimos traballando desde o primeiro día, e seguiremos traballando, porque, desde logo, nos importa moito a saúde da poboación e, como digo, seguimos co que temos que facer: investigación de posibles exposicións, tratando de buscar as fontes, e facer un proxecto —estao facendo a Consellería do Medio Ambiente— para tratar de ver se hai que encapsular ou que hai que facer; pero, mentres, o máis importante en todo o da intoxicación, ou posible intoxicación, é eliminar, desde logo, o risco para a poboación. Iso é o que estamos facendo.

Casos probables de intoxicacións agudas: entre as persoas enquisadas houbo 14 persoas que referiron lesións dermatolóxicas que aparecen nos últimos meses, polo que cumpriría a definición utilizada de «caso probable de intoxicación aguda»; grazas que son intoxicacións leves, como están descritas na literatura.

Pero seguimos. Outra mentira que di vostede: que non hai formación ao persoal sanitario. Falouse co persoal do centro de atención primaria do Porriño, e tamén cos especialistas do Álvaro Cunqueiro, que é o centro responsable. ¿Como di vostede que non se informou os sanitarios?

Fixemos estudo de vivendas, cunha enquisa, sabendo en cada momento qué persoas tomaron auga contaminada, para tomar, lxicamente, accións sobre iso. E seguimos, seguimos: a primeira medida sempre, e a mais definitiva, é evitar esa exposición.

O seguinte paso consistirá en redactar, e xa está niso a Consellería do Medio Ambiente, un proxecto onde se delimite e detalle a zona sobre a que hai que actuar, definindo superficies e espesores de solo contaminado, así como a obra civil necesaria para a súa retirada e xestión.

Debido á presenza de isómeros e niveis e trazas superando os niveis establecidos polo real decreto, nos resultados, tanto nalgúns pozos como en perforacións ou regatos superficiais, a Consellería de Sanidade considera preciso, como medida preventiva, a clausura de todos os pozos e fontes de manancial da nova zona afectada; pozos e fontes con resultados favorables a isómeros do lindano. Non obstante, cúmprense os requisitos que se relacionan de seguido; poderíase considerar de xeito extraordinario, como alternativa, limitar a subministración e dispor dun sistema de filtración axeitado, dispoñer de resultados favorables, e, nestes casos, a Consellería de Sanidade comprometeríase a realizar un seguimento, a recoller unha mostra periódica ata que fose habilitada outra solución. (*Aplausos.*) (*O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.*)


O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Terminou o seu tempo. ¡Tranquilidade!... Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e oito minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25